TESE DE DOUTORAMENTO

A INDUSTRIA DOS COIROS EN GALICIA. HISTORIA E PATRIMONIO

Claudio Otero Eiriz

Dirixida por Xoán Carmona Badía

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA APLICADA

FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2017

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

A INDUSTRIA DOS COIROS EN GALICIA. HISTORIA E PATRIMONIO

Claudio Otero Eiriz

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2017

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR DA TESE

D. Xoán Carmona Badía, Catedrático da área de Historia e Institucións Económicas no Departamento de Economía Aplicada

Como director da Tese de Doutoramento titulada

" A industria dos coiros en Galicia. Historia e Patrimonio"

Presentada por D. Claudio Otero Eiriz

Alumno do Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica (DRIE)

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incorre nas causas de abstención estabelecidas na lei 40/2015.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A Xoán Carmona

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A industria dos coiros en Galicia. Historia e patrimonio

RESUMO

As fábricas de curtumes constituíron durante o século XIX, a carón das que elaboraban sardiña salgada, a única especialización non agraria da economía galega. Chegaron a representar máis da cuarta parte da produción española do sector e tiveron un amplísimo esparexemento polo territorio, de xeito que un de cada catro concellos contou como mínimo con algún curtidoiro e case que todas as comarcas tiveron estabelecementos desta caste. Desde a década de 1880 o sector foi incapaz de adaptarse a riola de mudanzas na tecnoloxía e nos mercados que se producen por aqueles anos. Como resposta a eles, especializouse nas produción mais tradicionais (o alcumado "curtido antigo"), encetando unha orientación cara nichos de mercado igualmente tradicionais aos que ligou a súa sorte. Estes nichos foron, pola súa volta, esmorecendo até que a crise da agricultura tradicional e a transformación dos hábitos de consumo de calzado volveunos irrisorios. Dos máis de 170 estabelecementos fabrís que existían a remates dos anos 1950, trinta anos máis tarde quedaban só 11.

A tecnoloxía utilizada nos curtidoiros era moi simple, a dimensión media das empresas moi pequena e a ausencia de monumentalidade era unha característica común ás construcións do sector. Malia todo isto, a cantidade e o esparexemento dos curtidoiros por todo o territorio fixeron que as pegadas da industria sexan hoxe numerosas e representativas e que constitúan unha parte relevante, até agora sen catalogar, do patrimonio industrial de Galicia, traballo este último que constitúe unha das aportacións desta tese.

Da realización e estudo desta catalogación dedúcese que as características construtivas dos curtidoiros diferenciáronse pouco das das casas tradicionais galegas ergueitas polos mesmo canteiros, albaneis e carpinteiros que empregaban en ambos casos os materiais que ofertaba o territorio, na parte occidental do país granito e tella e na parte oriental xisto e lousa, que nun e noutro caso se completaba con madeira de castiñeiro e carballo tanto para o tellado coma para o sobrado. Estes curtidoiros tiñan unha organización interna moi semellante entre si, cinguida as principais fases do proceso de transformación dunha pel nun coiro, no que se diferenza o lavadoiro, a zona de curtir e a zona da remata. Tres son os elementos patrimoniais que singularizan a un curtidoiro, os píos de perpiaño duns tres metros cúbicos, tanto para lavar as peles coma para curtilas, o muíño de esmagar a casca turrado por cabalaría e os secadoiros de coiros, completados nuns poucos casos por grandes chemineas que dotan aos edificios dunha verdadeira fasquía industrial.

Con estas características construtivas comúns, os tamaños e a importancia dos curtidoiros son moi variados. De resultas da análise dos 241 casos estudados dedúcense tres tipoloxías arquitectónicas distintas, que en xeral teñen correlación coa importancia do estabelecemento e con un progresivo afastamento do modelo de casa tradicional. Estes tres

tipos son: a fábrica casa (traza indiferenciada a respecto dunha vivenda normal), a fábrica nave (local cunha dimensión algo maior e afastado da aldea) e a fábrica fechada (edificios especializados fechados por todos os seus lados, ao menos por tres).

Da aplicación dunha metodoloxía cuantitativa de valoración de restos industriais resulta que un mínimo de nove dos vestixios dos curtidoiros galegos merecerían a cualificación de Bens de Interese Histórico-Industrial e outros tres quedarían perto de tal categoría. Algúns deles xa foron dun ou doutro xeito rehabilitados e dedícanse hoxe a usos diversos basicamente de carácter museístico e turístico, cunha, aínda que ampla, non completa coincidencia entre os edificios reutilizados e os de maior interese patrimonial. Allariz, un dos antigos centros do traballo do coiro en España, destaca por riba de todos os demais núcleos polo número de intervencións de éxito e polo coidado con que estas foron desenvolvidas. O éxito -mesmo económico- destas intervencións debería animar a outras semellantes, dentro e fóra do eido que neste traballo nos ocupa- así coma ás Administracións a unha maior utilización das figuras de protección do patrimonio industrial. A recente Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, que singulariza por primeira vez a categoría de "Patrimonio Industrial", pode ser unha boa base de partida, mais para que desta base se chegue a bo porto é preciso un esforzo máis decidido na catalogación, estudio e protección deste tipo de bens culturais.

PALABRAS CHAVE

Industria, curtido, patrimonio industrial, Galicia, rehabilitación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

La industria de los cueros en Galicia. Historia y patrimonio

RESUMEN

Las fábricas de curtidos constituyeron durante el siglo XIX, al lado de las que elaboraban sardina salada, la única especialización no agraria de la economía gallega. Llegaron a representar más de la cuarta parte de la producción española del sector y tuvieron una amplísima implantación por el territorio, de manera que uno de cada cuatro ayuntamientos contaron como mínimo con alguna tenería y casi que todas las comarcas tuvieron establecimientos de esta clase. Desde la década de 1880 el sector fue incapaz de adaptarse a los cambios en la tecnología y en los mercados que se producen por aquellos años. Como respuesta a ellos, se especializó en las producciones más tradicionales (el llamado "curtido antiguo"), empezando una orientación hacia nichos de mercado igualmente tradicionales a los que ligó su suerte. Estos nichos fueron decayendo hasta que la crisis de la agricultura tradicional y la transformación de los hábitos de consumo de calzado los volvió irrisorios. De los más de 170 establecimientos fabriles que existían a finales de los años 1950, treinta años más tarde quedaban solo 11.

La tecnología utilizada en las tenerías era muy simple, la dimensión media de las empresas muy pequeña y la ausencia de monumentalidad era una característica común a las construcciones del sector. A pesar de todo esto, la cantidad y la implantación de las tenerías por todo el territorio hicieron que las huellas de la industria sean hoy numerosas y representativas y que constituyan una parte relevante, hasta ahora sin catalogar, del patrimonio industrial de Galicia, trabajo este último que constituye una de las aportaciones de esta tesis.

De la realización y estudio de esta catalogación se deduce que las características constructivas de las tenerías se diferenciaron poco de las de las casas tradicionales gallegas levantadas por los mismos canteros, albañiles y carpinteros que empleaban en ambos casos los materiales que ofertaba el territorio, en la parte occidental del país granito y teja y en la parte oriental esquisto y pizarra, que en uno y en otro caso se completaba con madera de castaño y roble tanto para el tejado como para el piso. Estas tenerías tenían una organización interna muy parecida entre sí, ligada a las principales fases del proceso de transformación de una piel en un cuero, en el que se diferencia el lavadero, la zona de curtir y la zona de remate. Tres son los elementos patrimoniales que singularizan a una tenería, los pilos de perpiaño de unos tres metros cúbicos, tanto para lavar las pieles como para curtirlas, el molino de aplastar la corteza tirado por caballería y los secaderos de los cueros, completados en unos pocos casos por grandes chimeneas que dotan a los edificios de una verdadera apariencia industrial.

Con estas características constructivas comunes, los tamaños y la importancia de las tenerías son muy variadas. De resultas del análisis de los 241 casos estudiados se deducen tres

tipologías arquitectónicas distintas, que en general tienen correlación con la importancia del establecimiento y con un progresivo alejamiento del modelo de casa tradicional. Estos tres tipos son: la fábrica casa (traza indiferenciada con respecto de una vivienda normal), la fábrica nave (local con una dimensión algo mayor y alejada de la aldea) y la fábrica cerrada (edificios especializados cerrados por todos sus lados, al menos por tres).

De la aplicación de una metodología cuantitativa de valoración de restos industriales resulta que un mínimo de nueve de los vestigios de las tenerías gallegas merecerían la calificación de Bienes de Interés Histórico-Industrial y otros tres quedarían cerca de tal categoría. Algunos de ellos ya fueron de una u otra manera rehabilitados y se dedican hoy a usos diversos básicamente de carácter museístico y turístico, con una, aún que amplia, no completa coincidencia entre los edificios reutilizados y los de mayor interés patrimonial. Allariz, uno de los antiguos centros del trabajo del cuero en España, destaca por encima de todos los demás núcleos por el número de intervenciones de éxito y por el cuidado con que estas fueron desarrolladas. El éxito -mismo económico- de estas intervenciones debería animar a otras parecidas, dentro y fuera del sector que en este trabajo nos ocupa- así coma a las Administraciones a una mayor utilización de las figuras de protección del patrimonio industrial. La reciente *Ley de Patrimonio Cultural de Galicia*, que singulariza por primera vez la categoría de "Patrimonio Industrial", puede ser una buena base de partida, mas para que de esta base se llegue a buen puerto es necesario un esfuerzo más decidido en la catalogación, estudio y protección de este tipo de bienes culturales.

PALABRAS CLAVE

Industria, curtido, patrimonio industrial, Galicia, rehabilitación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

The leather industry in Galicia. History and heritage

ABSTRACT

The tanning industry, together with the sardine canning industry, was the only non-farming specialization of the Galician economy during the 19th century. At some point, it accounted for slightly more than a quarter of the Spanish production in this sector. The spread of this industry throughout the region reached its highest point when one out of four municipalities had at least one tannery and almost all *comarcas* (districts, counties) had a tanning factory. However, since the 1880s this sector was unable to adapt to the rapid changes in technology and the market environment. In order to respond to this changing situation, it specialized in the most traditional products (the so-called "old tanning"), focusing on traditional market niches which would strongly influence its fate. As a matter of fact, these niches started declining until they became insignificant with the arrival of the traditional agriculture crisis and the changes in consumer habits regarding footwear. Thus, there were more than 170 tanneries in the late 1950s but only 11 had survived thirty years later.

The technology used in tanneries was quite simple; the average size of factories was very small and the absence of monumental character was a common characteristic of this type of buildings. Despite all of this, the number and expansion of tanneries throughout the region contributed to the existence of numerous and representative vestiges still present nowadays. Even if they are undoubtedly a vital part of the Galician industrial heritage, they had never been classified so far. This is one of the objectives of our Phd thesis.

After the listing and study of these factories, we can conclude that tanneries and traditional Galician houses have similar design features. In fact, both of them were built by the same stonemasons, builders and carpenters, who used local materials, such as granite and tile in the western part of the country, shale and slate in the east, and wood from oak and chestnut trees for the roof and the upper floor in the whole region. Tanneries layout was very similar, as it was linked to the main stages undergone by the leather manufacturing process. Thus, there were different areas for the soaking, tanning and crusting stages. Three particular features stand out in these factories: the masonry stone pits (about three m^3) used in the soaking and tanning areas, the horse-driven mill which ground down bark, and the leather-drying area. In a few cases, big chimneys give factories a true industrial character.

Despite these common characteristics, the factories' size and relevance may vary. After the study of 241 buildings, we can distinguish three main arquitectonic typologies, which are generally related to the importance of the building and the progressive differentiation from traditional houses. These are: the "house-factory" (which does not differ much from a typical dwelling), the "bay-factory" (slightly bigger building, well away from the village) and the "closed factory" (specialized building with four or at least three closed sides).

The quantitative methodology used to analyse our industrial vestiges resulted in the identification of at least nine future candidates for historic industrial heritage sites and three other possible candidates. Some of them have already been refurbished, in one way or another, and converted into museums or tourist offices. In many cases (though not all of them), the restored buildings happen to be the ones with the most historic value. Allariz, with one of the oldest tanneries in Spain, stands out because of the number of successful interventions and the great care shown during the works. The (even financial) success of these interventions should encourage not only similar actions in the tanning industry and other sectors, but also a stronger protection of industrial heritage by public institutions. The recent *Act of Cultural Heritage of Galicia*, which for the first time includes the category of "Industrial Heritage", could be a good starting point. Nevertheless, ultimate success can only be achieved if greater efforts are made in the identification, study and protection of cultural assets.

KEY WORDS

Industry, tanning, industrial heritage, Galicia, conservation.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LIMIAR

No presente traballo estúdase a industria do curtido en Galicia desde o comezo do século XX ao seu abrupto colapso na década dos anos sesenta, así coma, a pegada patrimonial que esta industria deixou e que, dalgún xeito, amósanos que os curtumes seguen con nós mais con outra faciana. Unha faciana que nestes intres se acha un tanto descoidada e que, de ollarse doutro xeito, podería ofrecer posibilidades de desenvolvemento endóxeno local aos concellos rurais galegos.

A transformación da pel en coiro fíxose en Galicia, coma en todas partes, até os anos de remates do século XVIII de forma artesán[1]. Labregos ou artesáns urbanos que curtían os pelicos en tinas ou nun par de pozos de cantaría na vicindade da súa vivenda ou mesmo nunha parte dela. Cando a actividade se desenvolvía nas vilas os curtidores víanse forzados a situárense na periferia porque as ordenanzas urbanas trataban de protexer a poboación dos cheiros e da contaminación que a actividade provocaba[2]. Nalgunhas destas vilas existían gremios que ofrecían aos seus membros a posibilidade de moer a casca precisa para a curtición en muíños ou tafonas da súa propiedade, o que lles permitía mellorar a calidade do axente curtinte e facelo de xeito mais cómodo[3]. En Santiago de Compostela, en Tui, en Allariz existen aínda topónimos que se refiren a estas sinxelas instalacións gremiais. O único resto físico deixado por esta actividade poderían ser os píos e as tafonas, uns e outros semellantes aínda que noutra escala aos que utilizaría a industria posteriormente.

A tecnoloxía do curtido avanzaría pouco até mediados dos século XIX. Pero, mesmo aínda que mantendo unha forma de curtición semellante, a partir da segunda metade do século XVIII -nalgunhas rexións europeas antes- produciríase un cambio importante[4]. Empresarios propiamente ditos comezarían a entender o negocio do coiro dun xeito diferente. Un local onde no canto dun par de píos pode haber vinte, trinta ou cen. Uns son para os labores preparatorios, outros para os propiamente de curtición. Un local e unhas instalacións que esixen uns investimentos de carácter fixo como os propios locais e instalacións, e un circulante na súa maior parte porque o proceso de curtición é longo e o período de rotación do capital tamén. Neste local traballan cinco, dez ou até vinte persoas que reciben un salario e que obedecen as súas instrucións. Algúns traballarán durante unha parte do ano e continuarán cos labores agrícolas, mais outros xa o farán durante todo o ano como asalariados dun patrón. Estes novos estabelecementos son as denominadas fábricas de curtidos ou curtidoiros e teñen xa unhas tipoloxías específicas das que imos falar aquí.

---

[1] Cf. L.A., CLARKSON, "The Manufacture of Leather", en Mingay, G.E.(ed.) *The Agrarian History of England and Wales*, vol. VI (1750-1850), Cambridge, Cambridge U. P, 1989; L.A., CLARKSON, "The Organization of the English Leather Industry in the Late Sixteenth and Seventeenth Centuries" en *Economic History Review*, vol. 1, núm. 2 (1960).

[2] Cf. Cedric PERRIN, *De sale à durable ? Le tannage du XIX e au XXIe siècle*, 2011.

[3] Cf. Xoán CARMONA BADÍA, e María Teresa, FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.

[4] Cf. R.A., CHURCH, "The British Leather Industry and Foreign Competition, 1870-1914" en *Economic History Review*, 1971.

Estes curtidoiros, que incorporaban unha nova organización da produción da que derivaba un novo tipo de local de traballo aínda que non utilizara avances tecnolóxicos significativos tiveron unha notábel importancia na historia industrial aquén do Cebreiro desde que agromaran no final do século XVIII á beira da ría de Ferrol até que se esborrallara nas décadas centrais do século XX xa ciscada por toda a xeografía galega. Os curtumes galegos abandonan a súa fasquía puramente artesán, típica do período anterior ao Catastro de Ensenada[5], aguilloados por dous motores. Un motor exóxeno que é a chegada ao país dun grupo de emprendedores e emprendedoras de orixe vasco francesa, nas décadas de a cabalo dos séculos XVIII e XIX, que comezan a erguer por todo o país uns curtidoiros propiamente tais. E un motor endóxeno constituído polos artesáns galegos que deciden pasar dunha produción artesán a outra que é fabril con curtidoiros semellantes aos dos anteriores. Dentro destes artesáns galegos este non é, en todo caso, o camiño xeral e moitos deles continúan exercendo a actividade coma séculos atrás, como artesáns, engadindo só algún edificio menor ou algún faiado que se utiliza como sequeiro. Galegos, vascofranceses e mesmo algúns empresarios cataláns comezan a escribir a historia deste eido industrial aguillados polas lóxicas de localización industrial que nese momento histórico din que Galicia é o sitio axeitado para emprazar unha fábrica de curtido: existencia dunha abondosa cabana gandeira, de augas con reducido contido calcáreo e árbores ou arbustos con cascas ricas en elementos curtintes, o que naquela época era dicir en taninos naturais. Precisamente, as razóns de localización industrial fai que a historia da industria dos curtumes galegos teña dúas etapas moi diferenciadas.

Unha primeira, que sería a etapa ascendente, que vai desde finais do Setecentos até *circa* 1880 onde os curtumes galegos rematan por se poñer á fronte do conxunto do curtido estatal. No ano 1857 os industriais do coiro en Galicia pagaban o 27% das cotas da contribución industrial correspondentes a esta actividade en España, moi por diante de calquera outra rexión do estado[6]. Aínda no 1879, con un 22,5% mantén Galicia aquela primeira posición. Nestes anos de expansión as fábricas beneficianse da fartura de materias primas que oferta Galicia ás que nos referíamos no parágrafo anterior e a industria medra rapidamente desde o arco ferrolán a todo o país con presenza de fábricas de curtumes en case que todas as comarcas galegas. Unha segunda parte comezaría contra 1880, sería xa a etapa descendente, que alcanzaría até o momento presente. O punto de inflexión viría caracterizado por dous factores: a conexión de Galicia co resto do Estado por camiño de ferro en 1883, que artella o mercado estatal, pero, sobre todo, polos cambios tecnolóxicos xermolados no proceso produtivo do sector coa aparición das primeiras máquinas e na introdución dun novo axente curtinte os extractos tánicos e logo o curtido mineral ao cromo. Estas novas sustancias reducen enormemente a duración do proceso de produción e o que máis importante ceiban ao

[5] Véxase unha descrición daquela actividade en Joám CARMONA BADÍA, *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel, 1990, páxs. 68-69.
[6] Cf. Joám, CARMONA BADÍA, "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936" en Jordi Nadal Oller, Albert Carreras i Odriozola (coords.), *Pautas regionales de la industrialización española: siglos XIX-XX*, Barcelona, Ariel, 1990, páxs. 27-35.

sector da súa necesaria localización á beira das voluminosas cascas de carballo pois estas novas sustancias avultan e pesan moito menos e os custos de transporte son, xa que logo, moito menores. Isto provoca que as fábricas procuren unha localización máis próxima á demanda dos seus produtos que a carón das materias primas, demanda que se atopa en Cataluña e non en Galicia, cunha poboación urbana crecente que usa zapatos e unha incipiente industria téxtil que precisa correas para transmitir á enerxía da máquina de vapor ás máquinas de tecido. Neste panorama os curtumes galegos encetan a perder posicións no mercado español dos coiros e Cataluña comeza a acaparar boa parte do mercado. Este período está xa estudado nunha tese de doutoramento inédita dirixida polo profesor Carmona Badía e escrita por María Teresa Fernández Vázquez que leva por título *La industria del curtido en la Galicia contemporánea*[7].

Dentro desta longa xeira de decadencia do sector poderíamos pola súa volta distinguir tres etapas. Unha primeira, que chegaría desde 1880 até a Guerra Civil española na que a localización deste industria no interior do Estado español se explica polas "leis do mercado", é dicir que as fábricas abren nuns sitios ou noutros por razóns estritamente económicas, e que resulta ser a etapa de comezo da decadencia dos curtidoiros en Galicia. Unha segunda etapa que vai desde o comezo da Guerra Civil española até o colapso dos curtumes galegos nos anos sesenta na que a localización desta industria en Galicia e no Estado español ten unha explicación político-económica. O inicio da guerra quebrou co mercado no Estado español en dous, por unha banda, as partes do Estado que se mantiñan fieis a II República entre as que se achaban as máis desenvolvidas coma o País Vasco e Cataluña e, por outra banda, as que controlaban os franquistas. Nesta parte atopábase Galicia que da noite á mañá convertese nun "territorio industrial" ao fornecer ao exercito franquista de conservas de sardiñas para o fronte, do coiro demandado pola industria bélica ou das granadas, proxectís e blindaxes que manufacturan os estaleiros e as fábricas de envases viguesas[8]. Rematada a guerra, o réxime opta por unha economía autárquica e un mercado intervido que durará as dúas décadas posteriores. Guerra e autarquía mudaron de novo os factores de localización industrial ao limitarse o acceso ao mercado internacional das sustancias curtintes e de peles polo que os curtidoiros volven ancorarse á beira das materias primas. Cando o mercado libre volve aparecer a remates dos anos 50, os curtidoiros galegos, xeralmente, de pequeno e mediano tamaño e sen mecanizar son incapaces de adaptarse á nova realidade de competencia de mercado e fechan un tras outro as súas portas. Sería esta a terceira fase de esta etapa de decadencia que conduciu á situación actual, onde en Galicia non existe mais que una fábrica propiamente industrial en Padrón e un par delas completamente artesanais na comarca de Bergantiños. A estas dúas fases que decorren desde os anos do cambio de século nos que

[7] María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *La industria del curtido en la Galicia contemporánea*, Santiago de Compostela, Tese doutoral inédita, 2002.

[8] Cf. Xoán CARMONA BADÍA, e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750-2000)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005; Margarita VILAR RODRÍGUEZ e Elvira LINDOSO TATO "El negocio de la Guerra Civil en Galicia, 1936-1939", en *Revista de Historia Industrial*, Barcelona, núm. 39 (2009), páxs. 153-192.

Galicia perde a posición principal na industria do coiro española, mais polo rápido crecemento doutras áreas produtivas que por aínda decrecemento propio ata a desaparición do sector, dedicamos a primeira parte deste traballo.

A industria dos curtumes marchou de Galicia mais deixou un patrimonio extenso e singular. Isto é o que estudamos na segunda parte desta investigación. O coñecemento e a posta en valor do patrimonio industrial está avanzando en España nos últimos anos grazas aos esforzos realizados, entre outros, por investigadores e asociacións e fundacións de carácter local e rexional (INCUNA, Fundación Andaluza de Patrimonio Industrial, Fundación Sierra Menera,...), así como, a propia sección española do TICCIH. En Galicia, onde non dispoñemos de ningún tipo de catálogo nen inventario, só moi recentemente vén de incluírse o patrimonio industrial como unha categoría singularizada do patrimonio cultural[9]. Pero en todo caso, entre nós, o patrimonio cultural segue a identificarse coas catedrais, as igrexas, os castelos, etc. mais non coas vellas fábricas medio derruídas que aínda se manteñen en pé. Para a xente son ruínas que non teñen utilidade. Mais debemos preguntarnos, que utilidade ten o Pico Sacro? E, porén, a ninguén se lle ocorrería coller un pico e unha pa e ir remexerlle aos alicerces. Cómpre trocar o paradigma. As vellas fábricas abandonadas forman parte tamén do patrimonio cultural e poden en ocasións ser de "utilidade" se se tratan do xeito axeitado. En Galicia temos un bo exemplo na vila de Allariz, que apoiándose na rehabilitación das súas fábricas de curtidos foi pondo en valor o resto do seu vizoso patrimonio cultural até hoxe ser coñecida coma a vila máis fermosa do país. Que utilidade tiña o curtidoiro dos Nogueiras antes da rehabilitación e cal ten agora? Xa que logo, as ruínas das fábricas si que poden ser útiles e poderían ser esenciais para o desenvolvemento endóxeno de moitos dos concellos rurais galegos.

A industria do coiro tivo en Galicia un peso importante, e ademais estivo espallada por todo o seu territorio. Como veremos no capítulo seguinte, xa foi estudada desde o ponto de vista da historia económica, alomenos até a época da Guerra Civil. Porén, podemos detectar tres carencias no coñecemento deste sector. A primeira delas, a ausencia dunha visión territorializada da distribución que tivo o sector polo longo e ancho de Galicia. A segunda é a, poderíamos dicir, excesivamente estilizada análise das causas da decadencia durante o século XX, unha análise pendente de completar en moitos aspectos (estudos locais de zonas relativamente importantes coma Bergantiños ou Carballiño, estudos mais sistemáticos de Allariz e Noia,...). E, finalmente, aínda que é ben sabido que existen moitos restos das antigas fábricas de coiros en moitos lugares, non hai unha catalogación nen un estudo xeral nen unha valoración sobre o que representan aqueles coma patrimonio cultural. E algo debe significar, porque é igualmente sabido que antigas fábricas están hoxe convertidas en aloxamentos para turismo rural, en restaurantes ou en algún caso musealizadas. Son estes os tres obxectivos deste traballo que abeiramos. Trátase dun traballo no que partimos da premisa da necesidade dunha simbiose entre patrimonio industrial e historia económica. Tanto os bens inmobles

[9] Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, *Diario Oficial de Galicia*, núm. 92 do 16 de maio de 2016.

(patrimonio arquitectónico) como os mobles (maquinaria, instrumentos de traballo) e os propios elementos de carácter inmaterial que constitúen o patrimonio industrial son o resultado da forma concreta que adoptou no seu día a historia económica e social da industria en cuestión. Tal é o motivo polo que historia e patrimonio industrial atópanse ligadas de forma moi estreita, algo que xa ten sido sinalado xa en moitas ocasións[10]. En efecto, o estudo do patrimonio industrial de calquera territorio –local, nacional, estatal- require da realización de investigacións previas sobre a industria concreta do sector industrial sobre o que se quere estudar. Neste caso as análises sobre a historia industrial dun sector concreto case que opera coma unha *conditio sine que non* no mercado xurídico para encetar unha investigación sobre o patrimonio. Pola contra, un xeito eficaz, senón o que máis, de absorción pola masa social do pasado industrial común é a conservación dos elementos patrimoniais máis sobranceiros deste. Estamos, xa que logo, ante dúas disciplinas a historia e a patrimonial que se deben ollar cos mesmos lentes co fin de chegarmos a coñecer máis amplamente o noso pasado industrial.

Por que escollemos este tema de investigación? Pois, en primeiro lugar, porque o autor desta memoria presentou o seu traballo de fin de mestrado sobre a industria do coiro en Chantada, unha primeira base de partida que permitiu unha inicial aproximación ao sector.

En segundo lugar porque unha das cuestións que esta primeira aproximación deixou ver foi a escasa presencia que o sector do coiro ten na literatura tanto da historia económica como do patrimonio industrial, non tanto xa como mais arriba comentamos desde un punto de vista galego, como español ou internacional[11], motivo este que foi outro dos elementos que me animaron a emprender a investigación. Centrándonos no caso español vemos que en recentes publicacións especializadas sobre a materia coma a de *"El patrimonio industrial en España. Paisajes, lugares y elementos singulares"*[12] non se fai referencia algunha ao patrimonio industrial do eido dos curtumes. Nen a exposición nen o catálogo 100 elementos del Patrimonio Industrial de España inclúe tampouco ningunha fábrica de curtidos. No volume sobre Cataluña publicado por Asunció Feliu[13] aparece só un caso entre 100, o da

[10] Véxase por exemplo, entre nós, "El patrimonio industrial, el legado material de la historia económica", número extraordinario de *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, núm. 29, 2010. Tamén de moito interese o conxunto de comunicacións presentadas á sesión Patrimonio Histórico Industrial y Economía do X Congreso Internacional de la Asociación Española de Historia Económica.

[11] Cf. G. RIELLO, *The Boot and Shoe Trades in London and Paris in the long Eighteenth Century*, University College London, Doctoral thesis, 2002 (ligazón: http://discovery.ucl.ac.uk/1317575/; consultada agosto 2016). Este autor presenta una interesante análise das causas polas que a fabricación coiro e zapataría goza de tan pouca atención na historiografía.

[12] Carlos J. PARDO ABAD, *El patrimonio industrial en España. Paisajes, lugares y elementos singulares*, Madrid, Akal, 2016.

[13] Assumpció FELIÚ TORRAS (coord..), *Cien Elementos del Patrimonio Industrial de Cataluña*, Barcelona, Lunweg Editores, 2002.

factoría igualadina de Cal Granotes[14], e no catálogo do País Vasco só un caso comentado, o da Tenería Vascongada e outro citado brevemente, de pasada[15].

Finalmente, porque dentro do grupo no que realicei a miña investigación anterior existía o convencemento de que mesmo non sendo posíbel comparar o patrimonio industrial de Galicia desde o punto de vista da súa monumentalidade co das rexións europeas típicas da Revolución Industrial, tería aquel algúns trazos singulares que o dotarían de un notábel interese, por contar con unhas tipoloxías específicas de unha ampla extensión polo territorio. Estas tipoloxías producíanse nos dous sectores nos que durante o século XIX Galicia se mantivo á cabeza da produción en España: salga da sardiña e curtición de peles. Neste sentido semellaba interesante entrar na análise do patrimonio industrial do curtido en Galicia.

Unha das formas nas que a historia industrial resulta de extrema utilidade para o estudo e catalogación do patrimonio industrial é a de facilitar fontes que permitan achegármonos á realidade e espallamento dun sector industrial concreto sobre un determinado territorio de forma sistemática. A fonte utilizada a estes efectos de forma máis común ha historia económica en España son as listaxes da Contribución Industrial. Esta fonte emprégase ordinariamente nas investigacións de historia industrial no Estado español desde que a utilizara o profesor Nadal a finais dos oitenta do século pasado[16]. A contribución industrial era tramitada pola Administración local polo que a súa recompilación pode ter certas eivas. Así, en Galicia nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra consérvase copia nos respectivos arquivos históricos provinciais desde o ano 1898 cunha certa sistemática. Na provincia da Coruña tivémolo máis difícil xa que non hai un arquivo que centralice a custodia de todas as contribucións industriais polo que tivemos que ir concello por concello revisando todos os arquivos municipais da provincia.

Nos documentos das contribucións industriais que se conservan observasen erros de diversa consideración. Un deles sería a confusión ás veces da persoa escribinte entre o enderezo do domicilio particular da persoa empresaria co enderezo da propia fábrica de coiros da que é titular este. Por exemplo, se botamos unha ollada aos coiros do norte da Comarca do Carballiño decatarémonos de coma hai unha fábrica, a de Gumersindo Nóvoa Portugal, que se radica no concello de Cea cando realmente estaba localizada no veciño lugar de Porto do Souto, concello de Piñor. En Cea tiña o seu domicilio particular. Tamén, coma as antigas

[14] Cf. Jordi ENRICH (coord.), *Cal Granotes. Una adobería del segle XVIII*, Igualada, Museu Comarcal de l'Anoia, 1990.
[15] DEPARTAMENTO DE CULTURA DEL GOBIERNO VASCO, *Patrimonio industrial en el País Vasco*, Vitoria-Gasteiz, Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, 2 vols.,, 2012, vol. 2, páx. 1.018-1.023. A "Tenería Vascongada" está situada na localidade biscaíña de Forua e catalogada coa categoría de Monumento.
[16] Jordi NADAL OLLER, "La industria fabril española. Una aproximación", en Jordi Nadal, Albert Carreras e Carles Sudriá (coords.), *La economía española en el siglo XX: una perspectiva histórica*, Barcelona, Ariel, 1987, páxs. 23-61.

facturas da luz, rexistrasen coma titulares das contribucións industriais persoas que xa se esvaece no maxín o día do seu pasamento[17].

Aos efectos do presente estudo, o uso das contribucións industriais teñen un problema engadido que é que as tributacións son por seren empresarios/as, é dicir, non se tributa como fábrica cando nas nosas análises vai ter máis importancia o concepto fábrica que o concepto empresario. Temos que ter en conta que houbo fábricas polas que tributaban varias persoas e isto por dous motivos principais, por unha banda, herdanzas que permanecen sen partir, malia que nestes casos o normal e que en catro ou cinco anos sexa un dos irmáns o que sega coa fábrica, por outra banda, o alugueiro de píos individuais de propietarios de fábricas a persoas que van curtir en catro, tres e inclusive un pío do edificio fabril. E isto, ás veces, só por anos soltos. Este suposto repítese, por exemplo, no concello de Allariz. Estes dous exemplos, cremos que ilustran a dificultade de cunha listaxe de empresarios traballar en clave fábrica. Por este motivo, o primeiro punto que se tratou no traballo de campo foi imputar mediante a fonte oral ás persoas empresarias as fábricas nas que curtiron. Isto levou o seu tempo. Abusamos, ás veces, dos esforzos mentais das persoas maiores mais pensamos que conseguimos identificar máis do 90% das fábricas que operaron durante o século XX. O 100% non o teremos até que se desenvolvan estudos de carácter comarcal nos que sexa realista o emprego de documentación notarial.

A maiores na procura da localización xeográfica exacta das fábricas batemos co feito de que non sempre a persoa escribinte das contribucións sinala o lugar de emprazamento do curtidoiro o que orixinou que tiveramos tantas persoas empresarias cun lugar aproximado de radicación da súa actividade como nada, só saber que unha persoa curtiu peles nun concello determinado. Así é todo, localizáronse un total de 241 fábricas das que se achegan as concretas coordenadas xeográficas de localización do edificio fabril.

Con todas as súas eivas a Contribución industrial é a única fonte documental con carácter xeral para o período considerado deste estudo que nos permite identificar ao empresariado do sector, enxergar a localización xeográfica das fábricas e ter unha idea da estrutura industrial, recoñecendo que houbo un certo grado de fraude no pagamento destas contribucións no Estado español e tamén en Galicia.

Unha vez recompiladas as contribucións industriais, percorremos Galicia de Bergantiños ao Valdeorras e da Mariña ao Condado debido á vizosa implantación no territorio desta industria. Lembremos que estamos a falar dunha industria de certa importancia en Galicia con máis de 60 concellos e máis de 240 fábricas presentes no territorio galego. Nestas xeiras de investigación, que duraron anos, tivemos a dificultade en atopar os interlocutores axeitados e de tratar con persoas, con moi diferente carácter, coas que quedamos para

[17] Por exemplo, no Concello de Forcarei o empresario Jesús Villaverde Chamosa rexistra actividade nas contribucións industriais dende o ano 1936 até o ano 1965 cando o seu pasamento foi nos anos centrais da década dos corenta. AHPP, Fondo de Facenda, Sinaturas: G-8732, G-8721, G-8722, G-8723, G-8724, G-8725, G-8726, G-8727, G-8728, G-8729, G-8730, G-8731, L-4613, L-5265, L-5262, L-5259, L-5256, L-5253, L-5250, L-5244, L-5240, L-5237, L-5215, L-5220, L-5225 e L-5230.

entrevistarmos. De acotío fillos ou netos do empresariado do curtido galego. Todo isto no mellor dos casos. E abofé que a maior parte das veces sen ter posibilidade de contactarmos con ningunha persoa con vencella coa industria acudimos aos lugares a petar porta por porta. Lembro un día, a carón da Serra do Candán, nun lugar illado que após bater coa man nunha portada saíu unha señora que ollou para min cunha faciana tan temerosa que o único que se me ocorreu dicirlle foi: "tranquila señora que non veño venderlle nada". A señora riuse e acabou achegando a pouca información que temos sobre os coiros dese concello pontevedrés.

En síntese, para realizarmos esta investigación sobre o patrimonio industrial dos curtumes galegos rubimos, esencialmente, polos chanzos que se sinalan no seguinte cadro.

METODOLOXÍA DE ESTUDO		
Fases	**Obxectivos**	**Fontes**
1	Recompilación e lectura das referencias bibliográficas encol os curtumes.	Traballos de investigación xa publicados sobre a industria do curtido e do patrimonio industrial. Elaboración das listaxes bibliográficas.
2	Identificación concreta de todos as persoas empresarias do curtido.	Tributaria: contribucións industriais. Actualmente esta documentación áchase depositada nos seguintes arquivos: • Provincia da Coruña: Arquivo do Reino de Galicia; Arquivo da Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña; Arquivo da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago; Arquivo da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol e arquivos municipais dos concellos onde houbo fábricas de coiros. • Provincia de Lugo: Arquivo Histórico Provincial de Lugo. • Provincia de Ourense: Arquivo Histórico Provincial de Ourense. • Provincia de Pontevedra: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
3	Visita in situ ás fábricas de curtumes.	Concertar con investigadores e investigadoras locais as visitas ao propio sitio onde se atopa emprazada cada unha das fábricas de curtido e as persoas ás que íamos entrevistar.
4	Análise do material recollido na visita á fábrica: entrevistas, fotos, documentación, etc.	Unha vez vistas todas as fábricas, facer unha análise do material recompilado co fin de ir identificando as características propias da tipoloxía arquitectónica das fábricas e, no seu caso, tratar de mellorar as fontes naqueles aspectos que se consideren que haxa que completar. Asemade, revisar as notas das entrevistas, e documentación achegada, sobre a historia empresarial de cada un dos curtidoiros.
5	Redacción do traballo académico.	Para rematarmos a investigación procederase á redacción do traballo académico.

Unha vez estabelecidos as listaxes e elaborados os mapas correspondentes e visitado e analizado as localizacións históricas da industria tratamos de afondar nos aspectos históricos en base a outras fontes que se van citando ao longo do traballo. En todo caso atopámonos cunha eiva fundamental para a súa correcta investigación: a falla de arquivos de empresa, salvo contadas excepcións, das propias fabricas. Este é un feito que cómpre adiantarmos para que a persoa lectora encadre axeitadamente a súa lectura. Como é sabido as fábricas de pequeno e mediano tamaño non adoitan conservar un arquivo de empresa e por está razón estes arquivos no eido dos curtumes son moi difícil de atopar. A consulta de arquivos de empresa nesta investigación reduciuse a un par de libros que se conservan no curtidoiro do

Cortizo (concello de Lalín), que nos permitiu constatar o reducido espazo temporal no que operaba un curtidoiro na entrada do século XX, e a un pequeno arquivo dunha fábrica de tamaño medio no concello de Sarria, que nos amosa como o inicio da Guerra Civil española dispara a produción de coiros en Galicia.

Así e todo, esta falla de documentación propia dos curtidoiros galegos é algo, polo demais, lóxico xa que é común que as empresas de tamaño pequeno ou medio non acrecenten a teima de estruturar un arquivo de empresa na que se vaia amoreando racionalmente todos os feitos documentais de relevo desta. Pensemos en contratos, facturas, copiadores de cartas, maiores contábeis, listaxe de provedores e de clientes, planos do edificio fabril, etc. Inclusive cousas máis persoais coma fotografías do empresariado, da caste traballadora, das instalacións da fábrica, etc.

Outra fonte que tratamos de empregar neste estudo infrutuosamente foi a documentación xerada pola *Fiscalía Superior de Tasas* mais non se achou un corpus significativo para poder tirar conclusións relevantes[18]. Esta fiscalía fora creada pola ditadura dos *nacionais* mediante a *Ley de 30 de septiembre por el que se crea la Fiscalía Superior de Tasas, encargada de hacer cumplir, con todo rigor, el régimen sobre las mismas* para tratar de atallar o *estraperlo* que se estaba desenvolvendo como resposta á desfeita na que se encetaba a converter a intervención do mercado por parte do réxime fascista. No artigo 17 da referida Lei estabelécese que na Fiscalía Superior e Provinciais se levarán rexistros coas sancións impostas, así como dos atestados elevados aos tribunais de xustiza. Mais como dicimos non atopamos, tralas xestións pertinentes, restos significativos para a utilización desta fonte de cara o estudo dos curtumes galegos.

Con todo o referido queremos dicir que a historia da industria do curtido en Galicia non a imos coñecer igual cá historia do camiño de ferro español ou mesmo ca historia de FENOSA ou PESCANOVA. Mais o que temos nas mans é un relato da recolleita das fontes que fomos procurando durante os derradeiros anos por todo a extensa xeografía galega.

O presente traballo, como xa amentamos, ten dúas partes moi diferenciadas, unha delas dedicada ao estudo da historia dos curtumes galegos e outra ao patrimonio industrial do mesmo eido económico. A parte de historia divídese en tres apartados. Nun primeiro esbózase un estado da cuestión do estudo dos curtumes galegos sinalando as achegas máis importantes feitas por anteriores investigacións. Isto complétase coa listaxe bibliográfica achegadas e que se considera unha listaxe completa a día de hoxe. Nun segundo apartado estúdase a evolución do sector desde o ano 1900 a 1980 mediante o baleirado da información recollida nas contribucións industriais. Un arquivo de case que 10.000 referencias arquivísticas que se criou

[18] Algo que, por certo, adoita ser común segundo Miguel Ángel Del Arco Blanco que estabelece: "Desgraciadamente, a pérdida de grande parte da documentación arquivística relativa á Comisaría de Abastecementos y Transportes, responsable de xestionar a distribución e comercialización dos produtos intervidos durante a posguerra, impide que hoxe podamos albiscar en toda a súa magnitude o dantesco, esperpéntico, mais tamén cruel, mundo da corrupción do réxime de Franco". Miguel Ángel, DEL ARCO BLANCO, "El estraperlo: pieza clave en la estabilización del régimen franquista", *Historia del Presente*, núm. 15 (2010), páxs. 65-78.

tras ano e medio indo de arquivo en arquivo e que se publica no Anexo II desta investigación co fin de facilitar novas investigacións sobre este eido industrial. Finalmente, un terceiro apartado no que se analizan as causas do colapso dos curtumes galegos unha vez levantada a intervención do goberno sobre o mercado.

Pola súa banda, a parte de patrimonio divídese en catro apartados. Nun primeiro analizamos a estrutura arquitectónica dos curtidoiros, a súa organización interna, os seus elementos externos e o estudo das singulares aldeas fábricas que houbo en Galicia. Nun segundo apartado estudamos o patrimonio móbel desta industria. Con este fin, primeiro describimos as ferramentas e o muíño de casca de cabalaría empregado no proceso produtivo do curtidoiro tradicional e logo o impacto que sobre este proceso tivo a mecanización do sector. Finalmente, botamos unha ollada aos dous museos do curtido que están abertos no país. Nun terceiro apartado, analízase, polo miúdo, as rehabilitacións existentes das fábricas de curtido en Galicia co detalle do seu estado antes da rehabilitación, de como se operou esta e a que cometidos se dedica actualmente o edificio fabril. Finalmente, en base a unha metodoloxía previa faise unha selección dos mellores doce curtidoiros galegos desde un punto de vista patrimonial. Toda esta análise foi posíbel logo de percorrer Galicia de cabo a rabo e inventariar máis de 240 fábricas que se recollen no Catálogo das fábricas de curtume de Galicia que se axunta no Anexo I deste estudo.

É obvio, xa que logo, que esta metodoloxía de estudo depende en grande maneira da colaboración dunha rede local de investigación que dalgún xeito fomos creando, entre cronistas locais, investigadores/as, concelleiros, estudosos/as ou técnicos/as de cultura dos concellos, para ter un resultado axeitado xa non superlativo pola escaseza das fontes como vimos teimosamente. Amais, ao trazar esta metodoloxía quen non ía matinar que unha persoa investigadora ou cronista local, poñamos por caso, de calquera vila galega non ía estar na mellor das disposicións para sacar á luz unha parte da historia de aquilo que máis se quere: o pobo de cadanseu. Neste senso cómpre destacarmos a xente coma Antonio Blanco Rodríguez e Tino Feijoo en Allariz, José Souto e Jesús Queijo Pallas na comarca de Bergantiños, Xosé Ricardo Rodríguez Pérez na comarca do Carballiño, Manuel Reboredo Tajes na montaña pontevedresa, Daniel González Alén no Deza, Arlindo na comarca de Sarria, Xosé Manuel Broz en Melide, Amancio Liñares en Negreira, Santiago Domínguez Baltar en Caldas de Reis, José Manuel Rodríguez Anido en Noia, Adolfo de Abel en Lugo, entre outros.

Para rematarmos, é de xustiza subliñar o interese, alento, paciencia e xenerosidade que o profesor Carmona Badía tivo sempre con esta investigación e co autor que a asina. Tampouco quero esquecerme de María, dos meus pais e do meu irmao sen cuxo tempo furtado este estudo non vería a luz.

PARTE I: A INDUSTRIA DO CURTIDO EN GALICIA NO SÉCULO XX

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ESTUDOS ENCOL DOS CURTUMES GALEGOS: UN ESTADO DA CUESTIÓN


A industria do curtido viu agromar nos últimos anos unha serie de estudos sobre a súa historia en Galicia. Estes traballos caracterízanse, canda menos, por dúas notas. Por unha banda, a súa datación xa que son estudos que se escribiron en xeiras moi recentes. Por outra banda, o seu diferente ámbito de actuación xa que namentres cuns estudos están referidos á análise do sector en todo Galicia, outros son traballos máis focalizados na investigación local desta industria.

Enfiando co referido, as xeiras de estudar a industria do curtido en Galicia desde un punto de visto galego levárona a cabo o profesor Carmona Badía e a profesora Fernández Vázquez. Asemade, a investigación local das fábricas dos coiros agrelou traballos nas seguintes localidades: Allariz, Betanzos, Chantada, Ferrol[19], Melide, Piñor, Pontedeume, Santiago de Compostela e Tui.

O obxectivo deste apartado é facer unha síntese, ao xeito de listaxe bibliográfica amentada, das achegas xa gurgulladas sobre a industria dos curtumes en Galicia. Por esta razón, sublíñanse as conclusións máis relevantes que cada un destes traballos achegou ao estudo dos coiros galegos. Isto permitíranos enfiar o estado da cuestión do estudo encol dos curtumes galegos co que poderemos chantar os marcos, dun xeito máis concreto, dos obxectivos máis importantes desta investigación.

ESTUDOS XERAIS SOBRE A INDUSTRIA DO CURTIDO EN GALICIA

Como xa adiantamos, os estudos sobre a industria do curtido de Galicia desde unha óptica galega foron realizados polo profesor Carmona Badía e pola profesora Fernández Vázquez.



O profesor Carmona Badía ten publicados varios libros e artigos sobre a industria do curtido en Galicia. Nun primeiro artigo que data do ano 1990[20], no que dificilmente se pode dicir máis con tan poucas palabras, o historiador fixa as notas características nucleares do sector. Sobre este ronsel van camiñar o resto das investigacións feitas sobre os coiros galegos. Estas notas características son as que seguen[21]:


- A industria dos coiros agroma en Galicia ao finais do século XVIII aguilloada pola abundancia dos factores de produción que oferta o territorio –auga, pel e casca-. Esta nacente

[19] Este traballo inclúe a outros concellos da ría de Ferrol coma Fene, Narón ou Neda.
[20] Joám CARMONA BADÍA, "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936" en Jordi Nadal Oller, Albert Carreras i Odriozola (coords.), *Pautas regionales de la industrialización española: siglos XIX-XX*, Barcelona, Ariel, 1990, páxs. 23-48.
[21] Cf. *Ibídem*, 27-35.

industria caracterízase por dous trazos principais. Por unha banda, un proceso de produción tradicional que se alongaba moito no tempo o que implicaba unha importante inmobilización de capital. Por outra banda, a rixidez nos factores de localización da industria por mor do custo de transporte das materias primas.


- Após a Guerra de Independencia prodúcense dous feitos que incrementa notabelmente o crecemento deste eido económico en Galicia: a emigración de curtidores vasco-franceses e a chegada do capital mercantil á industria que procede da industria do liño.
- No ecuador do século XIX Galicia é líder no mapa do curtido do Estado español por mor do concurso de dúas circunstancias xa adiantadas: as vantaxes naturais que oferta o territorio e a dispoñibilidade do capital preciso para un eido intensivo nel.
- Na segunda parte do Oitocentos prodúcense unha serie de circunstancias que provocan mudas nos factores de localización da industria a nivel estatal. En concreto, o incremento das importacións de peles xunto cos avances no procedemento de elaboración –extractos tánicos e sales de cromo- ceiban ao sector da obrigada localización preto das sustancias curtintes, o que provoca que as empresas enceten a situarse preto da demanda e non tanto da oferta de materias primas. A demanda do coiro está orientada cara o calzado e as correas de transmisión de forza para as máquinas industriais, quer dicir, cara un territorio urbanizado e industrializado coma era Cataluña. Galicia continúa especializada en dous produtos coma o becerro e a sola de moita calidade mais sen posibilidade de competir cos coiros elaborados mediante os modernos procesos de curtir por mor da súa baratura. Paseniño vaise localizando a industria en Cataluña en detrimento de Galicia.
- Ao longo do século XX o sector dos coiros galegos esmorece atafegado pola súa incapacidade para mecanizarse polo que as fábricas de curtumes galegas van fechando unha tras doutra.

En *El atraso industrial de Galicia*[22] o profesor Carmona Badía fai unha sintética foto do sector dos coiros galegos a mediados do século XVIII, no tempo do Catastro de Ensenada. Nesta imaxe obsérvase un sector que presenta unha certa dualidade antes da chegada das fábricas de curtidos a Galicia. Por unha banda, os curtidores rurais cunha vocación de autoconsumo e que compaxinan as súas xeiras coma labregos coas angueiras curtidoras. Por outra banda, nunhas poucas zonas de Galicia prodúcense excedentes produtivos que se destinan a venda no resto do país por medio de comerciantes de coiros locais. En concreto, estas zonas son: Allariz, Cea, Noia, Caldas de Reis, Vilalba, Chantada e Soutomaior[23].



[22] Joám CARMONA BADÍA, *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel, 1990.
[23] Cf. *Ibídem*, páxs. 68-69.

Xoán Carmona Badía escribe xunto Jordi Nadal Oller *El empeño industrial de Galicia*[24] que se configura coma a obra de referencia no estudo da historia industrial de Galicia. No que atinxe á industria do curtido o libro fai unha síntese do estado da investigación deste eido económico no que se recollen os trazos esenciais desta industria[25].



María Teresa Fernández Vázquez dedicou os seus estudos de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela a esta industria. A súa tese de doutoramento foi dirixida polo profesor Carmona Badía e ten por título: *La industria del curtido en la Galicia Contemporánea*[26]. Este estudo data do ano 2002 e está inédito polo de agora. A continuación imos debullar brevemente o contido deste traballo sobre as fábricas de coiros galegas.

Antes de máis, aos efectos da presente investigación sobre historia da industria do curtido en Galicia subliñamos que a tese doutoral da profesora Fernández Vázquez describe o sector durante a Idade Contemporánea mais remata este no ano 1914. Este feito é unha das razóns que nos leva a nós a situar cronoloxicamente o noso estudo desde o clarexar do século XX até a morte do sector económico en Galicia ao pasar o ecuador desta centuria.

Antes de facer o estudo cronolóxico da industria do curtido da Galicia contemporánea, María Teresa Fernández Vázquez dedica dous capítulos a cuestións de ámbito transversal que logo axudaran a unha mellor comprensión da materia: o proceso de elaboración do curtido e a dotación de factores de produción en Galicia deste eido económico.

Os distintos procesos de transformación de peles en coiros acreditan tres fases ou etapas diferenciadas. Unha primeira chamada de ribeira na que as peles, aos efectos de preparalas para a seguinte etapa, son clasificadas, lavadas, remolladas, depiladas e desposuídas dos refugallos de carne e graxa. Unha segunda fase do proceso é o curtido propiamente dito na que as peles se someten a unha serie de tratamentos e operacións co obxectivo de convertelas en coiros. Finalmente, unha terceira etapa na que se traballan os coiros para darlle o acabado desexado. Deste procedemento tradicional de curtido destaca a súa duración xa que era moi lento oscilando entre os 12 e 18 meses de duración. Xa que logo, o curtido era unha actividade intensiva en capital pois cumpría unha importante inmobilización de casca e peles durante un ciclo de explotación alongado[27].

A dotación dos factores de produción determinan até finais do século XIX a localización da industria. Galicia oferta as principais materias primas para a realización dun

[24] Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750-2000)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005.
[25] Cf. *Ibídem*, páxs. 7-8, 37-40, 76-81 e 215-220.
[26] María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *La industria del curtido en la Galicia contemporánea*, Santiago de Compostela, Tese doutoral inédita, 2002.
[27] Cf. *Ibídem*, páxs. 17-34.

curtido de calidade. En efecto, a abundancia de carballeiras, de ríos e de peles fan a estas terras idóneas para o asentamento deste eido económico. A casca de carballo fornecía de ácido tanino ao proceso produtivo do curtido sendo un material pesado e de caro transporte o que habilita o agromar das fábricas de coiros preto destas carballeiras. Polo que se refire a auga, Galicia ofertaba á industria unha gran pluviosidade durante todo, fartura de ríos e mananciais, así coma unhas augas pouco calcarias, características idóneas para a elaboración de coiros para a que eran preciso grandes cantidades de auga con estas peculiaridades. Amais, Galicia tiña un fácil fornecemento de peles tanto no propio territorio, xa que acreditaba unha das meirandes cabanas vacúns do Estado español, coma pola entrada polo porto da Coruña e desde Portugal dos alcumados *coiros indios*[28].


LA INDUSTRIA DEL CURTIDO EN LA GALICIA CONTEMPORANEA

TESIS DOCTORAL PRESENTADA POR:
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

DIRIGIDA POR:
DR. JUAN CARMONA BADÍA

Departamento de Historia e Instituciones Económicas Internacionales
Universidad de Santiago

Santiago de Compostela, 2005

A profesora Fernández Vázquez enceta o seu estudo cronolóxico encol da industria do curtido en Galicia na Idade Moderna. Neste período a transformación de peles en coiros levábase en Galicia en dúas contornas diferentes, a rural e a urbana. Polo que se refire o curtido rural, este desenvolvíase por persoas artesás labregas e zapateiras que alternaban o seu traballo no campo co curtido de peles. Estes coiros rurais teñen unha crecente importancia debido ao devalo que acredita o curtido urbano durante este período. Polo que se refire ás persoas artesás urbanas, a diferenza dos anteriores estaban empregados todo o ano, nestas angueiras de curtir peles, para a que se agrupaban en gremios. A rixidez na regulación gremial deste eido económico provocou unha caída significativa de actividade que tivo coma consecuencia máis salientábel a progresiva subordinación que o sector dos coiros presenta fronte ao do zapataría. Amais, o curtido urbano localizábase, en xeral, nos arrabaldes das cidades polas protestas veciñais por mor dos cheiros e da contaminación que os refugallos do proceso produtivo facían na contorna[29].

Con estes alicerces a María Teresa Fernández Vázquez encomeza a análise dos coiros galegos na Idade Contemporánea dividindo o seu estudo en tres períodos cronolóxicos aos que nos imos referir deseguido.

No último terzo do Setecentos empezan a abrollar en Galicia curtidoiros que representan a chegada da fábrica ao sector dos coiros. Este xermolo está aguilloado pola presenza no territorio das principais materias primas precisas para o proceso produtivo, polas reformas liberais que se emprenden ao carón do alcumado *reformismo borbónico* -que colateralmente beneficia a radicación da industria en Galicia- e pola demanda do Arsenal de

[28] Cf. *Ibídem*, páxs. 35-71.
[29] Cf. *Ibídem*, páxs. 72-104.

Ferrol. Por esta razón, as primeiras fábricas establécense en Pontedeume, Betanzos e Fene *circa* 1770. Esta industria prende en todas as provincias de Galicia e antes da guerra contra o francés xa estaba ciscada por todo o territorio galego: Compostela, Noia, Pontevedra, Carril, Vigo, Tui, Lugo e Allariz. Estas primeiros curtidoiros xermolan da iniciativa dun colectivo de empresarios que se forneceu, en esencia, a partir de antigos comerciantes e curtidores, moitos deles procedentes de Cataluña e do País Vasco Francés[30].

A idade de ouro do curtido aquén do Cebreiro descorre polas décadas centrais do século XIX (1820-1870). Malia que nos anos trinta o sector padece un incremento nos costos de produción polas eivas no fornecemento de *coiros indios* por mor da independencia colonial, o curtido galego deseguido se recupera e cando no ecuador do Oitocentos se publican as primeiras *Estatísticas administrativas da contribución industrial* Galicia lidera o sector do curtido dentro do Estado español dun xeito claro. Neste período constátase unha certa promoción vertical nos coiros galegos polo que mestres e oficiais acceden a condición de empresario, que aguilloa a que os curtidoiros continúen a espallarse por toda a xeografía galega. Isto malia que as fábricas de coiros pertencían, xeralmente, a empresas familiares. O motivo desta suba de chanzos na escada social é que naquel tempo non facía falla unha gran inversión en capital fixo por mor da non mecanización do sector. Deste xeito, algunhas das castes empresarias máis senlleiras da historia do curtido de Galicia proceden desta "promoción vertical" coma os Harguindey, os Etcheverría e os Rumbao. Asemade, nestes anos visualízase unha das características principais desta industria como é que a súa implantación no territorio non é homoxénea no que atinxe ao tamaño físico dos diferentes edificios fabrís, na especialización produtiva da actividade económica e na comercialización dos *outputs* resultantes. En efecto, os curtidoiros de maior tamaño, por exemplo, os situados en Compostela, son de maior dimensión, o produto dominante é a sola e son estabelecementos orientados á comercialización fóra de Galicia. Namentres, os curtidoiros de menor tamaño, *ad exemplum*, os de Allariz, son fábricas pequenas, o becerro é o produto líder e as empresas dirixen a súa comercialización cara o mercado local[31].

O último período abranguido na investigación de María Teresa Fernández Vázquez é o que descorre desde o ano 1870 até o ano 1914. Estes anos caracterízanse polas mudas nas razóns de localización da industria. A descuberta dos extractos tánicos e das sales de cromo ceiba ao sector da localización preto das pesadas cascas de árbore polo que á industria pasa a localizarse preto da demanda. Neste tempo a demanda é emerxente nos territorios urbanizados seareiros de zapatos e nos territorios industrializados demandantes de correas de coiro para transmitiren a forza nas máquinas industriais do momento. Como consecuencia de todo o anterior, en termos relativos é incuestionábel o retroceso de posicións que experimenta a industria galega dentro do Estado español, por mor do forte aumento desta actividade que se rexistra nunha Cataluña máis urbanizada e industrializada que Galicia. Namentres que as diferentes estatísticas que se utilizan para a análise da produción galega de coiros na segunda

[30] Cf. *Ibídem*, páxs. 105-160.
[31] Cf. *Ibídem*, páxs. 161-227.


metade do século XIX semella que ensinan un mantemento da actividade industrial en termos absolutos[32].

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ENCOL DOS COIROS GALEGOS DESDE UNHA FOCALIZACIÓN LOCAL

Nos últimos anos agrelaron por todo o país investigacións locais sobre a industria do curtido. A seguir imos concretar as conclusións máis significativas que estas investigacións achegaron ao coñecemento desta industria en Galicia.

Betanzos

O pioneiro nos estudos sobre a industria dos coiros en Galicia foi Antonio Meijide Pardo no seu traballo de 1986 sobre os primeiros curtidoiros de Betanzos[33]. Este ermo no estudo desta industria fai que sexa o investigador chantadés o primeiro en esculcar aos nosos autores das *Luces* sobre as súas achegas encol dos coiros galegos. Entre estes ilustrados atópanse Pedro Antonio Sánchez e Eugenio Larruga que a finais do século XVIII debuxan un futuro prometedor para os coiros en Galicia. Amais, Meijide Pardo insire no estudo do curtido en Galicia os chamados *coiros indios* que desde Bos Aires e Montevideo arribaban na Coruña e fornecían dunha das materias primas esenciais á industria o que aguilloa no xermolo de curtidoiros en Galicia[34].


Las primeras industrias del curtido en Betanzos

Antonio Meijide Pardo

SEPARATA DE

VNTIA

BOLETÍN DO SEMINARIO DE ESTUDIOS MARIÑÁNS

BETANZOS DOS CABALEIROS


Após destas consideracións limiares o autor enceta o estudo empírico da clarexa dos coiros betanceiros contra finais do século XVIII. En concreto, detén a súa análise en catro fábricas de coiros: a fábrica de Montellas, a factoría de Caraña, o curtidoiro da Magadalena[35] e a fábrica do Carregal[36]. A característica principal que acreditan estes curtidoiros e que gurgullan por mor dos *coiros indios* que oferta o porto da Coruña e, ao mesmo tempo, polo ronsel da demanda de curtido por parte do Arsenal de Ferrol.

[32] Cf. *Ibídem*, páxs. 228-306.
[33] Antonio MEIJIDE PARDO, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páxs. 27-44.
[34] Cf. *Ibídem*, páxs. 27-29.
[35] Cf. Encol da actividade da fábrica de coiros da Magdalena iría asentándose unha das familias máis senlleiras deste eido industrial en Galicia: os Etcheverría. Esta actividade fabril permite á familia acumular un capital que serán os alicerces de novos proxectos empresariais no futuro coma o da Banca de Etcheverría. Cf. Joan Carles MAIXÉ-ALTÉS, "Marcelo Etcheverría Vila (1844-1914) e Domingo Etcheverría Naveyra (1889-1987). De industriais do curtido a banqueiros: unha saga de empresarios" en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, Vol. 2, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2009, páxs. 172-195.
[36] Cf. Antonio MEIJIDE PARDO, "Las primeras industrias del curtido ..., 1986, páxs. 29-42.

Alén diso, o autor chantadés aumenta o ámbito da súa investigación ao arco ártabro cun artigo publicado en 1998[37]. Neste estudo recóllese, citando ao ilustrado Pedro Antonio Sánchez, parte das referencias normativas das reformas levadas a cabo por Carlos III en prol dunha maior liberalización da economía. Amais, o autor fai unha pequena historia de cada unha das fábricas que se estabelecen na zona de a cabalo do século XVIII e XIX. En concreto, Meijide Pardo identifica cinco no concello de Neda, tres no de Narón, outras tres no de Fene e unha en Serantes –actual concello de Ferrol-[38].

Melide

Sobre a industria do curtido no concello de Melide non hai un estudo xeral feito mais si unha morea de achegas feitas na súa meirande parte polo investigador local Xosé Manuel Broz Rei no *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*. A seguir imos referirnos brevemente a elas.



Xa no ano 1988 publícase un amplo artigo sobre o curtido de Melide na que se describen os trazos que singularizan os coiros desta terra coma son a confraría de santa Catalina de raizame medieval, o senlleiro curtidoiro de Furelos ou os tradicionais obradoiros de zapataría melidenses que chegaron a superar a cifra de vinte e a de cen persoas choiando neles[39].

Noutro artigo de Xosé Manuel Broz Rei, relátase unha mínima historia do curtidoiro do Furelos e achégase unha extensa escolma fotográfica tanto da propia fábrica coma do resto de instalacións, que se erguían a súa beira, no amplo terreo cercado onde se chanta a fábrica[40].

No ano 2013 publícase no *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* a transcrición do testamento do ano 1842 de don José Varela das Seixas propietario da fábrica de Furelos[41]. Ten certo interese xa que nos describe de xeito detallado o estado no que se atopaba o curtidoiro naquel momento.

Finalmente, nunha recente investigación Xosé Manuel Broz Rei achega datos sobre as pertenzas da Encomenda de San Xoán en Furelos no ano 1685 entre as que se atopan

[37] Antonio MEIJIDE PARDO, "Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 21 (1998), páxs. 167-182.
[38] Cf. *Ibídem*, páxs. 167-182.
[39] Xosé Manuel BROZ REI, "Os zapateiros de Melide", Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, núm. 4 (1988), sen paxinar.
[40] Xosé Manuel BROZ REI, "Novas aportacións ó patrimonio da Terra de Melide", Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, núm. 18 (2005), páxs. 44-55 [7-66].
[41] Xosé Manuel BROZ REI; Mª Dolores PRIMO BARJA e Cristina VÁZQUEZ NEIRA, "A fábrica de curtidos de Furelos. Testamento de don José Varela das Seixas, propietario da fábrica", Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, núm. 26 (2013), páxs. 174-180.

referencias a pelamios que o autor considera que son os alicerces da fábrica de curtume de Furelos agrelada no ano 1817[42].

Seguindo no Concello de Melide, Manuel Mejuto Sesto fai unha singular investigación sobre a vida de Ricardo Sánchez Varela que foi o derradeiro propietario do Curtidoiro do Furelos[43]. O particular da figura deste empresario é que era un crego que herdara a fábrica da súa nai mais que o Código de Dereito Canónico, canón 142, lle prohibía dirixir malia a dedicar todos os seus beneficios a obras pías. A teima de Ricardo por seguir coa empresa e manter, deste xeito, o sustento de varias familias que se empregaban na fábrica levouno a varias remudas, acordadas co bispo, no xeito de xestionar a empresa que van ser unha eiva esencial no correcto desenvolvemento do curtidoiro[44].

Pontedeume

A industria do curtido en Pontedeume foi estudada por Rosana Núñez Barros[45]. A autora remóntase ao tempo do Catastro de Ensenada -1752- para fiscalizar que xa naqueles anos se transformaban peles en coiros na vila do Eume ao rexistrarse actividade de 37 zapateiros e curtidores. Desta caste de artesáns destaca na segunda parte do século XVIII Thadeo Roberes que será quen de dar o salto de comerciante de coiros a empresario precipitando a chegada da industria do curtido a Pontedeume e, seguramente, a Galicia. No propio concello de Pontedeume agroman outras dúas fábricas de coiros de a cabalo do século XVIII e XIX, cuxos pioneiros foron Vicente Doce e José Andrés Varela. Malia que a fábrica de Thadeo Roberes posibelmente fora a primeira estabelecida en Galicia, o agrelar da industria do curtido en Pontedeume encádrase nun contexto comarcal onde á vizosa dotación de factores de produción do territorio –casca, pel e auga- ao igual que o resto de Galicia, engádese a veciñanza do Arsenal de Ferrol xa que o exercito é un tradicional consumidor de curtido[46].

Andando o tempo, nos anos centrais do século XIX[47] encomeza a súa actividade o curtidoiro "La América" baixo a razón social de Rodrigo Pardo e compañía. Esta factoría rexistra actividade até o ecuador do século XX e foi sucesora, con toda probabilidade, do curtidoiro ergueito por Thadeo Roberes. Esta fábrica a finais do século XIX é unha das poucas de curtumes galegos que insiren unha certa mecanización no seu proceso produtivo.

[42] Xosé Manuel BROZ REI, "Novas aportacións ó patrimonio de Melide", Melide, Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide, núm. 28 (2015), páxs. 63-64 [16-64].
[43] Manuel MEJUTO SESTO, "D. Ricardo Sánchez Varela", Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, núm. 18 (2005), páxs. 67-86.
[44] Cf. *Ibídem*, páxs. 76-79.
[45] Rosana NÚÑEZ BARROS, "A industria do curtido en Pontedeume" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, Pontedeume, núm. 1 (1994), páxs. 7-18.
[46] Cf. *Ibídem*, páxs. 10-13.
[47] O investigador Antonio Meijide Pardo achega datos puntuais, a maiores dos achegados por Rosana Núñez Barros, sobre as fábricas de curtume en Pontedeume, na primeira metade do século XIX, no seguinte artigo: Antonio MEIJIDE PARDO, "Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del S. XIX" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 23 (2000), páxs. 243-247 [239-254].

“La América" foi o curtidoiro máis sobranceiro da historia eumesa e durante anos foi a máis senlleira de toda Galicia[48].

Sobre o curtido do concello de Pontedeume hai tamén publicado un artigo sobre estas xeiras na baixa Idade Moderna onde o curtido e a zapataría formaban parte dun mesmo oficio[49]. O primeiro que cómpre destacar, segundo a nosa opinión, é que tiñan o seu propio gremio *Confraría do Glorioso Mártir San Sebastián* xa con actividade rexistrada no século XVI o cal xa é signo do asento destes cometidos na capital do Eume. Amais, o estudo reflicte a orixe do sobranceiro curtidoiro “La América” encol do lugar chamado Pelamios e no que xa aparece a familia Roberes. Os Roberes proceden dun desembargo de tropas flamengas na vila no marco das guerras hispano-lusas do século XVII, cuns inicios modestos no sector mais co paso do tempo son protagonistas do ergueito dun dos primeiros curtidoiros de Galicia. Asemade, do apelido Roberes tamén destaca nos coiros eumeses dese tempo outras tres familias: os Castela, os Grande e os Punín[50].

Allariz

Sobre a industria do curtido de Allariz temos un estudo realizado polos profesores Carmona Badía e Fernández Vázquez no que se engade, asemade, unha análise sobre a faciana do patrimonio industrial deste eido económico[51]. A capital do Arnoia xa amosa no Catastro de Ensenada -1751- uns sólidos alicerces nas xeiras da transformación de peles en coiros xa que nel ocupasen contra un 40% das persoas con oficio no concello. Amais, no Século das Luces hai evidencias de que houbese algún tipo de organización gremial do sector así como regulación da actividade por parte do concello o que tamén son pegadas da importancia socioeconómica deste eido en Allariz. As fábricas de coiros abrollan á beira do Arnoia a remates do século XVIII e xa no inicio do século XIX rexístrase actividade de oito curtidoiros[52].

Os coiros deixaron na redonda alaricana unha senlleira pegada arquitectónica coma as fábricas de curtidos perfectamente conservadas en Vilaboa que aínda hoxe amosa unha fasquía industrial chantada nunha paisaxe rural. A capital do Arnoia contaba, no final dos anos oitenta do século pasado, con tres grandes curtidoiros nun magnifico estado de conservación: as fábricas do Raspiña, da Lombarda e a de San Isidro. Nestes estabelecementos leváronse a cabo actuacións a prol da rehabilitación deste importante patrimonio cultural. Deste xeito, por exemplo, a fábrica de San Isidro é hoxe un sobranceiro

[48] Cf. *Ibídem*, páxs. 14-18.
[49] Lucía COSTAS FERNÁNDEZ e Carola MACEDO CORDAL, “Achega ao gremio de curtidores e zapateiros de Pontedeume nos séculos XVII e XVIII” en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, Pontedeume, núm. 15 (2008), páxs. 289-380.
[50] Cf. *Ibídem*, páxs. 289-337.
[51] Joám CARMONA BADÍA e María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, “Historia e actualidade do patrimonio industrial de Galiza: as fábricas de curtidos de Allariz”, en Xosé Antón Fidalgo Santamariña e Xesús Simal Gándara (coords.), *Patrimonio cultural de Galicia e norte de* Portugal, Ourense, Deputación Provincial, 1997, páxs. 63-79.
[52] Cf. *Ibídem*, páxs. 68-71.


museo do curtido, posibelmente un dos mellores de Europa, que fornece á vila un certo atractivo turístico cultural[53].

Tui

As fábricas de curtidos de Tui foron investigadas por Enrique Iglesias Almeida[54]. Os coiros tudenses tiveron a súa época de meirande florecemento alén da Idade Contemporánea no mundo moderno e baixomedieval. Malia isto, na cidade consérvase unha certa pegada toponímica, coma por outra banda é peculiar desta industria, na rúa Pelitaría ou na Tafona. Tamén se rexistra no curtido tudense outro dos grandes trazos característicos deste eido económico coma é os problemas das persoas artesás curtidoras coa veciñanza e coa autoridade pública por mor dos cheiros e a contaminación xunguida ao proceso industrial[55].

A ría de Ferrol

Encol das fábricas de curtidos enraizadas na ría de Ferrol, amais dos estudos xa amentados, hai escrita unha monografía por Justino Fernández Negral[56]. A redonda de Ferrol é unha das zonas onde primeiro agroma a industria do curtido en Galicia por mor, entre outros motivos, da demanda do Arsenal de Ferrol. No crepúsculo do Setecentos xa están estabelecidas oito curtidoiros arredor da ría de Ferrol dende Serantes até Maniños, pasando por Narón e Neda. Os coiros ferroláns van conservar esta fasquía cos seus abalares durante o século XIX. De a cabalo do século XIX e XX e cando encomeza o devalar desta industria na ría de Ferrol, cunha traxectoria semellante ao resto do país, para fechar as súas portas no ecuador da pasada centuria[57].




O autor fai unha análise detallada por concellos dos curtidoiros que agrelaron na ría. Deste xeito, no concello de Fene a industria está localizada nas freguesías de Barallobre[58] e Maniños[59], cun total aproximado de tres fábricas, que rexistran unha actividade descontinua e cunha produción non moi elevada. Os curtidoiros do concello de Narón tiveron máis dimensión se atendemos ao número de traballadores, píos dispoñíbeis ou aos datos produtivos dos

[53] Cf. *Ibídem*, páxs. 76-79.
[54] Ernesto IGLESIAS ALMEIDA, "La antigua industria de curtido en la ciudad de Tui", en *Tuy. Museo y Archivo Diocesano*, núm. IX (2001), páxs. 199-216.
[55] Cf. *Ibídem*, páxs. 199-206.
[56] Justino FERNÁNDEZ NEGRAL, *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Ediciós do Castro, 2002.
[57] Cf. *Ibídem*, páxs. 19-41.
[58] O curtido nesta freguesía está analizado máis concretamente no seguinte libro: María Xesús ARIAS e Henrique SANFIZ, *Barallobre no pasado*, Concello de Fene, 1996, páxs. 21-23.
[59] A industria do curtido de Maniños estúdase dende unha perspectiva local no seguinte libro: María Xesús ARIAS e Henrique SANFIZ, *Barallobre no pasado*, Concello de Fene, 1996, páxs. 21-23.

estabelecementos, que foron os que seguen: a fábrica do couto de San Xiao, a factoría de Juan Lestache[60] e o curtidoiro da ponte Xuvia. No que atinxe ao concello de Neda, no ecuador do Oitocentos constátase a actividade de catro curtidoiros: a fábrica de Basteiro, a factoría do Camiño Real, o curtidoiro de José Labora e a fábrica da Florida[61], o que máis dimensión acadou e situada no pazo da Mercé. Finalmente, no antigo concello de Serantes –hoxe Ferrol- localízanse dúas fábricas de coiros, unha en Esmelle e outra nas Pozoas, que tiñan unha actividade tamén relevante, igual cós curtidoiros localizados no concello de Narón[62].

Santiago de Compostela

A capital do curtido galega foi Santiago de Compostela tal e como pon de relevo o traballo publicado por Xoán Carmona e María Teresa Fernández Vázquez[63]. A industria do curtido en Compostela alumea na remata do Século da Ilustración após un senlleiro tránsito dos coiros artesáns polo *Ancien Regime*, cunha organización corporativa propia. Este xermolo está aguilloado, amais de polas vantaxes que oferta o territorio galego, pola demanda xerada pola Catedral e maila Universidade. Deseguido as fábricas de coiros colonizan as beiras dos ríos Sar e Sarela por mor da iniciativa do empresariado galego[64] ao que axiña sumará o provinte do Pais Vasco Francés para darlle un pulo importante ao sector que leva a converter a Compostela na capital do curtido español. Destes primeiros curtidoiros compostelán destacan o de Guadalupe, sobre cuxas cinzas se empoleira hoxe o barrio de Vite, e o de Ponte Pedriña de Arriba. Amais, as fábricas de coiros incorporaban unha novidade no tipo de produto fabricado xa que fronte aos tradicionais cordobáns, baquetas ou badanas, usadas para facer cadeiras, mobiliario ou encadernación, as novas empresas producen maioritariamente sola para calzado. Na véspera da invasión francesa Compostela era unha referencia no eido do curtido xa que non só había un bo número de curtidoiros senón que tiñan un tamaño considerábel que en pouco se parecían a meirande parte dos outros centros produtores do



[60] A figura deste emprendedor foi investigada por Antonio Meijide Pardo no seguinte artigo: "El empresarismo industrial del negociante francés J. Lestache en el Ferrol del siglo XVIII" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 20 (1997), páxs. 35-50.

[61] Antonio Meijide Pardo fai un estudo máis detallado dun dos empresarios máis senlleiros deste curtidoiro no seguinte artigo: "Descubrimiento y explotación de la calizas de Moeche por el mineralogista alemán J.A. Pensel" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 19 (1996), páxs. 171-184.

[62] Cf. Justino FERNÁNDEZ NEGRAL, *Las fábricas de curtidos* ..., 2002, páxs. 50-113.

[63] Xoán CARMONA BADÍA e María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.

[64] Algúns membros deste empresariado xa se teñen estudado. É o caso do compostelán Luis de la Riva que forma parte daquel empresariado que procurou erguer unha industria fabril moderna en Galicia. Con este fin arriscaron os seus recursos no eido da industria nunha contorna na que era máis aconsellábel mercar rendas forais ca facerse industrial. CF. Xoán CARMONA BADÍA, "Luis de la Riva Barros (1798-1868). Un grande industrial e audaz financeiro na Galicia oitocentista" en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, Vol. 2, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2009, páxs. 22-47.

Estado español. Os sobranceiros edificios fabrís de pedra e os píos de perpiaño granítico que atesouraban en nada se semellan aos modestos curtidoiros de Igualada ou Villaramiel. Durante o resto do dezanove a cidade do apóstolo mantén unha forte presenza no mapa do curtido español. Unha presenza que comeza a recuar na remata do século XIX por mor de non atender ás novidades que comezan a agrelar no proceso de elaboración produtivo do sector. Dende este momento os coiros composteláns entran nun abalo e devalo que verte no peche da derradeira fábrica de coiros en 1971[65], precisamente pola familia máis sobranceira que neste eido tivera a cidade: os Harguindey[66].

O traballo sobre o curtido compostelán tamén achega un estudo pormenorizado de 27 fábricas de curtidos que os autores lograron identificar da redonda compostelá. Estes edificios fabrís amosan na meirande parte das veces unha faciana de abandono por mor de non esculcarse o verdadeiro valor que estes senlleiros testemuños achegan a xa de por si vizosa cultura compostelá. No texto achéganse ideas e propostas de como por en valor todo este patrimonio que legou a industria do curtido á capital de Galicia[67].

Piñor

Sobre a industria do curtido do concello de Piñor publicouse recentemente un libro no que se relatan aspectos dos coiros nestas terras[68]. O máis destacado desta publicación é que está feita por un antigo empresario do curtido que a través deste traballo destaca a importancia deste eido económico na historia deste concello ourensá así coma o da súa familia: os Portugal. Os Portugal son unha das familias de orixe vasco francesa que arribaron en Galicia para desenvolverse no eido dos coiros.

Chantada

O derradeiro estudo feito até o momento sobre a industria do curtido en Galicia ten o seu ollar posto no concello de Chantada[69]. Para cando enceta a estrarse a xeografía galega de curtidoiros as xeiras de transformación de peles en coiros na capital do Asma tiñan unha fonda tradición. Nun preito de 1624 entre os curtidores da vila e a autoridade pública, por mor

[65] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *A Compostela Industrial ...*, 2003, páxs. 51-109.

[66] Sobre a familia Harguindey a profesora Fernández Vázquez fixo un estudo no que se destaca o carácter emprendedor desta familia de orixe vasco francés. Un bo exemplo deste trazo é que ante un certo esmorecemento, que se enxergaba no sector dos coiros galegos de finais do século XIX, Juan Harguindey debuxa unha rede empresarial a prol da realización de compras, vendas e servizos de transporte conxuntos ao obxecto de obter prezos máis competitivos pra a industria no que participa empresariado de toda a xeografía galega. Cf. María Teresa, FERNÁNDEZ VÁZQUEZ , "Juan Harguindey Broussain (1839-1911). O maior fabricante de coiros galego do século XIX" en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, Volume 1, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2006, páxs. 108-123.


[67] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *A Compostela Industrial ...*, 2003, páxs. 110-181.

[68] Serafín PORTUGAL SOTO, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.

[69] Claudio OTERO EIRIZ, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.

da contaminación que xeran estes labores, os artesáns expoñen na súa defensa uns dereitos de máis de 500 anos. O estudo dos curtumes chantadeses na Idade Moderna remata coa análise do Catastro de Ensenada -1753-, o cal amosa uns senlleiros alicerces dos que con posterioridade agromará a sobranceira industria do curtido en Chantada. En concreto, sinálase un dato ilustrativo na vila do Asma había 70 casas abertas e 17 zapateiros[70].

As fábricas de coiros abrollan en Chantada no primeiro cuarto do século XIX e xa no ano 1826 había tres curtidoiros operando na vila. O traballo fai unha pequena aproximación a historia dalgúns dos curtidoiros que empoleirados á beira do Asma propiciaron o pulo desta industria: o curtidoiro do Cortés, o dos Tangueiros[71], o do Merluza, o do Rumbao e o do Cereixeiro. Este eido industrial ten un comportamento moi semellante en Chantada ao da industria a nivel galego polo que encetan a fechar as portas nos anos centrais do século XX[72].



Aos denominados coiros dos frades dedicáselle tamén atención no estudo, no que se contén o relato da relación do senlleiro Mosteiro de San Salvador do Asma cos coiros, unha xoia do románico que hoxe é un fabuloso cortello de vacas[73].

No contraste da industria do curtido de Chantada con este eido a nivel provincial e nacional conclúese que os coiros do Asma tiveron un certo relevo na contorna provincial ao seren inclusive algún ano o concello que máis contía de contribución industrial achegara á Facenda do Estado[74].

Cara o final do traballo estúdase a pegada patrimonial que a industria do curtido deixou en Chantada, que se singulariza no sobranceiro edificio da fábrica do Merluza, e a relación dos usos da pel coa etnografía local: peles para carrexaren o viño, Entroido ribeirao e os zocos[75].

[70] Cf. *Ibídem*, páxs. 79-92.
[71] Na páx. 104 deste traballo, noméase esta fábrica de coiros coma o Curtidoiro do Chanqueiro cando en realidade debera facerse coma o Curtidoiro dos Tangueiros. O erro produciuse pola unha mala interpretación das achegas das persoas residentes na actualidade no edificio.
[72] Cf. Claudio OTERO EIRIZ, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea* ... páxs. 92-136.
[73] Cf. *Ibídem*, páxs. 138-142.
[74] Cf. *Ibídem*, páxs. 142-164.
[75] Cf. *Ibídem*, páxs. 164-173.

Antes de rematarmos a presente epígrafe cómpre pór de relevo que Galicia é un dos ámbitos territoriais nos que até o momento máis estudos sobre esta industria agromaron. En efecto, a historiografía española non foi moi xenerosa no estudo da industria do curtido no ámbito estatal, inercia que se acompasa co acontecido tamén a nivel internacional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EVOLUCIÓN DA LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CURTIDO EN GALICIA

Neste apartado preténdese desenvolver unha análise empírica da evolución da localización industrial das fábricas de coiros ao longo da xeografía galega durante os tres primeiros cuartos do século XX. Con esta análise procurase observar as mudas de localización dos curtumes galegos tendo en conta como unidade territorial os concellos e como variábeis numéricas o número de empresarios e a produción total dos curtidoiros agregadas por concellos.

Para este cometido a fonte que imos empregar é a contribución industrial achegada polo empresariado á Facenda pública. A contribución industrial xa case que se pode cualificar coma unha fonte clásica de análise da dimensión dun determinada industria no Estado español desde que a encomezara a empregar Jordi Nadal[76] na década dos anos oitenta. Esta fonte permite medir a produción dunha concreta industria ao analizar os pagamentos polos que se tributa e que, amais, pódense comparar tanto con outras industrias do mesmo territorio coma coa mesma industria doutras realidades territoriais.

Os datos da contribución industrial do curtido recolléronse ao longo de múltiples arquivos de Galicia tanto municipais, coma provinciais coma autonómicos. Esta laboriosa angueira criou un voluminoso arquivo de datos, con preto de 10.000 referencias arquivísticas, que a seguir é o que imos debullar. Os datos recompilados correspóndense, en xeral, co período que discorre entre os anos 1898 e 1964[77]. Por este motivo, para o obxectivo que perseguimos, escollemos coma datas nas que alicerzar a nosa análise os anos 1900, 1920, 1940 e 1960, aínda que faremos un estudo detallado de todo o período 1900-1980.

Con este propósito imos valernos duns mapas elaborados a estes efectos para podermos ilustrar mellor a distinta localización xeográfica das fábricas de curtidos na Galicia da primeira parte do século XX[78]. Trátase de oito mapas cada un correspondente a un ano distinto -1900, 1920, 1940 e 1960- sobre os que se pon de relevo o concello no que se rexistra a actividade curtidora xunto co número de empresarias e empresarios e as cotas achegadas á Facenda polo pagamento das contribucións industriais. Malia ao anterior, seleccionáronse outros concellos que rexistran a actividade *circa* dos anos indicados co fin de ter unha imaxe máis axeitada sobre a verdadeira dimensión da industria neste momento concreto[79]. Tómase

[76] Jordi NADAL OLLER, "La industria fabril española. Una aproximación", en Jordi Nadal, Albert Carreras e Carles Sudriá (coords.), *La economía española* ..., Barcelona, Ariel, 1987, páxs. 23-61.

[77] Non se poden consultar as contribucións industriais dos derradeiros 50 anos por mor da actual lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

[78] Agradécese a colaboración prestada na realización destes mapas a Gonzalo Silva Solla, a Maika e a Miguel Rodríguez Quelle, así coma, a Gonzalo Manuel Núñez Queiruga.

[79] En concreto, deseguido detallamos os concellos que se seleccionaron para inserir nestes mapas e que os datos que se achegan non coinciden coa data de referencia do devandito mapa. Reflíctese entre parénteses o ano concreto ao que pertence a información:

- Mapa do ano 1900: A Estrada (1905), Alfoz (1903), Amoeiro (1904), Avión (1901), Bande (1901), Pontedeume (1901) e Tui (1898).
- Mapa do ano 1920: A Coruña (1925), Alfoz (1924), Becerreá (1915), Betanzos (1921), O Carballiño (1925), Carballo (1921), Carral (1925), Cea (1925), Celanova (1925), Cervo (1925), Coristanco (1924),

esta decisión xa que ao longo da xeira de recolleita do todos os datos dispoñíbeis decatámonos de que dalgunhas localidades non se conservaba a información nalgúns anos concretos mais que si tiñan nos inmediatos anteriores, posteriores ou en ambos.

Concretar tamén que na provincia da Coruña achamos dificultades adicionais xa que non hai un arquivo que custodie de xeito centralizado todas as contribucións do ámbito provincial, a diferenza das outras provincias galegas, polo que optamos por esculcar os arquivos tanto das cámaras de comercio, industria e navegación coma dos diferentes concellos. O resultado foi dispar xa que por mor da desaparición, total ou parcial[80], dalgúns dos arquivos municipais por incendios, perdas en traslados, humidades, etc. tivemos que empregar datos recolleitos das contribucións industriais conservadas nos arquivos da Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña e de Santiago de Compostela. Subliñamos isto xa que os datos tributarios gardados nas cámaras non inclúen as recargas municipais que os concellos aplicaban a cota da contribución industrial para financiarse. Para salvarmos desta eiva aos datos recolleitos nas cámaras de comercio aplicámoslle un corrector co fin de que nos sirvan para comparalos cos demais[81].

Amais, os documentos das contribucións industriais recollen información diversa sobre a produción desenvolta polas empresas que se dedicaron a este eido industrial. Por esta razón a

---

Cotobade (1915), Lugo (1921), O Irixo (1925), Samos (1923), San Cibrao das Viñas (1925), Vilalba (1924) e Xunqueira de Ambía (1925).

- Mapa do ano 1940: Alfoz (1936), Betanzos (1936), Brión (1941), Narón (1945), Ourense (1941), Pontevedra (1942), San Cibrao das Viñas (1935), Val do Dubra (1939), Vilaboa (1945), Viveiro (1942) e Xunqueira de Ambía (1945).
- Mapa do ano 1960: A Coruña (1957), A Lama (1958), Carral (1956), Celanova (1956), Lugo (1963), Monforte de Lemos (1959), Monterrei (1956) Narón (1956), Padrón (1962), Samos (1959), Santiago de Compostela (1961), Sarria (1959), Verín (1957) e Viveiro (1959).

[80] Nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra consérvanse as contribucións industriais con regularidade desde o ano 1898 non seus respectivos arquivos históricos provinciais, mais na da Coruña a centralización destes documentos non existe. Por este motivo, a investigación na provincia da Coruña foi máis eivada que nas outras pois depende do estado no que se achen os diferentes arquivos municipais, nos que tamén hai copia destas contribucións industriais. Esta é a causa que non teñamos datos dos seguintes concellos e dos seguintes anos: A Coruña (1990), A Laracha (1900 e 1920), Carral (1900), Coristanco (1900), Dumbría (1900 e 1920). Melide (1900 e 1920), Narón (1900 e 1920), Negreira (1900 e 1920), Noia (1900), Ordes (1900), Padrón (1900 e 1920), Pontedeume (1920) e Val do Dubra (1920 e 1920).

[81] Os documentos de contribucións industriais que se conservan nas cámaras de comercio só conteñen a cota da contribución industrial "pura" que achega o empresariado á Facenda pública. En troques, nos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, así coma, nos dos concellos á cota da contribución industrial propiamente dita engádense as recargas municipais que os concellos efectúan para financiaren as súas actividades. Como se empregan datos neste estudo de todos os anteriores arquivos, aos datos recolleitos nas cámaras de comercio, industria e navegación hai que imporlles un índice corrector. Este índice consiste nas porcentaxes que o Concello de Chantada aplicou para efectuar ditas recargas municipais. En concreto, para o ano 1920 o 18%, para o ano 1940 o 52% e para o ano 1960 o 71,45% (Caixas núm. 309 e 310 do ACCH). Elíxese este concello do centro de Galicia por considerarse un termo municipal cunha actividade media no ámbito do curtido galego. Deseguido detallamos os concellos que se seleccionaron para inserirmos nestes mapas nos que aos datos que se achegan aplicóuselles o anterior índice. Reflíctese entre parénteses o ano concreto ao que pertence a información:

- Mapa do ano 1920: Ordes (1922).
- Mapa do ano 1940: A Laracha (1942), Melide (1940), Negreira (1940), Ordes (1942) e Padrón (1940).
- Mapa do ano 1960: Arzúa (1960), Melide (1960) e Negreira (1960).

seguir amósanse unha serie de pautas que se tiveron en conta para a utilización dos datos que nos achegan estes documentos:

- Os datos das cotas tributarias que toman como referencia son a suma dos distintos conceptos que recolle o documento de contribución industrial. Quer dicirse, sería a cota pagada en concepto de matricula industrial máis as diversas recargas municipais que sobre este concepto se van executando por parte dos concellos. En suma, a cantidade representa a cantidade total que as empresas teñen que tributar, en concepto de contribución industrial, cada ano por levar a cabo as súas respectivas actividades industriais.

- Os concellos que aparecen nos mapas son os actuais. No caso de haber no pasado unha fusión municipal os datos do concello desaparecido súmanse ao concello que perdura no tempo. Deste xeito, os datos dos concellos de Lavadores, Santa María de Oza, Canedo e Acevedo do Río incorpóranse, sucesivamente, aos de Vigo, A Coruña, Ourense e Celanova[82].

- Os datos aparecen agregados por concellos para o que, previamente, se compatibilizaron por unidades de explotación. Por unidade de explotación enténdense unha fábrica de curtidos dun mesmo empresario ou empresaria nun ano e nun concello concreto. O resto dos conceptos –muíños, máquinas, bombos- súmanse, deste xeito, ao concepto de fábrica para resultar no de unidade de explotación. Amais, se non hai fábrica de curtidos elimínanse os conceptos que podan aparecer soltos como muíños de cabalaría, máquinas, etc.

[82] A fusión dos concellos pontevedreses de Cerdedo e Cotobade prodúxose cando esta investigación xa estaba moi avanzada polo que se opta por tratalos por separado.

MAPA DA INDUSTRIA DO CURTUME GALEGO NO SÉCULO XX

A industria do curtido foi unha das máis senlleiras que tivo Galicia, sen dúbida, unha industria nacional tanto pola súa importancia cuantitativa coma polo seu esparexemento por todo o territorio.

Os curtumes galegos acrecentaron unha posición de liderado dentro do Estado español, canda menos, nos anos centrais do século XIX. Para afirmar esta posición adoita achegarse, nos vizosos estudos sobres os curtumes galegos[83], a análise da posición relativa de Galicia no conxunto do Estado dos datos das contribucións industriais. En efecto, cando se tecen as primeiras estatísticas das contribucións industriais na dobra do Oitocentos, Galicia ocupa a primeira posición no panorama español dos coiros dun xeito claro cun 27,18% do total destas[84]. Desta industrialización aínda quedan pegadas pola xeografía galega de varios centos de fábricas, a meirande parte delas en estado de abandono.

O feito de que case que todas as comarcas tiveran no seu pasado inzada unha ou varias fábricas de curtidos no seu territorio é significativo do intenso vencello desta industria con Galicia. Posibelmente este esparexemento da industria polo territorio teña unha parte da súa explicación no tradicional predominio rural da poboación galega[85] e na dificultade de artellamento de mercados de grande dimensión espacial debido as eivas nas comunicacións do territorio. Este hábitat disperso aguilloa unha dispersión tamén das actividades nin agrarias nin gandeiras coma as artesanais e as industriais das que van ser seareiros a poboación da súa redonda.

Con esta breve epígrafe pretendemos fixar a localización xeográfica da industria dos curtumes en Galicia dun xeito pensamos que moi intuitivo que é sinalizar en ambos mapas os concellos e as comarcas nos que houbo actividade curtidora no século XX. Amais, noutra cor identificamos tamén os concellos onde houbo fábricas de curtidos no século XIX mais que fecharon antes de rematar dita centuria. Deste xeito, cun sinxelo ollar percibimos a grande implantación que tivo este sector secundario no noso país.


[83] Refírese a algúns dos estudos xa amentados na epígrafe anterior desta investigación rubricada coma "Estudos encol dos curtumes galegos: un estado da cuestión".
[84] Jordi NADAL OLLER, "La industria fabril española. Una aproximación", en Jordi Nadal, Albert Carreras e Carles Sudriá (coords.), *La economía española* ..., Barcelona, Ariel, 1987, páx. 57.
[85] Cf. José Manuel BEIRAS, *Estructura y problemas de la población gallega*, A Coruña, Banco del Noroeste, 1970, páx. 17 e seguintes.



Lenda

- Límite provincial
- Límite municipal
- Concellos con industria do curtido S. XX
- Concellos con industria do curtido s. XIX

Mapa núm. 1. Concellos de Galicia onde se localizou a industria dos coiros nos séculos XIX e XX



Mapa núm. 2. Comarcas de Galicia onde se emprazaron curtidoiros nos séculos XIX e XX

Coma se pode apreciar nunha ollada sobre os anteriores mapas da industria do curtido, podería considerase aos curtumes, como adiantamos, case que coma unha industria nacional para Galicia debido a súa grande implantación no territorio.

A industria dos curtumes estivo presente en 78 dos 314 actuais concellos de Galicia o que é un dato significativo da súa implantación territorial. Mais se temos en conta que estamos a falar de actividade industrial, non de labouras artesanais, o que comportan unha serie de investimentos coma o propio inzado da fábrica.

Ademais, se viramos os ollos cara o mapa comarcal as nosas anteriores percepcións, obviamente, intensifícanse. Das 53 comarcas galegas só en 16 delas non houbo fábricas de curtidos o que, de novo, nos amosa a vizosa dispersión territorial deste eido industrial en Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

LOCALIZACIÓN DOS COIROS GALEGOS *CIRCA* 1900

A industria dos curtumes xermolou e desenvolveuse en Galicia a finais do século XVIII e nos primeiros tres cuartos do século XIX aguilloada, principalmente, pola fartura de materias primas que ofertaba o territorio, nun tempo en que os factores de localización desta industria beneficiaban aos territorios que atesouraran estas a eito. A partir dos anos setenta do Oitocentos prodúcese un impacto importante nesta industria xa que uns avances de carácter técnico producen mudas no proceso de produción. Por unha banda, co desenvolvemento de máquinas con diversas utilidades destinadas ao aforro de man de obra e, por outra, co comezo do emprego de sustancias curtintes que mingua considerabelmente o tempo de elaboración do produto. Estes trocos na produción dos curtumes mudan as razóns de localización da industria pasando as fábricas de emprazarse a carón dos factores de produción a estabelecerse nos lugares de demanda do produto. Paseniño comeza a perder afouteza o curtido galego e vaina gañando o catalán especialmente[86].

Con este proceso de muda de localización da industria de Galicia cara Cataluña comeza o século XX. Imaxe que se visualiza moi ben se un pousa os ollos na evolución das participacións rexionais no total de cotas pagadas polo sector dos curtidos segundo a tarifa 3ª da contribución industrial. Catro datos chégannos. En 1856 Galicia acada o 27,18% do total estatal dos pagamentos por este tributo e Cataluña o 13,29% mais catro décadas e media despois, en 1900, Galicia baixa, case que a metade, ao 14,75% namentres que Cataluña medra máis do dobre e chega ao 30,67% dos referidos pagamentos[87].

Este devalo dos curtumes galegos continúa durante os primeiros anos do Novecentos até o estoupido da Gran Guerra que produce un forte incremento na demanda de produtos ofertados polas industrias dos coiros, o que habilita unha mellora nos resultados contábeis por parte dos curtidoiros co pulo da demanda externa de calzado de coiro. Agora ben, as empresas máis beneficiadas foron as catalás e as do Levante español pois xa estaban en parte mecanizadas e adaptáronse axiña aos requirimentos da demanda. Amais, os beneficios obtidos investíronos na mellora dos seus procesos produtivos, sobre todo na minoración do tempo preciso para curtir unha pel[88]. Estes feitos fan que a industria do curtumes galegos cada vez se ache máis lonxe dunha competencia efectiva nos novos mercados do coiro para os que cómpre unha mínima mecanización.

Pola contra, a ansiada mecanización, con carácter xeral, aínda non chega en Galicia e un grande número de fábricas segue a producir coiros nun medio rural que acrecenta grandes eivas nas súas estruturas de comunicación e, xa que logo, de transporte polo que,

---

[86] Cf. Joám CARMONA BADÍA, "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936" en Jordi Nadal Oller, Albert Carreras i Odriozola (coords.), *Pautas regionales de la industrialización española: siglos XIX-XX*, Barcelona, Ariel, 1990, páxs. 28-30.

[87] Pódense consultar estes datos, por exemplo, en Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia* ... 2005, páx. 76.

[88] Cf. María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *La industria del curtido en la Galicia contemporánea* ... 2002, páxs. 231, 244, 247 e 304.

forzosamente, a súa produción se orienta cara o mercado local e comarcal e cara os produtos demandados por estes. Por este motivo, para encetarmos o estudo dos coiros galegos a partir de 1900 cómpre facermos a seguinte pregunta: Como era un curtidoiro galego no abrente do século XX? A resposta a esta pregunta vai situarnos no inicio da nosa análise e nas epígrafes sucesivas do estudo poderemos estudar se a estrutura de funcionamento da empresa mudou entre os anos 1900 e 1980 ou, pola contra, non.

Para trazarmos este esbozo dun curtidoiro galego escollemos un deles, en concreto, o curtidoiro do Cortizo no Concello de Lalín pois cremos que representa o que era no agromar do século XX un curtidoiro galego de tipo medio. Pois ben, os trazos que se destacarían deste serían os que seguen abaixo[89]:

1) O curtidoiro abrolla no ano 1888 xa que o pioneiro Manuel Cortizo Castro observa que varios dos seus compañeiros da Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela son moi adiñeirados e tamén fillos de empresarios curtidores da contorna compostelá. Por esta razón se fai industrial. Quer dicir, neste tempo, coma veremos, a industria dos coiros galegos aínda gozaba dunha relativa boa saúde.
2) A fábrica de curtumes está localizado no lugar de Vilar do Río, na freguesía de Bendoiro, no concello de Lalín, e producía fundamentalmente tres *outputs*: sola, becerro e badanas.
3) A produción do curtidoiro vendíase tanto na propia contorna -Bendoiro, Lalín, Prado, Filgueira, O Corpiño, Meixome, Santiso, Bandeira, Lamela, Merza, Chapa, Ansemil ou Carbia- coma en localidades relativamente próximas a comarca do Deza coma O Carballiño, Caldas de Reis ou A Estrada. En todo caso, a produción da empresa non estaba orientada nese tempo para seareiros localizados fóra da redonda de Bendoiro e moito menos cara a exportación para fóra de Galicia[90].
4) Malia ao anterior o curtidoiro non estaba illado xa que tiña certas relacións con curtidoiros de Compostela coma o de San Ignacio ou o de Harguindey, co de Ramón Legerén de Caldas de Reis e con Ramón Mouriño de Vilagarcía de Arousa.

[89] A información que se achega na configuración do curtidoiro do Cortizo vén de dous libros diarios que se conservan no propio edificio fabril e que se refiren ao período 1888-1911. Amais, mantivemos unha entrevista con Mario Cortizo Vila, membro da familia Cortizo, o 05.11.2015 que forneceu de vizosos datos a esta investigación.


[90] Se ben é certo que no Estado español no seu conxunto seguía a haber un problema evidente de conexión do mercado, a pesar da construción das vías para o camiño de ferro durante a segunda parte do século XIX, en Galicia este problema era meirande debido a súa orografía e a súa localización periférica. De feito, non é até cara o ano 1914 comeza no Estado español o transporte en camión por estrada si ben o carro agrícola aguantou bastante ben esta novidade até mediados deste século. De todos os xeitos, estamos ante un feito moi incipiente como se pode ver na regulación do *Real Decreto do 23 de xullo de 191*8 que limita a velocidade dos camións a 20 e a 12 Km hora dependendo da carga que se carrexe ou en que até 1920 non comezan a instalarse surtidores de gasolina nas estradas e a xeneralizarse os talleres de reparación ao longo de las rutas. Cf. VVAA, *Viaje por la historia de nuestros caminos*, Madrid, Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., 1997, páx. 290-291.

5) No ano 1890[91] o curtidoiro vende 1088 becerros por un valor de 69.319,79 reais e tivo uns gastos de produción de 60.977,90 reais polos seguintes conceptos:
   - Peles (1.447): 48.419 reais.
   - Xornais: 6.197,40 reais.
   - Graxa: 1.010, 90 reais.
   - Cal: 314,40 reais.
   - Casca: 5.036,20 reais.

   Na estrutura de custos da fábrica destacan as materias primas da pel e da casca de carballo o que enfía coas lóxicas de localización industrial dos curtumes xa amentadas.

Todo o anterior explica a localización dos curtidoiros galegos no cambio de século. No mapa de abaixo podemos observar a distribución da industria dos curtumes por Galicia arredor do ano 1900, no que se destacan os datos do empresariado que tributa por contribución industrial agregados por concellos.

[91] Nos anos *circa* de 1890 o esquema da estrutura de custos é semellante.



Mapa núm. 3. Distribución territorial do empresariado dos curtumes galegos en 1900

A Continuación imos esmiuzar os datos do anterior mapa. Cos datos das contribucións industriais que consultamos[92], na provincia da Coruña 16 fábricas de curtidos emprazábanse en cinco concellos, principiándose o Novecentos. A seguir expomos a distribución territorial por comarcas e concellos das fábricas de curtumes: Na Comarca do Eume unha fábrica no concello de Pontedeume, na Comarca de Betanzos tres fábricas no concello de Betanzos, na Comarca de Bergantiños dúas fábricas no concello de Carballo e na Comarca de Santiago nove fábricas en Compostela e unha fábrica no concello de Brión.

Na provincia de Lugo as fábricas de curtumes inzábanse en nove concellos nos comezos do século XX que sumaban un total de 23 curtidoiros. Estes concellos agrúpanse en seis comarcas que se ciscan por todo o territorio provincial, que lindan coas outras tres provincias galegas e con Asturias e León. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca da Mariña Occidental tres fábricas no concello de Viveiro, na Comarca da Mariña Central dúas fábricas no concello de Alfoz e outras dúas no concello de Mondoñedo, na Comarca de Lugo sete fábricas na capital provincial e unha fábrica no concello de Castroverde, na Comarca dos Ancares unha fábrica no concello de Becerreá, na Comarca de Sarria tres fábricas no concello de Sarria e unha fábrica no concello de Samos e na Comarca de Chantada tres fábricas na vila do Asma.

Na provincia de Ourense a industria do curtido estaba presente en oito concellos que por ese tempo sumaban un total de 18 fábricas de curtumes. Estes concellos encádranse nas seis comarcas máis occidentais da provincia, que lindan con Portugal e coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca do Carballiño dúas fábricas no concello de Piñor e unha no concello do Carballiño, na Comarca do Ribeiro unha fábrica no concello de Avión, na Comarca de Ourense unha fábrica no concello de Amoeiro e outra no concello de San Cibrao das Viñas, na Comarca de Allariz-Maceda dez fábricas no concello de Allariz, na Comarca da Terra de Celanova unha fábrica no concello de Celanova e na Comarca da Baixa Limia unha fábrica no concello de Bande. Entre os lugares con máis presenza de actividade curtidora citamos o da Portela da Aira vella no concello de Allariz e a aldea de Porto do Souto no concello de Piñor.

Na provincia de Pontevedra a industria dos coiros localizábase en 14 concellos que por ese tempo sumaban un total de 25 curtidoiros. Estes concellos englóbanse en oito comarcas, que lindan con Portugal e co resto das provincias galegas. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca do Deza tres fábricas no concello de Lalín, na Comarca de Tabeirós Terra de Montes unha fábrica no concello da Estrada e outra no concello de Cerdedo, na Comarca de Caldas catro fábricas no concello de Caldas de Reis, na Comarca do Salnés unha fábrica no concello de Vilagarcía de Arousa, na Comarca de Pontevedra catro fábricas no concello de Ponte Caldelas, tres fábricas no concello de Pontevedra, unha fábrica no concello da Lama e outra no concello de Cotobade, na

[92] Recordamos de novo que non se conservan a esta altura, ou nós non fomos quen de consultalos, datos de dúas localidades coruñesas que logo terán un importante impacto na nosa análise: Noia e A Coruña.


Comarca do Condado unha fábrica no concello de Ponteareas, na Comarca de Vigo dúas fábricas na cidade olívica e unha fábrica no concello de Redondela e na Comarca do Baixo Miño unha fábrica no concello de Tui.

En Galicia un total de 36 concellos rexistran a actividade de fábricas de curtidos, segundo os datos das contribucións industriais, nos que se inzan 82 curtidoiros na apertura do século XX. Na análise dos datos reflíctese que as provincias de Pontevedra e Lugo localizan un maior número de fábricas con 25 e 23 respectivamente. Mais se botamos unha ollada con máis zoom destaca que a cidade de Santiago de Compostela acumula un cuarto dos pagamentos das contribucións industriais do total.

A mecanización do proceso de converter peles en coiros na segunda metade do século XIX acurtou os prazos de fabricación, tal e coma xa amentamos. Xa no século XX, estes prazos reducíronse aínda máis coa chamada II Revolución industrial, isto é, o xurdimento da enerxía eléctrica que posibilitou a incorporación ao proceso de muíños eléctricos, bombos de curtir, máquinas de estirar, máquinas de cilindrar, etc. Mais 64 das 82 fábricas de curtidos declaran que utilizan para o seu proceso produtivo un muíño de casca turrado por unha cabalaría o que é sintomático de que a mecanización dos curtumes galegos aínda estaba por chegar a Galicia.

Outra ollada complementaria á anterior dos curtumes galegos no agromar do século XX témola no mapa de abaixo onde podemos observar a distribución da industria dos coiros por Galicia tendo en conta a tributación do empresariado polo concepto de contribución industrial agregada por concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa núm. 4. Distribución territorial das contribucións industriais dos curtumes galegos en 1900

A seguir imos analizar os datos que fornece o anterior mapa. Na provincia da Coruña, en relación aos curtidoiros que máis achegas fan á Facenda pública destacan os composteláns de Juan Harguindey Broussain, Santiago Harguindey Broussain, José Harguindey Broussain, "Viuda e Hijos de Bernardo Máiz Eleizegui" e José Carlos Vilas Patiño; no resto da provincia teñen tamén unha actividade importante a fábrica de "R. Pardo y compañía" no concello de Pontedeume e a fábrica de "Hijos de Domingo Etcheverría" no concello de Betanzos. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que nove dos curtidoiros da provincia contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo, que catro das fábricas composteláns acrecentaban un muíño de auga e a eumesa de "R. Pardo y compañía" dous muíños a vapor e un torno para tornear.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son o de Santiago de Compostela, cuxos curtidoiros achegan unhas tres cuartas partes dos pagamentos á Facenda, Betanzos e Pontedeume. Comprensíbel se temos en conta que nove das dezaseis fábricas se achan na capital e que o coiro compostelán vén da súa idade de ouro no contexto estatal durante o século XIX.

Na provincia de Lugo, no referente aos curtidoiros que máis achegas fan á Facenda pública destacan os lucenses de Augusto Pozzi, Manuel Baleirac, Francisco Somoza e Pedro Rodríguez, o de Plácido Donapetry no concello de Viveiro e os das chantadesas Segunda Ulloa e Pastora Meijide Vila. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que 18 dos 23 curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Lugo, cuxas fábricas acrecentan aproximadamente a metade da tributación, Viveiro e Chantada.

Na provincia de Ourense polo que se refire ás fábricas que máis tributan no agromar do século XX destacan a de Benito Delgado no concello de Allariz e a de Dámaso Moreiras Rodríguez no concello de Celanova, que declara que a súa fábrica ten 55 píos para transformar peles en coiros -33 de asento e 22 de mudanza[93]-. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de pequena actividade industrial. Destacamos, así mesmo, que 14 dos 18 curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son o de Allariz, cuxas fábricas tributan un 70% dos pagamentos de toda a provincia, Celanova e Piñor. Datos que teñen certa lóxica xa que 10 dos 18 empresarios do coiro acreditábanse alaricanos.

[93] AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 294.

No referente ás fábricas que máis tributan na provincia de Pontevedra na entrada do século XX destacan as de Francisco Solleiro Negrete e Manuel Bárcena (Lavadores) no concello de Vigo, a de Fermín Mosquera Vázquez no concello de Caldas de Reis, a de José Benito Etcheverría no concello de Pontevedra e a de Bernardino Ramilo Nieves no concello do Porriño. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que 23 dos 24 curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Vigo, cuxos dous curtidoiros achegan un terzo aproximadamente destas contribucións, Caldas de Reis e Pontevedra.

Polo que se refire ás principais persoas empresarias dos curtumes galegos, na táboa de abaixo áchanse recolleitos ás máis destacadas de comezos do século XX en Galicia. Para escolmalos tivéronse en conta as contías achegadas á Facenda pública polo tributo das contribucións industriais polas fábricas galegas *circa* do ano 1900.

PRINCIPAIS FÁBRICAS DE CURTUMES EN GALICIA *CIRCA* DE 1900			
Nome do empresario/a	Concello	Contía (pesetas)	M^3 declarados
"R. Pardo y compañía"	Pontedeume	1.738,43	454
"Hijos de Domingo Etcheverría"	Betanzos	1.525,38	520,5
Francisco Solleiro Negrete	Vigo	1.509,66	352
Juan Harguindey Broussain (Fábrica do Rueiro de Figueiriñas)	Santiago de Compostela	1.100,49	293
Santiago Harguindey Broussain (Fábrica de Picaños)	Santiago de Compostela	1.032,86	279
José Benito Etcheverría	Pontevedra	943,54	314
Fermín Mosquera Vázquez	Caldas de Reis	916,00	300
Manuel Bárcena	Lavadores (Vigo)	862,00	
Juan Harguindey Broussain (Fábrica de Guadalupe)	Santiago de Compostela	838,59	252
"Viuda e Hijos de Bernardo Máiz Eleizegui"	Santiago de Compostela	828,75	222
José Carlos Vilas Patiño	Santiago de Compostela	757,43	200
José Harguindey Broussain	Santiago de Compostela	744,93	295
Augusto Pozzi	Lugo	694,80	183,02
Manuel Moreno García	Santiago de Compostela	657,49	175
Santiago Harguindey Broussain (Fábrica de San Lorenzo)	Santiago de Compostela	643,08	169

Cadro núm. 1. Principais fábricas de curtumes en Galicia *circa* de 1900[94]

Das quince fábricas máis importantes, referidas na táboa de enriba, destaca o feito de que oito delas estaban localizadas no concello de Santiago de Compostela e outras dúas na propia provincia da Coruña. Dato moi salientábel se temos en conta que, como vimos, as contribucións industriais consultadas fálanos de 16 factorías, das que 10 serían das 15 máis potentes de Galicia. Tamén destaca o feito de que ningún dos curtidoiros está sito na

[94] Elaboración propia con datos das contribucións industriais. Os datos recollen a tributación pola fábricas e máis a do muíño de casca e demais máquinas da instalación industrial. Os datos tamén acrecentan as recargas que os concellos impoñían neste tributo. Pódense consultar no Anexo II deste traballo.

provincia de Ourense e que en Lugo só hai un é na capital provincial. As outras catro fábricas sitúanse na provincia de Pontevedra, dúas na cidade de Vigo. Subliñamos que as principais fábricas de curtidos do comezo do século XX teñen maioritariamente por empresarios a persoas físicas, un total de 12 das 15 da mostra, e todos homes.

As fábricas de curtumes galegas entre os anos 1900 e 1919

Se botamos unha ollada máis polo miúdo das contribucións industriais tributadas polo empresariado galego durante os anos 1900-1919 obteremos un relato máis detallado sobre a localización dos curtidoiros polas distintas comarcas e provincias. Imos logo.

Na provincia da Coruña no agrelar do século XX temos actividade curtidora, segundo as contribucións industriais, nos seguintes cinco concellos. No concello de Pontedeume fabrica coiros o curtidoiro "R. Pardo y compañía" que acrecenta unha certa dimensión, se facemos caso das contías achegadas á Facenda estatal polo pago das referidas contribucións industriais. Ademais, declárase que a fábrica ten 67 píos de mudanza, para un total de 225 m^3, 50 píos de asento para un total de 229 m^3, dous muíños a vapor e un torno para tornear o que nos dá unha idea da grande capacidade produtora da factoría[95].

No concello de Betanzos un total de catro curtidoiros operan nestas primeiras décadas do século XX. A familia Etcheverría é propietaria do senlleiro curtidoiro da Magadalena que rexistra unha grande capacidade de produción ao tributar por 520,5 m^3 de capacidade dos píos para curtir[96]. Neste período a empresa é titular sucesivamente dos fillos de Domingo Etcheverría e de Marcelino Etcheverría Vila. Preto da Magdalena, erguíase outro curtidoiro coñecido coma a fábrica do Carregal do industrial Juan Pedro Lissarrague Etchard. A fábrica fecha no ano 1913 logo dunha longa andaina desde finais do século XVIII en que comezara a fabricar coiros. O industrial Bautista Mendiburo Torres curtía peles nos outros dous curtidoiros que operaban no concello. Eran de un tamaño moito máis modesto co das anteriores. Un situado no lugar de Roibera, na freguesía de San Martiño de Brabío, que deixa de curtir en 1916, e outro ergueito no lugar da Caraña de abaixo, na freguesía de San Martiño de Tiobre sobre o volveremos máis adiante.

No concello de Carballo durante o período 1900-1919 acreditan coma empresarios dos curtumes cinco persoas. José Vázquez Rabuñal ten o seu curtidoiro no lugar da Granxa, na freguesía de Entrecruces, que era coñecido, precisamente, como a fábrica de Entrecruces. José Mariño Cancela curte produce coiros na propia vila de Carballo nunha fábrica que contemporaneamente foi coñecida coma a fábrica de Santa Elisa e que tivo actividade até o ano 2000. Os outros tres empresarios foron: José María Álvarez, na freguesía de Rus, e en Carballo Francisco Sotelo Souto e Leopoldo Varela Fachal.

[95] ACPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 163.
[96] ACB, Fondo de Facenda, Sinaturas núms. 1.746, 1.747 e 1,748.

No concello de Santiago de Compostela operan 13 curtidoiros nos comezos do século XX. Son os que seguen[97]. A fábrica de Guadalupe de Juan Harguindey Broussain -empresario que tamén rexentaba o curtidoiro de Lavacolla a comezos do Novecentos-, a fábrica de Picaños de Santiago Harguindey Broussain, a fábrica San Nicolás do Sar de José Harguindey Broussain, a fábrica das Casas do Rego dos herdeiros de Bernardo Máiz Eleizegui, a fábrica do Oryarzábal en Figueiriñas de Pereira Anido, a fábrica de do Campo do Espiño ou do Río dos Sapos de Manuel Moreno García, a fábrica do Carme de Garra-Harguindey de Juan Harguindey Broussain, a fábrica de Ponte Pedriña de Arriba de José Carlos Vilas Patiño, a fábrica da Ribeira de San Lourenzo ou de Santaló de Santiago Harguindey Broussain, a fábrica do Hospicio Vello de Ramón López Paris, a fábrica de Laraño da familia Aguerre e Crisantemo Antelo Mayo e José María López Boó que curten en San Ignacio do Monte.

No concello de Brión nos primeiros anos do século pasado había unha fábrica de curtidos propiedade de José López Juanatey no lugar de Soutullos, freguesía de San Salvador de Bastavales.

Do concello de Noia os primeiros datos que se conservan das contribucións industriais son de 1919. Aínda que caen neste período por pouquiño imos ver que nos din. No ano 1919 operaban no concello de Noia 18 curtidores que eran os que seguen. Na freguesía de Santa María de Barro curtían peles Benito Juanatey Fernández, no lugar de Vilanova; Ramón Barreiro Rodríguez, no lugar da Rasa de Abaixo; José Fernández Rodríguez, no lugar da Rasa; Cipriano Trillo Carneiro, no lugar da Rasa de Arriba e Rafael Pérez Especht, no lugar de Eiroa. Na freguesía de San Martiño de Noia fabricaban coiros Francisco García Martínez, no lugar dos Pazos, o curtidoiro era coñecido coma a fábrica do Chicho; Manuel Juanatey Fernández, no lugar da Carcasía; Basilio Rodríguez Ríos, no lugar da Ponte de Traba, cuxo curtidoiro e coñecido coma o Chau Chau; Vicente Domínguez Moledo, no lugar de San Breixo; Ramón Varela Riva en Noia, Andrés Fernández Rodríguez e Fernando Lorenzo Gonceta, no lugar de Bernardo. Na freguesía de Santa Mariña do Obre no lugar da Chaínza operaban Joaquín María Agra Cadarso, Ramón Rechou País, Ricardo Mariño Boullón e Manuel Suárez Mayo, cuxo curtidoiro era coñecido coma a fábrica do Fandelo. E na freguesía de Santa María de Argalo Ramón Mariño Neu, no lugar de Valbargos. Ademais dos anteriores tamén tivo unha fábrica de curtidos no concello de Noia Vicente Rodríguez Triber, cuxa localización non fomos quen de achar.

Para estudarmos as fábricas de curtumes da provincia da Coruña tivemos unha grande eiva, como xa se ten amentado, ao non conservarse moitos dos documentos de contribución industrial, no que seguro que influíu que non se custodien todos eles no mesmo arquivo, tal e como sucede nas outras provincias galegas. Esta eiva é sobre todo importante nos primeiros anos do século XX xa que a partir da décadas dos anos vinte e trinta xa hai algúns fondos nos

[97] Nas fábricas de curtidos de Santiago de Compostela imos deternos menos que nos outros concellos en dar datos concretos que, por exemplo, axudan a localizar os curtidoiros pois existe un traballo moi minucioso xa publicado sobre estes aspectos. Xoán CARMONA BADÍA e María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.

correspondentes arquivos municipais. De aí que completemos a análise dos curtidoiros da provincia da Coruña do período 1900-1919 mediante as descubertas que fixemos no traballo de campo, que se realizou para a elaboración do presente traballo, e da lectura de traballos de investigación de carácter local xa publicados. Imos ver logo.

Na ría de Ferrol operaban dous curtidoiros no alborexar do século XX. Un no concello de Narón, coñecido coma a fábrica da Ponte de Xuvia propiedade de Antonio Rodríguez Pita[98]. Outro no antigo concello de Serantes (hoxe Ferrol) propiedade da familia Togores do quedan pegadas do ano 1916[99].

No concello da Laracha curtían peles outras tres fábricas que, malia que non se conservan contribucións industriais, comprobamos sobre o terreo a actividade destes curtidoiros por este tempo. Son os que seguen. O curtidoiro de Cumiáns localizado na freguesía de Montemaior, no lugar de Cumiáns, que en documentación que conserva o actual propietario da casa aparece inventariado xa no ano 1858. O curtidoiro de San Cristovo, na freguesía de Golmar, lugar de San Cristovo que tamén tivo actividade xa no século XIX. O curtidoiro do Viso que enceta as súas actividades curtidoras no ano 1912, na freguesía de Montemaior, lugar do Viso[100].

Finalmente, no concello de Dumbría José Esparís Vázquez fundou un curtidoiro na propia vila a finais do século XIX. Con este fin, trouxo dous curtidores de Noia para que lle axudaran[101]. No concello de Melide operaba a coñecida coma a fábrica de Furelos aberta en 1817. Estaba localizada no lugar de Folecheiro da freguesía de Furelos[102]. Namentres que no concello de Padrón xa curtía tamén a fábrica de "Novo y Sierra" que introducira en 1908 os primeiros bombos xiratorios, no lugar da Matanza, xermolo da actual PICUSA[103].

Seguindo coa análise das fábricas de curtume durante o período 1900-1919, na provincia de Lugo nos primeiros anos do século os coiros amortecen tanto en Castroverde coma en Becerreá. No concello de Becerreá opera por estes anos unha fábrica propiedade de Marcial Vega coñecido coma a fábrica da Ferrería, namentres no concello de Castroverde curte peles Antonio Fernández Nogueira no seu curtidoiro de Barreiros coñecida coma a fábrica do Pedrolas.

No concello de Alfoz teñen actividades dous curtidoiros, o de José Pérez Mon coñecido coma a fábrica do Liñar, que fecha antes da chegada dos anos vinte, e o da familia

[98] Justino FERNÁNDEZ NEGRAL, *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, ... , páx. 70.
[99] *Ibidem*, páx. 109.
[100] Segundo testemuñan o 1 de febreiro de 2016 ao autor desta investigación Esther Queijo Caamaño, filla do empresario Antonio Queijo do lugar de San Cristovo, e María Iglesias Pena, neta do empresario Jesús García Iglesias do Viso.
[101] Información achegada ao presente estudo por Manuel Esparis López, neto do pioneiro e que tamén choiou neste curtidoiro, o 7 de xullo de 2015 en conversa telefónica.
[102] Datos achegadas a esta investigación por Xosé Manuel Broz autor de varios artigos sobre esta fábrica o 27 de novembro de 2015 no seu domicilio particular.
[103] Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750-2000)*, ..., páxs. 218-219.

Sixto no lugar do Penido, freguesía do Reirado. Así mesmo, no concello de Mondoñedo rexistran actividade curtidora dúas fábricas. Por unha banda, o curtidoiro da familia Salaverri de procedencia Navarra, no lugar dos Muíños, que fecha as súas portas nos primeiros anos da centuria e cuxo derradeiro empresario foi Pedro Salaverri Fernández. E, por outra, o curtidoiro de Vicente Barro Saavedra coñecido como a fábrica de Viloalle, no lugar do Vilar.

No concello de Viveiro comezan o século XX tres factorías curtindo peles. O curtidoiro de Francisco P. Donapetry coñecido coma a fábrica da Xunqueira, a fábrica da familia de Tomás Ozcarberro que fecha as súas portas nos primeiros anos da centuria e a fábrica de Pedro Chao Romero, tamén na Xunqueira, que fecha, así mesmo, nos primeiros anos do século XX.

No concello de Lugo operan durante estes anos oito curtidoiros, algúns deles con propiedade compartida por varias persoas. No lugar da Chanca temos dúas fábricas dunha certa dimensión en pé nestes primeiros anos do século: a fábrica de Francisco Somoza que tributaba por 27 píos de curtir[104], que fecha o propio ano 1900, e o curtidoiro de A. Abelairas coñecido coma a fábrica da Piteira e que tributa por 26 píos[105] cuxa actividade tampouco chega aos anos vinte. No lugar de Paradai, preto da Chanca, temos a grande fábrica dun persoeiro lugués de comezos de século, Augusto Pozzi de ascendencia lombarda, que tributa por 50 píos de curtir[106] mais que fecha antes de chegar a década dos anos vinte. Tamén en Paradai tiña a seu curtidoiro o empresario Pedro Rodríguez, asociado no seu día con José Yáñez, antiga fábrica de Rivas[107], que tributa por 26 píos de curtir[108] e fecha nos primeiros anos da centuria. Na contorna da Tolda de Castela, á beira do Miño empoleirábase o curtidoiro de Gervasio Rodríguez coñecida coma a fábrica do Roxo. No lugar de Conturiz, na freguesía de Santo André do Castro, tiña o seu curtidoiro Manuel Baleirac, de ascendencia francesa, polo que tributaba por 29 píos para curtir e 3 pipas para becerro[109], malia a dimensión da fábrica esta fecha nos primeiros anos do século coincidindo co pasamento do empresario. Na actual avenida de Madrid, no lugar de Pedreiras, erguese a fábrica da familia Yáñez neste tempo rexida por varios membros desa familia. Finalmente, no concello de Lugo tamén rexistra actividade curtidora o empresario Pedro López Carreira que ensancha a súa capacidade produtiva durante todo o período pasando de tributar por cinco píos de curtir a 26[110].

No concello de Samos había unha fábrica de curtumes no lugar de Vilachá de abaixo, na freguesía de Santa Marta de Castroncán, cuxo empresario era Eugenio Díaz Sampedro. Pola súa banda, no concello de Sarria curtían peles catro curtidoiros. O curtidoiro de Santiago Sarry Valcarce no lugar de Treilán e coñecida, precisamente, coma a fábrica de Treilán, a

[104] AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 15.966.
[105] AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 15.964.
[106] AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 15.966.
[107] Dato achegado por Adolfo de Abel a esta investigación.
[108] AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 15.966.
[109] *Ibidem*.
[110] AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms. 15.966 e 15.963.

fábrica de Pedro Sánchez no lugar de Castelo, na freguesía de San Martiño de Loureiro, a fábrica de Benigno Sánchez tamén no aldea de Castelo e a fábrica de José Rodríguez Fernández no lugar de Requeixo, freguesía de San Pedro de Maside, que fecha no ano 1900.

No concello de Chantada teñen actividades curtidoras catro fábricas por este tempo. O curtidoiro do Merluza, a carón da Ponte (no lado de San Salvador), cuxa empresaria foi Pastora Meijide Vila que foi sucedida polo seu fillo Antonio Boo Meijide en 1907; a fábrica de José López Lorenzo no lugar da Ponte (no lado de Chantada); o curtidoiro alcumado do Cortés, por ser o nome da familia propietaria no século XIX, fecha as súas portas, da naquel tempo rúa do Río, o ano 1905 rexentado pola Sociedade mercantil Otero y Rodríguez; finalmente, a fábrica de José Fernández Páramo, alcumada dos Tangueiros, no lugar de Pousada, da parroquia de Santa Mariña de Chantada, que ten unha vida efémera duns dez anos que coinciden con estes primeiros anos do século XX.

Na provincia de Ourense, nos concellos de Avión e de Bande a industria esvaécese durante estes primeiros anos do século XX. No concello de Avión, a fábrica de Víctor Fernández Cota do lugar de San Xusto fecha no ano 1912 e, pola súa parte, no concello de Bande, uns anos antes, en 1906, o empresario Francisco Fernández Martínez fecha o seu curtidoiro empoleirado no medio do fermoso lugar de Rubiás.

No concello de Amoeiro, tamén temos unha fábrica no lugar de Reguengo que aparentemente se fecha no ano 1914, en que Manuel González Rodríguez deixa de pagar as contribucións. Mais a diferenza das anteriores, sobre esta fábrica volveremos ter novas máis adiante, cando analicemos o período 1920-1939. No concello de San Cibrao das Viñas, a fábrica de adobar peles de cabrito e lañar, no lugar da Ponte, de José Cid Domínguez remata a súa actividade no ano 1905. Sobre os curtumes deste concello tamén volveremos a falar máis adiante.

No concello do Carballiño tiñamos un curtidoiro na anterior análise que, precisamente fecha no mesmo ano 1900. O curtidoiro chantábase no lugar de Torrón é era propiedade dunha familia de orixe francesa: os Arancey. Entre os anos 1910 e 1912 rexistra actividade outra fábrica neste concello pertencente a familia Veiga no lugar de Framia sobre a que logo volveremos. Na mesma comarca do Carballiño, no concello de Piñor principian o século con dúas fábricas en funcionamento no lugar do Porto do Souto. Os curtidoiros desta aldea derivan todos da familia Portugal[111], que chegara do País Vasco Francés no século anterior. As dúas fábricas en funcionamento eran a de Manuel Portugal Celabeite que no ano 1908 pasa por falecemento do primeiro ao seu xenro Gumersindo Blanco Pérez[112]. A outra fábrica era a de Camilo Nóvoa Fernández que estaba casado con Manuela Portugal irmá de Manuel Portugal. Está fábrica era coñecida coma a do Vinculeiro. No ano 1918 enceta a andaina outra fábrica de curtumes en Porto do Souto a do empresario Juan Nóvoa Portugal, fillo de Camilo

[111] Os membros desta familia van abrindo fábricas no lugar ou participando, segundo os anos, nas que xa están en funcionamento polo que non sempre resulta doado a súa singularización.
[112] AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 295.

Nóvoa. No lugar do Reino, no propio concello de Piñor, tamén rexistra actividade neste período un curtidoiro alcumado dos Blanco-Mangana, que nesta primeira etapa está rexentado por José Blanco.

No concello de Celanova (no que incluímos o antigo de Acevedo do Río), temos a fábrica de Dámaso Moreiras Rodríguez do lugar de Mandrás que fecha no ano 1914 porque o seu titular marcha para Arxentina. Andado o século XX, está fábrica será rexentada por outra familia como veremos. Mais neste período temos que falar doutras dúas fábricas neste concello. Unha que tivo aparentemente unha vida efémera no lugar da Veiga, cuxo empresario foi Ricardo Rodríguez Marquina que tributa entre os anos 1908 e 1913 por un total de 37 píos -15 de asento e 22 de mudanza[113]-, e un muíño de casca. Finalmente, no antigo concello de Acevedo do Río érguese o curtidoiro de Xamirás, co que tiveron certa relación persoeiros da talla de Celso Emilio Ferreiro e o Pai Míguez, do que temos noticias en 1901, aínda que operaba desde moito antes, e que rexenta José Míguez González durante todo o período analizado.

O concello de Allariz arrinca a centuria con dez fábricas curtindo mais nos anos que van até o ano 1919 localízanse un total de 16 curtidoiros de peles. Imos velos agrupados por lugares. Na capital do Arnoia encomezan a centuria catro fábricas. A fábrica de Benito Delgado posteriormente coñecida coma a fábrica dos Nogueiras pois foi rexentada por esta familia durante o século XX. Abelardo Nogueiras Mangana, que tiña un pequena fábrica en Allariz, mercou á fábrica aos herdeiros de Benito Delgado que por aquel entón xa era a que máis tributaba en Allariz. Tamén tiveron actividade nesta vila, o curtidoiro da Torre Lombarda dirixido por Alejandro Conde Conde, o curtidoiro coñecido coma dos Mangana e a fábrica de Vilanova ou do Raspiña propiedade de Juan Rumbao Rodríguez. No lugar da Portela da Aira Vella curtían peles catro fábricas. Eran as que seguen, o curtidoiro de Agustín Rovira coñecida como a fábrica da Laga, o curtidoiro de Benito Rodríguez Arias, a fábrica dos herdeiros de Fernando Cid, así coma, o curtidoiro de Francisco Conde. Na freguesía de Requeixo de Valverde había dous fabricantes: a fábrica dos Largos propiedade de Camilo Conde Conde emprazado concretamente na zona coñecida como Desder -dentro do propio lugar de Paciños- e o curtidoiro de Ricardo Conde Conde. No lugar de Vilaboa choiaban nas peles as seguintes cinco fábricas: a fábrica de José Conde Conde, a fábrica de Miguel Rumbao Fajalde, o curtidoiro do Taledo da familia Conde, a fábrica de Ricardo Conde Leguín, e unha fábrica de varios edificios rexentada conxuntamente por Ricardo Conde Leguín e Ventura Conde Fariñas coñecida como a fábrica da Casqueira. No lugar da Acea rexistra actividade un fabricante, Juan Rodríguez Conde, cuxa fábrica estaba localizada na zona da Acea coñecida coma "as fábricas de riba".

Na provincia de Pontevedra nos comezos do século XX había os seguintes empresarios dos curtumes. No concello de Lalín operan durante este período os tres empresarios do curtido que van a seguir. Manuel Cortizo ten o seu curtidoiro na freguesía de Bendoiro, no lugar de Vilar do Río, coñecido como a fábrica do Cortizo e conta para o

[113] AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 294.

proceso produtivo cun muíño movido por auga. Arturo Blanco Rodríguez ten o seu curtidoiro no freguesía de Filgueira coñecido na actualidade como a fábrica do Espiño e tamén conta na súa factoría cun singular muíño para esmagar a casca movido con forza hidráulica. O curtidoiro fora fundado polo francés Pedro Aguerre (1821-1865) e os seus sucesores continuaron coa industria durante o segunda parte do século XIX coa denominación "Hijos de Aguerre en Cª. Fábrica de curtidos"[114]. No lugar de Quintá, na freguesía de Moneixas, contaba coas súa fábrica de curtumes Benito Portas que non chegará aos anos vinte da centuria.

No concello da Estrada tiña actividade o curtidoiro de Benito López Juanatey no lugar de Figueiroa de Abaixo, na freguesía de San Paio da Estrada, coñecido coma "A Fabricanta". No concello de Cerdedo houbo unha fábrica na propia vila propiedade de Manuel Peleteiro Fernández que fechou no ano 1913 e que era coñecida, precisamente, coma a fábrica do Peleteiro. Namentres que no concello de Forcarei enceta a súa andaina curtidora, no lugar da Casanova, o coñecida coma fábrica da Arenta da man do empresario Ramón Fernández.

No concello de Caldas de Reis operan a comezos do século XX catro fábricas de curtumes que a seguir concretamos. O curtidoiro dos Legerén emprazado na propia vila de Caldas, no lugar de Atafona, dirixido nos primeiros anos polos irmáns Legerén Cespón e preto dos anos vinte xa polos herdeiros de Ramón Legerén Cespón. O curtidoiro da familia Mosquera tamén ergueito na propia vila de Caldas, gobernado a comezos da centuria por Fermín Mosquera Vázquez e a partir de 1914 por Antolín Mosquera Gómez. O curtidoiro de Fieitoxo, sito na freguesía de Santa Mariña de Carracedo, propiedade de José Mateo Conde Tonceda. E, para rematar, o curtidoiro de Nodar, na freguesía de Santo André de César, onde curtiron primeiro Esteban Nieto Otero e despois Hipólito Bayón Trapote e que deixa de curtir antes de que agrelen os anos vinte.

No concello de Vilagarcía de Arousa dúas fábricas curten peles neste tempo. Na antiga rúa da Prosperidade tributa por unha fábrica de curtumes José María Guindín. A súa vez, Narciso González Lorenzo tiña unha fábrica de curtidos na barrio das Carolinas coñecida como Curtidos Lorenzo.

Na comarca de Pontevedra, no concello da Lama curte peles o curtidoiro tradicional deste concello propiedade da familia Muíños, hoxe coñecido como o curtidoiro de Souteleira, neste período dirixido por Antonio Muíños Ferreiro primeiro e logo por Antonio Muíños Barreiro. No concello de Cotobade opera o curtidoiro de Miguel Morgade, no lugar de Paraños, coñecida como a fábrica dos Morgade, e que deixa de curtir en 1915. No concello de Ponte Caldelas fabrican coiros os seguintes catro empresarios. Jesús Arruti Hermida ten a súa fábrica no lugar de Cuñas que era coñecida coma a fábrica dos Arruti[115]. Ruando Carnero e Eduardo Carnero gobernan sucesivamente a fábrica coñecida coma dos Carnero. Hipólito

[114] Datos que foron achegados ao presente estudo por Daniel González Alén.
[115] Cómpre subliñarmos que os Arruti proceden do País Vasco español e non do francés tal e como foi cotián nos curtumes galegos.

Hermida Barcia, malia que el era de Parada, ten a súa fábrica de curtumes no lugar de Tourón cuxa actividade non chega aos anos vinte. Finalmente, tamén curte peles o industrial Bernardo Parada Morente no lugar de Cuñas. No concello de Pontevedra temos dous empresarios curtidores. José Benito Etchevarría Broussaint fabricaba coiros no coñecido coma a fábrica do Borrón empoleirada á beira da Ponte do Burgo. Este curtidoiro tiña unha certa dimensión xa que tributaba por 314 m^3 de capacidade[116]. Namentres que Ángel Linares curtía peles na súa fábrica sita no lugar de Eiriña cuxa actividade non alcanza os anos vinte.

No concello de Ponteareas operan dúas fábricas de curtumes de Juan Bautista Garra, localizadas nos lugares de Angoares e da Perillana, que acreditan unha certa dimensión ao tributar por 64 píos de curtir[117]. No ano 1913 engádese ao proceso produtivo un muíño de casca a vapor.

No concello de Vigo curten peles a comezos do século XX dúas fábricas que acadaran unha certa importancia no panorama dos curtumes galegos. Unha da familia Bárcena, localizada no antigo concello de Lavadores e outra propiedade de Francisco Solleiro Negrete que fecha as súas portas nos primeiros anos da centuria. Contaba cun muíño a vapor. No concello do Porriño opera o curtidoiro dos irmáns Ramilo, Bernardino e Antonio, aínda que no ano 1909 deixa de ter actividade. Finalmente, rexistra actividade nos primeiros anos da centuria o curtidoiro de Juan Ipiña Ibarretxe no concello de Redondela.

Unha síntese da evolución do empresariado dos curtumes galegos do período 1900-1919 témola se agregamos os datos a nivel galego das altas e baixas nas tributacións por contribución industrial. Vémolo embaixo.




Gráfico núm. 1. Variacións do número de persoas empresarias (1900-1919)[118]

[116] AHPP, Fondo de Facenda, Sinatura núm. G-8692.
[117] AHPP, Fondo de Facenda, Sinatura núm. G-8748.
[118] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

Tal e como pode apreciar no gráfico de enriba o número de empresarios que se dan de alta por ano ten unha certa estabilidade no período. Namentres, que se nos fixamos na variábel das baixas vemos que estas se acentúan tan pronto nos achegamos aos anos vinte.

Finalmente, no gráfico de embaixo podemos apreciar o número de persoas empresarias en activo durante o período 1900-1919. Nel debúxase unha tímida curva descendente orientada cara os anos vinte.




Gráfico núm. 2. Número de empresarios/as en activo durante os anos 1900-1919[119]

[119] *Ibidem.*

LOCALIZACIÓN DOS COIROS GALEGOS *CIRCA* 1920

A traxectoria das fábricas de curtidos de Galicia durante o período 1920-1939 está fortemente condicionada pola Guerra Civil española, xa que logo, imos dividir en dúas etapas a breve introdución deste período que imos acometer nas seguintes liñas.

Unha primeira etapa vai até o alzamento contra a legalidade republicana do xeneral Franco do ano 1936 no que as fábricas de curtumes galegas continúan nunha senda semellante a do período anterior período dun certo estancamento. Os curtidoiros que producían sola sobre todo para vender no exterior non aproveitaron, ao contrario dos cataláns, os beneficios obtidos polo incremento de vendas que trouxo consigo a Primeira Guerra Mundial para facer máis produtivas as súas instalacións fabrís. Insístese, pola contra, nun modelo tradicional de fabricación de coiros, por mor da aceptación que tivera para fins bélicos, así como polas eivas para mercar as innovacións que cumprían para lograr trocos no proceso produtivo[120]. Por outra parte, as fábricas que estaba orientadas cara o subministro local aos zapateiros e zoqueiros áchanse na mesma situación que no período anterior cinguidas á demanda dos núcleos rurais galegos. Este feito xunto coas precarias infraestruturas para o transporte dese tempo fan que o empresariado non atope os estímulos axeitados para encetar unha senda de actualización dos seus procedementos de elaboración. Contra este esmorecemento do sector dos coiros xa se levantara a intelectualidade galega do seu tempo coma foi o caso de Vicente Risco. O escritor ourensán na súa *Teoría do nacionalismo galego*[121] defendía que Galicia precisaba no económico fomentar as fábricas de coiros por toda a súa xeografía.

Coma consecuencia do anterior, a fenda entre a produción de coiros de Galicia, líder absoluto no terceiro cuarto do século XIX, e a de Cataluña, novo destino dos curtumes españois, non fai máis que medrar. Así, no ano 1930 Cataluña achega á Facenda o 55,48% das contribucións industriais de todo o Estado namentres que Galicia rexistra o 5,91%, un terzo menos do acadado no ano 1900[122].

Unha segunda etapa dos curtumes galegos deste período vai desde o ano 1936 ao ano 1939 e coincide coa Guerra Civil española. Este conflito armado vai adiar durante unhas décadas o peche de moitas das fábricas de curtumes galegas pois o libre mercado, no que aos curtumes galegos xa lles custaba moito competir, queda relegado primeiro pola Guerra e despois pola autárquica económica que impón o réxime fascista do 18 de xullo. Deste xeito, a liña de desenvolvemento da industria viuse alterada pois a Guerra Civil española paralizou desde 1936 a renovación tecnolóxica mais estimulou a produción[123].

---

[120] Cf. María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *La industria del curtido en la Galicia contemporánea* ... 2002, páxs. 304-305.

[121] Cf. Vicente RISCO, *Teoría do nacionalismo galego*, Ourense, 1920, páx. 25.

[122] Os datos pódense consultar en A. MARTÍNEZ LÓPEZ, "El fracaso de la modernización de una industria tradicional: las tenerías gallegas, 1750-1935", en *Estudis D´Història Econòmica*, 1996, páx. 99.

[123] Esta causa efecto non é exclusiva de Galicia senón que se rexistra noutras latitudes e momentos históricos. Un exemplo de elo é coma en Devon (Inglaterra) a cimeira da produción de coiros coincide no tempo coas "guerras

Co inicio da Guerra féndese o mercado estatal en dous ficando Galicia baixo o mando dos franquistas e as zonas máis industrializadas do Estado baixo control do bando republicano. Este feito ten un impacto decisivo na industria do curtido, pois Cataluña e o Levante español –zona republicana- tiñan rubido aos primeiros postos de provedores de coiro para fins militares, ficando aberta deste xeito a porta para que Galicia puidera fornecer de curtumes ás tropas franquistas para a elaboración de material militar como zapatos, correaxes ou cartucheiras[124].

Co fin de ilustrar o devir das fábricas de coiros de Galicia neste período imos esculcar a contabilidade oficial dun curtidoiro do rural galego de tamaño medio[125] no lugar de Castelo, no concello de Sarria, coñecido coma fábrica de Castelo de abaixo[126]. Pois ben, abaixo podemos ver un gráfico coas cantidades facturadas pola empresa entre os anos 1927 e 1940 onde se distinguen claramente os dous períodos dos que estivemos a falar, un antes da Guerra e outro despois[127].




Gráfico núm. 3. Vendas en pesetas realizadas polo curtidoiro de Castelo de abaixo (1927-1940)

No gráfico de riba podemos ver unha das características deste período, a maior facturación da empresa unha vez comezada a Guerra. Agora ben, este incremento nas vendas de curtumes non se sustenta nun número maior de pedidos de coiros. Polo contrario, a economía pasa a estar dirixida polo Goberno o que explica que a fábrica teña moi poucos

napoleónicas". Cf. Martin BODMAN, *Devon leather. An outline history of a lost industry: Nineteenth century tanners and tanneries*, Tiverton, Leat Press, 2008.

[124] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia* ... 2005, páx. 248.

[125] O edificio onde se localizaba a fábrica de curtume ten uns 100 m^2 de planta e conta cun baixo e un andar. No baixo están deitados os 12 píos de lousa en forma de vargos que tiña a industria.

[126] Agrádecemos a Sandra López Sánchez, neta do empresario, que nos deixar estudar os libros que garda sobre a fábrica de curtidos de Castelo de abaixo.

[127] Este tendencia de tímido retroceso da produción durante os anos vinte e comezos dos trinta tamén a observamos noutra fábrica de curtidos do rural aínda que de maior dimensión. En efecto, o volume de negocio declarado polo industrial José López Martínez pola súa fábrica de Soutullos, no concello de Brión, mingua case que a metade pasando de 14.048 pesetas o 5 de xaneiro de 1929 a 8.139 pesetas, case que un ano despois, o 3 de xaneiro de 1930. ACBR, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 803.

pedidos aínda que sexan moi voluminosos. A partir deste momento, e durante os seguintes anos, o futuro da produción da empresa non vai depender do seu desenvolvemento nun mercado de libre competencia senón da obtención dunhas cotas de produción que outorga o funcionariado do réxime franquista. O curtidoiro pasa de vender os seus coiros ao artesanado da zona, principalmente, a grandes empresas coma Segarra, que era unha empresa que fabricaba material para o exercito español, clientes que cando se retire a alcumada intervención deixaran de mercar os coiros fabricados neste tipo de curtidoiros.




Gráfico núm. 4. Número de pedidos recibidos polo curtidoiro de Castelo de abaixo (1927-1940)





Gráfico núm. 5. Especialidade produtiva do curtidoiro de Castelo de abaixo (1927-1940)

Finalmente, no gráfico de riba podemos apreciar a especialidade produtiva desta fábrica que produce tanto becerros coma sola, aínda que máis becerro. As características do produto fabricado coincide coa dunha fábrica do rural galego medio no que se empoleira, cunha maior produción de becerro orientado as empeñas dos zocos e, en menor medida, sola para a fabricación de botas e zapatos.

Todo o anterior explica a localización dos curtidoiros galegos nos anos vinte do século pasado. No mapa de abaixo podemos observar a distribución da industria dos curtumes por Galicia arredor do ano 1920, no que se destacan os datos do empresariado que tributa por contribución industrial agregados por concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Lenda

Ríos

Concellos

Nº de empresarios/as en 1920

1 - 5

6 - 10

> 10

Altitude (m)

0 - 100

101 - 300

301 - 500

501 - 700

701 - 1.000

1.001 - 1.500

> 1.500

Mapa núm. 5. Distribución territorial do empresariado dos curtumes galegos en 1920

A Continuación imos esfaragullar os datos do anterior mapa. Na provincia da Coruña as fábricas de curtidos esparexíase por nove concellos nos comezos da década dos anos vinte e sumaban un total de 31 curtidoiros. Estes concellos pertencen a seis comarcas diferentes que radican por todo o territorio provincial e lindan coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra. A distribución territorial por comarcas e concellos viña sendo do seguinte xeito: Na Comarca da Coruña unha fábrica no concello da Coruña e outra no concello de Carral, na Comarca de Betanzos dúas fábricas no concello de Betanzos, na Comarca de Bergantiños dúas fábricas no concello de Coristanco e unha fábrica no concello de Carballo, na Comarca de Ordes unha fábrica no concello de Ordes, na Comarca de Santiago seis fábricas na capital do país e unha fábrica no concello de Brión e na Comarca de Noia 16 fábricas no concello de Noia. En conclusión, temos seis comarcas e nove concellos o que nos dá unha boa ollada da dispersión que acreditaban os curtumes coruñeses por ese tempo, aínda que a metade deles, 16 curtidoiros, chántanse no concello de Noia que xa amosa o pulo que tiveron os curtumes nesta localidade.

Na provincia de Lugo as fábricas de curtumes inzábanse en dez concellos arredor de 1920 que sumaban un total de 13 curtidoiros. Estes concellos agrúpanse en sete comarcas que se ciscan por todo o territorio provincial, que lindan coas outras tres provincias galegas e con Asturias e León. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca da Mariña Occidental unha fábrica no concello do Cervo e outra no concello de Viveiro, na Comarca da Mariña Central unha fábrica no concello de Alfoz e outra no concello de Mondoñedo, na Comarca da Terra Cha un curtidoiro en Vilalba, na Comarca de Lugo tres fábricas na capital provincial, na Comarca dos Ancares unha fábrica no concello de Becerreá, na Comarca de Sarria tres fábricas no concello de Sarria e unha fábrica no concello de Samos e na Comarca de Chantada dúas fábricas no concello de Chantada. Os datos falan por si solos: 13 fábricas, 10 concellos e sete comarcas. Neste tempo os curtumes da provincia de Lugo dificilmente podía estar máis esparexidos polo territorio. Amais, en relación ao período analizado anterior de 1900, a provincia perde case que a metade de fábricas ao pasar de 23 a 13 estabelecementos industriais.


Na provincia de Ourense a industria do curtido estaba presente en nove concellos que por ese tempo sumaban un total de 26 fábricas de curtumes. Estes concellos encádranse en catro comarcas occidentais da provincia conectadas entre si e que lindan con Portugal e coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca do Carballiño sete fábricas no concello de Piñor, dúas no concello do Carballiño, unha no concello de Maside e outra no concello do Irixo, na Comarca de Ourense unha fábrica no concello de Amoeiro, outra no concello de San Cibrao das Viñas e outra no concello de Canedo (hoxe Ourense), na Comarca de Allariz-Maceda nove fábricas no concello de Allariz e dúas no concello de Xunqueira de Ambía e na Comarca da Terra de Celanova dúas fábricas no concello de Celanova –unha delas no antigo concello de Acevedo do Río-. Entre os lugares con máis presenza de actividade curtidora citamos o de Vilaboa no concello de Allariz e a aldea de Porto do Souto no concello de Piñor.

Na provincia de Pontevedra a industria dos coiros localizábase en 10 concellos que por ese tempo sumaban un total de 14 curtidoiros, case que a metade do período anterior. Estes concellos englóbanse en sete comarcas, que lindan con Portugal e co resto de provincias galegas. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros foi a que segue: Na Comarca do Deza dúas fábricas no concello de Lalín, na Comarca de Tabeirós Terra de Montes unha fábrica no concello da Estrada e outra no concello de Forcarei, na Comarca de Caldas dúas fábricas no concello de Caldas de Reis, na Comarca do Salnés unha fábrica no concello de Vilagarcía de Arousa, na Comarca de Pontevedra tres fábricas no concello de Ponte Caldelas, unha fábrica no concello da Lama e outra no concello de Cotobade, na Comarca do Condado unha fábrica no concello de Ponteareas e na Comarca de Vigo unha fábrica no concello de Vigo.

En Galicia un total de 39 concellos rexistran a actividade de fábricas de curtumes, segundo os datos das contribucións industriais, nos que se inzan 87 curtidoiros arredor do ano 1920. Na análise dos datos reflíctese que, ao contrario do anterior período, as provincias da Coruña e Ourense localizan un maior número de fábricas con 31 e 26 respectivamente, aguilloadas polo pulo que os curtumes acrecentan nas vilas de Noia e Allariz. Se botamos unha ollada con máis detemento vemos que a cidade de Santiago de Compostela volve acumular case que un cuarto dos pagamentos das contribucións industriais do total rexistrado. Destacar, asemade, a escasa mecanización que os datos ofertan dos curtidoiros galegos onde seguen a predominar os vellos muíños de casca turrados por cabalaría.

Outra ollada complementaria á anterior dos curtumes galegos *circa* de 1920 témola no mapa de abaixo onde podemos observar a distribución da industria dos coiros por Galicia tendo en conta a tributación empresarial por contribución industrial agregada por concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa núm. 6. Distribución territorial das contribucións industriais dos curtumes galegos en 1920

A seguir imos esmiuzar os datos que nos achega o anterior mapa. En relación as fábricas máis importantes da provincia da Coruña, aquelas que máis pagan en concepto de contribución industrial neste período de análise destacan a de Marcelino Etcheverría Vila no concello de Betanzos, as fábricas compostelás de Juan Harguindey Broussain –fábrica de Guadalupe e fábrica do Rueiro de Figueiriñas- e de José Carlos Vilas Patiño e o curtidoiro asentado no antigo concello de Santa María de Oza –hoxe A Coruña- de Agustín Rodríguez Villaverde. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Subliñamos, así mesmo, que 18 dos 31 curtidoiros referidos acrecentaban o seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo e a fábrica do Rueiro de Figueiriñas un muíño de auga.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Santiago de Compostela, cuxos curtidoiros achegan algo máis do 40% dos referidos pagamentos, Betanzos e Noia.

No referente aos curtidoiros que máis achegas fan á Facenda pública na provincia de Lugo destacan os lucenses de Gervasio Rodríguez, Manuel Yáñez Rodríguez e José Herrero Lobejón –que declara que ten 28 píos de curtir[128]-, o de Francisco P. Donapetry no concello de Viveiro, o de Santiago Sarry Valcarce en Sarria e o do chantadés José López Lorenzo. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Concretamos, así mesmo, que nove dos trece curtidoiros referidos acrecentaban o seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son de novo Lugo, Viveiro e Chantada, malia que son os curtidoiros da capital provincial os que acreditan máis pagamentos.

Polo que se refire ás fábricas que máis tributan na provincia de Ourense arredor do ano 1920 destacan a de Antonio Rodríguez Pereira no concello do Carballiño, a de Adolfo Montero no concello de Acevedo do Río (hoxe Celanova) e a de Miguel Rumbao no concello de Allariz. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que oito dos curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Allariz, O Carballiño, Celanova e Piñor, aínda que as cantidades achegadas son inferiores ás do resto das provincias.

No referente ás fábricas que máis tributan na provincia de Pontevedra arredor de 1920 destacan a de Fernando Bárcena Andrés no antigo concello de Lavadores (hoxe Vigo), a de "Herederos de Ramón Legerén Cespón" e a de José Mateo Conde Toncedado no Concello de Caldas de Reis e a de "Viuda e Hijos de Garra" no concello de Ponteareas. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial.

[128] AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 16.159.

Subliñamos, así mesmo, que nove dos catorce curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo, namentres que a fábrica de Arturo Blanco Rodríguez no concello de Lalín beneficiábase dun muíño de casca movido por auga e a fábrica de "Viuda e Hijos de Garra" facíao dun muíño de casca a vapor.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Caldas de Reis, Vigo e Ponteareas, malia a que se concentran os pagamentos en moi poucas fábricas.

Polo que se refire ás principais persoas empresarias dos curtumes galegos, na táboa de abaixo áchanse recolleitas ás máis destacadas do actual período de análise. Para escolmalos tivéronse en conta as contías achegadas á Facenda pública polo tributo das contribucións industriais polas fábricas galegas no ano 1920.

PRINCIPAIS FÁBRICAS DE CURTUMES EN GALICIA *CIRCA* DE 1920			
Nome do empresario/a	Concello	Contía (pesetas)	M^3 declarados
Marcelino Etcheverría Vila	Betanzos	2.658,59	520,5
Juan Harguindey Broussain (Fábrica do Rueiro de Figueiriñas)	Santiago de Compostela	1.503,30	293
Juan Harguindey Broussain (Fábrica de Guadalupe)	Santiago de Compostela	1.116,26	252
Agustín Rodríguez Villaverde	Santa María de Oza (A Coruña)	981,71	
José Carlos Vilas Patiño	Santiago de Compostela	923,57	180
Fernando Bárcena Andrés	Lavadores (Vigo)	636,33	191,50
Francisco P. Donapetry	Viveiro	511,25	
Ramón Legerén Cespón	Caldas de Reis	425,22	80
José López Lorenzo	Chantada	365,78	58
"Viuda e Hijos de Garra"	Ponteareas	345,51	91
Manuel Yáñez Rodríguez	Lugo	310,51	72
Jesús Juanatey Laranga	Santiago de Compostela	299,00	60
Manuel López Paris	Santiago de Compostela	290,69	70
Pedro López Carreira	Lugo	283,34	65
José Mateo Conde Tonceda	Caldas de Reis	255,78	46

Cadro núm. 2. Principais fábricas de curtumes en Galicia *circa* de 1920[129]

Das quince fábricas máis importantes, referidas na táboa de enriba, destaca o feito de que case a metade delas estaban localizadas na provincia da Coruña, sete en total, das que cinco operaban na capital do país. Tamén destaca o feito de que ningún dos curtidoiros está sito na provincia de Ourense mentres que na provincia de Lugo sobresaen catro fábricas localizadas dúas en Lugo, unha en Chantada e outra en Viveiro. As outras catro fábricas enraízanse na provincia de Pontevedra, dúas na vila de Caldas de Reis. Subliñamos que as principais fábricas de curtidos dos anos lindeiros con 1920 teñen maioritariamente por empresarios a persoas físicas, un total de 14 das 15 da mostra e todos de novo homes.

As fábricas de curtumes galegas entre os anos 1920 e 1939

[129] Elaboración propia con datos das contribucións industriais. Os datos recollen a tributación pola fábricas e máis a do muíño de casca e demais máquinas da instalación industrial. Os datos tamén acrecentan as recargas que os concellos impoñían neste tributo. Pódense consultar no Anexo II deste traballo.

Se botamos unha ollada máis polo miúdo das contribucións industriais tributadas polo empresariado galego durante os anos 1920-1939 obteremos un relato máis detallado sobre a localización dos curtidoiros polas distintas comarcas e provincias. Vexamos.

Na provincia da Coruña nas décadas dos anos vinte e trinta rexistran actividade de fabricación de coiros as seguintes fábricas agregadas por concellos. No concello de Betanzos dos catro curtidoiros que operaban nos primeiros anos do Novecentos só rexistran actividade dous e, ademais, pechan as súas portas a mediados dos anos vinte. Son o curtidoiro da Magadalena de Marcelino Etcheverría Vila e curtidoiro de Caraña de abaixo de Bautista Mendiburo Torres, ambas fábricas con raíces no século XVIII.

Na Comarca da Coruña temos fábricas no concello de Carral e no da Coruña. No concello de Carral comeza a súa actividade fabril Antonio Mouriño Barreiro por este tempo e localiza o seu estabelecemento industrial no lugar de Hervés, na freguesía de Beira. Namentres que no concello da Coruña temos que falar de catro curtidoiros. A fábrica de Agustín Rodríguez sita no antigo concello de Santa María de Oza, lugar de Pedrafurada (Monelos), que acrecenta xa unha certa mecanización a finais dos anos trinta cun bombo de curtir e toneis para becerrillos. O curtidoiro de Jesús Pérez Prieto de pequeno tamaño localizado tamén no antigo concello de Santa María de Oza, no lugar dos Castros. Este empresario enceta a súa andaina a finais dos anos trinta no curtidoiro referido logo de curtir uns anos na primeira parte dos anos trinta no concello de Betanzos. Tamén no antigo concello de Santa María de Oza rexistra actividade o industrial Julio Wonenburger, no lugar da Ponte Pasaxe, e que acrecenta dous bombos de curtir. Finalmente, o curtidoiro de sola de Julio Sanz Márquez ergueito na Coruña e que ten tamén un tamaño pequeno pois declara 15 m^3 de capacidade de produción dos seus píos durante a década dos anos trinta[130].

No concello de Carballo durante o período 1920-1939 temos as seguintes sete fábricas. Dúas fábricas que veñen do período anterior: A fábrica de Entrecruces onde Hermenegildo Vázquez Antelo sucede a José Vázquez Rabuñal e a coñecida na actualidade coma a fábrica de Santa Elisa dos herdeiros do empresario José Mariño Cancela. Cinco curtidoiros que agroman nos anos vinte: A fábrica que ergueu Generoso Queipo Yáñez e que aínda segue hoxe con actividade no lugar do Tarambollo, na freguesía de Sofán, coñecida coma a fábrica do Queijo; a fábrica de José Riveiro Carracedo localizada no lugar de Liñares, na freguesía de Rus; a fábrica de Eduardo Mariño Rodríguez[131] no lugar do Pego, na freguesía de Rus, e que era coñecida coma a fábrica do Cereiro; a fábrica de Serafín Quintela Ramos no lugar de Xoane, na freguesía de Goiáns; e a fábrica de Herminia Esperante Fernández na freguesía de Berdillo.

No concello da Laracha operaban por estes anos catro curtidoiros. Tres xa curtía no período anterior: o curtidoiro de Cumiáns de Magdalena Vázquez Rabuñal, o curtidoiro de

[130] ARG, Fondo de Facenda, Sinaturas núms. 485, 486, 487, 488 e 489.

[131] Os datos das contribucións industriais desta fábrica áchanse no concello de Coristanco xa que con posterioridade á actividade desta empresa acaeceu un proceso de revisión dos lindes entre os concello de Coristanco e Carballo, lugar onde finalmente se localizan as ruínas hoxe en día da antiga fábrica do Cereiro.

San Cristovo de Antonio Queijo Pérez e curtidoiro do Viso de Jesús Pena Torreira. E un cuarto curtidoiro que comeza a súa andaina, propiedade de Antonio Fuentes Pérez, no lugar do Regueiro, na freguesía de Golmar.

No concello de Dumbría a fábrica de José Esparís Vázquez é herdada polo seu fillo Manuel Esparís Guzmán que traslada o curtidoiro da vila de Dumbría ao lugar da Farrapa, na freguesía de Berdeogas, dentro do mesmo concello en 1930. A partir deste momento o curtidoiro é coñecido coma a fábrica do Carme[132].

No concello de Ordes houbo unha fábrica de curtumes neste tempo rexida por Ramón Faya Fernández na propia vila e era coñecida, precisamente, coma a fábrica do Faya. Namentres que no concello do Val do Dubra a comezos dos anos trinta Maximino Recarey Pena ergue un pequeno curtidoiro no lugar de Arnexo, na freguesía de Rial, coñecido coma a fábrica do Pelachín.

No concello de Santiago de Compostela operan 10 curtidoiros nos anos vinte e trinta do século XX. Son os que seguen. As fábricas de Guadalupe e do Carme de Garra-Harguindey de Juan Harguindey Broussain que pasan en 1924 a Juan Harguindey Pérez, a fábrica de Picaños de Laureano Otero Buján, a fábrica das Casas do Rego dirixida por Jesús Juanatey Laranga e Guillermo Fernández Juanatey, a fábrica de Ponte Pedriña de Arriba de José Carlos Vilas Patiño que pasa no ano 1939 a Arturo Vilas Molezún, a fábrica da Ribeira de San Lourenzo ou de Santaló de Ladislao Pérez Llano, a fábrica do Hospicio Vello rexentada durante os anos vinte por José María López Paris, a fábrica de Juanatey do Rueiro de Figueiriñas aberta no ano 1922 por Jesús Juanatey Laranga e Crisantemo Antelo Mayo e Manuel López Paris que curten en San Ignacio do Monte durante a primeira parte dos anos vinte.

No concello de Brión continúa con actividade até o ano 1930 o curtidoiro de José López Juanatey que pasara a José López Martínez no ano 1921. Aguilloado por este feche, un antigo empregado desta fábrica, que viñera de Noia, Faustino Hermo Nieto abre no ano 1933 o seu curtidoiro, no mesmo lugar de Soutullos, a uns 50 metros da antiga fábrica de José López.

O concello de Noia arrinca no ano 1920 con 16 fábricas curtindo mais nos anos que van até o ano 1939 localízanse un total de 39 curtidoiros de peles. Son os que seguen. Na freguesía de Santa María de Barro curtían peles 14 empresarios: Benito Juanatey Fernández, no lugar de Vilanova; Ramón Barreiro Rodríguez, no lugar da Rasa de Abaixo; Alfonso Fernández Juanatey e Manuel Varela Romarís, na posteriormente coñecida coma a fábrica de Manuel Varela, no lugar da Rasa de Abaixo; Manuel García Castro, no lugar da Raxa; Alfredo García Fernández, no lugar da Rasa de Abaixo; José María García Liñayo, no lugar da Rasa de Abaixo; José Fernández Rodríguez, no lugar da Rasa; Cipriano Trillo Carneiro sucedido por Juan Trillo Belles no ano 1928, no lugar da Rasa de Arriba; José Manuel

[132] Información achegada ao presente estudo por Manuel Esparis López, fillo do curtidor e que, ademais, choiou neste curtidoiro, o 7 de xullo de 2015 en conversa telefónica.

Liboreiro Moledo, no lugar de Vista Fermosa; José Ramón Agrofojo Carneiro, no lugar de Orro; José Pazos Barreiro, no lugar de Augalevada; Benito Cambeiro Pérez, no lugar de Campo de Lamas; José María Viñas Martínez, no lugar de Campo de Lamas, cuxo curtidoiro era coñecido coma a fábrica do Cotorín; e Rafael Pérez Especht, no lugar de Eiroa. Na freguesía de San Martiño de Noia fabricaban coiros 12 empresarios: Manuel Blanco Sanluís, no lugar do Couto de Arriba; Miguel López Prieto, no lugar do Couto; Manuel Juanatey Fernández, no lugar da Carcasía (tributa ademais por dous bombos e unha máquina de vapor); Basilio Rodríguez Ríos sucedido por Basilio Rodríguez Jamardo, no lugar da Ponte de Traba, cuxo curtidoiro é coñecido coma o Chau Chau; Joaquín Ulloa Pestonit, tamén no lugar da Ponte de Traba; Vicente Domínguez Moledo, no lugar de San Breixo; Ramón Varela Riva en Noia, José Fernández Juanatey (tributa ademais por un muíño eléctrico), Andrés Fernández Rodríguez, no lugar de Bernardo, Rafael Rodríguez Jamardo, no lugar de Bernardo, e Fernando Lorenzo Gonceta, tamén no lugar de Bernardo; Andrés Blanco Freire e Ricardo Fernández Martínez, no lugar da Perouta. Na freguesía de Santa Mariña do Obre no lugar da Chaínza operaban oito empresarios: Ramón Juanatey Laranga, Ramón Juanatey Piñeiro, Manuel Rechou, Ramón Pérez Noya (cuxo curtidoiro era coñecido como a fábrica do Vienés), Joaquín María Agra Cadarso sucedido por Blas Agra Cadarso (esta fábrica tributaba por tres bombos de curtir un muíño de vapor e unha máquina de cilindrar), José Álvarez Juanatey, José Barreiro Freire (que declara ademais dous bombos), Manuel Suárez Mayo, Manuel Suárez Filgueira e María Filgueira Santos, cuxo curtidoiro era coñecido coma a fábrica do Fandelo; e na freguesía de Santa María de Argalo curtían catro empresarios: Ramón Mariño Neu, no lugar de Valbargos; e no lugar da Ponte de San Francisco, Andrés Hermida Blanco, Agustín Somoza García e Antonio Blanco Abeijón. Ademais dos anteriores tamén tivo unha fábrica de curtidos no concello de Noia por este tempo Vicente Rodríguez Triber, cuxa localización non fomos quen de achar.

Ao igual que nos pasou ao estudar o período 1900-1919 temos que completar a falta de conservación das contribucións industriais nalgúns concellos con outras fontes que nos permiten afirmar a existencia de curtidoiros en activo. Deste xeito, no concello de Narón seguía a curtir peles o curtidoiro coñecido coma a fábrica da Ponte de Xuvia propiedade de Antonio Rodríguez Pita[133]. No concello de Melide continuaba curtindo a coñecida coma a fábrica de Furelos rexentada por Ricardo Sánchez Varela[134]. No concello de Padrón seguía a producir coiros tamén a fábrica de "Novo y Sierra" que introducira en 1908 os primeiros bombos xiratorios, no lugar da Matanza, da que agroma a actual PICUSA[135]. No concello de Pontedeume segue a operar a coñecida coma fábrica "La América"[136]. Namentres que no concello de Negreira no ano 1933 abre unha fábrica, no lugar de Covas, coñecida coma a

[133] Justino FERNÁNDEZ NEGRAL, *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, ... , páx. 70.
[134] Datos achegadas a esta investigación por Xosé Manuel Broz autor de varios artigos sobre esta fábrica o 27 de novembro de 2015 no seu domicilio particular.
[135] Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750-2000)*, ..., páxs. 218-219.
[136] Rosana NÚÑEZ BARROS, "A industria do curtido en Pontedeume" ..., páx. 17.

fábrica do Suárez por mor de que o seu principal empresario foi Celestino Suárez Pensado, que deprendera o oficio en Noia[137].

Na provincia de Lugo no concello de Alfoz continúa con actividade o curtidoiro da familia Sixto no lugar do Penido até o ano 1936 cando fecha por mor da morte do empresario José Sixto García. No concello de Mondoñedo segue curtindo tamén o curtidoiro de Vicente Barro Saavedra coñecido como a fábrica de Viloalle, que fecha no ano 1928 logo de que estivera rexentado uns anos por Antonio Barro González. Comentar tamén que no concello de Lourenzá o ano 1930 tributa por un muíño para casca de piñeiro con destino ao curtido movido por cabalaría Gervasio López Veiga[138].

No concello de Viveiro segue con actividade o curtidoiro de Francisco P. Donapetry coñecido coma a fábrica da Xunqueira. No concello de Cervo rexistra actividade un pequeniño curtidoiro entre os anos 1925 e 1932 impulsado polo empresario Jesús Gueimunde Villares no lugar de Calabadexo, na freguesía de Santa Mariña de Cervo.

No concello de Vilalba rexistra actividade curtidora unha fábrica a nome de Domingo Apenela Gayoso no lugar de Camporredondo na propia capital chairega.

No concello de Lugo operan durante estes anos catro curtidoiros. No lugar de Paradai, estabelecérase José Herrero Lobejón que chegara de Villaramiel, capital do curtido castelán, cos cartos que lle dera o seu pai, tamén curtidor, para erguer unha fábrica na cidade da muralla. José cede o goberno do curtidoiro ao seu fillo Jesús Herrero Prieto nos anos finais da década dos trinta[139]. Na contorna da Tolda de Castela, á beira do Miño empoleirábase o curtidoiro de Gervasio Rodríguez coñecida coma a fábrica do Roxo que pasa a mans de Manuel Rodríguez Teijeiro a finais dos anos trinta. Na actual avenida de Madrid, no lugar de Pedreiras, mantense con actividade a fábrica da familia Yáñez neste tempo rexida por Manuel Yáñez Rodríguez. A finais dos anos vinte agroma a fábrica de Francisco Jáñez Rodríguez que terá unha certa dimensión nos vindeiros anos.

No concello de Samos había unha fábrica de curtumes no lugar de Vilachá de abaixo cuxo empresario era Manuel Díaz González que sucedera a Eugenio Díaz Sampedro. Pola súa banda, no concello de Sarria curtían peles tres curtidoiros. O curtidoiro de Santiago Sarry Valcarce no lugar de Treilán, a fábrica de Castelo de Pedro Sánchez sucedido a mediados dos anos vinte polo seu fillo Daniel Sánchez Rodríguez e a fábrica propiedade de Benigno Sánchez, tamén do lugar de Castelo.

No concello de Chantada teñen actividades curtidoras tres fábricas por este tempo. O curtidoiro do Merluza, a carón da Ponte, rexentado por Antonio Boo Meijide; a antiga fábrica de José López Lorenzo muda de empresarios durante os anos vinte nos que aparecen tres

[137] Información fornecida a este traballo por José Suárez Rodríguez, fillo do empresario, o 20 de xaneiro de 2016 no seu domicilio particular.
[138] AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 16.134.
[139] Datos achegados a esta investigación por Melchor Herrero Prieto, fillo e irmao dos anteriores, e que tamén rexentou a referida fábrica, nun encontro mantido con el o 24 de febreiro de 2016 en Lugo.

persoas distintas, el mesmo, a súa muller Juana e o seu xenro Edelmiro Rumbao Martínez que por mor da súa chegada a Chantada, procedente de Allariz, pasa a coñecerse a fábrica coma a do Rumbao; e o curtidoiro do Cereixeiro ergueito pola familia Mazaira no ano 1922 á beira da Ponte Nova de Chantada (do lado de San Salvador).

No concello de Monforte de Lemos agroma a industria dos curtumes a finais da década dos anos vinte aguillada pola tradición zapateira da vila do Cabe. José Conde Conde, dos Conde de Vilaboa (Allariz), enceta a operar coa súa fábrica no lugar de Cobas, na propia vila de Monforte, no ano 1928 e continuando o seu fillo José Conde Fidalgo coa empresa nos anos trinta. Na zona da Pinguela, tamén da propia vila de Monforte, ergueu a súa fábrica de curtumes nos anos trinta o empresario Manuel Sáez Gómez.

Na provincia de Ourense, no concello de Celanova (no que incluímos o antigo de Acevedo do Río), falabamos máis enriba da fábrica de Mandrás e máis de Xamirás e ambas seguen con actividade mais con distintos empresarios, o primeiro dirixido por Adolfo Montero Deza e o segundo pola familia Pérez Dapia.

No concello de Amoeiro, tamén temos unha fábrica no lugar de Reguengo que aparentemente se fecha no ano 1928, en que os herdeiros de Manuel González Rodríguez -que tivera actividade até o ano 1914- deixan de pagar as preceptivas contribucións. No antigo concello de Canedo rexistra actividade durante uns efémeros anos Edelmiro Rodríguez Lama cuxa fábrica estaba no lugar de Caldas. Finalmente, tamén na comarca de Ourense, no concello de San Cibrao das Viñas, o coñecido coma o curtidoiro do Correeiro, no lugar da Ponte Noalla, de José Fidalgo Prieto remata a súa actividade no ano 1935.

No concello do Carballiño temos dous curtidoiros con actividade neste período. A fábrica da familia Veiga no lugar de Framia e a de Antonio Rodríguez Pereira, coñecida coma a fábrica do Reque, que comezara a súa actividade no lugar de Torrón e que a finais dos anos trinta se muda a Señorín, onde xa conta cun muíño eléctrico. Seguindo na mesma comarca do Carballiño, no concello do Irixo rexistra actividade na segunda parte da década dos anos vinte o empresario José Rodríguez Lorenzo. No concello de Cea curte peles o empresario Delfín Vázquez Lorenzo no lugar de Viduedo entre os ano 1928 e 1933. No concello de Maside, comeza a andaina o curtidoiro de Gulfar dirixido por Cesáreo Lorenzo Rodríguez que chegará a ter actividade até o ano 2008. No lugar de Pousada rexistran unha escasa actividade cinco artesáns dos que aínda se conserva en estado de abandono o modesto local duns 10 m^2 de superficie onde curtía Gumersindo González Pérez que era coñecido como a fábrica do Roxo. Deste concello de Maside quédanos por falar de dúas fábricas: unha en Listanco cuxo empresario foi José Antonio González López e outra en Laiantes a nome de Maximino Álvarez González.

No concello de Piñor durante o período 1920-1939 teñen actividade doce fábricas. No lugar de Porto do Souto seguen curtindo o curtidoiro dos Portugal, o do Vinculeiro e o de Juan Nóvoa Portugal. Relacionadas tamén coa familia Portugal comezan a funcionar outras dúas fábricas, a coñecida coma fábrica de Gumersindo Nóvoa Portugal, irmán de Juan, e a

fábrica do Pintarolo rexida por José Noguerol Mosquera casado coa irmá dos anteriores Modesta Nóvoa Portugal. Ademais, agroma a comezos dos anos trinta en Porto do Souto o curtidoiro dos Piteira. No lugar do Reino, segue con actividade o curtidoiro dos Blanco-Mangana, que nesta etapa está rexentado sucesivamente por Eligia Mangana, muller do tamén empresario desta fábrica Manuel Blanco, e pola súa irmá Anuncia Mangana Pato, muller do tamén empresario desta fábrica na década anterior José Blanco. No propio lugar do Reino temos outra fábrica, a dos Ureña que chegaran de Castela no ano 1880. Os principais empresarios deste período foron Esteban Ureña Román e o seu fillo Juan Ureña Bernárdez. No lugar de Barrán ergueu a súa fábrica Máximo Pousa Fernández, un antigo traballador da fábrica dos Ureña. En Torguedo inzouse un grande curtidoiro por unha das ramas da familia Portugal, a de José Portugal, na persoa de Juan Antonio Portugal Crespo. Para rematar co concello de Piñor viaxamos ao lugar de Vilariño onde achamos dúas fábricas, a de Bernardino Álvarez Fernández e a de José Ramón Nóvoa Portugal, pertencente a outras das ramas da familia Portugal a de Manuela Portugal e Camilo Nóvoa Fernández, fabricante de coiros en Porto do Souto.

O concello de Allariz arrinca no ano 1920 con nove dez fábricas curtindo mais nos anos que van até o ano 1939 localízanse un total de 28 curtidoiros de peles. Imos velos agrupados por lugares. Na capital do Arnoia temos operando as catro fábricas xa en funcionamento no período anterior: A fábrica dos Nogueiras, encabezada por Abelardo Nogueiras Mangana, o curtidoiro da Torre Lombarda, o curtidoiro coñecido coma dos Mangana e a fábrica de Vilanova ou do Raspiña onde Camilo Rumbao sucedeu ao seu pai Juan Rumbao Rodríguez na segunda parte dos anos trinta. No lugar da Portela da Aira Vella curtían peles nove fábricas. Eran as que seguen. O curtidoiro da Laga, onde Agustín Rovira foi sucedido primeiro por Benigno Rovira Rodríguez e logo por Manuel Rovira Rodríguez, o curtidoiro de Arturo Conde Cid coñecido coma a fábrica do Palleiro, os curtidoiros de Benito Cid Conde e Eliseo Cid Conde, fillos do finado curtidor Fernando Cid, coñecidos coma a fábrica do Souto e a fábrica da Aira, os curtidoiros de Camilo Rodríguez Cid coñecidos coma a fábrica da fonte e a fábrica do Paquete, o curtidoiro de José Rodicio Rodicio coñecido coma a fábrica do Pial, composto por dous curtidoiros, e o curtidoiro de Luís Álvarez Conde e de Ramón Álvarez Conde coñecido coma o Fabricolo. Na freguesía de Requeixo de Valverde había catro fabricantes: dous en Desder, a fábrica dos Largos propiedade de Camilo Conde Conde e o curtidoiro de Ricardo Conde Conde, e outros dous en Valverde, a fábrica de Benito Conde Fernández e a fábrica de Manuel Conde Conde. No lugar de Vilaboa choiaban nas peles as seguintes cinco fábricas: a fábrica de José Conde Conde que tributaba un 25% de todas as contribucións industriais pagadas no concello de Allariz, a fábrica de Miguel Rumbao Fajalde que foi sucedido pola súa filla Nieves Rumbao Martínez na primeira parte dos anos vinte, o curtidoiro do Taledo da familia Conde, a fábrica de Ricardo Conde Leguín, e a fábrica da Casqueira. No lugar da Acea de Meire, cuxas fábrica estaban localizada na zona coñecida coma "as fábricas de riba", rexistra actividade o fabricante Juan Rodríguez Conde, o curtidoiro de Antonio Rodríguez Conde coñecido coma a fábrica do Neginas, o curtidoiro de Eladio Rodríguez González coñecido coma a fábrica do Eladio e do Cesáreo, o fabricante

Ricardo Domínguez Rodríguez e o fabricante José Blanco Conde. No lugar de Vilar de Flores, na freguesía dos Espiñeiros, ergueuse o curtidoiro dos Camba dirixido por Modesto Camba Cid.

Finalmente, no concello de Xunqueira de Ambía rexistran actividade dúas fábricas a de Odilia Rivera Opazo no lugar de Requeixiño e a de Modesto Pérez Malvar no lugar de Cima de Vila e coñecida polo alcume da fábrica do Bouzo.

Na provincia de Pontevedra nos anos vinte e trinta había os seguintes empresarios dos curtumes. No concello de Lalín operan durante este período tres empresarios do curtido. A fábrica do Cortizo segue a ter actividade neste período sucedendo na súa dirección Eliseo Cortizo Villanueva ao seu pai Manuel Cortizo. Arturo Blanco Rodríguez ten o seu curtidoiro, no lugar de Filgueira, até os anos vinte que deixa de tributar á Facenda. E na propia vila de Lalín érguese un curtidoiro por Manuel Balado González que é coñecida popularmente coma a fábrica do Balado.

No concello da Estrada continuaba con actividade o curtidoiro de Benito López Juanatey no lugar de Figueiroa de Abaixo, coñecido coma "A Fabricanta". Namentres que no concello de Forcarei a coñecida coma fábrica da Arenta pasaba do fundador Ramón Fernández ao seu xenro Jesús Villaverde Chamosa.

No concello de Caldas de Reis operan a comezos dos anos vinte tres fábricas de curtumes que a seguir detallamos. A partir deste tempo operan xuntas as antigas fábricas dos Legerén e dos Mosquera, logo de que a segunda quedara sen actividade e a mercara a familia Legerén. Ambos estabelecementos industrias só estaban separados polo cativo río Berdaña polo que a súa localización era óptima para o aproveitamento conxunto. No referente ao goberno da factoría prodúcese o relevo xeracional aos irmáns Legerén Campos, primeiro na figura de Enrique e logo de Moisés. Engádense ao proceso produtivo dúas máquinas de estirar peles e un muíño eléctrico. Polo que se refire, ao curtidoiro de Fieitoxo, sito na freguesía de Santa Mariña de Carracedo, segue con actividade da man do empresario José Mateo Conde Tonceda.

No concello de Vilagarcía de Arousa dúas fábricas curten peles nos anos vinte e trinta. Na antiga rúa da Prosperidade tributa por unha fábrica de curtumes José María Guindín, cuxa actividade non chega aos anos trinta e enceta a súa actividade o empresario Manuel Mariño na fábrica coñecida coma dos Mariño no lugar da Escardia.

Na comarca de Pontevedra, no concello da Lama segue curtindo peles o curtidoiro de Souteleira, neste período dirixido alternativamente por os seguintes membros da familia Muíños: Antonio Muíños Barreiro, José Muíños Covelo e José Muíños González. No concello de Ponte Caldelas fabrican coiros os seguintes catro curtidoiros. Jesús Arruti Castro que sucedera a Jesús Arruti Hermida no dirección da fábrica dos Arruti. Ángel Martínez Otero que principia a actividade curtidora na propia vila de Ponte Caldelas no hoxe coñecido polo curtidoiro dos Fillos de Manuel Martínez. Eduardo Carnero curte na coñecida como a fábrica

dos Carnero. Finalmente, tamén curte peles o industrial Bernardo Parada Morente no lugar de Cuñas até entrados os anos vinte. No concello de Pontevedra temos unha fábrica con actividade, a coñecida como a fábrica do Borrón da familia Etchevarría. Acontecida a preceptiva sucesión empresarial de José Etchevarría Harguindey por José Benito Etchevarría Broussaint, a fábrica fecha no ano 1932.

No concello de Ponteareas operan dúas fábricas de curtumes a comezos dos anos vinte dos herdeiros de Juan Bautista Garra. Porén, na década dos anos trinta opera xa coma unha única fábrica de curtumes. O curtidoiro tiña un muíño de casca a vapor.

No concello de Vigo continúa a curtir peles o curtidoiro da familia Bárcena durante os anos vinte e segue a ter unha certa dimensión polas cantidades que achega polo concepto de contribucións industriais. Mentres, no concello do Porriño o empresario Enrique Carrera faise cargo da fábrica da Guía.

Unha síntese da evolución do empresariado dos curtumes do período 1920-1939 témola se agregamos os datos a nivel galego das altas e baixas nas tributacións por contribución industrial. Vémolas embaixo.




Gráfico núm. 6. Variacións do número de persoas empresarias (1920-1939)[140]

Tal e como pode apreciar no gráfico de enriba o número de empresarios que se dan de alta por ano ten dous incrementos salientábeis. O primeiro nos anos 1924 e 1925 onde a suba das altas na tributación teñen unha certa importancia no rural alaricano, nos lugares de Vilaboa, Acea e sobre todo na Portela da Aira Vella con nove altas. Por este motivo, pensamos que se poida tratar máis dunha regulación fiscal de actividades que xa se viñan realizando que dun incremento de feito dos curtidoiros operantes. En Vilaboa, por exemplo, seguía a curtir os cinco mesmos curtidoiros de comezos do século XX. A segunda suba

[140] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

relevante de altas témola a finais dos anos trinta aguilloada polo comezo da Guerra civil española. Namentres, que se nos fixamos na variábel das baixas vemos que estas teñen unha certa estabilidade no período.

Finalmente, no gráfico de embaixo podemos apreciar o número de persoas empresarias en activo durante o período 1920-1939. Nel debúxase o incremento de empresarios/as no medio da década dos anos vinte, xa comentada, que fai subir o número destes por enriba dos 120 e recuperando, deste xeito, uns niveis semellantes aos de dez anos atrás. A partir de aí, o gráfico describe unha tímida curva descendente orientada cara os anos corenta que se corrixe a finais do período polo inicio da Guerra civil española.




Gráfico núm. 7. Variacións do número de persoas empresarias (1920-1939)[141]

[141] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

LOCALIZACIÓN DOS COIROS GALEGOS *CIRCA* 1940

Os anos da posguerra caracterízanse no sector industrial, tamén no eido dos curtumes, por dúas notas: a escaseza de materias primas e a intervención da economía. A falta de peles e de extractos tánicos de importación volvía a converter a fartura en materias primas nunha variable destacábel nas lóxicas de localización industrial. Este novo escenario frea o esvaecemento das fábricas galegas de coiros e mesmo recuperan un chisco do seu pasado fulgor. Polo que se refire á intervención, os prezos tanto da pel como dos coiros estaban recollidos nas normativas da ditadura fascista e eran decididos burocraticamente sen ter en conta ao mercado o que ocasionaron importantes distorsións no funcionamento das empresas. Nun primeiro lugar o *Sindicato Vertical de la Piel* e logo, desde o ano 1948, a *Comisaría General de Abastecimientos y Transportes* interviñan a pel nos matadoiros e nas aduanas e a asignaban por cotas aos curtidoiros. Cos coiros pasaba algo semellante xa que o empresariado dos curtumes debía entregar os coiros a unhas empresas -de calzado, correaxes, etc.- determinadas previamente pola autoridades administrativas e por un prezo taxado previamente tamén por elas[142].

Precisamente nestes anos do alcumado *primeiro franquismo* adoita ancorarse a orixe do atraso contemporáneo da industria española. Nestes anos o índice de produción industrial evoluciona moito máis devagar que nos demais países europeos. De feito, non se trata dun simple estancamento da economía senón dunha verdadeira depresión. O máximo produtivo de preguerra (1930) non é superado até vinte anos despois (1950). É destacábel, así mesmo, que as causas do atraso só teñen unha orixe política: a forte comprensión do consumo que implicou o desenlace da Guerra civil española e a opción política autárquica da economía que escolleu Franco[143].

Nos dous últimos séculos só houbo dous períodos de condicionamento industrial xeneralizado no Estado español, que coinciden coas ditaduras de Primo de Rivera e Franco. Estas restricións á liberdade de industria, xa que o modelo deixaba en mans das autoridades a decisión final para abriren ou modificaren os estabelecementos industriais, foron levantadas co agrelar do réxime democrático[144]. Amais, durante o *primeiro franquismo*, esta política de desalento industrial foi máis intensa no sector do coiro ca noutros eidos considerados prioritarios polo réxime do 18 de xullo, o que se configura coma unha eiva importante do sector do curtido a nivel estatal[145].

---

[142] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia* ... 2005, páx. 46-47.

[143] Cf. Albert CARRERAS, "La producción industrial española, 1842-1981: construcción de un índice anual", *Revista de Historia Económica*, Ano II Núm. 1 (1984), páxs. 144-145.

[144] Cf. Luis Eduardo PIRES JIMÉNEZ, *Regulación industrial y atraso económico en la dictadura de Franco*, Madrid, Dykinson, 2003, páxs. 17, 18 e 39.

[145] A máis abastanza, a intensidade do condicionamento industrial foi moito maior na ditadura de Franco que na de Primo de Rivera, malia a ter normativas semellantes. E abofé que no período que abrangue 1926-1930 denegáronse o 3% das peticións empresariais, namentres que nos anos que van desde 1938 a 1963 desestimáronse de media o 26% delas. No sector do coiro esta porcentaxe media chega ao 32% o que demostra

Porén, esta eiva a nivel estatal non lle foi mal a Galicia xa que autorizar a apertura de novos curtidoiros máis competitivos provocarían o peche das fábricas galegas coma de feito ocorreu tras o levantamento da intervención no sector dos coiros. Deste xeito, os curtidoiros galegos aínda permanecen abertos nos anos corenta e cincuenta do século pasado.

A título ilustrativo, para ver o impacto da Guerra Civil española no mercado do curtido, temos embaixo o resultado empresarial da sociedade "Hijos de Garra S.R.C" de Ponteareas entre os anos 1933 e 1950. En concreto, achéganse os beneficios líquidos da empresa (utilidades) que se repartían entre os socios segundo a Conta de Perdidas e Ganancias da Sociedade Regular Colectiva da empresa.

BALANCE DA SOCIEDADE "HIJOS DE GARRA S.R.C."	
Ano	Contía en pesetas
1933	12.651,59
1934	8.423,40
1935	8.066,59
1936	9.294,60
1937	44.069,08
1938	44.747,42
1940	32.675,52
1942	28.515,84
1943	37.099,54
1944	48.597,00
1945	2.728,16
1946	-12.221,30
1947	1.347,89
1948	21.507,92
1949	-21.125,68
1950	6.030,74


Cadro núm. 3. Resultado empresarial da sociedade "Hijos de Garra S.R.C" (1933-1950)[146]

Como vemos no cadro de enriba, os beneficios dos socios da empresa debuxan unha liña ascendente a partir do ano 1937 (pasa de 9.294,60 a 44.069,08 pesetas) para comezar a ser máis dubitativo desde mediados dos anos corenta.

Todo o comentado aguilloa a localización dos curtidoiros galegos *circa* dos anos corenta do século pasado. No mapa de abaixo podemos observar a distribución da industria dos curtumes por Galicia arredor do ano 1940, no que se destacan os datos do empresariado que tributa por contribución industrial agregados por concellos.

que para o réxime franquista non foi prioritaria esta industria fronte a outras fornecedoras de bens de equipos coma as eléctricas, químicas ou metalúrxicas. Cf. *Ibídem*, páxs. 42-55.

[146]AHPO, Fondo de Facenda de Pontevedra, Sinatura núm. G-8687.



Mapa núm. 7. Distribución territorial do empresariado dos curtumes galegos en 1940

Nas seguintes liñas imos comentar os datos que nos deixa ver o anterior mapa. Na provincia da Coruña as fábricas de curtidos esparexíase por 17 concellos sobre o ano 1940 que sumaban un total de 64 curtidoiros. Estes concellos pertencen a 12 comarcas diferentes que se ciscan por todo o territorio provincial e lindan coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra. A distribución territorial por comarcas e concellos viña sendo do seguinte xeito: Na comarca de Ferrol unha fábrica no concello de Narón, na Comarca do Eume unha fábrica no concello de Pontedeume, na Comarca da Coruña unha fábrica no concello da Coruña e outra no concello de Carral, na Comarca de Betanzos unha fábrica no concello de Betanzos, na Comarca de Bergantiños catro fábricas no concello de Carballo, tres fábricas no concello da Laracha e dúas fábricas no concello de Coristanco, na Comarca de Fisterra unha fábrica no concello de Dumbría, na Comarca da Barcala dúas fábricas no concello de Negreira, na Comarca de Ordes unha fábrica no concello de Ordes, na Comarca de Terra de Melide dúas fábricas no Concello de Melide, na Comarca de Santiago oito fábricas na capital do país, unha fábrica no concello de Brión e outra no concello do Val do Dubra, na Comarca do Sar unha fábrica no Concello de Padrón e na Comarca de Noia 33 fábricas no concello de Noia. Tal e como amosan os datos nos anos centrais do Novecentos a industria dos coiros estaban moi enraizada na provincia da Coruña onde se localizaba en 12 das 18 comarcas desta provincia, aínda que só nun dos concellos, o de Noia, acaparara 33 das 64 fábricas provinciais após a Guerra Civil española.

Na provincia de Lugo as fábricas de curtumes inzábanse en oito concellos nos anos *circa* de 1940 que sumaban un total de 15 curtidoiros. Estes concellos agrúpanse en sete comarcas que se esparexen por todo o territorio provincial, que lindan coas outras tres provincias galegas. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca da Mariña Occidental unha fábrica no concello de Viveiro, na Comarca da Mariña Central unha fábrica no concello de Alfoz, na Comarca da Terra Cha un curtidoiro en Vilalba, na Comarca de Lugo catro fábricas na capital provincial, na Comarca de Sarria tres fábricas no concello de Sarria e unha fábrica no concello de Samos, na Comarca de Terra de Lemos dúas no concello de Monforte de Lemos e na Comarca de Chantada tres fábricas na vila do Asma. Os datos, ao igual que os analizados no ano 1920, falan por si solos: 15 fábricas, 8 concellos e sete comarcas. Neste tempo os curtumes da provincia de Lugo seguían a estar moito ciscados polo territorio, malia que si que é certo que 10 dos 15 se concentran en tres núcleos: Chantada, Lugo e Sarria.

Na provincia de Ourense a industria do curtido estaba presente en 11 concellos que por ese tempo sumaban un total de 45 fábricas de curtumes. Estes concellos encádranse en catro comarcas occidentais da provincia conectadas entre si e que lindan con Portugal e coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra, nunha comarca ao Sur da provincia que linda con Portugal e noutra comarca ao Leste que linda coa Comunidade Autónoma de Castela e León. A distribución por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca do Carballiño nove fábricas no concello de Piñor, catro no concello de Maside e unha no concello do Carballiño, na Comarca de Ourense unha fábrica no concello de San Cibrao das Viñas e outra no concello de Canedo (hoxe Ourense), na Comarca de Allariz-Maceda 23

fábricas no concello de Allariz e dúas no concello de Xunqueira de Ambía, na comarca da Terra de Celanova unha fábrica no concello de Celanova, na Comarca de Verín unha fábrica no concello de Monterrei e outra no concello de Verín e na Comarca de Valdeorras unha fábrica no concello do Barco de Valdeorras. Entre os lugares con máis presenza de actividade curtidora citamos os lugares de Acea, Allariz, A Portela da Aira Vella e Vilaboa no concello de Allariz e a aldea de Porto do Souto e a do Reino no concello de Piñor.

Na provincia de Pontevedra a industria dos coiros localizábase en 11 concellos que por ese tempo que sumaban un total de 14 curtidoiros, os mesmos que no período anterior. Estes concellos englóbanse en sete comarcas, que lindan con Portugal e co resto de provincias galegas. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca do Deza dúas fábricas no concello de Lalín, na Comarca de Tabeirós Terra de Montes unha fábrica no concello da Estrada e outra no concello de Forcarei, na Comarca de Caldas dúas fábricas no concello de Caldas de Reis, na Comarca do Salnés unha fábrica no concello de Vilagarcía de Arousa, na Comarca de Pontevedra dúas fábricas no concello de Ponte Caldelas, unha fábrica no concello da Lama, unha fábrica no concello de Pontevedra e outra no concello de Vilaboa, na Comarca do Condado unha fábrica no concello de Ponteareas e na Comarca de Vigo unha fábrica no concello do Porriño.

En Galicia un total de 47 concellos rexistran a actividade de fábricas de curtumes, segundo os datos das contribucións industriais, nos que se inzan 139 curtidoiros arredor do ano 1940. Na análise dos datos reflíctese que as provincias da Coruña e Ourense localizan un maior número de fábricas con 64 e 45 respectivamente, axudadas, de novo, polo pulo que os curtumes acrecentan nas vilas de Noia e Allariz. Se botamos unha ollada con máis detemento vemos que a cidade de Santiago de Compostela segue a ser o concello onde as fábricas máis contribucións industriais tributan cun 15% aproximadamente do total dos pagamentos. Seguida precisamente das dúas grandes vilas curtidoras galegas xa referidas Allariz e Noia que achegan arredor do 10% cada unha. Ademais, rexístrase nas contribucións industriais unha tímida mecanización do sector nas declaracións tributarias do empresariado. Deste xeito, tribútase, no conxunto de Galicia, por 15 bombos, tres tambores de curtir, unha máquina de estirar as peles, unha máquina de abrandar, unha máquina de rebaixar, dúas máquinas de cilindrar, dous muíño de vapor e sete muíño eléctrico para triturar a casca. Como consecuencia do anterior, tamén comezan a desaparecer paseniño os muíños de casca tradicionais turrados por cabalaría pois só se rexistran 44 para as 139 fábricas de curtumes.


No referente á localización das fábricas de curtidos após a Guerra civil española a industria dos coiros galega encomezou a ancorarse timidamente nas comarcas orientais de Ourense, sen tradición no eido dos curtumes, onde xermolan fábricas en catro vilas: Monterrei, Verín, O Barco de Valdeorras e nos cincuenta en Vilamartín de Valdeorras. Pola contra, no norte da provincia de Lugo ocorre todo o contrario onde as fábricas esmorecen en

todos os concellos a excepción de Viveiro[147] no que a fábrica da Xunqueira aguanta durante uns anos máis.

Outra ollada complementaria á anterior dos curtumes galegos *circa* de 1940 témola no mapa de abaixo onde podemos observar a distribución da industria dos coiros por Galicia tendo en conta a tributación empresarial polo concepto de contribución industrial agregada por concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[147] A fábrica do Penido do concello de Alfoz, que se inclúe no mapa *circa* de 1940, pechara as súas portas no ano 1936.



Mapa núm. 8. Distribución territorial das contribucións industriais dos curtumes galegos en 1940

Decontado imos debullar os datos que nos ofrece o anterior mapa. En relación as fábricas máis importantes da provincia da Coruña, aquelas que máis pagan en concepto de contribución industrial neste período de análise destacan a de Juan Harguindey Pérez e a de Arturo Vilas Molezún en Compostela, a de "Novo y Sierra" no concello de Padrón, a de José Regojo Rodríguez en Pontedeume, a de Ricardo Sánchez Varela no concello de Melide e a de Blas Agra Cadarso en Noia. Destaca tamén neste tempo, aínda que os datos son do ano 1942[148], a fábrica de Agustín Rodríguez no antigo concello de Santa María de Oza –hoxe A Coruña-, curtidoiro que ademais tributa por un muíño de casca, dous bombos de curtir, uns toneis de curtir peles *becerrillo* e catro máquinas de rebaixar. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Subliñamos, así mesmo, que 12 dos curtidoiros referidos acrecentaban o seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo. Ademais, tributan por diferentes trebellos e maquinas as seguintes fábricas: a fábrica de Antonio Rodríguez Casal do concello de Narón por un bombo, as noiesas de Blas Agra Cadarso por tres bombos e unha máquina de cilindrar, de Manuel Juanatey Fernández por un bombo e un muíño de vapor e de José Fernández Juanatey por un muíño eléctrico, a de José Regojo Rodríguez de Pontedeume por catro bombos de curtir e un cilindro de sola, a fábrica de Ricardo Sánchez Varela no concello de Melide por unha máquina de cilindrar, a compostelá de Juan Harguindey Pérez por dous bombos e por dous muíños eléctricos e a fábrica "Novo y Sierra" do concello de Padrón por catro bombos.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Santiago de Compostela, Noia, Padrón e Pontedeume, malia que estes dous concellos só conta con cadansúa fábrica.

No referente aos curtidoiros da provincia de Lugo que máis achegas fan á Facenda pública neste período destacan os lucenses de Francisco Jáñez Rodríguez, Daniel Yáñez Varela e José Herrero Lobejón, o de José Franco Fernández no concello de Viveiro e o de José Conde Fidalgo en Monforte de Lemos. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que seis dos curtidoiros referidos acrecentaban o seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Lugo, que lidera neste período as tributacións, Chantada e Viveiro.

Polo que se refire ás fábricas que máis tributan na provincia de Ourense arredor do ano 1940 destacan a de Amador González Borrajo concello de Canedo (Ourense), as de José Conde Conde e Abelardo Nogueiras Mangana no concello de Allariz e as de Anuncia Mangana Pato, Andrés Piteira Corral e Juan Ureña Román no concello de Piñor. O resto dos

[148] Os datos da actual cidade da Coruña que se teñen en conta para a análise da localización das fábricas de curtidos *circa* de 1940 son os datos correspondentes ao propio ano 1940. Ocorre que neste preciso ano non se gardan rexistros de pagamento de todas as contribucións industriais por parte da fábrica de Agustín Rodríguez no Arquivo do Reino de Galicia. Agora ben, si que se rexistran dos anos anteriores e posteriores próximos ao de 1940 e debido a dimensión do curtidoiro por iso se sinala concretamente no texto.

curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que 18 dos curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo e que as fábricas de curtumes de Luís Mangana Conde en Allariz, de Antonio Rodríguez no Carballiño e de Felisindo Mangana Pato no Reino en Piñor xa contaba cun muíño eléctrico para triturar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Allariz, cuxas fábricas tributan case que a metade de toda a provincia, Piñor e O Carballiño. Concello do Carballiño no que só tributa unha empresa a diferenza do vizoso empresariado que presentan os outros dous concellos.

No referente ás fábricas que máis tributan na provincia de Pontevedra arredor de 1940 destacan a de Moisés Legerén Campos e a de José Mateo Conde Toncedado no Concello de Caldas de Reis, a de "Hijos de Garra" no concello de Ponteareas, a de Enrique Carrera no concello do Porriño e a de Segundo Mariño Pérez no concello de Vilaboa. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que oito dos curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo, namentres que a fábrica de "Hijos de Garra" acrecentaba unha máquina de vapor e a de Moisés Legerén Campos unha máquina de estirar peles e un muíño de casca eléctrico. Finalmente, comentar que a fugaz fábrica de Francisco Blanco Vilas no concello da Estrada declara á Facenda que usa no proceso produtivo tres tambores, unha máquina de rebaixar e unha máquina de abrandar[149].

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Caldas de Reis, cuxos curtidoiros achegan aproximadamente un terzo das contribucións, Ponteareas e O Porriño.

Polo que se refire ás principais persoas empresarias dos curtumes galegos, na táboa de abaixo áchanse recolleitas ás máis destacadas do actual período de análise. Para escolmalos tivéronse en conta as contías achegadas á Facenda pública polo tributo das contribucións industriais polas fábricas galegas no ano 1940.

PRINCIPAIS FÁBRICAS DE CURTUMES EN GALICIA *CIRCA* DE 1940			
Nome do empresario/a	Concello	Contía (pesetas)	M^3 declarados
Juan Harguindey Pérez	Santiago de Compostela	4.411,62	
"Novo y Sierra"	Padrón	3.295,36	
José Regojo Rodríguez	Pontedeume	2.902,38	
Moisés Legerén Campos	Caldas de Reis	1.947,61	140
Arturo Vilas Molezún	Santiago de Compostela	1.962,92	180
"Hijos de Garra"	Ponteareas	1.760,19	156
Ricardo Sánchez Varela	Melide	1.748,00	
Francisco Yáñez Rodríguez	Lugo	1.254,38	54
Amador González Borrajo	Canedo (Ourense)	1.159,20	
Antonio Rodríguez Casal	Narón	1.026,98	
Blas Agra Cadarso	Noia	956,13	34,25
Anuncia Mangana Pato	Piñor	951,60	

[149] AHPP, Fondo de Facenda, Sinatura núm. G-8721.

José Conde Conde	Allariz	906,77	102
Andrés Piteira Corral	Piñor	789,83	
Enrique Carrera	O Porriño	779,37	93

Cadro núm. 4. Principais fábricas de curtumes en Galicia *circa* de 1940[150]

Das quince fábricas máis importantes, referidas na táboa de enriba, destaca o feito da dispersión xeográfica destas pois só nos concellos de Santiago de Compostela e no de Piñor acrecentan máis dunha fábrica, en concreto dúas cadanseu. Por provincias, a da Coruña segue a ser a onde están radicadas un maior número delas, sete, seguida de Ourense con catro, Pontevedra con tres e Lugo con unha na propia capital. Destacamos que só tres das fábricas están erguidas en cidades polo que parece que as grandes fábricas se comezan a asentar en concellos de tamaño medio e pequeno. Subliñamos, así mesmo, que as principais fábricas de curtidos dos anos lindeiros con 1940 teñen maioritariamente por empresarios a persoas físicas, un total de 13 das 15 da mostra do que unha delas é muller.

As fábricas de curtumes galegas entre os anos 1940 e 1959

Se botamos unha ollada máis polo miúdo das contribucións industriais tributadas polo empresariado galego durante os anos 1940-1959 obteremos unha imaxe máis detallada sobre a localización dos curtidoiros polas distintas provincias. Imos aló.

Na provincia da Coruña nas décadas dos anos corenta e cincuenta rexistran actividade de fabricación de coiros as seguintes fábricas agregadas por concellos. No concello de Narón seguía a curtir peles o curtidoiro coñecido coma a fábrica da Ponte de Xuvia propiedade de Antonio Rodríguez Pita que pasa o dirección da empresa a Antonio Rodríguez Casal no ano 1942[151]. A fábrica fecharía o ano 1956, cando xa empregaba no seu proceso produtivo un bombo de curtir e unha máquina de cilindrar.

No concello de Pontedeume segue a operar a coñecida coma fábrica "La América", agora baixo a dirección do empresario José Regojo Rodríguez. O curtidoiro ten unha grande capacidade de produción con catro bombos de curtir, tres molinetes e 87 píos de curtir[152]. Malia o anterior, o curtidoiro non verá os anos sesenta.

Na Comarca da Coruña temos sete fábricas no concello de Carral e no da Coruña que se caracterizan porque ningunha chega con actividades aos anos sesenta. No concello de Carral continúa a súa actividade fabril Antonio Mouriño Barreiro na súa fábrica sita no lugar de Hervés. Namentres que no concello da Coruña temos que falar de seis curtidoiros. A fábrica de Agustín Rodríguez sita no lugar de Pedrafurada (Monelos), que acrecenta xa unha grande mecanización no ano 1944 con 5 bombos e 11 máquinas[153]. Ademais, realiza no seu

[150] Elaboración propia con datos das contribucións industriais. Os datos recollen a tributación pola fábricas e máis a do muíño de casca e demais máquinas da instalación industrial. Os datos tamén acrecentan as recargas que os concellos impoñían neste tributo. Pódense consultar no Anexo II deste traballo.
[151] Justino FERNÁNDEZ NEGRAL, *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, ... , páx. 70.
[152] ACPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 1.245.
[153] ARG, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 490.

proceso produtivo un curtido mineral. O curtidoiro de Jesús Pérez Prieto do lugar dos Castros, que incorpora ao proceso de produción un bombo de curtir e unha máquina de cilindrar. O curtidoiro de sola de Julio Sanz Márquez localizado na Coruña segue a curtir peles. Durante este período tamén curte peles Juan Manuel García Ayán no antigo concello de Santa María de Oza, no lugar da Ponte Pasaxe, que emprega no seu proceso produtivo unha máquina de cilindrar. Outras dous empresarios dos curtumes que operan no concello da Coruña son Manuel Gantes Barreiro e Pedro e Carmen Sanmartín Luna.

No concello de Carballo durante o período 1940-1959 temos as seguintes oito fábricas. Sete fábricas que veñen do período anterior: A fábrica do Cereiro de Eduardo Mariño; a fábrica do Tarambollo na que o pioneiro Generoso Queipo Yáñez e relevado polo seu fillo Jesús Queijo Vázquez no ano 1950; a fábrica de Herminia Esperante Fernández na freguesía de Berdillo, que pecha no ano 1950; a fábrica de Entrecruces onde Hermenegildo Vázquez Antelo dá paso a José Vázquez Carracedo no ano 1953; a coñecida na actualidade coma a fábrica de Santa Elisa de Ramón Manuel Iglesias Sánchez; a fábrica de José Riveiro Carracedo localizada no lugar de Liñares e que pecha no ano 1959; e a fábrica de Serafín Quintela Ramos no lugar de Xoane que pecha na primeira parte dos anos corenta. Ás anteriores súmase unha fábrica que agrela a mediados do século impulsada polo empresario Jesús López Fraga no lugar do Forno, freguesía de Artes, coñecida coma a fábrica do Bardanca.

No concello de Coristanco temos que falar dunha fábrica que xunto coa fábrica de Queijo e PICUSA son as únicas de toda Galicia que seguen en funcionamento hoxe en día. A actual fábrica "curtipiel" está rexentada pola cuarta xeración de empresarios da mesma saga familiar. A empresa encetou a actividade no concello de Carballo, onde rexistran actividade os dous primeiros empresarios deste curtidoiro (curtidoiro de Entrecruces), para pasar no ano 1949 á súa actual localización no concello de Coristanco. O seu primeiro propietario en Coristanco foi Antonio Vázquez Carracedo que enraizou a fábrica onde está hoxe, no lugar de Midón, na freguesía de San Paio de Coristanco.

No concello da Laracha operaban por estes anos cinco curtidoiros. Catro que xa curtían no período anterior: o curtidoiro de Cumiáns de Magdalena Vázquez Rabuñal, o curtidoiro de San Cristovo de Antonio Queijo Pérez, o curtidoiro do Viso no que Jesús García Iglesias substitúe a Jesús Pena Torreira, o curtidoiro do Regueiro de Antonio Fuentes Pérez. Ademais, un quinto curtidoiro curte no lugar de Sopé, freguesía de Montemaior, dirixido por Jesús García Boquete.

No concello de Dumbría segue a fábrica de José Esparís Vázquez coñecida coma a fábrica do Carme. Igualmente no concello de Ordes a fábrica de Ramón Faya Fernández continúa a curtir. Namentres que no concello do Val do Dubra segue con actividade a fábrica do Pelachín que no ano 1958 pasa a ser dirixida por Manuel Rey Recarey en substitución de Maximino Recarey Pena e crease unha nova fábrica por Manuel Antelo Rodríguez no ano 1951, no lugar de Chousa do Mato, na freguesía de Rial.

No concello de Negreira había dúas fábricas de curtidos, a fábrica do Suárez de Celestino Suárez Pensado e a fábrica do Malvárez de Manuel Malvárez Liñares, ambas localizadas no lugar de Covas.

No concello de Melide continuaba curtindo a coñecida coma a fábrica de Furelos rexentada por Ricardo Sánchez Varela e no concello de Arzúa curte durante uns anos José Villanueva Bernárdez na fábrica coñecida como "A Salvadora", no lugar do mesmo nome.

No concello de Santiago de Compostela operan oito curtidoiros nos anos corenta e cincuenta do século XX. Son os que seguen. A fábrica de Guadalupe de Juan Harguindey Pérez, a fábrica de Picaños de Laureano Otero Buján, a fábrica das Casas do Rego dirixida por Jesús Juanatey Laranga e Alfonso Fernández Juanatey, a fábrica Campo do Espiño ou do Río dos Sapos que renace tras uns anos fechada con Guillermo Fernández Juanatey mais non chega aos anos sesenta, a fábrica de Ponte Pedriña de Arriba de Arturo Vilas Molezún, a fábrica da Ribeira de San Lourenzo ou de Santaló de Ladislao Pérez Llano, a fábrica do Hospicio Vello rexentada por José María López Paris até o ano 1956 e a fábrica de Juanatey do Rueiro de Figueiriñas de Tenerías e Industrias Gallegas, S.L. (T.I.G.A.).

No concello de Brión segue activo a pequena fábrica de Faustino Hermo Nieto sita en Soutullos. No concello de Outes Emiliano López Blanco curten na segunda parte da década dos anos corenta no curtidoiro de San Ourente, no lugar da Seara. Pola súa banda, no concello de Padrón seguía a producir coiros tamén a fábrica de "Novo y Sierra", no lugar da Matanza, unha fábrica da que vai coller o temón Ignacio Zaragoza e vai acadar unha forte mecanización que a vai levar aos nosos días.

O concello de Noia arrinca o ano 1940 con 33 fábricas curtindo peles mais operan un total de 45 curtidoiros nos anos corenta e cincuenta do século XX. Son os que seguen. Na freguesía de Santa María de Barro curtían peles 17 empresarios: Pedro Rodríguez García, no lugar de Barro; Isidro Agrofojo Canedo, no lugar de Barro; Manuel Agrofojo Blanco, no lugar de Eiroa; Benito Juanatey Fernández, no lugar de Vilanova; Ramón Barreiro Rodríguez, no lugar da Rasa de Abaixo; Alfonso Fernández Juanatey e Manuel Varela Romarís, na coñecida coma a fábrica de Manuel Varela, no lugar da Rasa de Abaixo (tributan por un muíño eléctrico); Alfredo García Fernández, no lugar da Rasa de Abaixo; José María García Liñayo, no lugar da Rasa de Abaixo; José Fernández Rodríguez, no lugar da Rasa; José Roo Nieto, no lugar da Rasa; Juan Trillo Belles, no lugar da Rasa de Arriba; Francisco Agrofojo Lamas, no lugar da Raxa; José Manuel Liboreiro Moledo, no lugar de Vista Fermosa; Manuel Pazos Barreiro, tamén no lugar de Vista Fermosa; José Ramón Agrofojo Carneiro e Antonio Agrofojo Canedo, no lugar de Orro; José Pazos Barreiro, no lugar de Augalevada; Benito Cambeiro Pérez, no lugar de Campo de Lamas; e José María Viñas Martínez, no lugar de Campo de Lamas, cuxo curtidoiro era coñecido coma a fábrica do Cotorín. Na freguesía de San Martiño de Noia fabricaban coiros 11 empresarios: Miguel López Prieto, no lugar do Couto (tributa por un bombo); Manuel Juanatey Fernández, no lugar da Carcasía (tributa por un bombo e unha máquina de vapor); Manuel Álvarez Juanatey, tamén na Carcasía; Basilio

Rodríguez Jamardo, no lugar da Ponte de Traba, cuxo curtidoiro e coñecido coma o Chau Chau (tributa por un muíño eléctrico); Joaquín Ulloa Pestonit, tamén no lugar da Ponte de Traba (tributa por un muíño eléctrico); Ramón Varela Riva en Noia (tributa por un muíño eléctrico), José Fernández Juanatey (tributa ademais por un bombo e por un muíño eléctrico), Manuel Caamaño Mayo, Rafael Rodríguez Jamardo (tributa ademais por un muíño eléctrico) e Fernando Lorenzo Gonceta, no lugar de Bernardo; Ricardo Fernández Martínez, no lugar da Perouta. Na freguesía de Santa Mariña do Obre no lugar da Chaínza operaban 12 empresarios: José Suárez Oviedo (tributa ademais por un muíño eléctrico), Avelino Suárez Oviedo, Francisco Filgueira Lado, José Juanatey García, Ramón Juanatey Piñeiro, Ramón Rechou, Ramón Pérez Noya e Segundo Pérez Queiro -cuxo curtidoiro era coñecido como a fábrica do Vienés- (tributan ademais por un muíño eléctrico), Blas Agra Cadarso (esta fábrica tributaba por dous bombos de curtir e un muíño eléctrico), José Álvarez Juanatey, Mercedes García, José Barreiro Freire e María Filgueira Santos, cuxo curtidoiro era coñecido coma a fábrica do Fandelo; e na freguesía de Santa María de Argalo curtían catro empresarios: Ramón Mariño Neu, no lugar de Valbargos; e no lugar da Ponte de San Francisco, Andrés Hermida Blanco, a fábrica da familia Somoza e Antonio Blanco Abeijón.

Na provincia de Lugo, no concello de Viveiro segue con actividade o curtidoiro da Xunqueira agora rexentado por José Franco Fernández. Namentres que no concello de Vilalba rexistra actividade curtidora de novo a fábrica de Domingo Apenela Gayoso no lugar de Camporredondo na propia capital chairega.

No concello de Lugo operan durante estes anos cinco curtidoiros. No lugar de Paradai, o curtidoiro de Herrero Lobejón é rexido neste período por distintas persoas da familia, inclusive nalgún caso por unha sociedade limitada familiar, e que nos anos corenta comeza a mecanizarse coa introdución no proceso produtivo dun bombo de curtir no ano 1943 e dun martelo bater sola. Na contorna da Tolda de Castela, á beira do Miño seguiu empoleirado até a década dos anos cincuenta o curtidoiro de Gervasio Rodríguez coñecida coma a fábrica do Roxo. Na actual avenida de Madrid, no lugar de Pedreiras, mantense con actividade a fábrica da familia Yáñez neste tempo rexida primeiro por Manuel Rodríguez Teijeiro e logo por Daniel Yáñez Varela que fecha a fábrica andados os anos cincuenta. A fábrica de Francisco Jáñez Rodríguez ten unha certa importancia neste período ao incrementar claramente a súa produción. A mediados dos anos corenta muda o seu rexistro ao nome comercial de "Sociedad Almacenes Jáñez" e mecanízase rapidamente contando xa entre os anos corenta e cincuenta con oito máquinas e catro bombos de curtir o que fan que as súas achegas por contribución industrial se disparen. Finalmente, xermola en Lugo un grande curtidoiro nos anos centrais da década dos corenta que responde ao nome mercantil de Industrias Abella, S.L. e que rexistra a actividade dun bombo de curtir.

No concello de Samos había unha fábrica de curtumes no lugar de Vilachá de abaixo cuxo empresario era Venancio López Hospido que sucedera a Manuel Díaz González. Pola súa banda, no concello de Sarria curtían peles tres curtidoiros. O curtidoiro de Santiago Sarry Valcarce no lugar de Treilán, a fábrica de Castelo de Daniel Sánchez Rodríguez que fecha a

mediados dos anos cincuenta e a fábrica propiedade de Benigno Sánchez, tamén no lugar de Castelo, e que tampouco chega aos anos sesenta.

No concello de Chantada realízanse angueiras curtidoras en tres fábricas por este tempo. Eran as que seguen. O curtidoiro do Merluza, a carón da Ponte Vella, propiedade de Antonio Boo Meijide, a fábrica de Edelmiro Rumbao Martínez coñecida coma a fábrica do Rumbao que fecha no ano 1956 e o curtidoiro do Cereixeiro á beira da Ponte Nova de Chantada.

No concello de Monforte de Lemos continúan a fabricar coiros as dúas fábricas do período anterior. A fábrica dos Conde rexentada por José Conde Fidalgo que tras unha tímida mecanización coa adquisición dunha máquina de cilindrar muda de mans no ano 1948. O novo empresario, Guillermo Regojo Beloso, xa incorpora no primeiro ano da súa xestión un bombo ao proceso produtivo. No referente ao curtidoiro da Pinguela, o propietario Manuel Sáez Gómez mecaniza un chisco a súa fábrica coa introdución dunha máquina de cilindrar e uns molinetes de tinguido de coiros.

Na provincia de Ourense, no concello de Celanova (no que incluímos o antigo concello de Acevedo do Río), falabamos máis enriba da fábrica de Mandrás e máis de Xamirás e ambas seguen con actividade, a primeira rexentada pola familia Pérez Dapia e a segunda por Adolfo Montero Deza. No concello de Canedo (hoxe Ourense) inza o seu curtidoiro Amador González Borrajo aproveitando a licenza da fábrica de Amoeiro que fecha deste xeito definitivamente a súa actividade. Subliñamos que nesta fábrica de Canedo choiou unha muller pois é único caso en Galicia que chegou ás nosas orellas, aínda que son numerosas as mulleres que exerceron coma empresarias do curtume aquén do Padornelo.

No concello do Carballiño temos tres curtidoiros con actividade neste período. A fábrica de Jesús Lorenzo Pedrouzo en Framia acrecenta actividade un par de anos, a de Antonio Rodríguez Pereira, coñecida coma a fábrica do Reque, que pasa ás mans do seu fillo Primitivo Rodríguez Vila en 1953, e a fábrica da familia Piteira que se traslada por este tempo de Porto do Souto ao Carballiño onde acrecenta un muíño eléctrico. Seguindo na mesma comarca do Carballiño, no concello de Maside, continúan curtindo tres dos curtidoiros sinalados no anterior período: o curtidoiro de Gulfar, o curtidoiro do Roxo e o curtidoiro de Listanco. Na fábrica de Gulfar dirixida por Cesáreo Lorenzo Rodríguez prodúcese o preceptivo relevo xeracional a comezos dos anos cincuenta cando enceta a actividade dos irmáns Lorenzo Pedrouzo -Cesáreo, Domingo, Manuel e Peregrina-, fillos do anterior e que dependendo do ano tributa un ou outro ou, ás veces, varios no mesmo ano. No lugar de Pousada rexistran unha escasa actividade catro artesáns sen contar a Gumersindo González Pérez (curtidoiro do Roxo). Para rematar co concello de Maside temos que falar de dúas novas fábricas. A coñecida como de Fonteboa que inzou outro dos irmáns Lorenzo Pedrouzo de nome Máximo a mediados dos anos corenta e a do Agro da Quinta de Benigno Lorenzo Rodríguez, irmao de Cesáreo da fábrica de Gulfar, e que pasou ao seu fillo Benigno Lorenzo Argibay no ano 1959. Este "curtidoiro" nin sequera tiña un edificio no que se realizasen as

súas angueiras curtidoras. De feito, a única estrutura material do curtidoiro era un grande pío de pedra de perpiaño de granito galego que se chantaba no medio dunha leira, o que nos dá unha imaxe de coma eran as máis das "fábricas" de curtumes deste concello e que dificulta enormemente achar as súas pegadas. Finalmente, no concello de Piñor durante o período 1940-1959 temos que falar de doce fábricas con actividade. No lugar de Porto do Souto seguen curtindo as seis fábricas que amentamos no período anterior, isto é, a dos Portugal, a do Vinculeiro, a de Juan Nóvoa Portugal, a de Gumersindo Nóvoa Portugal, a fábrica do Pintarolo e a dos Piteira. Estas fábricas acreditan mudas na súa dirección empresarial por diversos motivos entre os que se achan os lóxicos do cambio xeracional mais tamén o intento de tentar escapar das fauces da *Fiscalía de Tasas*[154]. Ademais, ínzase na primeira parte dos anos corenta outros dous curtidoiros en Porto do Souto o curtidoiro de Mercedes Blanco Portugal, filla do empresario do coiro Gumersindo Blanco Pérez, e a fábrica de Francisco Vázquez Pardo. No lugar do Reino, seguen con actividade os dous curtidoiros xa comentados no anterior período o dos Blanco-Mangana e o dos Ureña. En Torguedo segue tamén o grande curtidoiro de Juan Antonio Portugal Crespo que incorpora ao proceso produtivo un muíño eléctrico e un Motor S.H.P. En Barrán seguiu con actividade até o ano 1958 a fábrica de Máximo Pousa Fernández[155]. E en Vilariño tamén seguen choiando os empresarios do coiro Bernardino Álvarez Fernández e a de José Ramón Nóvoa Portugal.

O concello de Allariz principia a posguerra con 23 fábricas curtindo mais nas décadas corenta e cincuenta localízanse un total 35 de curtidoiros de peles. Imos velos agrupados por lugares. Na capital do Arnoia temos operando as catro fábricas xa en funcionamento nos períodos anterior: A fábrica dos Nogueiras, onde Manuel Nogueiras Rumbao sucede ao seu pai Abelardo Nogueiras Mangana nos anos centrais da década dos cincuenta, o curtidoiro da Torre Lombarda, dirixido por Evaristo Conde Fernández, o curtidoiro coñecido coma dos Mangana, que acrecentaba un muíño eléctrico, e a fábrica de Vilanova de Camilo Rumbao. A estas catro fábricas engádese a de Manuel Conde Rodríguez coñecida coma a fábrica do Manoliño. No lugar da Portela da Aira Vella curtían peles dez fábricas. Eran as que seguen, o curtidoiro da Laga, o curtidoiro de Arturo Conde Cid coñecido coma a fábrica do Palleiro, o curtidoiro de Daniel Conde García coñecido coma a fábrica do Campo, os curtidoiros de Eliseo Cid Conde e Delfín Cid Álvarez coñecidos como a fábrica do Souto e a fábrica da Aira, os curtidoiros de Camilo Rodríguez Cid coñecidos coma a fábrica do lavadoiro, a fábrica da fonte e a fábrica do Paquete, o curtidoiro de José Rodicio Rodicio e Remigio Rodicio Conde coñecido coma a fábrica do Pial, composto por dous curtidoiros, e o curtidoiro

[154] Os cambios na xestión destes curtidoiros foron os que seguen: na fábrica do Vinculeiro o novo empresario é Felisindo Gutiérrez Nóvoa neto do anterior Camilo Nóvoa Fernández, na fábrica de Juan Nóvoa este é sucedido no ano 1944 polo seu fillo Camilo Nóvoa Portugal, na fábrica de Gumersindo Nóvoa este é sucedido tamén no ano1944 polo seu fillo José Nóvoa Seijo, na fábrica do Pintarolo o novo empresario é César Manuel Noguerol Nóvoa en substitución do seu pai José Noguerol Mosquera e na fábrica do Piteira Andrés Piteira Corral e sucedido no ano 1941 polo seu fillo José Andrés Piteira Fernández que seguen en Porto do Souto até o ano 1947 cando marcha para o Carballiño.

[155] Esta fábrica non tributa durante os anos 1940-1959 por contribucións industriais mais incluímola na nosa análise logo do testemuño achegado a este estudo por Sergio Pousa, fillo do empresario Máximo Pousa Fernández, o 7 de setembro de 2016 na súa fábrica de ataúdes, no senso de que a fábrica tivo actividade até o referido ano 1958.

de Ramón Álvarez Conde e de Odilio Álvarez Conde coñecido coma o Fabricolo. Na freguesía de Requeixo de Valverde había tres fabricantes de curtumes: un en Desder, a fábrica dos Peneiras de Antonio Conde González, e outros dous en Valverde, a fábrica de Benito Conde Fernández e a fábrica de Manuel Conde Conde. No lugar de Vilaboa choiaban nas peles as seguintes seis fábricas: a fábrica de José Conde Conde, a fábrica de Miguel Rumbao, propiedade de Nieves Rumbao Martínez, o curtidoiro do Taledo da familia Conde, a fábrica de Ricardo Conde Leguín, a fábrica da Casqueira e a fábrica de Benito Conde Cid. No lugar da Acea de Meire, a fábrica de Marcial Domínguez Rodríguez, a fábrica de Cesáreo Rodríguez Conde, a fábrica de Manuel Conde Rodríguez, a fábrica dos Nogueiras da Acea, dirixida por Francisco Nogueiras Mangana, e a fábrica de Dolores Rodríguez Conde. No propio lugar da Acea mais nunha zona coñecida coma "as fábricas de riba" había as seguintes fábricas: a fábrica de Juan Rodríguez Conde, o curtidoiro de Antonio Rodríguez Conde coñecido coma a fábrica do Neginas, o curtidoiro de Eladio Rodríguez González coñecido coma a fábrica do Eladio e do Cesáreo, o fabricante Ricardo Domínguez Rodríguez e o fabricante José Blanco. No lugar de Vilar de Flores, na freguesía dos Espiñeiros, ergueuse o curtidoiro dos Camba dirixido por Modesto Camba Cid.

Finalmente, no concello de Xunqueira de Ambía rexistran actividade tres fábricas neste tempo. A fábrica do Requeixiño agora rexentada por Amador Álvarez Conde que xa curtía na análise anterior, a mercantil MALPE S.L. que só aguanta no mercado uns anos, e que acrecentaba unha máquina de cilindrar, e o curtidoiro de Salomón Pérez Gómez que empregaba un muíño eléctrico para triturar a casca.

Dos anos trinta aos anos cincuenta rexístrase actividade curtidora na parte Leste da provincia de Ourense, a diferenza do que viña sucedendo pois os coiros ourensáns estaban ancorados na parte occidental da provincia. Na comarca de Valdeorras, temos unha fábrica no Barco de Valdeorras, na actual avenida estación, durante os anos trinta e corenta a nome de David Revuelta Fernández, que viñera de Becerril de Campos (Palencia) anos atrás, e no concello de Vilamartín de Valdeorras outra durante os anos cincuenta e cuxo empresario foi Manuel Vedo Álvarez que encetou a curtir para fornecer de coiro a súa propia zapataría do centro da vila. Namentres que na comarca de Verín inza un curtidoiro a familia Álvarez que viñera de Allariz no concello de Verín que chega a ter unha certa mecanización xa que contaba con varias máquinas coma unha para alisar o coiro e varios bombos de curtir. Finalmente, en Barro Portela, no concello de Monterrei, tivo actividade outra fábrica despois da Guerra Civil e que durou até o ano 1956.

Na provincia de Pontevedra nos anos da posguerra había os seguintes empresarios dos curtumes. No concello de Lalín operan durante este período dous empresarios do curtido que veñen do período anterior: Eliseo Cortizo Villanueva, da fábrica do Cortizo, e Manuel Balado González, da fábrica do Balado. Ambos os dous engaden ao proceso produtivo do coiro muíños mecánicos para triturar a casca de carballo.

No concello da Estrada continuaba fabricando o curtidoiro de Benito López Juanatey, coñecido coma "A Fabricanta", que andados os anos corenta pasa a ser rexentado pola súa muller Carmen Magariños Otero, que incorpora dous bombos de curtir ao proceso de produción. Rexistra actividade tamén efemeramente os primeiros anos da década dos corenta o empresario Francisco Blanco Vilas, malia a que acrecentaba unha tímida mecanización con tres tambores de curtir, unha máquina de rebaixar e unha máquina de abrandar. Cándido Fernández López abre o seu curtidoiro, coñecido coma a fábrica do Cartucheiras, en 1941 e pecha no ano 1957 axexado, como tantos outros, pola *Fiscalía de Tasas*. Namentres que no concello de Forcarei segue con actividade a coñecida coma fábrica da Arenta pola que tributa Jesús Villaverde Chamosa.

No concello de Caldas de Reis operan a comezos dos anos corenta tres fábricas de curtumes que a seguir detallamos. As dúas fábricas da familia Legerén rexidas por Moisés e Julio Legerén Campos, no que se mantén o uso de dúas máquinas de estirar peles e un muíño eléctrico e o curtidoiro de Fieitoxo. Nesta fábrica hai unha remuda na dirección empresarial pasando de José Mateo Conde Tonceda, sucesivamente, a Ricardo Magán Conde e Concepción Magán Conde. Asemade, no ano 1942 engádese ao proceso produtivo un muíño eléctrico mais a fábrica non verá os anos sesenta.

No concello de Vilagarcía de Arousa dúas fábricas curten peles nos anos corenta e cincuenta. Segue con actividade o empresario Manuel Mariño Pérez na fábrica coñecida coma dos Mariño, á que engade ao seu proceso produtivo unha máquina de cilindrar no ano 1952. Ano no que enceta a súa actividade curtidora Antonio Somoza, emprazándose moi preto da fábrica dos Mariño. Esta fábrica debeu de ter unha grande produción se facemos caso das contías que achega o empresario entre os anos 1952 e 1959[156] por contribucións industriais.

Na comarca de Pontevedra, no concello da Lama segue curtindo peles o curtidoiro de Souteleira, neste período dirixido alternativamente por os seguintes membros da familia Muíños: José Muíños González e Manuel Muíños González. Na freguesía de Gaxate rexistra actividade un curtidoiro entre os anos 1943 e 1957. Os empresarios desta fábrica de curtume foron Benigno Andión Durán, Manuel Camiña e Remigio Andión Durán. No concello de Ponte Caldelas fabrican coiros os seguintes catro fábricas. A fábrica dos Arruti despois de levar uns anos fechada foi arrendada un par de anos por Benito Fernández Castellano na dobra dos anos cincuenta. Ángel Martínez Otero que continúa coa actividade curtidora na propia vila de Ponte Caldelas. Eduardo Carnero Boullosa curte na fábrica dos Carnero. Finalmente, tamén curte peles o industrial Ramón Canabal Rodríguez no lugar de Cuñas até o ano 1953. No concello de Pontevedra temos unha fábrica con actividade, a coñecida como a fábrica do Gurgullón ergueita polo empresario José Regojo Rodríguez[157] no ano 1942. Nos anos sucesivos a fábrica foi adquirindo diversas denominacións mercantís coma "Curtidora

[156] Cf. AHPP, Fondo de Facenda, Sinaturas núms. L-5266, L-5263, L-5260, L-5257, L-5254, L-5251, L-5248 e L-5245.

[157] A carón da fábrica de curtumes José Regojo ergueu, ademais, no ano 1943 unha fábrica de calzados coa denominación de "Pousa y Regojo, S.L." que empregada a 40 obreiros e acrecentaba preto de 40 máquinas. Cf. AMP, Caixa 2335/20.

Gallega, S.L." e "Curtidora Alonso Rato, S.L.". O curtidoiro acada unha importante mecanización pois, segundo as contribucións industriais, contaba coa seguinte maquinaria: dous bombos de curtir, dous molinetes, unha máquina de descarnar, unha prancha de vapor, unha máquina de cilindrar, unha máquina de abrillantar, unha máquina de abrandar, unha máquina de dividir, tres máquinas de estirar, dúas máquina de rebaixar, unha máquina de rañar e un compresor. Namentres no concello de Vilaboa, rexenta o seu curtidoiro Segundo Mariño Pérez, irmao de Manuel tamén curtidor en Vilagarcía de Arousa, no lugar do Outeiro, na freguesía de Santa Comba de Bértola, coñecido coma a fábrica de Espiñeira. Ten actividade até mediados dos anos cincuenta e contaba para o seu proceso produtivo cos seguintes aparellos industriais: un bombo, unha máquina para estirar as peles e unha máquina de cilindrar.

No sur da provincia de Pontevedra temos curtumes en tres concellos. No concello de Ponteareas opera a fábrica de curtumes de "Hijos de Garra S.R.C." na Perillana, na que se engade ao muíño de casca a vapor co que contaba unha máquina de cilindrar no ano 1942. Namentres que no concello de Tui rexistra actividade un pequeno curtidoiro a nome de Gonzalo Martín Herranz, de ascendencia salmantina, no lugar da Sarabia. Finalmente, no concello do Porriño o empresario Enrique Carrera segue coa súa fábrica da Guía mellorando o seu proceso industrial ao contar agora cunha máquina de estirar as peles.

Unha síntese da evolución do empresariado dos curtumes do período 1940-1959 témola se agregamos os datos a nivel galego das altas e baixas nas tributacións por contribución industrial. Vemos abaixo.




Gráfico núm. 8. Variacións do número de persoas empresarias (1940-1959)[158]

[158] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

Tal e como pode apreciar no gráfico de enriba o número de empresarios que se dan de alta na década dos anos corenta e a primeira parte da dos cincuenta segue a ter un certo empuxe aproveitando o escenario favorábel que a Guerra civil trouxo para este sector en Galicia. Namentres, que se nos fixamos na variábel das baixas vemos que estas se incrementan claramente na segunda parte da década dos anos cincuenta cando encomeza o devalo definitivo dos coiros galegos.

Finalmente, no gráfico de embaixo podemos apreciar o número de persoas empresarias en activo durante o período 1940-1959. Nel debúxase unha clara curva descendente desde o ano 1954 mais mantense por enriba dos 120 empresarios/as durante todo o período.




Gráfico núm. 9. Variacións do número de persoas empresarias (1940-1959)[159]

[159] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

LOCALIZACIÓN DOS COIROS GALEGOS *CIRCA* 1960

O período que abarca os anos 1960 e 1980[160] é o do desmantelamento do eido industrial dos curtidos en Galicia, ao menos como o coñecíamos até ese tempo. Como xa apuntamos máis enriba, Galicia fora líder dos coiros españois a mediados do século XIX, no que a finais do mesmo comeza a recuar posicións a favor do Levante español e Cataluña. Deste xeito, entra no século XX no que mantén con actividade, case que todos os anos, máis de 100 persoas empresarias deste sector industrial. No ano 1958 rexistran actividade 173 empresarios/as do curtido en Galicia, a máxima cifra de todo o século XX, e o comezo non dun esmorecemento senón dun colapso total dos curtumes galegos. En 1966 xa só quedaban 82 e en 1981 seguían con actividade 11 curtidoiros en Galicia. No ano 2017 o sector dos curtumes galegos está composto por un total de tres fábricas.

A comezos dos anos sesenta acaba por levantarse a intervención do mercado operada polas autoridades franquistas após a Guerra Civil. Remátase co sistema de cota para producir nas fábricas e, ademais, liberalízanse as importacións de coiros de gando vacún sen curtir. Este feito provoca que en 1972 do total das materias primas consumidas polas fábricas de curtidos españolas un 73,7% proveñan de importacións, sobre todo de Estados Unidos de América[161]. Esta nova situación orixinan que os alicerces sobre os que se pousan a industria do curtido en Galicia rebenten pois era un sector que dependía para a súa supervivencia da súa fartura en materias primas que lle oferta o territorio e, xa que logo, de que noutras partes do Estado español non tiveran melloras no aceso as ditas materias primas vía importación. É dicir, danse dúas circunstancias que mudan a mercado dos coiros da época da intervención, e as dúas xogan en contra dos curtumes galegos. Por unha banda, temos de novo un mercado estatal liberalizado polo que non existen restricións nin a produción nin ao comercio dentro del. Por outra banda, o ano 1960 liberalízanse as importacións de peles polo que aqueles territorios españois que precisen en abundancia esta materia prima para producir van poder acceder a ela a través do mercado internacional.

A anterior situación hai que engadirlle a recuperación da demanda interna española desde os anos cincuenta, que neste sector se concentraba nos coiros que como produto intermedio se destinaban a fabricación de calzado (en 1958 alcanzaba o 75% da demanda de coiros). Este aumento da demanda aguillou, nos anos sesenta, un aumento da inversión no sector a nivel estatal. Agora ben, este proceso concentrouse nas empresas de máis de 100 traballadores e dirixiuse a modernización das estruturas produtivas coa substitución de man de obra por maquinaria. Como consecuencia do anterior reduciuse o número de empregados

[160] Con este apartado fechamos a análise das contribucións industriais do eido dos curtumes en Galicia que dividimos en catro períodos (1900-1919, 1920-1939, 1940-1959 e 1960-1980), unha análise moito máis descritiva e centrada do relato dos datos que nunha análise das causas destas mudas de localización, en termos xerais, por non formar parte dos obxectivos desta investigación, e por ter que acometerse o seu estudo máis desde un punto de vista local ou comarcal que desde un punto de visto galego pola deficiencia das fontes. Pola contra, na seguinte epígrafe desta investigación estabeleceremos as causas deste colapso dos curtidoiros galegos e que abrangue as décadas dos anos sesenta e setenta do pasado século.

[161] Cf. Pere COLOMER I ROMA, "La política de la piel. El sector curtidos en España", ... , páx. 125-129.


nestas fábricas e desapareceron moitas das que acrecentaban menos de cinco obreiros[162]. Ademais, nos anos sesenta tamén se inicia a recuperación das exportacións neste sector. A situación relatada en versión galega implicou o feche de moreas de fábricas de curtidos que as máis eran estabelecementos fabrís de pequeno tamaño, moitos con poucos traballadores, e que estaban orientados a fabricación de becerro polo procedemento de elaboración tradicional, non apto para a fabricación do alcumado zapato mecánico.

A outra cara da moeda en Galicia representa a empresa padronesa PICUSA que ten unhas condicións e un comportamento diferente ao resto do sector en Galicia. Comeza a curtir con cromo e acapara boa parte das peles dos almacenistas de peles galegos. O resultado é que no ano 1981 é a empresa española do sector que máis empregados ocupa cun total de 535[163]. Hoxe en día segue a funcionar e converteuse nun empresa multinacional.

Todo o comentado aguilloa a localización dos curtidoiros galegos *circa* dos anos sesenta do século pasado. No mapa de abaixo podemos observar a distribución da industria dos curtumes por Galicia arredor do ano 1960, no que se destacan os datos do empresariado que tributa por contribución industrial agregados por concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[162] *Ibidem.*
[163] *Ibidem*, páx. 132.



Mapa núm. 9. Distribución territorial do empresariado dos curtumes galegos en 1960

Os datos reflexados no anterior mapa habilítanos para facer a seguinte síntese sobre o empresariado con actividade curtidora na Galicia dos anos 1960-1980. Na provincia da Coruña as fábricas de curtidos radicábase en 14 concellos sobre o ano 1960 que sumaban un total de 67 curtidoiros. Estes concellos pertencen a 10 comarcas que se espallan por todo o territorio provincial e lindan coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra. A distribución por comarcas e concellos viña sendo do seguinte xeito: Na comarca de Ferrol unha fábrica no concello de Narón, na Comarca da Coruña cinco fábricas no concello da Coruña e unha no concello de Carral, na Comarca de Bergantiños cinco fábricas no concello de Carballo e tres fábricas no concello de Coristanco, na Comarca de Fisterra unha fábrica no concello de Dumbría, na Comarca da Barcala dúas fábricas no concello Negreira, na Comarca de Terra de Melide dúas fábricas no Concello de Melide, na Comarca de Arzúa unha fábrica no concello de Arzúa, na Comarca de Santiago cinco fábricas na capital do país, dúas fábricas no concello do Val do Dubra e unha fábrica no concello de Brión, na Comarca do Sar unha fábrica no Concello de Padrón e na Comarca de Noia 37 fábricas no concello de Noia. Tal e como amosan os datos neste período a industria dos coiros aínda tiña certa resistencia na provincia da Coruña onde se localizaba en 10 das 18 comarcas desta provincia, aínda que só nun dos concellos, o de Noia, abranguía 37 das 67 fábricas provinciais neste período.


Na provincia de Lugo as fábricas de curtumes inzábanse en seis concellos nos anos *circa* de 1960 que sumaban un total de 10 curtidoiros. Estes concellos agrúpanse en cinco comarcas que se localizan por todo o territorio provincial e que lindan coas outras tres provincias galegas. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros sería a que segue: Na Comarca da Mariña Occidental unha fábrica no concello de Viveiro, na Comarca de Lugo tres fábricas na capital provincial, na Comarca de Sarria unha fábrica no concello de Sarria e outro no concello de Samos, na Comarca de Terra de Lemos dúas no concello de Monforte de Lemos e na Comarca de Chantada dúas fábricas na vila do Asma. Os datos, a o igual que os analizados no períodos anteriores, falan por si solos: 10 fábricas, seis concellos e cinco comarcas. Neste tempo os curtumes da provincia de Lugo seguían a estar moito esparexidos polo territorio, malia que si que é certo que sete dos 10 se concentran de novo en poucos núcleos: Chantada, Lugo e Monforte de Lemos.

Na provincia de Ourense a industria do curtido estaba presente en oito concellos que por ese tempo sumaban un total de 37 fábricas de curtumes. Estes concellos encádranse en tres comarcas occidentais da provincia que lindan con Portugal e coas provincias galegas de Lugo e Pontevedra e nunha comarca ao Sur da provincia que linda con Portugal. A distribución territorial por comarcas e concellos dos curtidoiros era a que segue: Na Comarca do Carballiño cinco no concello de Maside, catro fábricas no concello de Piñor e dúas no concello do Carballiño, na Comarca de Allariz-Maceda 20 fábricas no concello de Allariz e dúas no concello de Xunqueira de Ambía, na comarca da Terra de Celanova dúas fábricas no concello de Celanova e na Comarca de Verín unha fábrica no concello de Monterrei e outra no concello de Verín. Entre os lugares con máis presenza de actividade curtidora citamos os lugares de Acea, Allariz, A Portela da Aira Vella e Vilaboa no concello de Allariz e a aldea de Porto do Souto no concello de Piñor.

Na provincia de Pontevedra a industria dos coiros localizábase en 10 concellos que por ese tempo que sumaban un total de 14 curtidoiros, os mesmos que no período anterior. Estes concellos englóbanse en sete comarcas, que lindan con Portugal e co resto de provincias galegas. A distribución por comarcas e concellos dos curtidoiros sería a que segue: Na Comarca do Deza dúas fábricas no concello de Lalín, na Comarca de Tabeirós Terra de Montes unha fábrica no concello da Estrada e outra no concello de Forcarei, na Comarca de Caldas dúas fábricas no concello de Caldas de Reis, na Comarca do Salnés dúas fábricas no concello de Vilagarcía de Arousa, na Comarca de Pontevedra dúas fábricas no concello de Ponte Caldelas e unha fábrica no concello da Lama, na Comarca do Condado unha fábrica no concello de Ponteareas e na Comarca do Baixo Miño unha fábrica no concello de Tui.

En Galicia un total de 38 concellos rexistran a actividade de fábricas de curtumes, segundo os datos das contribucións industriais, nos que se inzan 128 curtidoiros arredor do ano 1960. Na análise dos datos reflíctese que de novo as provincias da Coruña e Ourense localizan un maior número de fábricas con 67 e 37 respectivamente, axudadas, unha vez máis, polo pulo que os coiros acrecentan nas vilas de Noia e Allariz. Se botamos unha ollada con máis detemento vemos que máis da metade das contribucións industriais de Galicia no eido dos curtumes págaos só unha empresa, a padronesa PICUSA. As cidades da Coruña e Santiago de Compostela tamén rexistran unha importante contribución por este concepto, malia que para os seus grandes curtidoiros comeza a etapa do seu esmorecemento *sen solución de continuidade*. E isto a pesares da progresiva mecanización que se observa nos rexistros das contribucións industriais, na que, no período analizado, se tributa, no conxunto de Galicia, por oito bombos, varios molinetes de tinguido, dúas máquina de estirar, 12 máquinas de cilindrar, catro máquinas de rebaixar o coiro, unha máquina de vapor, un *pistolete* de 1.5 CV e 19 muíños eléctricos de casca. Este avance na incorporación progresiva de muíños de casca eléctricos fai que vaian esvaecéndose os tradicionais muíños turrados por cabalaría, dos que só quedan xa 23 para 128 curtidoiros.

Outra ollada complementaria á anterior dos curtumes galegos *circa* de 1960 témola no mapa de abaixo onde podemos observar a distribución da industria dos coiros por Galicia tendo en conta a tributación por contribución industrial agregada por concellos.



Mapa núm. 10. Distribución territorial das contribucións industriais dos curtumes galegos en 1960

Dos datos fornecidos polo anterior mapa tiramos o seguinte relato. En relación as fábricas máis importantes da provincia da Coruña, aquelas que máis pagan en concepto de contribución industrial neste período sobre sae sobre o resto a mercantil padronesa de PICUSA, así mesmo, teñen unha certo relevo as fábricas de Compostela de "Harguindey Hijos de Juan S.R.C.", "Hermanos Vilas Molezún" e "Tenerías y Industrias Gallegas, S.L.", a fábrica "Agustín Rodríguez CB" en Santa María de Oza (hoxe A Coruña) e as fábricas noiesas de José Fernández Juanatey e de Manuel Fernández Juantey. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Subliñamos, así mesmo, que cinco dos curtidoiros referidos acrecentaban o seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo, outras catro de Compostela muíño desintegrador de casca e oito fábricas de Noia con muíños eléctricos. Ademais, tributan por empregar no proceso produtivo a máquina de cilindrar as fábricas "Agustín Rodríguez CB" –por tres máquinas-, as tamén coruñesas de Jesús Pérez Prieto e Juan Manuel García Ayán, a de Antonio Rodríguez Casal de Narón e as compostelás de "Harguindey Hijos de Juan S.R.C." –por dúas máquinas- e "Hermanos Vilas Molezún". Ademais do anterior, a fábrica "Agustín Rodríguez CB" tributa por dous bombos de curtir peles, un bombo de engraxar, catro máquinas de rebaixar coiro e un pistolete de 1.5 CV, as fábricas de José Fernández Juanatey e de Manuel Fernández Juantey por un bombo cadansúa, a de "Harguindey Hijos de Juan S.R.C." por unha máquina de estirar e a, tamén compostelá, "Tenerías y Industrias Gallegas, S.L." por dous bombos.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Padrón, cuxa única fábrica, PICUSA, achega máis de dous terzos do total, A Coruña e Santiago de Compostela.

No referente aos curtidoiros da provincia de Lugo que máis achegas fan á Facenda pública neste período destacan as fábricas da capital de Lugo "Industrias Abella, S.L.", "Herederos de Francisco Jáñez" e a da familia Herrero Lobejón, a fábrica de Francisco Balseiro Rubal no concello de Viveiro e as de Monforte de Lemos cuxos titulares son Guillermo Regojo Beloso e Manuel Sáez Gómez. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana actividade industrial menos a fábrica de Bautista Sánchez Rodríguez no concello de Sarria que rexistra unha actividade máis modesta. Detallamos, así mesmo, que o empresariado da provincia tributa por dous muíños de casca de cabalaría, dúas máquinas de cilindrar, un bombo e por molinetes de tinguido.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Lugo, cuxas fábricas achegan o 82,16% das pesetas pagadas en toda a provincia, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

Polo que se refire ás fábricas que máis tributan na provincia de Ourense arredor do ano 1960 destacan as sitas no concello do Carballiño rexentas polos empresarios Primitivo Rodríguez Vila e Andrés Piteira Fernández, no concello de Allariz destacan as fábricas de Manuel Conde Rodríguez e Modesto Camba Cid e, finalmente, tamén subliñamos a fábrica de José Lorenzo Losada no concello de Monterrei. O resto dos curtidoiros son

estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que nove dos curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo e que as fábricas de curtumes de Luís Mangana Conde en Allariz, de Primitivo Rodríguez Vila e de Andrés Piteira Fernández no Carballiño e de Salomón Pérez Gómez no concello de Xunqueira de Ambía contaba cun muíño eléctrico para triturar a casca de carballo.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son Allariz, cuxas fábricas tributan a metade de toda a provincia, O Carballiño e Piñor.

No referente ás fábricas que máis tributan na provincia de Pontevedra arredor de 1960 destacan a de Antonio Somoza no concello de Vilagarcía de Arousa, a de Moisés Legerén Campos e a de Julio Legerén Campos no Concello de Caldas de Reis, a de Enrique Carrera no concello do Porriño e a de "Hijos de Garra" no concello de Ponteareas. O resto dos curtidoiros son estabelecementos fabrís de mediana e pequena actividade industrial. Detallamos, así mesmo, que sete dos curtidoiros referidos contaban co seu propio muíño de cabalaría para esmagar a casca de carballo, namentres que a fábrica de "Hijos de Garra" acrecentaba unha máquina de vapor e unha máquina de estirar as peles, a de Moisés Legerén Campos unha máquina de estirar peles e un muíño de casca eléctrico, as fabricas lalinenses de Manuel Balado González e Eliseo Cortizo Villanueva empregaban sendos muíños eléctricos no proceso produtivo e, finalmente, o curtidoiro de Manuel Mariño Pérez no concello de Vilagarcía de Arousa contaba cunha máquina de cilindrar.

Os concellos que rexistran un peso maior no pagamento das contribucións industriais durante estes anos son O Porriño, Caldas de Reis e Lalín, aínda que no total destes tres concellos só operaban cinco fábricas.

Polo que se refire ás principais persoas empresarias dos curtumes galegos, na táboa de abaixo áchanse recolleitas ás máis destacadas do actual período de análise. Para escolmalos tivéronse en conta as contías achegadas á Facenda pública polo tributo das contribucións industriais polas fábricas galegas no ano 1960.

PRINCIPAIS FÁBRICAS DE CURTUMES EN GALICIA *CIRCA* DE 1960			
Nome do empresario/a	Concello	Contía (pesetas)	M^3 declarados
"PICUSA"	Padrón	137.546,00	
"Agustín Rodríguez C.B."	Santa María de Oza (A Coruña)	12.732,00	
"Industrias Abella, S.L."	Lugo	11.808,00	
"Herederos de Francisco Jáñez"	Lugo	8.674,00	
Melchor Herrero Prieto	Lugo	6.390,00	
"Harguindey Hijos de Juan S.R.C."	Santiago de Compostela	4.772,00	309
"Tenerías e Industrias Gallegas S.L."	Santiago de Compostela	4.272,00	
Antonio Somoza	Vilagarcía de Arousa	3.120,80	
"Hermanos Vilas Molezún"	Santiago de Compostela	2.824,00	
Enrique Carrera	O Porriño	2.819,66	187
José Fernández Juanatey	Noia	2.800,00	44,925
"Hijos de Garra, S.R.C."	Ponteareas	2.627,40	145

Jesús Pérez Prieto	Santa María de Oza (A Coruña)	2.604,00	21
Moisés Legerén Campos	Caldas de Reis	1.929,76	100
Manuel Juanatey Fernández	Noia	1.920,00	

Cadro núm. 5. Principais fábricas de curtumes en Galicia *circa* de 1960[164]

Das quince fábricas máis importantes, referidas na táboa de enriba, destaca o feito da dispersión xeográfica destas pois só nos concellos de Santiago de Compostela, no do Lugo e no da Coruña acrecentan máis dunha fábrica. Por provincias, a da Coruña segue a ser a onde están localizadas un maior número delas, oito, seguida de Pontevedra con catro e Lugo con tres. Subliñamos que as sete principais fábricas de curtidos non teñen como empresario a unha persoa física polo que se observa unha crecente implantación de empresas neste eido industrial arredor do ano 1960. Polo que se refire as persoas físicas son todos homes.

As fábricas de curtumes galegas entre os anos 1960 e 1980

Se botamos unha ollada máis polo miúdo das contribucións industriais tributadas polo empresariado galego durante os anos 1960-1965[165] obteremos unha imaxe máis detallada sobre a localización dos curtidoiros polas distintas provincias. Imos logo.

Na provincia da Coruña rexistran actividade de fabricación de coiros as seguintes fábricas agregadas por concellos. No concello de Carballo despois do ano 1960 aínda operan os seguintes sete curtidoiros. A fábrica do Cereiro de Eduardo Mariño que pecha no ano 1961; a fábrica do Tarambollo de Jesús Queijo Vázquez que segue hoxe en día con actividade, baixo a propiedade de Jesús Queijo Pallas, fillo do anterior; a fábrica de Santa Elisa que fechou no ano 2000; a fábrica de Entrecruces de José Vázquez Carracedo que pecha no ano 1965; o curtidoiro de Jesús López Fraga coñecida coma a fábrica do Bardanca que ten curte até o ano 1965; e mesmo se abren dúas novas. As anteriores engádese un pequeno curtidoiro aberto por Antonio Mariño Pensado na propia vila de Carballo, na rúa Baixa e que opera na primeira parte da década dos anos sesenta; e o curtidoiro de Luís Sánchez Martínez na freguesía de Sofán que aínda curtía en 1971.

No concello de Coristanco segue con actividade neste período a fábrica de Antonio Vázquez Carracedo, no lugar de Midón, e que aínda hoxe curte peles baixo a marca de "curtipiel" dirixida por José Antonio Vázquez García, fillo do anterior. Namentres que no concello da Laracha dos cinco curtidoiros da anterior etapa só curte até o ano 1965 o curtidoiro de Cumiáns, na freguesía de Montemaior.

No concello de Dumbría segue a fábrica de José Esparís Vázquez coñecida coma a fábrica do Carme que non fechará até o ano 1974. Igualmente no concello de Ordes a fábrica

[164] Elaboración propia con datos das contribucións industriais. Os datos recollen a tributación pola fábricas e máis a do muíño de casca e demais máquinas da instalación industrial. Os datos tamén acrecentan as recargas que os concellos impoñían neste tributo. Pódense consultar no Anexo II deste traballo.

[165] Na presente análise ficamos eivados, en relación as feitas nos períodos anteriores, pois non puidemos estudar datos de contribucións industriais posteriores ao ano 1965 por mora da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, agás algunhas excepcións.

de Ramón Faya Fernández segue a curtir até a década dos anos setenta. Namentres que no concello do Val do Dubra seguen con actividade a fábrica do Pelachín de Manuel Rey Recarey até o ano 1964 e a fábrica de Manuel Antelo Rodríguez até o ano 1966, no lugar de Chousa do Mato.

No concello de Negreira seguiron abertas as dúas fábricas de curtidos con actividade anterior até a segunda parte da década dos anos sesenta. Eran a fábrica de Celestino Suárez Pensado e a fábrica do de Manuel Malvárez Liñares, ambas localizadas no lugar de Covas. Namentres, que no concello de Melide continuaba curtindo a coñecida coma a fábrica de Furelos rexentada por Ricardo Sánchez Varela que non fecha até os anos setenta.

No concello de Santiago de Compostela operan cinco curtidoiros nos anos sesenta e principios dos setenta cando desaparece a industria dos curtidos da capital de Galicia. Son os que seguen. A fábrica de Guadalupe da familia Harguindey que sería a derradeira fábrica en fechar en Compostela alá polo ano 1971, a fábrica de Picaños de Laureano Otero Buján que pecha no ano 1965, a fábrica das Casas do Rego dirixida por Alfonso Fernández Juanatey que ten actividade até o ano 1969, a fábrica de Ponte Pedriña de Arriba dos "Hermanos Vilas Molezún" que fecha no ano 1961, e a fábrica de Juanatey do Rueiro de Figueiriñas de Tenerías e Industrias Gallegas, S.L. (T.I.G.A.) que tamén deixa de curtir no ano 1961.

No concello de Brión segue activo a pequena fábrica de Faustino Hermo Nieto sita en Soutullos até o ano 1961. Pola súa banda, no concello de Padrón continúa a producir coiros Pieles y Curtidos S.A. (PICUSA) xa fortemente mecanizada e que aínda segue aberta a día de hoxe, inserida no mercado internacional de curtumes.

No concello de Noia operan 39 curtidoiros nos anos sesenta e setenta do século XX. Son os que seguen. Na freguesía de Santa María de Barro curtían peles 18 empresarios: Pedro Rodríguez García, no lugar de Barro, até o ano 1974; Isidro Agrofojo Canedo, no lugar de Barro, até o ano 1966; Manuel Agrofojo Blanco, no lugar de Eiroa, até o ano 1961; Benito Juanatey Fernández, no lugar de Vilanova, até o ano 1966; Ramón Barreiro Rodríguez, no lugar da Rasa de Abaixo, até o ano 1968; Manuel Varela Romarís, no lugar da Rasa de Abaixo, até o ano 1961 (tributan por un muíño eléctrico); Alfredo García Fernández, no lugar da Rasa de Abaixo, até o ano 1974; José María García Liñayo, no lugar da Rasa de Abaixo, até o ano 1971; José Roo Nieto, no lugar da Rasa, até o ano 1980; Juan Trillo Belles, no lugar da Rasa de Arriba, até o ano 1965; Francisco Agrofojo Lamas, no lugar da Raxa, até o ano 1964; José Núñez Martínez, no lugar da Raxa, até o ano 1966; José Manuel Liboreiro Moledo, no lugar de Vista Fermosa, até o ano 1968; Manuel Pazos Barreiro, no lugar de Vista Fermosa, mantén actividade o ano 1984; Antonio Canosa García, tamén no lugar de Vista Fermosa, curte desde o ano 1963 ao 1976; Antonio Agrofojo Canedo, no lugar de Orro, até o ano 1967; Benito Cambeiro Pérez, no lugar de Campo de Lamas, até o ano 1961; e José María Viñas Martínez da fábrica do Cotorín, no lugar de Campo de Lamas, até o ano 1963. Na freguesía de San Martiño de Noia fabricaban coiros nove empresarios: Manuel Juanatey Fernández, no lugar da Carcasía, até o ano 1967 (tributa por un bombo e un muíño eléctrico);

Manuel Álvarez Juanatey -sucedido por Juan Álvarez Gómez-, na Carcasía, até o ano 1976; Manuel Juanatey García, tamén no lugar da Carcasía, até o ano 1968; Basilio Rodríguez Jamardo, no lugar da Ponte de Traba, cuxo curtidoiro e coñecido coma o Chau Chau curte até o ano 1961 (tributa por un muíño eléctrico); Joaquín Ulloa Pestonit, tamén no lugar da Ponte de Traba, até o ano 1965 (tributa por un muíño eléctrico); Ramón Varela Riva en Noia até o ano 1971 (tributa por un muíño eléctrico), José Fernández Juanatey – sucedido na fábrica por Carlos Fernández Hermo e Amalia Fernández Hermo- curten até ao ano 1970 (tributa por un bombo e por un muíño eléctrico), Rafael Rodríguez Jamardo -sucedido nos ano oitenta por Ignacio Rodríguez Castro- mantén actividade o ano 1984 (tributa por un muíño eléctrico), no lugar de Bernardo; e Ricardo Fernández Martínez, no lugar da Perouta, até o ano 1965. Na freguesía de Santa Mariña do Obre no lugar da Chaínza operaban oito empresarios: José Suárez Oviedo mantén actividade o ano 1984 (tributa por un muíño eléctrico), Avelino Suárez Oviedo até o ano 1960, Francisco Filgueira Lado até o ano 1964, José Juanatey García até o ano 1978, Blas Agra Cadarso até o ano 1961, José Álvarez Juanatey até o ano 1961, José Barreiro Freire até o ano 1965 e María Filgueira Santos da fábrica do Fandelo até o ano 1961. E na freguesía de Santa María de Argalo curtían tres empresarios no lugar da Ponte de San Francisco: a fábrica de Andrés Hermida Blanco até o ano 1974, Domingo Somoza Servía mantén actividade o ano 1984 e Antonio Blanco Abeijón até o ano 1972. Finalmente, rexistra actividade curtidora no concello de Noia o empresario José Peón Iglesias durante os anos 1969-1980 mais non demos localizado a súa fábrica.

Na provincia de Lugo nos comezos dos anos sesenta só fican curtidoiros en tres concellos: Lugo, Chantada e Monforte de Lemos. A cidade da muralla conserva tres empresas fortemente mecanizadas que fan que as súas contribucións industriais, como se analizará máis embaixo se disparen. Trátase de Industrias Abellas, S.L., "Herederos de Francisco Jáñez" e a fábrica de Herrero Lobejón agora dirixida por Melchor Herrero Prieto.

No concello de Chantada teñen actividades curtidoras dúas fábricas por este tempo. Eran as que seguen. O curtidoiro do Merluza, a carón da Ponte, propiedade de Antonio Boo Meijide que fecha a mediados da década dos anos sesenta e o curtidoiro do Cereixeiro que deixa de curtir a comezos dos anos sesenta da man do seu último propietario Felipe Mazaira Rodríguez.

No concello de Monforte de Lemos continúan a fabricar coiros as dúas fábricas do período anterior que fan unha importante achega de contribucións industriais á Facenda o que se explica pola súa certa mecanización. A antiga fábrica dos Conde agora rexentada por José López Rodríguez e o curtidoiro da Pinguela propiedade de Manuel Sáez Gómez.

Na provincia de Ourense, no concello do Carballiño temos dous curtidoiros con actividade neste período. A fábrica coñecida coma "do Reque" que pecha o ano 1961 e a fábrica da familia Piteira que contaba cun muíño eléctrico para moer a casca de carballo que continúa con actividade o ano 1965. No concello de Maside, continúan curtindo tres dos curtidoiros sinalados no anterior período: o curtidoiro de Gulfar, o curtidoiro de Fonteboa e o

do Agro da Quinta. Comentar que na fábrica de Gulfar enceta a súa prolongada actividade en 1965 outro dos irmaos Lorenzo Pedrouzo, José Manuel, que curtirá peles na súa fábrica, que foi mecanizando paseniño, até comezos do século XXI. Finalmente, no concello de Piñor temos que falar de cinco fábricas con actividade. No lugar de Porto do Souto seguen curtindo tres fábricas que amentamos no período anterior, a fábrica do Vinculeiro, a fábrica do Pintarolo e a fábrica de Francisco Vázquez Pardo. No lugar do Reino, seguen con actividade o curtidoiro dos Ureña agora dirixido desde o ano 1947 por María Carmen Ureña Crespo. E, finalmente, aflora no lugar do Arenteiriño unha pequena fábrica propiedade de José Álvarez Rodríguez.

O concello de Allariz arrinca a centuria con 21 empresarios curtindo peles mais rexistran actividade despois dos anos sesenta un total de 22. Distribuíanse do seguinte xeito. Na capital do Arnoia temos operando as tres fábricas que seguen: A fábrica dos Nogueiras, o curtidoiro coñecido coma dos Mangana, que contaba un muíño eléctrico e o curtidoiro de Manuel Conde Rodríguez coñecida coma a fábrica do Manoliño. No lugar da Portela da Aira Vella curtían peles catro fábricas. Eran as que seguen, o curtidoiro de Daniel Conde García coñecido coma a fábrica do Campo, o curtidoiro de José Rodicio Rodicio, Remigio Rodicio Conde e Victorino Rodicio Conde coñecido coma a fábrica do Pial, que contaba con dous curtidoiros, e o curtidoiro de Odilio Álvarez Conde coñecido coma o Fabricolo. Na freguesía de Requeixo de Valverde había un curtidoiro que se coñecía coma a fábrica dos Peneiras de Juan Rodríguez Rodríguez. No lugar de Vilaboa choiaban nas peles as seguintes seis fábricas: a vella fábrica de José Conde Conde, a fábrica de Miguel Rumbao, agora rexentada por José Blanco Rodríguez, o curtidoiro do Taledo da familia Conde, a fábrica da Casqueira e a fábrica de Benito Conde Cid. No lugar da Acea de Meire, a fábrica de Cesáreo Rodríguez Conde e a fábrica de Manuel Conde Rodríguez. No propio lugar da Acea mais nunha zona coñecida coma "as fábricas de riba" había as seguintes fábricas: a fábrica de Juan Rodríguez Conde, a fábrica do Neginas dirixida por Antonio Rodríguez Conde sucedido a comezos dos anos sesenta polo seu fillo Antonio Rodríguez Rodríguez e o curtidoiro de Eladio Rodríguez González coñecido coma a fábrica do Eladio e do Cesáreo. No lugar de Vilar de Flores, na freguesía dos Espiñeiros, localízase o curtidoiro dos Camba dirixido por Modesto Camba Cid e logo por Augusto Conde Cid e Castor Camba Seara. No lugar da Cal, na freguesía de Folgoso, rexistra actividade unha fábrica de curtumes propiedade de Alfonso Pérez Camba.

Finalmente, no concello de Xunqueira de Ambía rexistran actividade dúas fábricas neste tempo. A fábrica do Requeixiño rexentada por Amador Álvarez Conde que xa curtía na análise anterior e o curtidoiro de Salomón Pérez Gómez que empregaba un muíño eléctrico para triturar a casca de carballo.

Na provincia de Pontevedra por este tempo había os seguintes empresarios dos curtumes. No concello de Lalín operan durante este período dous empresarios do curtido que veñen do período anterior: Eliseo Cortizo Villanueva, da fábrica do Cortizo, que fecha a súa fábrica ao xubilarse no ano 1961 e Manuel Balado González, da fábrica do Balado. Curtidoiro

que logo de diversas vicisitudes tras a morte do industrial nos anos setenta pecha a finais dos anos oitenta.

No concello da Estrada continuaba fabricando o curtidoiro de Carmen Magariños Otero, coñecido coma "A Fabricanta", cos seus dous bombos de curtir. Namentres que no concello de Forcarei a fábrica da Arenta é fechado en 1966 pola empresaria Carmen Fernández Campos viúva de Jesús Villaverde Chamosa.

No concello de Caldas de Reis operan a comezos dos anos sesenta as dúas fábricas de curtumes da familia Legerén rexidas por Moisés e Julio Legerén Campos, no que se mantén o uso de dúas máquinas de estirar peles e un muíño eléctrico. Estas fábricas fecharán no ano 1971.

No concello de Vilagarcía de Arousa tres fábricas curten peles nos anos sesenta. Segue con actividade o empresario Manuel Mariño Pérez na fábrica coñecida coma dos Mariño, coa súa máquina de cilindrar, até mediados dos sesenta. Tamén segue curtindo a fábrica de Antonio Somoza Caamaño que engade ao proceso produtivo unha máquina de cilindrar no ano 1962 e ao pouco fecha, malia a grande produción que acrecentaba se facemos caso das contías que achega o empresario entre os anos 1960 e 1965 por contribución industrial[166]. Finalmente, rexistra actividade unha nova fábrica de curtumes no lugar do Piñeiriño a nome de Martín Juanatey Malvárez.

Na comarca de Pontevedra só nos queda actividade curtidora no concello de Ponte Caldelas que aínda conserva dous empresarios dos curtumes até a segunda parte dos anos sesenta: Ángel Martínez Otero que continúa coa actividade curtidora na propia vila de Ponte Caldelas e Eduardo Carnero Boullosa que curte na fábrica dos Carnero.

No sur da provincia de Pontevedra temos curtumes en tres concellos. No concello de Ponteareas opera a fábrica de curtumes de "Hijos de Garra S.R.C." na Perillana co seu muíño de casca a vapor e a súa máquina de cilindrar. Rexistra actividade até o ano 1978. Namentres que no concello de Tui o pequeno curtidoiro de Gonzalo Martín Herranz, no lugar da Sarabia, non aguanta moito tempo aberto. Finalmente, no concello do Porriño o empresario Enrique Carrera Carrera deixa paso aos seus fillos Manuel e, sobre todo, Enrique Carrera Fernández na dirección da fábrica da Guía, que segue a tributar por unha máquina de estirar as peles. O curtidoiro pecha no ano 1980 polo falecemento de Enrique Carrera Fernández.

Unha síntese da evolución do empresariado dos curtumes do período 1940-1959 témola se agregamos os datos a nivel galego das altas e baixas nas tributacións por contribución industrial. Vémolo embaixo.

[166] Cf. AHPP, Fondo de Facenda, Sinaturas núms. L-5241, L-5238, L-5217, L-5222, L-5226 e L-5231.




Gráfico núm. 10. Variacións do número de persoas empresarias (1960-1980)[167]

Tal e como pode apreciar no gráfico de enriba o número de empresarios que se dan de alta por ano case que son testemuñais e a partir do ano 1970 case que desaparecen. Namentres, que se nos fixamos na variábel das baixas vemos que estas se concentran na década dos anos sesenta mais están presente en todos o período.

Finalmente, no gráfico de embaixo podemos apreciar o número de persoas empresarias en activo durante o período 1940-1959. Nel debúxase unha clara curva descendente desde o ano 1960 e pásase de 118 empresarios/as no comezo do período a 17, e seis pecharan ese mesmo ano.




Gráfico núm. 11. Variacións do número de persoas empresarias (1960-1980)[168]

[167] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

O OCASO DO SECTOR EN GALICIA: CONCLUSIÓNS

A industria do curtido en Galicia na actualidade non ten unha grande dimensión, mais ben todo o contrario. Proba do anterior é que só fican en funcionamento tres curtidoiros[169] dos preto de douscentos cincuenta que chegaron a estar con actividade só no século pasado. O obxectivo desta epígrafe é precisamente analizar cales foron as causas que poden explicar o amortecemento do sector en Galicia na dobra do século XX canda na segunda parte do século XIX fora líder a nivel estatal neste eido industrial.

Logo de ser líder a nivel estatal no século XIX, a industria galega dos curtumes chega aos anos trinta da pasada centuria xa mostrando signos evidentes de esgotamento do sector tal e como estaba perfilado. Os curtidoiros situados na beiramar galega, precisamente aqueles con maiores posibilidade de desenvolvemento, comezan a fechar un tras outro e os curtidoiros ancorados no rural galego áchanse nas mans dos seus seareiros, zapateiros e zoqueiros locais, seareiros que desapareceran cando entre o zapato mecánico no mercado galego e con eles as fábricas de coiros.

Xa que logo, as perspectivas do sector non eran as mellores mais o inicio da Guerra Civil española e a posterior autarquía e intervención do mercado paralizan o esmorecemento do sector en Galicia e mesmo colle parte do pulo que tivo antano. Mais neste tempo o sector escasamente aproveita estes anos para mudar a súa estrutura produtiva fixada arredor dun procedemento de produción que logra acadar un excelente produtivo mais que cando se levante a veda sobre o mercado de libre de competencia non será atractivo por dous motivos fundamentais, polo seu alto prezo en relación aos coiros producidos con procesos mecanizados e porque dentro da demanda da mecanizada industria zapateira de coiros, principal seareira do curtido, non entran os coiros elaborados con tal procedemento de produción.

A metodoloxía que imos empregar para analizarmos o esvaecemento deste eido industrial en Galicia é moi sinxela. Por unha banda, estudarmos o que agromou da investigación sobre este aspecto até o de agora co fin de facer un síntese de como chega o sector dos coiros aos anos previos da derrogación da intervención do mercado no Estado español. Por outra banda, facer un estudo de campo entre o empresariado e as súas familias mediante entrevistas e análise da documentación fornecida por estes á esta investigación co fin de achegarmos novas fontes de coñecemento sobre os motivos da concentración de feches de fábricas de curtidos en Galicia na segunda parte da década dos anos cincuenta e na década

[168] Elaboración propia empregando os datos das contribucións industriais. As contribucións industriais que se usaron para facer este estudo pódense consultar no Anexo II do presente traballo.

[169] Situación semellante atopámola no condado de Dover en Inglaterra onde despois de ter tamén estrado o seu territorio de factorías de coiro, estes comezaron a fechar no primeiro cuarto do século XX por mor da muda nas razóns de localización destas actividades industriais. No abrente do século XXI aínda quedaba algún curtidoiro no condado de Dover coma Baker´s Tannery que destinaban parte dos seus coiros, ao igual cos curtidoiros de Carballo e Coristanco, á produción de selas para cabalería. Cf. Martin BODMAN, *Devon leather* ..., 2008, páxs. 8, 50-52.

dos sesenta do pasado século. Con todo isto trataremos de fixar as causas da caída do sector do curtido en Galicia nos anos centrais do século XX.

CRÓNICA DUNHA MORTE ANUNCIADA: O ESMORECEMENTO DOS COIROS GALEGOS

As causas do esvaecemento do sector industrial dos curtidos en Galicia están xa tratadas, en parte, polas algunhas das investigacións sobre os curtumes feitas até o momento[170]. Un bo relato do acontecido cos coiros galegos témolo no libro *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*, dos profesores Xoán Carmona e Jordi Nadal. A seguir resumimos as notas que segundo estes autores caracterizan o devalo da industria do curtido en Galicia nos anos centrais do século XX[171].

A industria galega dos curtidos especializárase durante a segunda parte do Oitocentos en dous produtos: a sola para zapato e o becerro para empeña de zocos. Estes produtos fabricábanse mediante un procedemento de produción tradicional que aproveitaba as vantaxes comparativas naturais que oferta o territorio galego -peles, casca de carballo e auga-. Con este modelo as fábricas galegas lideran o curtido español até o ano 1880 aproximadamente, no que xa se albiscan mudas no sector que poden afectar as referidas vantaxes comparativas naturais galegas. Por unha parte, a progresiva aplicación de avances tecnolóxicos que revolucionarán os procesos de curtir peles e, por outra parte, a mecanización da industria do calzado, que eran os principais seareiros dos curtumes galegos.

A muda tecnolóxica da industria do coiro comeza na segunda metade do século XIX e incide en dous ámbitos principais, o da mecanización progresiva do proceso de produción co fin de acadar aforros de man de obra e no emprego de novas sustancias que habilitan para acurtar os prazos de produción das empresas curtidoras. Este segundo aspecto, que se basea na substitución do axente curtinte, foi o que tivo máis influencia no eido dos curtidos xa que mudou as lóxicas de localización dos curtidoiros. Nun primeiro momento coa aplicación de extractos tánicos, que se obteñen con procedementos químicos a partir de determinadas árbores, que permiten a redución do tempo de curtir duns 12 meses, do curtido tradicional con casca de carballo, a uns tres meses. Nun segundo momento coa introdución do curtido mineral ao cromo que acurta aínda máis o proceso de produción, a un mes aproximadamente. En apenas os trinta anos de finais do século XIX as actividades de transformación da pel evolucionaran máis ca en todo o milenio anterior.

Estes novos axentes curtintes teñen outra característica relevante que é o seu volume, moito menor ao que tiñan as cascas de carballo no seu estado natural, xa que logo, o seu transporte era fácil é barato polo camiño de ferro ou pola navegación a vapor. Este cambio técnico viña a crebar as rixideces das razóns de localización das fábricas de curtumes, de xeito que a partir deste momento a decisión de instalar un curtidoiro nun lugar ou noutro non ía estar xustificada na proximidade aos factores de produción e man de obra barata senón pola proximidade á demanda e á existencia de man de obra cualificada para a manipulación dos novos axentes curtintes. Estes trocos volven a situación dos industriais galegos en

[170] Estas obras xa fornon comentadas no apartado desta investigación titulado: "Estudos encol dos curtumes galegos: un estado da cuestión".
[171] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia* ... 2005, páxs. 215-220.

desfavorábel mentres que benefician enormemente aos catalás cunha demanda importante de calzado pola súa poboación urbana e polas correas que precisaban as industrias do tecido para transmitir o movemento das máquinas de vapor ás de tecido mecánico[172]. Igualmente, algunhas especialidades textiles eran fortes demandantes de produtos de coiro para o seu instrumental de traballo; tal era o caso da industrial laneira que recobría deste material a totalidade das cardas que utilizaba. Esta situación aguilloa aos empresarios catalás a introduciren nos seus procesos de produción unha crecente mecanización destes ao contrario do que ocorre cos industriais galegos. Esta falta de incentivos dos curtidoiros galegos fan que a industria apenas se mecanice e que só se consiga nalgúns casos sobre todo en factorías localizados na franxa atlántica galega. En consecuencia, en 1945 só dez dos 145 estabelecementos fabrís censados empregan bombos de curtir.

Este sector, ancorado nos procedementos tradicionais de curtido, pode manterse en pé mentres os seus clientes manteñan a súa fabricación igualmente sen modernizar. Estes artesáns da zapataría e da zocaría comezarían o seu particular devalo coa introdución do alcumado zapato mecánico. Estas novas fábricas de calzado prefiren para o seu procedemento de produción a sola curtida ao cromo catalá á curtida con casca en estado natural galega por dous motivos fundamentais. Por unha banda, porque, aínda que é de pior calidade, e moito máis barata e, por outra, porque a sola curtida ao cromo adáptase mellor ao cosido mecánico cá dura e ríxida sola traballado con casca.

O calzado de coiro é socialmente unha conquista do século XX, que é canda se converte nun artigo de consumo masivo. Mais en 1912 das 72 fábricas de zapatos "mecánico" do Estado español só unha estaba localizada en Galicia, en concreto na Coruña. Por aquel entón xa había 31 en Cataluña, 10 en Baleares e seis en Valencia, lugares cara os cales se iría localizando paseniño a propia industria do curtido dentro do Estado español ao longo do século XX[173].

Nas condicións que definimos nos parágrafos anteriores os curtidoiros galegos tampouco estarían durante a primeira metade do século XX en condicións de atopar novos demandantes en industrias que medran con forza desde os comezos deste último. Unha das máis importantes demandantes de coiro pasaría a ser a automoción, que até cando menos a década de 1960 utilizaba este material para asentos, salpicaderos ou tapicería. Esta nova demanda foi unha das bases tanto do mantemento dalgunhas vellas comarcas curtidoras inglesas ou centroeuropeas, así como, a fonte de fábricas de novo cuño baseadas na curtición mineral nas mesmas zonas.

---

[172] Esta remuda na localización da industria dende un ámbito rural a outro máis urbano non é exclusivo do Estado español. En Inglaterra, por citar un exemplo, constatouse en Devon que trala introdución do cromo nos procesos de elaboración do coiro ás actividades industriais encetaron a abandonar o rural cara factorías nas cidades coma Kendal, Nouthampton e Street. Este progresiva centralización da produción acelerouse a través do camiño do ferro. Coma consecuencia desta situación, en 1918 os mercados locais rurais de Devon encetaron a perder posicións. Cf. Martin BODMAN, *Devon leather* ..., 2008, páx. 8.

[173] Cf. Jordi NADAL OLLER, "La transición del zapato manual al zapato <<mecánico>> en España" en Jordi Nadal e Jordi Catalán (eds.), *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*, Madrid, Alianza Editorial, 1994, páxs. 322 e 330-334.

Neste contexto o sector dos curtumes galegos está xa moi tocado na década dos anos trinta máis dous elementos externos ao propio funcionamento da industria, a Guerra Civil española e a posterior autarquía e intervención do mercado[174], van ocasionar que as fábricas galegas non comecen a fechar, de xeito significativo, até a segunda parte da década dos anos cincuenta, onde se produce un verdadeiro colapso do sistema ao retirarse as eivas ao artellamento dun mercado estatal liberalizado[175].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[174] O nacionalismo español triunfante na Guerra Civil vai conducir ao Estado cara unha política económica proteccionista, mesmo nalgunhas opinións de tipo "stalinista" ao discriminar ás industrias de consumo fronte ás de inversión, que levara ao país a un grande retroceso nos niveles de vida da súa cidadanía. Durante o primeiro franquismo rexístrase un intenso proceso de diverxencia económica co resto dos países europeos. Malia que as causas son variadas, adoita focalizarse a análise na escolla pola ditadura franquista da opción da protección da economía fronte ao librecambio imperante na Europa occidental após a II Guerra Mundial. Nestes países con sistemas democráticos rexístranse taxas de crecemento económico moi fortes neste período. O desenvolvemento económico tivera sido moito maior no Estado senón se executasen as políticas franquistas e se o Estado continuase nun ámbito democrático, de apertura externa, con políticas industriais non autárquicas e non tan intervencionistas. Cf. Luis Eduardo PIRES JIMÉNEZ, *La regulación económica en las dictaduras: el condicionamiento industrial en España y Portugal durante el siglo XX*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Tese doutoral, 1999, páxs. 30, 100, 424, 433 e 470.

[175] O mesmo ocorreu con outros eidos económicos noutras partes do Estado español como é o caso da hulla asturiana. Cf. Germán OJEDA e Juan Antonio VÁZQUEZ, "Asturias: una industrialización intervenida" en Jordi Nadal e Albert Carreras (coord), *Pautas regionales de la industrialización española (siglos XIX y XX)*, Barcelona, Ariel, 1900, páx. 65 e seguintes.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

MOTORES DO COLAPSO DO SECTOR DOS CURTUMES EN GALICIA

Na industria do curtido en Galicia actúan nos anos centrais do século XX varios motores que acenden, ceban e aceleran o esvaecemento do sector en Galicia. Esta forza que impulsa aos coiros galegos cara o abismo dividímola para a nosa análise en dúas partes: motores principais e motores auxiliares. Dentro dos primeiros situamos as causas centrais que explican coma se esborralla o sector desde a súa cerna, é dicir, pola estrutura produtiva da propia industria. Xa que logo, descríbense os motivos principais que explican, ao noso xuízo, o peche de ducias de fábricas en Galicia en moi poucos anos e que coincide co adiantado no libro *El empeño industrial de Galicia.250 años de historia* dos profesores Xoán Carmona e Jordi Nadal[176], cuxos trazos xerais foron comentadas na anterior epígrafe. O que nos alcumamos motores auxiliares, tratando de ilustrar un chisquiño a problemática, son tamén causas sen as que non se pode explican o devalo dos coiros galegos mais adversidades que, ao noso xuízo de novo, a industria podería ter superado se tivera un deseño diferente da súa estrutura produtiva onde, coma amentamos, situamos o miolo da derruba do sector en Galicia.

Motores principais

Como causas principais do colapso do sector dos curtumes en Galicia nos anos sesenta identificamos dúas a estrutura produtiva da industria e, como consecuencia desta, a falla de demanda dos produtos fabricados polos curtidoiros galegos. Imos velos.

A estrutura produtiva da industria dos curtumes galegos a finais dos anos cincuenta e comezos dos anos sesenta era refén do tamaño das súas instalacións fabrís, do proceso de elaboración dos coiros, dos escasos custos da man de obra e da pouca inversión na mellora da produtividade das empresas.

A inmensa maioría das fábricas de curtidos galegas eran de tamaño pequeno. Tiñan unhas instalacións fabrís duns 90 m^2 nos que había uns sete ou oito píos de curtir e nos que aínda era frecuente ver o tradicional muíño de casca turrado por cabalaría, que representaba a ausencia de mecanización do proceso de produción. Proceso de produción que apenas mudara co paso dos anos e que se baseaba en somerxer as peles nos píos, en auga con tanino, durante un longo período de tempo e no que se empregaban, nesta fábrica de tipo medio que estamos a describir, uns catro ou cinco traballadores. Estes traballadores caracterizábanse por dúas notas principais. Unha primeira, que cobraban un xornal de miseria e polos que o empresariado nin cotizaba por eles. Unha segunda, a ausencia total de formación destes. Aspecto este último que tamén caracterizaba á caste empresarial. Finalmente, trátase de empresas pouco capitalizadas onde as ganancias non se invisten na adquisición de bens de equipos que melloren a produtividade do proceso de fabricación dos coiros senón que, as máis das veces, se dirixen a cuestións familiares, que nada teñen que ver co funcionamento da empresa, como o financiamento de estudos universitarios dos fillos do empresariado.

[176] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e Jordi NADAL OLLER, *El empeño industrial de Galicia* ... 2005, páxs. 215-220.

Estes curtidoiros estaban orientados a dous tipos de produtos o becerro para zocos e a sola para zapatos que amosaban poucos incentivos ás fábricas para a súa mecanización pois eran produtos de calidade fabricados mediante un proceso de elaboración tradicional, xa referido máis enriba, e dos que o mercado até os anos sesenta demandaba.

En conclusión, xa temos tres causas que explicarían a falta de mecanización dos curtidoiros galegos na primeira parte do século XX: A baratura da man de obra, a falla do destino das ganancias das empresas á compra de bens de equipo para as propios curtidoiros e a fabricación de produtos que non requirían *conditio sine qua non* a mecanización do proceso produtivo.

Unha cuarta causa da non mecanización achámola na herdanza da etapa da intervención e sería común, xa que logo, a todas as zonas do Estado español. O condicionamento industrial supuxo un freo a expansión da actividade industrial, ao denegar a creación e a ampliación de numerosas industrias. Esta fasquía da dimensión da industria española contrasta co principal obxectivo da política industrial franquista: o aumento da produción industrial[177]. En efecto, o propio sistema da autarquía escollido pola ditadura non daba azos o empresariado para levar a cabo unha muda na estrutura produtiva do sector cara unha meirande mecanización deste. Isto é consecuencia da insuficiente cota de produción asignada aos diferentes curtidoiros que tiñan inclusive que producir seis ou sete veces máis do que tiñan autorizado xa que senón non saían adiante. Este excedente canalizábase a través do *estraperlo* polo que o sector carecía de estímulos que os propulsaran cara unha mellora da estrutura produtiva das diferentes empresas.

Ás causas internas do sector, temos que engadir unha quinta causa que nos axuda a entender a non mecanización dos curtumes galegos. Referímonos as eivas que acrecenta o territorio nese tempo na subministración eléctrica[178] que habilitara o emprego de bombos en substitución dos píos e máquinas de estirar, escorrer, descarnar, rebaixar, cilindrar, dividir, etc.. en substitución de parte da man de obra ocupada nas fábricas. Dificilmente un empresario vai facer unha inversión en bens de equipo que logo non vai poder empregar. Pois logo, se aceptamos que nos anos centrais dos anos cincuenta o acceso a subministración eléctrica é a chave para a ansiada mecanización dos curtidoiros galegos, Galicia tiña todas as de perder no proceso de re-localización industrial español do final da autarquía xa que aínda en 1955 cerca de 700.000 persoas vivían sen luz e a 83 concellos aínda non chegara o fluído

[177] Cf. Luís Eduardo PIRES JIMÉNEZ*, Regulación industrial y atraso económico en la dictadura de Franco,* Madrid, Dykinson, 2003, páxs. 30, 150-151.

[178] No concello de Chantada, por exemplo, estudáronse dúas industrias, unha precisamente a dos curtidos, e as dúas tiveron problemas coa mecanización dos seus procesos produtivos pola deficiente subministración eléctrica fornecida aos seus estabelecementos industriais, antes da construción do encoro de Belesar en 1963. Cf. Claudio OTERO EIRIZ, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, ... , páx. 135 e Claudio OTERO EIRIZ, "Os Cabezas: unha caste empresarial encol da madeira nas terras do Asma" en *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio*, Chantada, Núm. 1 (2015), páxs. 53-54.

eléctrico. Paradoxalmente, case todos os que padecen esta carencia pertencen as provincias galegas de Lugo e Ourense, as máis explotadas para a produción eléctrica[179].

Esta non mecanización do proceso de elaboración vai traer consecuencias importantes para o sector a partir da década dos anos sesenta pois o forte incremento dos xornais acaecido en todo o territorio estatal pon en dificultades adicionais ao eido dos curtumes galegos, nos que a estrutura de custos de produción dependía dunha man de obra moi barata. Así, segundo nos testemuñou Manuel Nogueiras Rumbao[180] a principal causa do feche da súa fábrica e, en xeral das demais, foi o incremento dos xornais dos traballadores que nos anos sesenta se incrementaron nun 100%[181]. Este incremento no coste de produción non puido pasarse ao produto final xa que os coiros quedaban fora do mercado pois en Igualada, por exemplo, curtían moito máis barato xa que tiñan bombos e o proceso mecanizado. Ademais, hai que ter en conta que naqueles anos o custo dos outros elementos principais precisos no procedemento de elaboración non mudan de prezo. A pel e a casca de carballo seguía a costar máis ou menos o mesmo. Porén, o xa amentado xornal dos traballadores si mudou afectando a estrutura de custos das fábricas. Coa liberación do mercado, os Nogueiras fabricaban moita sola que vendían a 40 pesetas mais os seus competidores de Igualada vendíana a 20 pesetas pois tiñan xa o proceso produtivo mecanizado. Aínda que estes coiros non eran da mesma calidade, xa que lles botaban uns polvos -que eran moi baratos- nos bombos para que pesasen máis os coiros, e así ganarlles máis cartos, mais reducíanlles a calidade e mesmo se chovía moito apañaban a auga. Mais a diferenza de prezo era moi grande e inclusive el acabou comprando sola na referida vila catalá, é dicir, a os seus competidores.

Na mesma liña que Manuel Nogueiras Rumbao, Rosario Álvarez Álvarez[182] testemuña que a fábrica de Felisindo Gutérrez Nóvoa (seu home) e as do resto de Porto do Souto[183] fecharon xa que non podía competir ao non estaren mecanizadas. Ademais, pagábanse uns xornais baixos e a maioría dos traballadores marcharon á emigración onde tiñan mellores condicións laborais.

Malia ao anterior, algunhas fábricas si que foron quen de seguir con actividade durante uns anos máis alá da década dos anos sesenta. Foi o caso da fábrica de Herrero Lobejón en

[179] Cf. Valentín PAZ ANDRADE, *Galicia como tarea*, Bos Aires, Ediciones Galicia, 1959, páx. 78.
[180] Testemuño feito o 4 de febreiro de 2017 no seu domicilio particular en Ourense. Manuel Nogueiras Rumbao herdou a fábrica dos Nogueiras en Allariz e foi o último empresario que tivo a fábrica antes de fechar.
[181] O empresario ten boa memoria pois os salarios medios na industria do coiro no Estado español, retribución media por hora traballada en pesetas correntes, pasou de 12,7 pesetas en 1963 a 26,7 pesetas en 1970. Nos anos setenta as subas porcentuais destes salarios aínda son maiores. Cf. Albert CARRERAS e Xavier TAFUNELL (coords.), *Estadísticas históricas de España. Siglos XIX-XX*, Bilbao, Fundación BBVA, 2005, páx. 1.226.
[182] Testemuño feito o 22 de setembro de 2015 no seu domicilio de Cea. Rosario Álvarez Álvarez é viúva de Felisindo Gutierrez Nóvoa que tivo unha fábrica de curtidos en Porto do Souto, no concello de Piñor.
[183] A aldea de Porto do Souto, no concello de Piñor, foi uns dos lugares de Galicia onde mais fábricas de curtume tiveron atividade durante o século XX.

Lugo propiedade de Melchor Herrero Prieto[184] que fecha, tamén, pola súa incapacidade para competir no mercado mais no ano 1980. En todo caso, foron as menos.

En conclusión, as vellas fábricas galegas de curtumes non foron quen de acometer unha mecanización do seu proceso produtivo que lle proporcionaría, en primeiro lugar, depender menos na súa estrutura de custos das posíbeis subas importantes dos salarios dos seus empregados e, en segundo lugar, ter unha maior capacidade de adaptación ás posíbeis mudas na demanda dos produtos fabricados, que a seguir tratamos.

A segunda grande causa do colapso dos curtumes galegos foi a falla de demanda dos produtos fabricados polos curtidoiros galegos que eran dous principalmente: O becerro para a elaboración de zocos e a sola para a fabricación de zapatos. Estes dous produtos, zocos e zapatos artesanais, comezan a deixar de empregarse de xeito cotián na década dos anos sesenta coa entrada do alcumado zapato mecánico. Para estudar este feito entrevistamos a dous dos empresarios cuxos curtidoiros aínda están a producir. Ambos, con seus matices, fixan no esborrallamento da demanda dos anos sesenta coma a causa principal do peche de tantas fábricas de coiros en Galicia e a súa incapacidade para fabricar outros produtos. Estas fábricas producen un curtido vexetal tal e como sempre se fixo até a chegada da química ao sector industrial. E este feito diferénciaos da outra fábrica que segue aberta en Galicia, a padronesa PICUSA.

Segundo Jesús Queijo Pallas[185] a súa fábrica de curtidos no Tarambollo foise adaptando á demanda cambiante do mercado co paso dos anos e, fundamentalmente, por ese motivo segue a fabricar coiros e moitas outras fábricas foron pechando, precisamente, pola referida falla de adaptación á demanda. Este industrial estabelece tres grandes etapas na produción de coiros na súa propia fábrica e, en xeral, no resto de Galicia. Son as que seguen:

1) A primeira etapa iría até mediados dos anos sesenta do século XX e caracterízase pola fabricación dos seguintes outputs:

    a. O becerro que estaba feito de pel de becerro, valga a redundancia, moi engraxada para que non lle entrara a auga. Ademais, o becerro non se lle aplicaba moita *plancha* para que fora máis flexíbel. O becerro empregábase para facer zocos e zapatóns. O porcentaxe de becerro que fabricaba o curtidoiro era un 85% da produción total.

    b. A vaqueta que estaba elaborada con pel de vaca á que, ao contrario do anterior, ía menos engraxada e máis *planchada*. Este produto dedicábase para facer para

[184] Testemuño feito o 24 de febreiro de 2016 nun encontro na cidade de Lugo. Melchor Herrero Prieto foi propietario da fábrica de curtumes de Herrero Lobejón.

[185] Testemuño feito o 8 de marzo de 2016 no curtidoiro do Tarambollo (concello de Carballo). Jesús Queijo Pallas é propietario dunha fábrica de curtidos que aínda está operativa no Tarambollo, concello de Carballo. Herdou a factoría do seu pai, que a herdara do seu pai a súa vez. Logo de cursar estudos na Escuela Superior de Tenería de Igualada, a finais dos anos sesenta e comezos dos anos setenta, tornou a Carballo para facerse cargo do curtidoiro familiar e proceder a súa progresiva mecanización. Recentemente xubilouse mais a fábrica segue aberta e en produción.

correaxes e para que o artesanado fixera o conxunto formado pola sela e os demais arreos que se lle poñen a un animal para poder montar nel. O porcentaxe de vaqueta que fabricaba o curtidoiro era un 10% da produción total.

c. Finalmente, o outro 5% da produción da fábrica estaba dedicado a curtir pel de cabalo para facer forros de bota de becerro.

2) A segunda etapa transcorre polos seguintes vinte anos, aproximadamente de 1965 a 1985 na que a produción da fábrica de curtumes era a que vemos abaixo:

   a. O becerro fabricábase coas mesmas características antes subliñadas. O becerro mercábano fundamentalmente o artesanado para facer zocos e as fábricas de bota de becerro de Ourense[186] e Monforte de Lemos[187]. Contra o ano 1985 esta demanda de becerro sofre o impacto da entrada no mercado de roupa e calzado específico para traballar e que se elabora con outros tipos de materiais. O porcentaxe de becerro que fabricaba o curtidoiro reduciuse a un 65% da produción total.

   b. A vaqueta presentaba as mesmas características e a mesma demanda co período anterior. O porcentaxe deste *output* que fabricaba o curtidoiro sobe a un 30% da produción total.

   c. Finalmente, de novo a fábrica do Tarambollo produce un 5% de coiros con pel de cabalo mais neste tempo xa se destinaba á artesanía.

3) A terceira etapa comezaría no ano 1985 e chegaría á actualidade. A demanda de coiros que atende a factoría é a que referimos deseguido:

   a. A vaqueta coas características e o destino xa sinaladas e que consume un 75% da produción total da fábrica.

   b. O curtido de pel de cabalo con destino á artesanía que cubre o 20% da produción da empresa.

   c. O becerro cuxa demanda se encolle a un 5% da produción total de coiros no Tarambollo.

Para poder responder á demanda cambiante descrita, Jesús Queijo foi progresivamente mecanizando a súa fábrica desde comezos dos anos setenta até a actualidade. Neste proceso adquiriu as seguintes máquinas, que aínda se utilizan a día de hoxe: dúas máquinas de descarnar, unha máquina de dividir, unha máquina de escorrer, tres máquina de rebaixar (unha en húmido), un molinete eléctrico, unha máquina de estirar, unha máquina de medir, unha

[186] Fundamentalmente, trátase de Calzados Diéguez e Calzados Márquez.
[187] Especifica o empresario que en esencia vendíalle o becerro a Calzados Losada, Calzados Galaicos e Calzados Kuski.

máquina de abrandar e outra de abrillantar. Amais, incorporáronse ao proceso produtivo catro bombos: un para pelar, dous para desencalar e outro para engraxar. Esta mecanización permitiulle non ter excesivos custos de persoal. Actualmente na fábrica choia un só traballador.

Na mesma liña co anterior, José Antonio Vázquez García[188], propietario dunha fábrica de curtidos que aínda está con actividade no concello de Coristanco, o sector dos curtumes en Galicia veuse abaixo xa que os produtos que fabricaban deixaron de demandarse. Este empresario cifra nun 90% a desaparición da demanda de coiros que tiñan as fábricas sobre finais dos anos cincuenta e comezos dos anos sesenta, o becerro para zocos e a *vaqueta* para monturas de cabalos. A razón principal foi a mecanización do campo coa chegada do tractor que tivo un dobre impacto negativo para os curtumes galegos:

1) O becerro era o tradicional *input* co que o artesanado elaboraba os zocos que era o calzado habitual no campo galego até os anos centrais do século XX. Os labregos e labregas precisaban calzar zocos xa que era un calzado moi forte, resistente e impermeábel. Por exemplo, para rozar os toxos pousábase o pé co zoco no propio toxo e co gallete apartábanse os espiños e por baixo íanse cortando cun fouciño e facendo as gabelas. Para estas angueiras tamén se levaban unhas polainas de coiro nas canelas para protexerse dos espiños dos toxos. Coa chegada do tractor ao campo, a xente xa non precisa de zocos nin de polainas para, como no caso do exemplo anterior, rozar os toxos xa que vai empoleirada na máquina. Ademais, nese tempo tamén se comeza a introducir no mercado galego o zapato mecánico que paseniño vai substituíndo ao zoco como calzado habitual.

2) A vaqueta destinábase preferentemente para elaborar polo artesanado as monturas para os cabalos. Ao comezar a utilizarse vehículos con motor coma tractores, camións e mesmo automóbiles o emprego dos cabalos para o traballo no campo e o transporte vai desaparecendo o que fai que cada vez haxa menos equinos pola xeografía galega aos que lles cómpre unha montura de coiro.

O empresario conseguiu mecanizar a súa empresa e, deste xeito, sobrevivir no mercado fundamentalmente mediante a compra á antiga fábrica de Monelos, no concello da Coruña, dunha serie de maquinaria nos anos setenta. Falamos das seguintes máquinas: unha máquina de rebaixar, outra de escarnar, outra de dividir, outra de estirar, outra de abrandar, outra de abrillantar, un bombo e varios molinetes. Actualmente na fábrica traballa o propio empresario e a súa muller.

Esta falta de demanda que sofren os curtidoiros galegos na década dos anos sesenta ilustróunola moi ben José Suárez Rodríguez[189], que é fillo do empresario Celestino Suárez

[188] Testemuño feito o 1 de marzo de 2016 na propia fábrica. José Antonio Vázquez García herdou a fábrica do seu pai en Midón, concello de Coristanco, e decide non emigrar como facía o resto da xente nova é adaptar o curtidoiro á demanda dos novos produtos.
[189] Testemuño feito o 20 de xaneiro de 2016 no seu domicilio particular en Negreira.

Pensado que tivo unha fábrica de curtidos no lugar de Covas -no concello de Negreira-, que literalmente nos dixo: "acabáronse os zapateiros e zoqueiros e nós[190] con todos eles". Do mesmo xeito, outras nove persoas, relacionadas con algunha das fábricas, trasladan nas entrevistas que lles fixemos esta mesma causa como a responsábel do feche xeneralizado dos curtidoiros galegos nos anos centrais do século XX[191].

En conclusión, a chegada do zapato mecánico a Galicia fai que a demanda tradicional dos curtidoiros galegos sufra un forte impacto xa que os seus clientes tradicionais, zapateiros e zoqueiros, comezan a desaparecer do mercado nos anos sesenta ao que o atomizado sector dos curtumes galegos non é capaz de dar unha resposta axeitada polo que colapsa e desaparece.

Motores auxiliares

Unha vez sentados os motivos fundamentais do colapso dos curtumes galegos na década dos anos sesenta, imos analizar brevemente outras causas, só as que teñen unha certa representatividade non todas as que chegaron ás nosas orellas, que tamén cebaron este esmorecemento do sector, se ben máis dun xeito particular que xeral.

---

[190] Refírese aos curtidores.

[191] Referímonos ás seguintes persoas:

1) Jesús López Rodríguez é fillo de Jesús López Fraga que foi empresario do curtido no concello de Carballo, en concreto no lugar do Forno. Afirma que o seu pai fechou a fábrica nos anos centrais da década dos sesenta porque a demanda dos coiros foi caendo moito. Testemuño feito o 9 de marzo de 2016 no local onde se localizara o curtidoiro do Bardanca.
2) Gonzalo Martín Giménez atesta que a fábrica de Gonzalo Martín Herranz, familiar seu, no concello de Tui, no lugar da Sarabia fechou, nos anos centrais do século XX, a causa da pouca demanda que había dos coiros que fabricaban e que o negocio non deixaba moito marxe comercial. Testemuño feito o 15 de setembro de 2016 no seu domicilio particular na vila de Tui.
3) Pablo Montero Álvarez é sobriño neto do anterior propietario da fábrica de Xamirás, no actual concello de Celanova, e actual propietario desta. Atesta que o curtidoiro fechou por falta de demanda dos seus produtos. Testemuño feito o 19 de marzo de 2016 nas propias ruínas do curtidoiro en Xamirás.
4) Manuel Rey Romero é neto do empresario Maximino Recarey Pena que tivo o seu curtidoiro no concello do Val do Dubra, coñecida coma a fábrica do Pelachín. Atesta que a fábrica pechou por falta de demanda. Testemuño feito o 5 de maio de 2015 nas antigas instalacións fabris.
5) José Luís Ureña é fillo do empresario Juan Ureña Bernárdez que tivo unha fábrica de curtumes no Reino, concello de Piñor. Atesta que fechou o curtidoiro por falta de demanda. Testemuño feito o 29 de xullo de 2016 na súa casa do Reino.
6) Benjamín Vedo Núñez é fillo do empresario Manuel Vedo Álvarez que tivo unha fábrica de curtumes en Vilamartín de Valdeorras. Atesta que a fábrica fechou por falta de demanda. Testemuño feito o 16 de decembro de 2016 nas antigas instalacións fabrís.
7) Castor Gago Álvarez é neto do empresario Gerardo Álvarez Pérez que tivo un curtidoiro en Verín. Atesta que a fábrica fechou por falta de demanda. Testemuño feito o 12 de xaneiro de 2016 nas antigas instalacións fabrís.
8) Senén Rodríguez Vila e fillo e irmao dos empresarios que tivo a coñecida coma a fábrica do Reque, no concello do Carballiño. Atesta que as fábrica pechou pois a xente xa non usaban nin mercaba zocos e, deste xeito, foron desaparecendo tamén os zoqueiros e os zapateiros coa entrada do zapato en serie. Testemuño feito o 25 de xuño de 2015 mediante carta enviada ao autor desta investigación.
9) Fina Villanueva é filla do empresario dos curtumes José Villanueva Bernárdez que tivo unha fábrica no concello de Arzúa, no lugar de San Salvador. Atesta que a mediados do século XX decide fechar o curtidoiro debido ao pouco marxe comercial que deixaba. Testemuño feito o 29 de xaneiro de 2016 en conversa telefónica.

1. A eiva da sucesión empresarial pola falla de interese das novas xeracións por seguir no negocio dos curtidos. O traballo cos coiros é algo que non é de agrado de ninguén polos cheiros que xera a actividade curtidora e pola baixa estima social que sempre acrecentou o sector[192]. Cómpre recordar que na maioría das fábricas galegas, debido a súa modestia, o empresario traballaba manualmente tamén no proceso produtivo xunto ao persoal obreiro e, en non poucos casos, o empresario era o único que choiaba no seu curtidoiro. Enraizando con isto as novas xeracións chamadas a suceder aos seus pais na fábrica familiar non queren continuar co negocio xa que é noxento, insalubre, mal visto socialmente e por enriba comeza a dar síntomas de que non vai dar tanta fartura como até ese momento. Estas persoas xa, polo xeral, con titulacións académicas, que agromaran cos ingresos dos pais fornecidos pola actividade curtidora, prefiren dedicarse a empregarse nalgunha das profesións liberais que ofertan as cidades galegas a colleren o goberno da empresa[193]. O sector dos coiros galegos, coma

[192] Estes estereotipos están moi logrados na novela de Patrick Sũskind *El Perfume. Historia de un asesino*.

[193] Os testemuños que se tiveron en conta para a redacción deste parágrafo foron os que seguen:

1) Manuel Nogueiras Rumbao tratou de asociarse con outros empresarios do curtido e do calzado. Co Piteira do Carballiño tiña as negociacións moi avanzadas mais a inversión que ían facer e saber que os seus fillos, con estudos universitarios, non ían seguir coa empresa fixeron que ao final optara por non seguir adiante. Testemuño feito o 4 de febreiro de 2017 no seu domicilio particular en Ourense. Manuel Nogueiras Rumbao, tal e como xa amentamos, herdou a fábrica dos Noguciras en Allariz e foi o último empresario que tivo a fábrica antes de fechar.
2) Mario Cortizo Vila é primo do derradeiro empresario da fábrica do Cortizo, Eliseo Cortizo Villanueva, no concello de Lalín, na freguesía de Bendoiro. Atesta que a fábrica fechou no ano 1958 pola confluencia dun cúmulo de factores: obriga de dar de alta aos empregados do curtidoiro, non mecanizar o proceso de produción, os empregados e o empresario estaban en idade de xubilación e decidiron xubilarse todos e, finalmente, outro dos motivos foi que os herdeiros estudaron na universidade e non quería seguir co negocio. Testemuño feito o 5 de novembro de 2015 na súa casa de Bendoiro, no concello de Lalín.
3) José Ramón Sixto García é neto do derradeiro empresario do curtidoiro do Penido, no concello de Alfoz. Atesta que a fábrica pechou logo da morte fortuíta do propietario do curtidoiro José Sixto García en 1936 e que os fillos, xa estudados de aquelas, non tiveron interese en seguir coa fábrica. Testemuño feito o 17 de novembro de 2015 nos propios locais onde se emprazaba o curtidoiro no Penido.
4) Ángel Valverde Herrero foi almacenista de peles e é veciño da zona de Narón onde se empoleiraba o curtidoiro de Antonio Rodríguez Casal. Atesta que a fábrica fechou porque o empresario xubilouse e ninguén quixo seguir co negocio. Testemuño feito o 12 de agosto de 2015 no seu domicilio de Narón.
5) María Iglesias Pena atesta que a fábrica de Jesús García Iglesias, do que é neta, no concello da Laracha, no lugar do Viso fechou, nos anos centrais do século XX, xa que ninguén da familia se quixo seguir co curtidoiro unha vez falecido o empresario. Testemuño feito o 1 de febreiro de 2016 no lugar onde no seu tempo se localizou o curtidoiro.
6) Carmen García Boquete atesta que a fábrica de curtumes de Jesús García Boquete, do que é filla, fechou, nos anos centrais do século XX, xa que el marchou para a casa dos sogros para coidalos e ninguén quixo seguir co negocio. Testemuño feito o 1 de febreiro de 2016 no lugar onde no seu tempo se localizou o curtidoiro.
7) María Oliva Núñez Abel veciña de sempre da actual Avenida de Madrid, zona na que se localizaron varios dos curtidoiros da cidade da muralla. Atesta que a fábrica de Francisco Jáñez no concello de Lugo, no lugar do Polvorín, fechou a comezos dos anos sesenta pouco despois de morrer o empresario. Testemuño feito o 13 de novembro de 2015 no seu domicilio particular.
8) Julio Pérez Fernández e Perfecto Quintas Álvarez veciños do lugar de Rubiás, no concello de Bande, atestan que cando o empresario Francisco Fernández Martínez morreu a fábrica pechou xa que ninguén quixo saber nada dela. Testemuño feito o 17 de decembro de 2015 nas propias ruínas do curtidoiro en Rubiás.

recitaría María Mariño, ben parece que tiveran unha *cadea enfurruxada* xa que non foron quen, en moitos dos casos, de conseguiren unha axeitada sucesión empresarial.

2. A necesidade de regularizar os curtidoiros na década dos anos sesenta pois moitos deles, sobre todos os do rural galego, nin tiñan dadas de alta as fábricas como empresa nin cotizaban polo traballos do seu persoal obreiro. Neste senso, Marcelino Souto Vázquez, que foi fillo do empresario dos curtumes Jesús Souto Carracedo no concello da Laracha, no lugar de Cumiáns, atesta que a fábrica do seu pai pechou fundamentalmente porque a comezos dos anos sesenta estabeleceuse unha nova normativa mercantil e laboral que obrigaba ás fábricas de curtidos, neste caso, a darse de alta coma empresas e dar de alta, a súa vez, aos traballadores que choiaban nela[194].

3. A actuación axexante da *Fiscalía de Tasas*. Poucos meses despois do golpe de estado de 1936, o nacente Estado franquista apostará por unha política económica que aspiraba ao autoabastecemento que faría independente a España. A vontade política dominaría á realidade económica. O Estado decidiría que debía producirse ou cultivarse, cando debía entregarse ás autoridades para a súa distribución, a que prezo debía venderse, que cantidades sería distribuídas e a que prezo aboado. Os resultados económicos da alumada autarquía foron desastrosos empuxando á propia economía cara o mercado negro, o chamado *estraperlo*[195]. Pois ben para arranxar a desfeita, a ditadura crea a *Fiscalía de Tasas* pola *Ley de 30 de septiembre por el que se crea la Fiscalía Superior de Tasas, encargada de hacer cumplir, con todo rigor, el régimen*

9) Manuel Pájaro Crespo é fillo de Rodolfo Pájaro López que foi primeiro xerente e despois socio do curtidoiro do Balado no concello de Lalín. O propio Manuel choiou durante uns anos na empresa. Atesta que a fábrica fechou a finais dos anos oitenta por dous grandes motivos, por baixar moito a demanda do produto que elaboraban, que era sola, e por ter a empresa problemas para suceder aos socios desta. Testemuño feito o 9 de novembro de 2015 nun bar que rexenta el no concello de Lalín.
10) Juan Luís López Díaz é neto do derradeiro empresario da fábrica de Vilachá, no concello de Samos, e actual propietario do edificio onde se curtían as peles. Atesta que o empresario xubilouse moi vello e que os fillos non quixeron seguir coa fábrica. Testemuño feito o 7 de xaneiro de 2016 nas instalacións do antigo curtidoiro de Vilachá.
11) Fernando López Sánchez é familiar de Bautista Sánchez Rodríguez derradeiro empresario do curtidoiro de Castelo de riba, no concello de Sarria. Atesta que a fábrica pechou porque o empresario morreu dun infarto e ninguén quixo seguir coa fábrica. Testemuño feito o 12 de xaneiro de 2016 en conversa telefónica.
12) Ricardo Ferreiro Rodríguez é veciño de sempre do lugar Barro Portela, do concello de Monterrei, onde houbo unha fábrica de coiros. Atesta que fechou logo de morrer o empresario xa que os fillos non quixeron saber nada do negocio. Testemuño feito o 18 de xaneiro de 2016 nas antigas instalacións fabrís.

[194] Ademais, por ese tempo sufriron unha multa moi grande por parte da inspección por unha compra de coiros que non viñan intervidos. A parte de pagar a multa perderon os coiros. Outros dos feitos que esgrime como causas do peche do curtidoiro son: que o negocio non daba grandes marxes monetarios e que as infraestruturas públicas eran moi deficitarias. Naquel tempo para apañar unha estrada había que ir en carro até A Silva, un cruce de camiños no concello de Cerceda, a uns catro quilómetros de Cumiáns. Tamén se laia da falla de electricidade que civaba as posibilidades de desenvolvemento da fábrica. Testemuño feito o 5 de agosto de 2016 na casa de Cumiáns onde no seu día operou o curtidoiro. Tamén pasou noutros curtidoiros coma o do Cortizo en Lalín xa que ao ser unha industria cuns custos de produción moi axustados calquera incremento destes botábaos fóra do mercado.

[195] Cf. Miguel Ángel, DEL ARCO BLANCO , "El estraperlo: pieza clave en la estabilización del régimen franquista", *Historia del Presente*, núm. 15 (2010), páxs. 65-78.

sobre las mismas de 1940 para tratar de atallar o referido *estraperlo*. En varios dos curtidoiros galegos a actitude desta Fiscalía foi a causante do feche destes[196] e actuando, ás veces, mesmo por razóns políticas[197].

4. A falla de formación do empresariado galego en xeral e en particular no emprego dos novos axentes curtintes. Jesús Queijo Pallas[198], que é propietario dunhas das fábricas que quedan abertas, sinala tamén que outra das razóns pola que algunhas fábricas fecharon as súas portas foi a transición que se deu nos anos sesenta de curtir con casca de carballo a facelo con extractos. Até este tempo curtíase con casca de carballo que tiña pouca concentración de tanino polo que para curtir unha pel facían faltan uns 12 meses. Coa introdución dos extractos nos curtidoiros galegos o proceso produtivo axilízase vertixinosamente a uns 15 días pola alta concentración de tanino destes[199]. O conto foi que ao curtir as peles con extractos o coiro resultante non era do todo igual ao curtido ao xeito tradicional coas pesadas cascas de carballo. Unha das grandes eivas que podía acontecer se non se dominaban as características propias destes *novos* coiros e que rompían ao manipulalos xa que no proceso non se eliminaba ben o cal, ao contrario do que sucedía coa casca de carballo. Neste sentido, a Jesús Queijo veulle ben a formación recibida Escuela Superior de Tenería en Igualada pois axudoulle a saber ben a composición da pel e como reacciona a mesturala con outros produtos.

5. Enfiando co anterior, outro motor no devalo dos coiros galegos foi a falla dun apoio institucional claro ao sector en Galicia. Un exemplo desta desidia institucional que se podería citar sería a ausencia dunha oferta axeitada de formación tanto ao empresariado coma á caste traballadora. Neste sector no que predominaba o *curtido á antiga ou galega* semella sensato matinar que unha aposta pola mellora do chamado capital humano sería *conditio sine qua non* para unha industrialización real do curtido galego. Noutras partes do Estado si se optou por ofertar unha estrutura institucional

[196] Referímonos aos seguintes:
1) María Cruz Mouriño Rosal é neta do empesario Andrés Mouriño Barreiro que un curtidoiro no concello de Carral. Atesta que fechou a fábrica logo dunha severa multa da Fiscalía de Tasas. Testemuño feito o 6 de novembro de 2015 nas antigas instalacións do curtidoiro.
2) Esther Queijo Caamaño atesta que a fábrica de curtidos propiedade de Antonio Queijo, do que é filla, no concello da Laracha, lugar de San Cristovo pechou, nos anos centrais do século XX, a causa dunha multa da Fiscalía de Tasas. Testemuño feito o 1 de febreiro de 2016 no lugar onde no seu tempo se localizou o curtidoiro.
3) Teresa Chedas Sangiao é nora do empresario Cándido Fernández López propietario do curtidoiro do Cartucheiras, no concello da Estrada. Atesta, xunto cos seus fillos, que a fábrica fechou por unha multa da Fiscalía de Tasas. Testemuño feito no supermercado dos seus fillos na Estrada o 16 de setembro de 2016.
4) No curtidoiro do Carme de Berdeogas e no curtidoiro de Cumiáns na Laracha tamén sofriron chivatazos que lles provocaron unha presión engadida por parte dos funcionarios da ditadura franquista.

[197] Á esta represión "económica" do réxime axudaba a propia normativa que creara a *Fiscalía de Tasas* pois no seu artigo sétimo dábase como premio ás persoas denunciantes, xusto despois dunha guerra civil, un 40% da multa imposta.

[198] Testemuño feito o 8 de marzo de 2016 no curtidoiro do Tarambollo (concello de Carballo). Jesús Queijo Pallas é propietario dunha fábrica de curtidos que aínda está operativa no Tarambollo, concello de Carballo.

[199] Os extractos chegaban a Carballo, principalmente, de Arxentina os de quebracho, de Brasil e Sudáfrica os extractos de mimosa e de Francia e de Italia os extractos elaborados a partir de castañeiro.

favorábel ao desenvolvemento económico coma no sistema fabril guipuscoano. Abofé que a Escola de Armería de Eibar levou a cabo a función dunha escola de formación técnica para o sector armeiro e dos transformados metalúrxicos[200], eidos económicos centrais na industrialización guipuscoana. No sector dos curtumes enraizouse en Cataluña a Escuela Superior de Tenería de Igualada de onde saían formados traballadores e empresarios nas *novas* artes dos coiros.

6. Problemas de saúde[201]. En Galicia a meirande parte das fábricas eran de tamaño pequeno onde o empresariado era unha persoa traballadora máis, en moitos dos casos, no proceso de produción da empresa[202]. Este feito fai que estes terían semellantes eivas na saúde á caste traballadora da fábrica. Este foi o motivo pola que algunhas fábricas de curtume tiveron que fechar en Galicia[203].

   Estas eivas da actividade curtidora non é algo novo xa que desde o antigo coñécense os efectos nocivos para a saúde do proceso de curtido das peles. Xa autores clásicos coma Galeno e Plinio, no século II e I antes da nosa Era respectivamente, fixeron as primeiras observacións encol das enfermidades propias das persoas curtidoras e químicas primitivas e, deste xeito, estabeleceren as medidas en contra do po do Galeno.

---

[200] Cf. Jordi CATALÁN, "Capitales modestos y dinamismo industrial: orígenes del sistema de fábrica en los valles guipuzcoanos, 1841-1918" en Jordi Nadal e Albert Carreras, *Pautas regionales de la industrialización española (siglos XIX y XX)*, Barcelona, Ariel, 1990, páx. 147.

[201] Sobre os efectos que para a saúde teñen as angueiras curtidoras nas persoas que traballan neste eido industrial agradecemos as achegas feitas a esta investigación á doutora en exercicio Sinda López Seijas.

[202] Xaquín LORENZO FERNÁNDEZ, "Etnografía", en Ramón Otero Pedrayo (coord.), *Historia de Galiza*, Bos Aires, Editorial Nós, 1962, Volume 2, páx. 552. Amais da comprobación empírica desta investigación en numerosas fábricas coma o curtidoiro do Cereixeiro en Chantada, o curtidoiro do Vinculeiro en Porto do Souto, no concello de Piñor ou no curtidoiro do Carme en Berdeogas, no concello de Dumbría.

[203] Referímonos as seguintes persoas:

1) Felipe Mazaira Vázquez rexentou o curtidoiro do Cereixeiro en Chantada na década dos anos cincuenta e comezos dos sesenta do século XX. Lembra coma, cando o negocio entrou co pé esquerdo nos anos sesenta, decidiu fechar a fábrica e vender a maquinaría que tiña xa que era unha actividade industrial non saudábel é non moi respectada. Expondo estas razóns semella evidente que non pagaba moita a pena loitar por manter ergueito o curtidoiro. Testemuño feito o 12 de maio de 2012 no seu domicilio particular de Chantada.
2) Manuel Esparís López foi propietario do curtidoiro do Carme no concello de Dumbría, no lugar da Farrapa. Atesta que fechou a fábrica nos anos setenta pois o médico lle dixo que era un negocio insán e que o deixara. Testemuño feito en conversa telefónica mantida o 7 de xullo de 2015.
3) Alfonso Otero Regal é o actual propietario do edificio onde curtía peles o curtidoiro da Xunqueira. Atesta que as tres fábricas que había en Viveiro a comezos do século XX fechan por non poder competir no mercado. A fábrica da Xunqueira aguanta un pouco máis que as outras mais ao morreren dúas persoas por mor do antrax fecha definitivamente a comezos dos anos cincuenta. Testemuño feito o 23 de setembro de 2015 nas instalacións da antiga fábrica da Xunqueira.
4) Sandra López Sánchez e a súa mai son neta e filla, respectivamente, do empresario Daniel Sánchez Rodríguez, derradeiro empresario da fábrica de Castelo de abaixo, no concello de Sarria. Atestan que o curtidoiro pechou porque morreu o empresario de Pulmonía e ninguén quixo seguir coa fábrica. Testemuño feito o 11 de xaneiro de 2016 na súa casa que era onde estaba en tempos o curtidoiro.

O efecto do curtido sobre a saúde presenta unha dobre vía. Por unha banda, afecta ao persoal que realiza estes traballos e, por outra, á veciñanza da zona onde están localizadas estas fábricas polo seu impacto no medio ambiente.

As persoas que choian nunha fábrica de curtume están expostas a riscos de accidentes e enfermidades laborais. Entre os riscos para a saúde atópanse os que seguen:

a. A humidade ambiental que favorece a aparición de infeccións respiratorias coma arrefriados, bronquites crónica e infeccións por fungos. Amais, a humidade potencia o risco de esvarar e bater contra o chan, andar cos pes mollados, etc.

b. O po que se xera en varias operacións do procedemento de elaboración nos curtidoiros.

c. A inhalación de produtos químicos xa que a grande variedade de ácidos, álcalis, taninos, disolventes, desinfectantes e outros produtos químicos utilizados poden ser irritantes para as vías respiratorias e a pel.

d. Varios produtos químicos empregados na industria curtidora son irritantes para a pel e mucosas, entre eles están os álcalis, ácidos, cromatos, axentes branqueadores, aceites, sal e os compostos utilizados no proceso de tinguido.

e. Poden producirse problemas músculo esqueléticos a causa do levantamento e traslado manual de materiais, ao empurrar carretillas de man, e na carga e descarga de peles -especialmente cando están húmidas- sendo frecuentes os dolores nas costas, nas mans e nos pés.

f. As infeccións producidas pola manipulación de animais mortos, peles, coiros ou pelos de animais infectados poden producir enfermidades infecciosas nos traballadores, especialmente ántrax.

Entre as enfermidades infecciosas que con máis frecuencia afectaban a estes traballadores encóntranse a brucelose e o ántrax.

a. A brucelose, tamén chamada febre de Malta, é unha enfermidade infectocontagiosa causada por microorganismos do xénero Brucella, que é un bacilo gramnegativo. É unha zoonoses que pode ser transmitida polos animais ás persoas que traballan na industria do curtido por contacto directo coa pel, por inhalación ou por inoculación.

b. O ántrax[204] é unha enfermidade causada por unha bacteria chamada *bacillus anthracis* produtora dunha toxina. Esta bacteria ten capacidade para formar

[204] Enfermidade que contraeu o Jean-Baptiste Grenouille o protagonista da novela *O Perfume* que "Durante meses viviu co corpo sempre húmido de tanto carrexar auga; polas noites a roupa chorreaba e tiña a pel fría, esponxada e blanda como o coiro lavado. Ao cabo dun ano desta existencia máis animal que humana contraeu o

esporas cando as condicións ambientais non son favorábeis, o que a fai moi resistente, podendo permanecer durante moito tempo con capacidade de contaxio no chan e na la e no pelo dos animais. O ser humano pode infectarse de ántrax por contacto cutáneo -o máis común-, por inxestión ou por inhalación. En todos estes casos hai riscos graves para a saúde xa que se calcula que a mortalidade na enfermidade contraída pola forma cutánea está entre o 10 e o 20%, por inxestión nun 50% e por inhalación no 100% dos casos.

Amais, a industria do coiro tamén ten efectos negativos para a saúde da veciñanza onde están localizados os curtidoiros polo súa capacidade de contaminación ambiental mediante as augas residuais, as emisións ao aire, os residuos sólidos e os materiais perigosos. Coma dicimos, o tratamento e procesado de peles e coiros de animais pode orixinar un notábel impacto sobre o medio ambiente xa que entre as augas residuais evacuadas elimínanse pelo, recortes de pel, la, serrases, carnaza, graxas, etc. que causa putrefacción da materia orgánica e son pouco biodegradábeis. Tamén produtos químicos así coma varias solucións esgotadas que se utilizan para a preparación do coiro e durante o proceso de elaboración, causando contaminación das augas. As principais eivas deste tipo de industrias son, xa que logo, as augas residuais que xeran e as emisións á atmosfera.

7. Finalmente, comentaremos un problema que só houbo en dúas fábricas mais que nos resultou moi singular. O feito de non poder, ou ter dificultades, para ser empresario por pertencer a un determinado colectivo para o que había eivas normativas. Referímonos aos curas. O conto foi coma segue. O curtidoiro de Furelos no concello de Melide tivo unha xestión empresarial complicada debido a que o seu derradeiro propietario tiña a condición de crego[205]. Ricardo Sánchez Varela, o crego, herdara un importante patrimonio dos seus país entre o que se atopaba unha fábrica de curtidos. O caso foi que o Código de Dereito Canónico de 1917, no canón 142, prohibía aos clérigos exercer o comercio e dirixir industrias. Por este motivo, Ricardo Sánchez tivo que ir innovando solucións para non ter que fechar a fábrica xa que non atopou a ninguén capacitado para facerse cargo do negocio. Estes impedimentos normativos foron unha persistente eiva durante cincuenta anos para dirixir axeitadamente a empresa até que pechou. Un caso semellante ocorreu co curtidoiro dos Morgade no concello de Cotobade.

Malia ao anterior, houbo fábricas de curtidos en Galicia que seguiron operando após os anos sesenta. En efecto, deste esmorecemento xeral do sector dos coiros galegos só liscan un feixe de empresas que conseguiron achar unha estrutura produtiva diferente ao común da configuración da industria do curtido en Galicia nos anos centrais do século XX. Imos pór

---

ántrax maligno, unha temida enfermidade dos curtidores que adoita producir a morte". Patrick SÜSKIND, *El Perfume. Historia de un asesino*, Barcelona, Editorial Seix Barral, 2005, páx. 43.

[205] Cf. Manuel MEJUTO SESTO, "D. Ricardo Sánchez Varela", ... , páxs. 76-79.

dous exemplos. Un caso foi o do curtidoiro do Balado no concello de Lalín que producía, após unha certa mecanización, uns 15.000 coiros ao ano para facer sola de zapato. A produción do curtidoiro estaba orientada cara a exportación dos coiros fóra de Galicia onde colocaban o 80% da produción en lugares coma Valverde del Camino, Madrid ou Jerez de la Frontera. Deste xeito a empresa mantívose con actividade até finais dos anos oitenta que fecha, malia a ter un descenso nos pedidos, por eivas na sucesión na dirección da empresa[206]. Foi o caso tamén da fábrica da Guía do concello do Porriño que non fecha até o ano 1980 e non por falla de demanda senón trala morte do empresario e a súa complicada sucesión familiar. Aínda por este tempo, o curtidoiro tiña demanda do seu produto o cal colocaba todo en Huelva con destino á fabricación do Boto Campero[207]. Casos illados coma este déronse en Galicia ao teren a habilidade de criar os seus propios nichos de mercado, mais a nota habitual foi o feche xeneralizados das fábricas galegas polas dúas causas xerais explicadas enriba.

En definitiva, mais que falarmos do devalo dos coiros galegos case que deberamos falar de colapso da industria en Galicia. Non asistimos a unha pingueira de perda de clientes por parte do empresariado dos coiros, tal e coma se foi tecendo no presente texto. Atopámonos, pola contra, cun verdadeiro derrube da industria. En poucos anos desaparece da faciana de Galicia unhas fábricas que salpicaban toda a paisaxe aquén do Cebreiro. Outra cousa ben distinta é, ao noso xuízo, que este colapso fora previsíbel, que se puidera enxergar ollando cara a estrutura de produción da industria.

[206] O día 9 de novembro de 2015 fixémoslle unha entrevista a Ramón Balado Fernández, neto do pioneiro, e a Manuel Pájaro Crespo, fillo do xerente da empresa e despois socio desta. Desta conversa abrollan os datos que referimos sobre o curtidoiro do Balado.

[207] Información achegada a esta investigación por Carlos Carrera que é fillo do empresario Carlos Carrera que foi propietario da coñecida coma fábrica da Guía, no concello do Porriño. Testemuño feito o 10 de agosto de 2016 nas antigas instalacións da fábrica.

PARTE II: PATRIMONIO INDUSTRIAL DO CURTIDO GALEGO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

No ámbito do Estado español, en xeral, o patrimonio industrial segue a ser un patrimonio menor fronte a outros de máis tradición e consideración. Nas máis das comunidades autónomas non existe un catálogo solvente, o recoñecemento e protección é reducido e as intervencións rehabilitadoras ou de posta en valor son en relación a bens doutras orixes e categorías, moi escasas. Esta situación comezou a mudar pouco a pouco nos derradeiros trinta anos coa aparición das primeiras asociacións de estudo e defensa do patrimonio industrial e da obra pública, cos primeiros plans nacionais de patrimonio industrial (o primeiro é do ano 2001), co recoñecemento no ano 2006 da Ponte Colgante de Portugalete como primeiro ben industrial español na World Heritage List, e mesmo co efecto imitación de algunhas excelentes intervencións.

Deste xeito tamén no Estado español paseniño comezouse a valorar dun xeito positivo este *novo* patrimonio. Non en balde, avanzouse desde a consideración da rémora das vellas fábricas para as persoas propietarias, así coma, para as Administracións a unha focalización progresiva das súas posibilidades tanto de xeración de riqueza coma de fixación de identidade. Froito desta remuda son os crecentes estudos e actuacións sobre patrimonio e o xermolo de novas intervencións coa fin de achegar equipamentos sociais, culturais ou económicos[208].

Galicia neste eido concorda co resto do Estado, xa que logo, urxe dar pulo a esta materia polos efectos engadidos que fornece á sociedade no seu conxunto. Cómpre pasarmos dunha paisaxe decorada por ruínas e chatarras industriais a outra onde estes elementos da nosa cultura sexan edificios e obxectos que engadan un valor patrimonial ao territorio.

Segundo Josué Llull Peñalba[209], o concepto de patrimonio cultural foi trocando de significado co paso do tempo ao ir adaptándose ás mudas nas modas e ao propio dinamismo das sociedades. Deste xeito, a idea de patrimonio evolucionou desde unha formulación particularista, centrada na propiedade privada e o gozo individual, cara unha crecente divulgación pública dos monumentos como exemplos senlleiros da cultura nacional e converténdose, ás veces, mesmo en símbolos desa identidade colectiva. En efecto, durante a Antigüidade a noción de patrimonio ten un significado unívoco de riqueza persoal. O goce era individual e privado, de xeito que o acceso a este patrimonio cultural era limitado aos propietarios e aos seus achegados. Neste tempo, as guerras foron o xeito máis acaído para apropiarse de obxectos preciosos dos lugares conquistados, polo lo que, o patrimonio é sinónimo de posesión e o seu valor contabilízase, principalmente, en termos económicos. A Revolución francesa introduce unha nova valoración do patrimonio histórico ao consideralo como un conxunto de bens culturais de carácter público cuxa conservación había que canalizar a prol do interese xeral. En 1793 o museo do Louvre convértese no primeiro museo

[208] Cf. Miguel Angel ALVAREZ ARECES, *Arqueología Industrial. El pasado por venir*, Gijón, CICEES, 2007.
[209] Cf. Josúe LLUL PEÑALBA, "Evolución del concepto y de la significación social del patrimonio cultural" en *Arte, Individuo y Sociedad*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Núm. 17 (2005), páxs. 175-204.

nacional de Europa no que se expoñen tesouros artísticos que proviñan da Igrexa, da monarquía e da aristocracia. Esta "nacionalización" de parte do patrimonio cultural, que se estendeu polo resto dos países europeos, logrou pór á disposición da cidadanía estes bens de interese cultural. A partir deste momento, os bens culturais consideráronse elementos sobranceiros do acervo cultural de toda nación. Malia o anterior, o acceso ao patrimonio cultural segue a estar en parte limitado ás elites sociais xa que a inmensa maioría da sociedade estaba conformada por persoas campesiñas e obreiras analfabetas. E por iso que se comezan a facer diversas políticas por parte dos Estados para facilitar o acceso á cultura para todos os sectores da poboación e a xerar normativas e institucións que permitan unha protección cada vez maior do patrimonio cultural dos distintos estados. Como consecuencia desta evolución podemos definir o patrimonio cultural como o conxunto de manifestacións ou obxectos nacidos da produción humana, que unha sociedade recibiu como herdanza histórica, e que constitúen elementos significativos da súa identidade como pobo[210].

Co paso do tempo o concepto de patrimonio cultural foi dotándose de novos contidos de maior valor social entre os que se acha o patrimonio industrial. En efecto, a definición do patrimonio ampliouse nas últimas décadas asimilándose co concepto de legado cultural, polo que xa non se considera ao patrimonio só desde un punto de vista estético, que vén sendo o concepto tradicional e que identificaba ao patrimonio coma monumento singular de carácter histórico-artístico. A ampliación fíxose ao inserirse os alcumados "patrimonios especiais", onde se achan o patrimonio arqueolóxico, o patrimonio etnográfico, o patrimonio bibliográfico e documental e o patrimonio industrial entre outros. A este "novo" patrimonio cultural engádense outros testemuños ou valores históricos e culturais, que rexistran o legado que deixou o home coa súa actividade industrial. A este conxunto de testemuños e valores históricos-culturais denominóuselle patrimonio industrial[211], concepto este non exento de controversia sobre a súa extensión temporal, sobre o seu obxecto, sobre os seus métodos[212] e sobre a súa propia denominación e relación co concepto de arqueoloxía industrial[213]. Pero en todo caso, a definición máis consensuada e a que recolle nestes últimos anos un maior

[210] Para completar o concepto de patrimonio cultural son interesantes tamén as achegas que se realizan nos seguintes artigos:

- GARCÍA CANCLINI, Néstor, "Los usos sociales del Patrimonio Cultural" en Aguilar Criado, Encarnación, *Patrimonio Etnológico. Nuevas perspectivas de estudio*, Junta de Andalucía, Consejería de Cultura, 1999, páxs. 16-33.
- PRATS, Llorent, "El concepto de patrimonio cultural" en *Política y Sociedad*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Núm. 27 (1998), páxs. 63-76.

[211] Cf. José María Aristóteles MAGÁN PERALES, "La protección y conservación del patrimonio industrial: del olvido de la legislación estatal a las inactivas de protección autonómica" en *Actas XV Congreso de Conservación y Restauración de Bienes Culturales*, Murcia, 2004, páxs. 151-172. Referencia bibliográfica recollida en Diana SÁNCHEZ MUSTIELES, *Metodología para la recuperación y puesta en valor del patrimonio industrial arquitectónico. Antiguas fábricas del Grao de Valencia*, Valencia, Editorial Universitat Politècnica de València, 2013.

[212] Sobre estas controversias véxanse por exemplo, Marilyn PALMER, "Industrial Archaeology: a thematic or a period discipline?, *Antiquity*, vol. 64, núm. 243, 1990; Michael NEVELL, "Industrial Archaeology or the Archaeology of Industrial Period?", *Industrial Archaeology Review*, XXVIII (1), 2006.

[213] Cf. Hillary ORANGE, "Industrial Archaeology: Its Place within the Academic Discipline, the Public Realm and the Heritage Industry", *Industrial Archaeology Review*, XXX (2), 2008.

consenso na comunidade científica, é probabelmente a da denominada Declaración de Nizhny Tagil do ano 2003 segundo a cal incluiríanse baixo esta denominación:

> *<<Os restos da cultura industrial, que teñan valor histórico, tecnolóxico, social, arquitectónico ou científico. Consisten en edificios e maquinaria, talleres e fábricas, minas, lugares de procesado e refinado, almacéns, elementos destinados á xeración, transmisión e uso da enerxía, transporte e infraestruturas, así como os lugares utilizados para as actividades sociais que se relacionan coa industria tais como habitación, educación ou culto>>*[214].

O Patrimonio Industrial situaríase así no eido do concepto máis amplo de Patrimonio Cultural, polo que a súa catalogación, conservación e reparación ou rehabilitación, formarían parte das políticas definidas na lexislación deste último. Así o entende, por exemplo, o Instituto del Patrimonio Cultural de España, que no seu Plan Nacional de Patrimonio Industrial (marzo 2011) definía o patrimonio industrial como:

> *<<el conjunto de los bienes muebles, inmuebles y sistemas de sociabilidad relacionados con la cultura del trabajo que han sido generados por las actividades de extracción, de transformación, de transporte, de distribución y gestión generadas por el sistema económico surgido de la revolución industrial. Estos bienes se deben entender como un todo integral compuesto por el paisaje en el que se insertan, las relaciones industriales en que se estructuran, las arquitecturas que los caracterizan, las técnicas utilizadas en sus procedimientos, los archivos generados durante su actividad y sus prácticas de carácter simbólico.>>*[215]

Esta ampliación do concepto de patrimonio cultural vémola perfectamente na *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* (*DOG* núm. 92, do 16 de maio), cuxo artigo 1.2 estabelece o que segue:

> *<<O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.*
>
> *Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados.>>*[216].

---

[214] http://www.mnactec.cat/ticcih/industrial_heritage.htm (entrada febreiro de 2017).

[215] Plan Nacional de Patrimonio Industrial, marzo 2011, art. 1.3, páx. 9.

[216] Se ben é certo que a anterior normativa, hoxe derrogada, a *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia* (*DOG* núm. 214, do 8 de novembro) xa estabelecía un concepto "amplo" de patrimonio cultural malia a non recoller especificamente o patrimonio industrial. O seu artigo 1.3 estabelecía o que segue: *<<Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte deste o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e*

zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico.>>

O CURTIDOIRO GALEGO: DIMENSIÓN, TRAZA CONSTRUTIVA E EMPRAZAMENTO ESPACIAL

A dimensión das fábricas de curtidos galegas non vai ser homoxénea nin na superficie construída nin no número de estruturas industriais precisas para transformar unha pel nun coiro, como son os píos de curtir e as máquinas empregadas no proceso de produción. Superficie e estruturas industriais teñen unha certa correlación entre si e amósannos tres grandes categorías de estabelecementos fabrís no eido dos curtumes en Galicia.

Para analizarmos a dimensión dos curtidoiros galegos imos axudarnos da información recompilada no Catálogo de fábricas de curtumes de Galicia que se achega no Anexo I desta investigación, no que aparecen referenciados un total de 241 curtidoiros, que se elaborou logo da realización dun longo traballo de campo. Deste Catálogo extraemos a información sobre os metros cadrados da planta fabril e o número de píos que tiveron cada unha das fábricas, e se estas contaron con algunha máquina no seu proceso de produción, que se ofrece de xeito agregado na táboa de abaixo en tres categorías.

Dimensión das fábricas de curtumes de Galicia				
Tamaño	M^2 de planta	Núm. de píos	Máquinas	Número de fábricas
Pequeno	< 100 m^2	<10 píos	Non	75
Medio	101-199 m^2	11-29 píos	Si	124
Grande	> 200 m^2	> 30 píos	Si	42

Cadro núm. 6. Dimensión das fábricas de curtumes de Galicia

No cadro de riba vemos como no eido dos curtumes galegos se pode falar de tres tipos diferentes de fábricas cando se analiza a súa dimensión construtiva. As fábricas pequenas representan algo máis do 30% do total de curtidoiros e adoitan emprazarse no mundo rural onde, nalgúns casos, dominan a trama construtiva da aldea como nos casos da Portela da Aira Vella ou da Acea de Meire no concello de Allariz. A común destas fábricas terá uns 80 m^2 de superficie na que se localizan uns cinco ou seis píos de perpiaño de granito e que contan co seu respectivo muíño de casca turrado por cabalaría. Poden ter edificación en altura, mais non sempre, onde se sitúa o secadoiro aínda que normalmente as paredes deste primeiro andar, ao igual co resto da construción, resólvense con cachotaría. Hai que sinalar que píos, muíño e secadoiro non necesariamente se achan nun mesmo edificio senón que poden estar localizadas en distintas cativas construcións e mesmo hai casos de lavadoiros, muíños e secadoiros comunais. Os vestixios deste tipo de curtidoiros, debido a súa estrutura, pode xerar dúbidas de se nos atopamos diante dun patrimonio industrial ou, pola contra, dun patrimonio etnográfico. Nós cremos que se trata do primeiro pois, malia que a organización técnica da produción é rudimentaria, a organización social do estabelecemento ofrece pistas neste sentido. Trátase de lugares onde se reúnen un empresario e dous ou tres traballadores que cobran un xornal pola realización de traballos por conta allea e, ademais, xa operan ceibes de toda organización gremial. A maiores, tampouco se debe esquecer que estes empresarios tributan como tal condición xa que están suxeitos á tarifa terceira das contribucións industriais.

Os curtidoiros de tamaño medio xa ofrecen poucas dúbidas do seu carácter industrial e constitúen unha categoría intermedia entre os anteriores e as fábricas que xa acrecentan unha dimensión moito maior. Nestes curtidoiros de tamaño medio xa existe un maior investimento por parte do empresario tanto na construción e mantemento do edificio fabril coma na tímida mecanización que se opera neles nos anos cincuenta da pasada centuria, que se reduce en moitos dos casos a adquisición dun muíño eléctrico para tritura a casa de carballo. Esta categoría de curtidoiros representa un 50% do total de curtidoiros de Galicia e adoitan localizarse un chisco afastados dos núcleos poboados por vivendas, xeralmente as aforas das aldeas, vilas ou cidades. O común destes estabelecementos fabrís presenta unha planta duns 150 m^2 e, ao contrario que as fábricas de tamaño pequena, contará con todos os espazos produtivos no seu seo de xeito que será sinxelo diferenciar os uns dos outros. Se entramos no baixo dunha destas fábricas atoparemos un lavadoiro de cinco ou seis grandes píos ordenados en dúas ringleiras entre os que se pousa un chan lousado lixeiramente e inclinado cara as beiras para facilitar o desaugue. A carón deste espazo, acharemos a zona de curtir que se diferencia da anterior en que os píos se colocan xeometricamente uns á beira dos outros coma se das celas dun panal dunha colmea se tratase mais de forma cadrada. Estes píos, ademais, son dun tamaño menor aos do lavadoiro, duns tres metros cúbicos de capacidade. Na planta baixa tamén nos encontraremos cos restos do antigo muíño de casca coa moa tirada sobre o lousado da estrutura. Na andar do edificio, tamén a diferenza da anterior categoría, enxergarmos facilmente o secadoiro pois unha das paredes se resolverá con paus de castiñeiro, normalmente colocados de xeito vertical, co fin de facilitar a entrada do ar no local. O resto das paredes do edificio ergueranse con cachotaría aínda que xa se poderán albiscar algún ca outro perpiaño, sobre todo, nas zonas nobres do edificio.

As fábricas de curtumes de maior tamaño xa constitúen estabelecementos fabrís dunha certa dimensión no que dentro dun grande espazo fechado se ergue distintos edificios nos que se distribúen os diversos espazos industriais. Estas estruturas xa precisan dun certo investimento empresarial e algunhas delas xa operan coma persoas xurídicas no mercado. Ademais, polo común estes curtidoiros chegaron a ter, nos anos centrais do século XX, unha certa mecanización consistente nalgún bombo de curtir, molinetes e diversas máquinas coma a de dividir ou a de cilindrar. Investimentos que non foron suficientes para superar as eivas que asediarán ao sector na década dos anos 1960. Representan aproximadamente un 20% do total dos curtidoiros galegos e adoitan emprazase as aforas das vilas e cidades da beiramar galega. A estrutura da fábrica en si non defire en moito da que vimos con anterioridade. Diferéncianse no seu tamaño e que a este edificio fabril, digamos principal, o van acompañar outros que se utilizarán para diversas funcionalidades coma para almacéns da casca de carballo -as chamadas casqueiras-, almacéns de coiros, tenda de curtidos ou mesmo algunha vivenda obreira. Todas estas construcións érguense nun grande predio cercado por valado de pedra no que destacan as senlleiras portadas onde, ás veces, mesmo se talla nas pedras dos linteis o ano de construción e o nome do empresario pioneiro. Polo xeral, estas fábricas representa hoxe en día o patrimonio industrial máis sobranceiro que o eido dos curtumes deixou chantado en Galicia.

A TRAZA CONSTRUTIVA DOS CURTIDOIROS

A tipoloxía arquitectónica que presentan as vellas fábricas de curtidos galegas non é moi diferente da que acrecenta unha típica casa tradicional de Galicia. Este feito é entendíbel se temos en conta que ambas estruturas se erguen nun medio que se caracteriza por unhas grandes eivas para a comunicación terrestre dos materiais de construción e pola escaseza de medios técnicos para innovar novos xeitos de erguer fábricas. Estes edificios fabrís non os van trazar nin construír aparelladores ou arquitectos con varios premios no peto senón máis ben os mesmo canteiros, albaneis e carpinteiros cós que lavantaban casas por Galicia adiante.

Polo anterior, para a redacción desta epígrafe foinos de grande axuda a obra de Manuel Caamaño Suárez *As Construccións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*[217] do que nos valemos para organizar en parte esta epígrafe e para estudar as lóxicas construtivas tradicionais de Galicia.

O edificio fabril

Os materiais de construción

Os materiais de construción das fábricas de coiros de Galicia son tributarios da rexión do país onde se alicercen estas pois boa parte dos curtidoiros xermolaron nun tempo no que non eran tan doado coma hoxe andar a trasfegar cos *inputs* que cómpre para erguer o edificio[218]. Ademais, temos que ter en conta que a maior parte das fábricas de curtidos son construídas antes de que o mercado oferte outros materiais coma o bloque, o ladrillo, o formigón ou a uralita fundamentalmente. A seguir imos falar dos dous materiais de construción principais dos curtidoiros galegos: a pedra e madeira.



Imaxe núm. 1. Á esquerda, pedra granítica da fábrica dos Blanco-Mangana (concello de Piñor). Á dereita, pedra de xisto da fábrica de Vilachá (concello de Samos)

As pedras que se atopan no chan galego principalmente son dúas: o granito e o xisto. Xeograficamente ambos materiais abranguen unha parte do país. Así, mentres que nas rexións

[217] Manuel CAAMAÑO SUÁREZ, *As Construccións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 2006.

[218] Esta idea xa tivan a ocasión de defendela no III Congresso Internacional sobre Pátrimonio Indústrial, celebrado en Lisboa en xuño do ano 2016, coa comunicación titulada *La tipología de las fábricas de curtidos de Galicia. Un estilo arquitectónico vinculado al medio físico. El caso de Sarria*.

occidentais de Galicia predominan as rochas graníticas, nas rexións orientais do país van ser os xistos os que se achen no solo da paisaxe.

A madeira das árbores máis empregada para a construcións de fábricas de curtidos foron o castiñeiro e o carballo. Ambas madeiras son materiais nobres que se caracterizan por ser duros, flexíbeis e relativamente sinxelos de traballar, ademais, teñen un bo aproveitamento en lonxitude e grosor. A madeira de carballo e de castiñeiro emprégase na construción das trabes, pontóns, táboas, portas ou xanelas.

Os muros do curtidoiro

Os muros das fábricas de curtidos foron construídos por canteiros para o que empregaron as seguintes técnicas e materiais:

1. Cachotaría de granito: foi sen dúbida a máis empregada en Galicia. O muro faise a base de cachotes irregulares e de diverso tamaño que sen colocan as máis das veces sen labrar ou nalgúns casos labrados só pola cara externa.

2. Perpiaño de granito: Trátase de pedras de grande tamaño que adoitan pesar uns 200 quilos polo que para o seu manexo é preciso o concurso de varios homes ou aparellos coma roldanas. De tamaño semellante aos perpiaños, a cantaría de granito non foi, porén, un material moi empregado polo seu elevado custo xa que precisan de moita labra e son utilizados máis ben para igrexas, monumentos ou casas nobres.

3. Cachotaría de xisto: foi o material menos empregado en Galicia pois na zona oriental do país houbo moitas menos fábricas de coiros que na parte occidental máis poboada de rochas graníticas. As rochas de xisto caracterízanse por dúas notas, por unha banda, son doadas de manexar debido ao seu cativo tamaño e, por outra, non precisan de moito labrado para empregalas na construción do muro.



Imaxe núm. 2. Á esquerda, perpiaños da fábrica dos Camba (concello de Allariz). Á dereita, cachotaría de pedra granítica pequena da fábrica dos Antelo (concello do Val do Dubra)



Imaxe núm. 3. Á esquerda, cachotaría de xisto da fábrica de Castelo de Riba (concello de Sarria). Á dereita, cachotaría de pedra granítica grande da fábrica de Mandrás (concello de Celanova)

O andar do curtidoiro

Malia que houbo fábricas de curtumes en Galicia que non acrecentaron construción en altura, o cotiá foi que os curtidoiros se estruturasen nun baixo e nun andar. O andar tiña unha función moi específica que era a de localización do secadoiro polo que facía falla un local en altura. Xa que logo, se temos andar temos sobrado. A súa construción baseábase en tres elementos, de castiñeiro ou carballo, que se pousaban uns nos outros. En primeiro lugar, as trabes que adoitaban xunguirse cos muros do edificio. Se había moita distancia entres as paredes podían erguerse pilastras de pedras desde o chan nas que descasaban as trabes como reforzo construtivo. Sobre as trabes colocábanse os pontóns e sobre estes as táboas que acaban de perfilar o sollado.



Imaxe núm. 4. Sobrado da fábrica do Andemiras (concello de Allariz)

A cuberta do curtidoiro

A cuberta componse de dúas partes ben diferenciadas: e estrutura de madeira sobre o que se pousa o tellado e a cuberta propiamente dita. A armazón máis común é a dúas augas cunha estrutura composta de varios elementos que parten do cumio, que consiste nunha grosa trabe

que se encaixa nos vértices dos muros pinches. Se a superficie a cubrir e de grande tamaño existen unha estrutura intermedia que debuxa un triangulo composta por unha trabe que se encaixa nas paredes exteriores do edificio e nesta apóianse dúas tesoiras para reforzar o cumio. Entre a intersección das tesoiras co cumio e a trabe na que se pousan as tesoiras, ás veces, colócase un podolón para reforzar a estrutura. Sobre este armazón déitanse os pontóns ou cangos que van do cumio aos muros e sobre os que descansan as latas, que son unhas táboas delgadas sobre as que directamente se asenta a cubrición definitiva, ben de tella ben de lousa de xisto.



Imaxe núm. 5. Teito da fábrica dos Neguinas (concello de Allariz)



Imaxe núm. 6. Á esquerda, cuberta de lousa da fábrica de Castelo de Abaixo (concello de Sarria). Á dereita, cuberta de tella do país da fábrica do Carme (concello de Dumbría)

A organización interna do curtidoiro

As fábricas de curtumes galegas distribúen os seus espazos interiores en función das etapas do proceso de produción. Xa que logo, imos diferenciar tres grandes espazos: o lavadoiro onde se realizaban as labores de ribeira, a zona de curtir onde se curtían as peles e a zona de remate onde se secaba e preparaba o produto para a súa saída ao mercado.

O lavadoiro

A etapa de ribeira ten un grande obxectivo: preparar á pel para que poida ser curtida. Este fin precisa dunha serie de operacións manuais e un grande emprego de auga. O lavadoiro tipo localizábase na planta baixa da fábrica, preto da entrada e a saída da auga no edificio. Tiña unha serie de píos semellantes aos de curtir mais de tamaño máis grande e que se denominaban de maneiras distintas en función do uso que se lles daban: píos de remollo, caleiros e píos de canina. Entre os píos do lavadoiro chantábase un solo lousado inclinado cara ás beiras para facilitar o saída das augas. Neste chan de pedra era onde os curtidores traballaban as peles nas singulares táboas de rañado. Un bo exemplo consérvase na antiga fábrica de Lavacolla (concello de Santiago de Compostela).



Imaxe núm. 7. Lavadoiro da fábrica dos Neguinas (concello de Allariz)

A zona de curtir

Na etapa de curtir, propiamente dita, o que se pretende e transformar unha pel nun coiro mediante un axente curtinte, a casca de carballo moída, co que está en contacto un longo tempo nos píos de curtir.

Os píos de curtir localizábanse no baixo da fábrica e tiñan unha dimensión aproximada de un metro e medio por outro metro e medio de lado e un fondo tamén de metro e medio. Normalmente eran cadrados ao contrario dos píos do lavadoiro que adoitaban perfilar un rectángulo. E, xeralmente, non se construían sobre o chan en altura senón que se escavaban buratos no solo nos que logo se trazaban os píos malia que hai algunha excepción coma a do curtidoiro do Reque no Carballiño, en todo caso, non significativa estatisticamente falando.

Os píos de curtir dos curtidoiros galegos adoitaban ser de perpiaños pedra de granito aínda que, de igual xeito que na construción dos muros da fábrica, vai depender da localización xeográfica do curtidoiro. Os perpiaños adoitaban ser duns 25 centímetros de grosor, duns 70 centímetros de longo e duns 40 centímetros de alto.



Imaxe núm. 8. Píos de curtir de perpiaño. Á esquerda a fábrica do Merluza (concello de Chantada) e á dereita a fábrica da Laga (concello de Allariz).



Imaxe núm. 9. Á esquerda, píos de coio de aluvión dun rego de auga (xógaras) da fábrica do Liñar (concello de Alfoz)[219]. Á dereita, píos de táboas de piñeiro da fábrica de Soutullos (concello de Brión).

A zona da remata

A etapa de remata é a derradeira do proceso produtivo dos curtumes e nela fánselle unha serie de operacións ao coiro, agora xa o é, co fin de acabar de preparar o produto dependendo do uso ao que se vai destinar. Esta zona adoita localizarse no andar da fábrica e non ten moito interese desde un punto de vista arquitectónico xa que se trata de lugares abertos onde se pousaba algunha que outra mesa e os pertinentes aparellos para desenvolver os traballos, entre os que destacaban as lunetas.

A carón da zona de remata adoitaba emprazarse o secadoiro de coiros da fábrica que era un dos elementos máis singulares do edificio fabril. En boa parte dos casos configúranse como verdadeiros hórreos empoleirados no andar do curtidoiro, no que as táboas substitúen as pedras como materias de peche das paredes exteriores co fin de habilitar unha axeitada entrada do ar. Estes costais con doelas ou leivas verticais adoitaban ser de madeira de castiñeiro. Normalmente os secadoiros ao igual que as adegas ollaban cara o norte, fundamentalmente, para escapar do Sol e para facilitar a entrada do aire máis frío. Hai casos con outras solucións arquitectónicas como poder ser con doelas de madeira en posición

[219] Foto cedida por Marcos Candia Durán.

horizontal, abrir nas paredes grandes xanelas ou simplemente realizar buratos no muro de pedra. Finalmente, so secadoiros tamén se podían localizar en edificios exentos da fábrica como foi habitual, por exemplo, no lugar de Porto do Souto (concello de Piñor).



Imaxe núm. 10. Secadoiros no andar da fábrica. Á esquerda, secadoiro de doelas verticais de castañeiro da fábrica do Souto (concello de Allariz). Á dereita, secadoiro de pedras pequenas da fábrica do Sopé (concello da Laracha)



Imaxe núm. 11. Á esquerda, secadoiro de doelas verticais de castañeiro da fábrica dos franceses (concello de Cerdedo). Á dereita, secadoiro exento de doelas horizontais da fábrica do Cortizo (concello da Lalín)



Imaxe núm. 12. Secadoiros exentos. Á esquerda da fábrica do Piteira (concello de Piñor) e á dereita da fábrica dos Nogueiras da Acea (concello de Allariz)

Para rematar, hai secadoiros que engaden chemineas para facilitar, mediante o calor, un secado máis rápido dos coiros e que, obviamente, lle dan ao edificio unha verdadeira fasquía industrial. Estes alcúmanse secadoiros de calor a diferenza dos anteriores que se coñecen coma secadoiros de ambiente. Destes secadoiros de calor hainos nos que non se emprega unha grande cheminea senón que son simples cuartos onde o coiro é sometido ao calor para que se seque máis rapidamente, como é o caso, por exemplo, do curtidoiro do Tarambollo (concello de Carballo).



Imaxe núm. 13. Chemineas dos secadoiros. Á esquerda de PICUSA (concello de Padrón) e á dereita da fábrica da Magdalena (concello de Betanzos)



Imaxe núm. 14. Cheminea da fábrica da Coutada Nova (concello de Vigo)

Outros espazos do curtidoiro galego: o muíño de casca, a casqueira e o pombal

O muíño de casca é un dos elementos máis singulares das fábricas de curtidos que podía localizarse ben no baixo da fábrica a carón dos píos de curtir ou ben nun edificio aparte do curtidoiro ben pegado a este ben exento. Hai exemplos tamén de muíños comunitarios coma é o caso dunha das zonas do lugar da Acea de Meire (concello de Allariz). A súa traza arquitectónica non presenta particularidades erguéndose, os que están fóra do curtidoiro, coas mesmas lóxicas construtivas que as fábricas de curtumes ou as casas tradicionais galegas xa comentadas. A súa planta adoita ser circular en armonía coa forma e o funcionamento do propio muíño de casca.



Imaxe núm. 15. Muíños de casca de cabalaría exentos. Á esquerda da fábrica de Souteleira (concello da Lama) e á dereita da fábrica do Neguinas (concello de Allariz)

A casqueira era o lugar onde se almacenaba a casca de carballo antes de ser moída polo muíño de cabalaría. Presenta as mesmas características que as adiantadas dos muíños de casca, por unha banda, a súa localización pode ser interna ou externa ao edificio fabril, só diferenciándose de que se interna hai casos que se empraza no andar, como por exemplo no curtidoiro de Souteleira (concello da Lama). Por outra banda, a súa traza arquitectónica tampouco presenta singularidades que amentar.



Imaxe núm. 16. Casqueiras exentas. Á esquerda da fábrica da Casqueira (concello de Allariz) e á dereita da fábrica dos Franceses (concello de Cerdedo)

O pombal era outro dous elementos máis vistosos das fábricas de coiros galegas xa que adoitaba erguerse a carón do edificio fabril cunha feitura verdadeiramente fermosa. A utilidade que tiñan os pombais para o proceso produtivo era a achega dos excrementos dos animais que era precisa aplicarlla a pel na derradeira fase de ribeira co fin de conseguir un coiro máis flexíbel. Para este cometido, os que non tiñan pombal empregaban excrementos de outros animais coma cans ou pitas. Os poucos pombais que e conservan teñen forma cilíndrica con cuberta cónica, duns catro metros e media de altura e cunha superficie interior duns 12 m^2. Os buratos de entrada e saída das pombas localizábase a uns tres metros do chan no alcumado asoleirado. Os muros era de cachotaría de granito e a cuberta de tellas do país.



Imaxe núm. 17. Pombais. Á esquerda da fábrica da Veiga (concello de Celanova) e á dereita da fábrica de Rellas (concello de Silleda)

O CURTIDOIRO GALEGO E A AUGA

As fábricas de curtumes precisaban dun consumo enorme de auga no seu proceso de produción polo que adoitaban localizarse preto de onde houbera un sinxelo fornecemento de auga. Esta necesidade de auga aguilloa as localizacións dos curtidoiros e xera estruturas físicas que habiliten a chegada da auga ao estabelecemento fabril.

Na beira da ría, do río ou do regato

Polo antes comentado, as fábricas de curtidos adoitan emprazarse a carón dos lugares onde hai auga para evitaren o custo do seu transporte. Por este motivo, é cotiá ver curtidoiros á beira das rías, dos ríos ou dos regatos, nunha época en que as cuestións medioambientais non existían e na que as fábricas apañaban a auga limpa e vertíana, logo do proceso produtivo, no mesmo río ou regato que o fornecera.



Imaxe núm. 18. Fábricas á beira dun río. Á esquerda a fábrica da Chanca (concello de Lugo) e á dereita a fábrica da Caraña de Abaixo (concello de Betanzos)

As minas ou mananciais de auga

Unha solución alternativa á anterior era a localización das fábricas en zonas de moita auga aínda que non necesariamente á beira dun río ou dun regato, senón de minas ou mananciais de auga. Algunhas dos curtidoiros mesmo tiñan a mina da auga no baixo da propia factoría como, por exemplo, o curtidoiro de Castelo de Abaixo (concello de Sarria).

As canles de auga e os caneiros ou augueiros

As fábricas que non se localizaban nos anteriores emprazamentos precisaban carrexar a auga ao edificio fabril. Con este fin, construíronse canles, normalmente de pedra granítica, para conducir a auga desde os mananciais ao proceso produtivo. Para habilitar este transporte, construíanse, ás veces, caneiros ou augueiros que eran aberturas nos valados ou nos mesmo muros da fábrica que deixaban pasar a auga.




Imaxe núm. 19. Caneiros. Á esquerda a fábrica do Pedrolas (concello de Castroverde) e á dereita a fábrica de Rubiás (concello de Bande)



Imaxe núm. 20. Canles de auga. Á esquerda a fábrica do Reguengo (concello de Amoeiro) e á dereita a fábrica dos Cadarso (concello de Noia)

As noras

Algunhas fábricas de coiros, aínda que non moitos supostos, empregaron noras para inserir á auga no edificio fabril desde un río ou regato.



Imaxe núm. 21. Nora da fábrica do Balado (concello de Lalín)



Imaxe núm. 22. Nora da fábrica do Bardanca (concello de Carballo)

O EMPRAZAMENTO ESPACIAL DOS CURTIDOIROS GALEGOS

A traza construtiva dos curtidoiros está relacionada coa localización espacial destes no medio no que se erguen. En efecto, aliméntanse mutuamente dous aspectos, por unha banda, a planta

das fábricas de coiros e, por outra, a súa localización espacial, entendendo esta como o emprazamento fabril en relación ao resto dos asentamentos, así como, das outras fábricas. Por este motivo, imos primeiro analizar as principais variantes das plantas dos curtidoiros e, nun segundo momento, as máis características localizacións espaciais das fábricas de curtumes en Galicia.

A planta do curtidoiro

As fábricas de curtume non teñen unha planta igual en todos os casos pois esta vai depender de factores coma a dimensión do propio estabelecemento industrial ou das limitación tanto materiais coma técnicas do proxecto construtivo. Por estas razóns distinguimos tres tipos de tipoloxías de fábricas de curtumes en Galicia, ás que nos referimos a continuación.

1. A fábrica casa: Como o seu propio nome indica a súa traza construtiva é semellante cá dunha casa tradicional galega. De feito, se imos camiñando, por exemplo, por un lugar coma o da Portela da Aira Vella, no concello de Allariz, só distinguiremos os curtidoiros das casas se algún veciño ou veciña no lo indica.

2. A fábrica nave: Os curtidoiros trazados con esta planta xa teñen unha certa fasquía industrial xa que dispoñen dunha certa dimensión é adoitan localizarse separados das demais casas do lugar.

3. A fábrica fechada: Estas fábricas xa son grandes edificios fabrís que deixan entre as súas construcións unha especie de curral que está fechado por todos os lados. Nalgúns casos illados, o curral está aberto por algún dos lados como ocorre na fábrica de San Ignacio do Monte (concello de Santiago de Compostela).



Imaxe núm. 23. Casa fábrica (concello de Allariz). Á esquerda, fábrica de Ricardo Domínguez na Acea de Meire e á dereita a fábrica da Aira na Portela da Aira Vella



Imaxe núm. 24. Á esquerda, planta fechada da fábrica dos Legerén (concello de Caldas de Reis). Á dereita, a planta de nave da fábrica de José Fernández Juanatey (concello de Noia)

A localización espacial dos curtidoiros galegos

As fábricas de curtidos non se erguen sobre a trama urbanística das aldeas, pobos e cidades dun xeito uniforme pois aparecen diferentes modelos sobre a xeografía galega. Estes modelos cremos que están relacionados coa traza construtiva das fábricas e viceversa pois ambas realidades se inflúen mutuamente. Polo comentado, distinguimos tres tipos de localizacións espaciais dos curtidoiros galegos: a aldea fábrica, a fábrica illada e a fábrica urbana.

Na aldea fábrica vaise situar normalmente a fábrica casa, a fábrica illada do resto da trama urbanística vai ter unha planta nave fundamentalmente e adoita localizarse nas vilas do interior do país e a fábrica urbana vai presentar unha planta fechada e é característica na beiramar galega. A seguir imos analizar a máis singular das anteriores: a aldea fábrica.

A fábrica aldea[220] caracterízase pola mestura das casas vivenda coas fábricas nunha mesma traza urbanística. Temos varios exemplos en Galicia no concello de Allariz nas aldeas da Acea de Meire, A Portela de Aira Vella e Vilaboa e no concello de Piñor no lugar de Porto do Souto. Vémolas abaixo.

[220] Débese o axeitado concepto ao profesor Xoán Carmona Badía.

Imaxe núm. 25. Aldea da Acea (concello de Allariz)



Lenda:

1) Curtidoiro do Neguinas
2) Muíño de casca do curtidoiro do Neguinas
3) Lavadoiro do curtidoiro do Neguinas
4) Curtidoiro do Eladio e do Cesáreo
5) Curtidoiro de Alfonso Blanco
6) Curtidoiro de Ricardo Domínguez 1
7) Curtidoiro de Adolfo Rodríguez

8) Almacén de casca comunitario das "Fábricas de riba[221]"
9) Curtidoiro da Costa da Acea[222]
10) Curtidoiro de Manuel Conde
11) Curtidoiro do Hilario
12) Curtidoiro do Cesáreo
13) Curtidoiro dos Nogueiras da Acea
14) Curtidoiro da Dolores
15) Lavadoiro e secadoiro co curtidoiro dos Nogueiras da Acea
16) Muíño de casca comunitario da Acea
17) Curtidoiro de Ricardo Domínguez 2
18) Curtidoiro do Marcial
19) Curtidoiro do Celso
20) Curtidoiro do Romasanta

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[221] As "fábricas de riba" é un micro topónimo dentro da aldea a Acea que se refire a zona sinalada cos oito primeiros números detallados no mapa.
[222] O curtidoiro está radicado fóra do mapa a uns 200 metros por enriba da localización sinalada do núm. 9.

Imaxe núm. 26. Aldea da Portela da Aira Vella (concello de Allariz)



Lenda:

1) Curtidoiro do Fabricolo[223]
2) Curtidoiro do Pial 1
3) Muíño de casca do curtidoiro do Pial
4) Curtidoiro do Pial 2
5) Curtidoiro da Aira
6) Muiño de casca 1 do curtidoiro da Laga
7) Muiño de casca 2 do curtidoiro da Laga
8) Curtidoiro da Laga
9) Muiño de casca 2 do curtidoiro da Laga[224]
10) Curtidoiro do Souto
11) Curtidoiro do Paquete
12) Curtidoiro da Fonte
13) Lavadoiro do curtidoiro da Fonte[225]
14) Curtidoiro do Campo

[223] O curtidoiro está radicado fóra do mapa a uns 100 metros por enriba da localización sinalada do núm. 1.
[224] O muíño está radicado fóra do mapa a uns 50 metros á dereita da localización sinalada do núm. 9.
[225] O lavadoiro estaba radicado fóra do mapa a uns 200 metros por embaixo da localización sinalada do núm. 13.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

15) Curtidoiro do Palleiro
16) Píos de curtir do curtidoiro da Aira e do curtidoiro do Souto

Imaxe núm. 27. Aldea de Vilaboa (concello de Allariz)



Lenda:

1) Curtidoiro do Taledo
2) Curtidoiro de Miguel Rumbao
3) Curtidoiro de Ricardo Conde
4) Curtidoiro da Casqueira
5) Curtidoiro da Familia Conde
6) Curtidoiro de Benito Conde

Imaxe núm. 28. Aldea de Porto do Souto (concello de Piñor)



Lenda:

1) Curtidoiro dos Portugal
2) Curtidoiro de Francisco Vázquez
3) Curtidoiro do Pintarolo
4) Zona de remata do curtidoiro do Vinculeiro
5) Muíño de casca do curtidoiro do Vinculeiro
6) Secadoiro do curtidoiro do Piteira
7) Muíño de casca de Juan Nóvoa
8) Curtidoiro dos Blanco
9) Curtidoiro de Gumersindo Nóvoa
10) Curtidoiro de Juan Nóvoa
11) Curtidoiro do Piteira
12) Píos de Juan Nóvoa
13) Fonte comunitaria
14) Curtidoiro do Vinculeiro
15) Lavadoiro comunitario

SANTIAGO DE COMPOSTELA

16) Secadoiros comunitarios[226]

[226] O secadoiro estaba radicado fóra do mapa a uns 300 metros por enriba da localización sinalada do núm. 16.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

MÁQUINAS E APARELLOS DA INDUSTRIA DOS CURTUMES DE GALICIA


A falla de mecanización da industria do curtido non é privativa de Galicia senón que o arcaísmo tecnolóxico foi propio desta industria ao longo dos séculos *urbi et orbi*[227]. E abofé que, por exemplo, nun territorio industrializado coma Cataluña os procedementos e técnicas de elaboración dos coiros non varía no substancial desde as primeiras civilizacións até o ocaso do século XIX[228]. De feito, tamén en Cataluña prodúcese unha serodia mecanización do sector que se xungue coa difusión da enerxía eléctrica coma forza motriz no abrente do século XX. Esta mecanización aguillouse pola demanda que a Primeira Guerra Mundial provocou de produtos fabricados en coiro. Estas circunstancias esporearon a procura de procedementos alternativos aos tradicionais ao obxecto de acurtar os tempos de produción o que carrexou a introdución xeneralizada de bombos de curtir e outras máquinas movidas por enerxía eléctrica[229].

Cando se fala do proceso de mecanización na industrialización estase a falar da instalación de máquinas que poderían moverse a través de enerxías externas ao lombo dos homes. De feito, a gran eiva enerxética da humanidade foi atopar enerxías na natureza capaces de facer xirar un eixe. Para iso empregouse a forza animal (nora), a forza da auga ou do vento (rodas hidráulicas e turbinas) e a forza do vapor (máquinas e turbinas de vapor producido a través da calor da combustión, da enerxía nuclear, solar ou xeotérmica). Un caso singular é o motor eléctrico ao que lle cómpre un xerador que transforma a enerxía do movemento circular en enerxía eléctrica que é a que alimenta ao motor que a súa vez volve a converter a enerxía eléctrica en enerxía mecánica de movemento circular[230].

As fontes de transmisión de forza ofrecen algunhas das características máis atractivas da arqueoloxía industrial, tanto por mor da súa aparencia visual, que ás veces é moi elegante, coma pola súa importancia intrínseca na aceleración do proceso de industrialización durante os últimos douscentos anos. O desenvolvemento de novas fontes de enerxía comezou gradualmente na civilización occidental con melloras no uso de animais, mais case simultaneamente ao aproveitamento do vento e da auga para estes cometidos. Varios animais foron utilizados para proporcionar enerxía para as operacións industriais, incluíndo a cabra ou o burro. Malia que os máis importantes foron os pesados animais de tracción -o boi e o cabalo-, porque estes poderían ser usados para o traballo máis duro, como arar, para o cal os animais menores non eran os máis axeitados. A adaptación do cabalo para fins específicos industriais foi un proceso máis lento. O xeito en que este resultou foi mediante a operativa do

[227] Cf. Franco FOGGI (a cura di), *Nel segno di Saturno: origine e sviluppo dell'attività conciaria a Santa Croce sull'Arno*, vol.2, Firenze, Alinea, 1987.
[228] Cf. Josep María TORRÁS I RIBE, "La industria del curtido en Cataluña: del trabajo manual al uso de la energía eléctrica" en Jordi Nadal e Jordi Catalán (eds.), *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*, Madrid, Alianza Editorial, 1994, páxs. 295-297.
[229] Cf. *Ibídem*, páxs. 317-319.
[230] Cf. Eusebi CASANELLES RAHOLA, "Los bienes muebles técnicos industriales y científicos", en TICCIH, *100 elementos del patrimonio industrial en España*, Madrid, 2011, páx. 27 (23-32).

"horse-gin", no que o cabalo (ou boi, ou burro, para o efecto) camiñaba nunha pista circular turrando por unha viga que estaba conectada a un eixe central que xiraba ao moverse o cabalo[231].



A horse-powered bark mill, from W H Pyne's 'Microcosm' of 1808. Edge runner stones were supplanted by more sophisicated grinding machines in the 19th century

IMAXE núm. 29. Muíño turrado por cabalaría do Condado de Devon[232]

O material móbel, aparellos ou máquinas, están intimamente cinguidos ao proceso produtivo do que forman parte, xa que logo, unha muda neste proceso xera a necesidade de actualización das máquinas empregadas nel. En ocasións é máis ben ao revés, un adianto na mecanización dunha industria é a que provoca un cambio no proceso de produción. Son dous aspectos que se alimentan mutuamente.

Na industria do curtido a posta a disposición no mercado de máquinas para empregar no proceso de produción con diferentes utilidades, co conseguinte aforro de man de obra, máis os adiantos que se foron realizando no axente curtinte empregado provocaron unha muda radical no proceso de produción dos curtidoiros. Así, xa na derradeira parte do Século XIX pasou dun arte de curtir que leva sobre 12 meses a outro no que se empregaba só un mes. Este impacto no proceso de produción destas fábricas vai ter as súas consecuencias sobre as ferramentas e aparellos ou enxeños empregados na industria dos que nos ocupamos deseguido.

Polo anteriormente sinalado, para estudarmos o patrimonio móbel dos curtumes imos analizar a seguir dous tipos de curtidoiros, o que alcumamos tradicional e o que chamamos

[231] Cf. Robert Angus BUCHANAN, *Industrial Archaeology in Britain*, Penguin Books, Bungay, Suffolk, 1977, páxs 225-230.
[232] Martin BODMAN, *Devon leather* ..., 2008, páx. 8.

mecanizado, mediante os cales veremos tanto as ferramentas, aparellos e máquinas empregados no proceso de curtir coma a certa evolución técnica que acrecentaron os curtumes galegos nas décadas centrais do século XX.

A FABRICA DE CURTIDO TRADICIONAL

Se hai unha máquina que represente ás fábricas de curtumes tradicionais esta é sen dúbida o muíño de esmagar a casca turrado por cabalaría. Esta casca era precisa nos curtidoiros xa que era o axente curtinte empregado no proceso de transformar unha pel nun coiro.

O axente curtinte tradicional é de orixe vexetal, é dicir, extraído das árbores. En Galicia empregouse fundamentalmente a casca de carballo moi rica en tanino que se configurou, asemade, coma un dos factores de localización da industria nos séculos XVIII e XIX polo custo de transporte de carrexar as pesadas cascas de carballo. Unha vez que a casca chegaba ao curtidoiro cumpría triturala en cachos os máis pequenos posíbeis, co fin de que se favorecera a propagación do tanino ao somerxela na auga que gardaban os píos de curtir. Nesta auga rica en tanino era onde se mergullaban as peles, unha vez preparadas, para curtir.

Esta casca esmagábase cunha grande moa de pedra de granito duns dous metros de alto e uns vinte centímetros de ancho que en pé xiraba sobre unha estrutura de madeira turrada por unha cabalaría, normalmente un burro aínda que na zona norte da provincia da Coruña adoitaban empregar un cabalo[233]. A casca poñíase no chan do muíño que era de pedra de granito traballada e que debuxaban un circulo duns tres metros de diámetro. Nas beiras do circulo erguíase un pequeno muro, tamén de pedra, duns corenta centímetros de alto co fin de gardar cá casca non saíra para fóra do mecanismo. A estrutura de madeira consistía en dous paus de madeira, normalmente de carballo, o fuso e a guía. O fuso era un eixe vertical que se chantaba no medio do muíño sobre unha base de pedra e, normalmente, se encaixaba na súa parte superior nunha das vigas do andar da fábrica. Do fuso partía a guía, tamén de madeira, que atravesaba a moa de pedra e que xa por fora do círculo de pedra xunguíase á cabalaría con cuxa forza se movía deste xeito o aparello. No muíño de casca tradicional traballaba un obreiro que equipado cun angazo íalle metendo a casca por baixo á roda para que a esmagala.

Após a Guerra Civil comezaron a aparecer avances mecánicos para esmagar a casca de carballo e paseniño os muíños tradicionais foron amortecendo. Estes novos muíños mecánicos para triturar as cascas, que representan un tímido avance cara a mecanización do proceso de produción, dependían do emprazamento do curtidoiro ao tempo de empregar unha fonte de enerxía o outra. Así, empregáronse en Galicia muíños de auga movidos por pequenos saltos de auga que se fixeron nalgúns curtidoiros nos que pasaba a súa beira unha caudal de auga con certa forza. Dependía tamén do lugar onde se erguía o curtidoiro os muíños eléctricos pois en certos lugares de Galicia a chegada do fluxo eléctrico fíxose demorar de máis. Finalmente, para esmagar a casca tamén xurdiron os muíños impulsados por gasolina.

[233] Aínda que tamén se empregaron outros animais coma mulas, mulos e inclusive unha vaca en Barreiros, no concello de Castroverde.

Muíño de esmagar a casca con forza animal



Imaxe núm. 30. Muíño de casca de cabalaría do curtidoiro de Vilanova ou Raspiña (concello de Allariz)

Muíños de casca conservados en pé en Galicia	
Curtidoiro	Concello
Arruti	Ponte Caldelas
Carme	Dumbría
Fabricolo	Allariz
Largos	Allariz
Neguinas	Allariz
Nogueiras	Allariz
Pial	Allariz
Souteleira	A Lama
Torre Lombarda	Allariz
Vilanova ou Raspiña	Allariz

Cadro núm. 7. Muíños de casca conservados en pé en Galicia

Motor de gasolina de dous tempos e un cilindro para mover o muíño de casca



Imaxe núm. 31. Motor de gasolina do curtidoiro do Apenela (concello de Vilalba)

Muíño eléctrico



Imaxe núm. 32. Muíño eléctrico do curtidoiro do Rumbao (concello de Chantada)

Muíños eléctricos conservados en Galicia	
Curtidoiro	Concello
Queijo	Carballo
Mosquera	Caldas de Reis
Rumbao	Chantada
Nogueiras	Allariz

Cadro núm. 8. Muíños eléctricos conservados en Galicia

Salto de auga para mover o muíño de casca



Imaxe núm. 33. Salto de auga do curtidoiro de Cumiáns (concello da Laracha)[234]

[234] A historia deste singular enxeño foi que o curtidoiro adquiriu un muiño de martelos metálicos para mallar na casca, o cal intentouse que funcionase con electricidade mais a potencia non era suficiente. Para superar esta eiva

Para un axeitado proceso de mecanización das fábricas é preciso unha correcta subministración eléctrica a estas xa que é unha *conditio sine qua non* para emprego da maioría das máquinas. Esta foi unha eiva de certa importancia en Galicia, malia a ser esta un territorio exportador de enerxía, pola deficiente estrutura de distribución do fluxo eléctrico polo territorio galego[235]. Esta regra xeral, de imposibilidade de acceso ao subministro eléctrico, tivo algunhas excepcións como foi o caso do curtidoiro da Xunqueira en Viveiro.



Imaxe núm. 34. Transformador eléctrico do ano 1910 do curtidoiro da Xunqueira (concello de Viveiro)

O resto das tarefas precisas para facer un bo curtido facíanse de xeito manual para o que había diferentes ferramentas adaptadas a cada unha destas angueiras. As fundamentais eran as que seguen: o coitelo romo de dous mangos para eliminar o pelo da pel, o coitelo de corte de dous mangos para quitarlle os refugallos de carne á pel, o coitelo de aprimar para dividir a pel e a luneta para rebaixar o coiro.

optouse por construír un pequeno salto de auga onde unhas aspas (estilo nora) de madeira mediante un eixo metálico que transmitía o xiro a través dunha polea -feita de madeira de aproximadamente de 1.6 metros de diámetro- e que se conectaba con unha correa á polea do muiño. Esta polea contaba cunha roda de inercia que axudaba a manter a revolución de rotación dos martelos durante o traballo. Información fornecida a este estudo por Jesús Souto Pena actual propietario do inmóbel e descendente das persoas empresarias da fábrica.

[235] Cf. Xoán CARMONA BADÍA, *La Sociedad General Gallega de Electricidad y la formación del sistema eléctrico gallego (1900-1955)*, Sabadell, Fundación Gas Natural Fenosa, 2016.



Imaxe núm. 35. Ferramentas do curtidor[236]

Detalle do traballo con luneta para rebaixar o coiro



Imaxe núm. 36. Recreación do traballo con luneta no curtidoiro de Cumiáns (concello da Laracha)

Nos anos cincuenta comezou a substituírse en Galicia o axente curtinte tradicional, as cascas de carballo, polo denominados extractos curtintes, máis económicos e moito menos pesados o que facilita o seu transporte. Estes extractos son uns polvos solubles que acrecentan unha elevada concentración de tanino que provén de árbores coma o castiñeiro, a mimosa, o quebracho ou o zumaque. A introdución dos extractos curtintes na elaboración do curtido vexetal vai facer innecesaria a participación de certas máquinas no proceso de transformación dunha pel nun coiro que se viñan usando até ese momento. Nomeadamente, os muíños de

[236] Manuel CAAMAÑO SUÁREZ, *As Construccións da Arquitectura Popular* ... páx. 486.

cabalaría, de auga, eléctricos e de gasolina comentados xa que non se precisa xa esmagar ou triturar ningunha casca ao empregárense os referidos extractos curtintes.

O CURTIDOIRO MECANIZADO[237]

A mellor maneira de estudar as máquinas que se empregan nunha fábrica de curtidos e analizalas conxuntamente coas diferentes fases do proceso de transformación dunha pel nun coiro para non perder o fío da cuestión. Tradicionalmente este proceso dividiuse polas diversas publicacións en tres fases: a fase da ribeira, a fase do curtido e a fase da remata. Imos ver a seguir as operacións de cada unha das fases, tendo en conta sempre que o noso obxectivo é estudar as utilidades das diversas máquinas e non estudar o proceso de produción en si mesmo. Por este motivo, iremos comparando as aplicacións prácticas das distintas máquinas con como se facía estas de xeito tradicional.

A fase de ribeira ten por obxectivo preparar a pel para poder curtila. Con este fin todos os traballos teñen por fin ter a pel limpa e calibrada. Faise en seis operacións que a seguir tratamos:

A operación de remollo consiste fundamentalmente en darlle á pel o estado húmido que tiña ao arrincala do animal pois todo o proceso de curtir se realiza coa pel húmida. Esta operación realízase cun bombo con auga abundante. Antigamente facíase nos píos do lavaodoiro.

A operación de arrincar o pelo á pel fáise tamén nun bombo con auga, sulfuro sódico e cal apagada. Tradicionalmente este obxectivo conseguíase co emprego por un obreiro dun coitelo romo con dous mangos co que rañaba na pel, previamente posta nunha táboa de rañado.

O descarnado pretende eliminar os refugallos de carne ou graxa que conserve a pel. Esta operación realízase coa máquina de descarnar pola que pasa a pel coa axuda duns roletes de arrastre contra un rolete de coitelas en forma helicoidal que nunha soa pasada arrinca todos estes residuos. Tradicionalmente, esta operación realizábase de forma similar á comentada anteriormente mais cun coitelo de corte.

[237] Agradecemos ao empresario Jesús Quecijo Pallas a explicación que nos fixo na súa fábrica do Tarambollo, no concello de Carballo, sobre o funcionamento dun curtidoiro mecanizado.



Imaxe núm. 37. Máquina de descarnar do curtidoiro do Queijo (concello de Carballo)

A operación de dividir consiste en nivelar o groso da pel xa que esta é moito máis grosa nas costas e na cabeza do animal. Calíbrase quitándolle grosor polo lado da carne[238] da pel. A máquina de dividir consiste nunha cinta sen fin que afía continuamente á máquina. A pel avanza contra a coitela por entre dous roletes, sendo un deles o que calibrar a pel (dálle grosor). Antes da chegada desta máquina aos curtidoiros estas tarefas realizábanse co singular coitelo de aprimar co que o obreiro quitáballe grosor ás peles pousadas nunha mesa pasándollo unha vez tras outra.



Imaxe núm. 38. Máquina de dividir do curtidoiro do Queijo (concello de Carballo)

[238] Referímonos ao lado interno da pel. A parte externa da pel é coñecida coma a flor.

As dúas últimas operacións da fase de ribeira serían o desencalado, co que se pretende eliminarlle a cal á pel, e o rendido, co que se procurar unha maior flexibilidade da pel. Ambas operacións realízanse nun bombo con diferentes solucións químicas.

A fase de curtido ten por obxectivo que os taninos vexetais penetren na pel e a transformen nun coiro. Identificamos dentro desta fase as tres operacións seguintes:

Na fase propiamente de curtido as peles métense en bombos, molinetes e balancíns para acelerar a difusión dos taninos. Os bombos son cilindros de madeira de dous por dous metros dotados dun movemento rotativo, en cuxo interior temos peles e baño curtido, movidos por enerxía externa. Teñen unha capacidade de 3.000 litros. O molinete é unha bañeira semicircular cunhas aspas na súa parte posterior que xira sobre a superficie da auga que fai mover as peles e ao tanino somerxidos no seu interior. Ten tamén unha capacidade de 3.000 litros. Os balancíns son recipientes de forma cúbica cun marco de madeira rectangular oscilante na súa parte superior, onde se suspenden as peles dobradas pola metade sobre uns barrotes.



Imaxe núm. 39. Bombo[239] da fábrica do Reque (concello do Carballiño)

Bombos conservados en Galicia	
Curtidoiro	Concello
Conde	Monforte de Lemos
Curtipiel	Coristanco
Manoliño	Allariz
Nogueiras	Allariz
PICUSA	Padrón
Queijo	Carballo

[239] Como imos vendo no texto os bombos empregábanse en varias etapas do procedemento de produción coma na operación de remollo da pel, na operación de arrincar o pelo á pel e nas operacións de desencalado e rendido. Máis adiante veremos coma tamén se empregaban os bombos para o engraxado dos coiros.

Reque	O Carballiño
Salomón	Xunqueira de Ambía

Cadro núm. 9. Bombos conservados en Galicia



Imaxe núm. 40. Molinete do curtidoiro de Santa Elisa (concello de Carballo)

Unha vez terminada a fase do curtido, o coiro pásase pola máquina de escorrer para eliminarlle parte da auga e poder pasar a seguinte operación. Esta máquina consta principalmente de dous roletes recubertos de feltro aos que se lles dá presión pasando o coiro polo medio. Tradicionalmente, os coiros escorríanse ao igual que o procedemento de quitar o pelo que vimos máis enriba.




Imaxe núm. 41. Máquina de escorrer do curtidoiro do Queijo (concello de Carballo)

A operación de rebaixado do coiro que procurar facer un segundo calibrado do seu espesor pola lado da carne. A máquina de rebaixar consta dun rolete de coitelas helicoidais e outro liso que achega o coiro contras as coitelas conseguindo deste xeito o obxectivo.



Imaxe núm. 42. Máquina de rebaixar do curtidoiro do Queijo (concello de Carballo)



Imaxe núm. 43. Máquina de rebaixar da fábrica "curtipiel" (concello de Coristanco)

Finalmente, na fase de remate do produto imos falar de catro operacións:

O engraxado realízase para que o coiro resulte máis flexíbel e impermeábel mediante a achega de graxas ao coiro. Tradicionalmente empregábase a graxa de saín de sardiña[240] e aplicábase manualmente mentres que hoxe faise cun bombo. Despois de engraxado o coiro pasa o secadoiro.

A máquina de estirar emprégase para alisar os coiros cando estes están medio secos. Logo volven ao secadoiro.

[240] Nalgunhas comarcas galegas usábanse graxas procedentes doutros animais coma en Bergantiños que aproveitaban a graxa de Balea.



Imaxe núm. 44. Máquina de estirar do curtidoiro do Queijo (concello de Carballo)

Cando os coiros xa están secos, pásanse pola máquina de abrillantar aqueles que se destinan á artesanía, onde un rolete macizo de vidro vai pulindo a parte da flor co fin de proporcionarlle un maior brillo.



Imaxe núm. 45. Máquina de abrillantar do curtidoiro do Queijo (concello de Carballo)

Cando os coiros se van destinar a zocos ou a botas de becerro, pásanse pola máquina de raspar polo lado da carne, onde un rolete de coitelas de corte helicoidais rebaixa e pule a carne. Tradicionalmente, esta operación denominouse alunetado é facíase cunha ferramenta chamada luneta, de forma circular e afiada polo borde. Pendurábase o coiro e tensábase cunhas teazas para pasarlle logo a luneta de enriba a embaixo.

Finalmente, cando o produto final que se quere producir é sola emprégase a máquina coñecida coma o cilindro de sola.



Imaxe núm. 46. Cilindro de sola da fábrica "curtipiel" (concello de Coristanco)

Cilindros de sola conservados en Galicia	
Curtidoiro	Concello
Cortizo	Lalín
Curtipiel	Coristanco
A Guía	O Porriño
Merluza	Chantada
Reque	O Carballiño

Cadro núm. 10. Cilindros de sola conservados en Galicia

OS MUSEOS DA INDUSTRIA DOS CURTUMES DE GALICIA: ALLARIZ E VIVEIRO

Un museo industrial é unha boa ferramenta para pór en valor o patrimonio industrial do eido do que se trate. En Galicia temos dúas experiencias, no eido dos curtumes, que imos analizar nas seguintes liñas deste estudo.

O Museo do Coiro de Allariz[241]

O xermolo do Museo do Coiro de Allariz encádrase nun proxecto máis xeral de rehabilitación industrial urbana que se coñece coma O Parque Etnográfico do Río Arnoia (PEDRA). Trátase este dun proxecto etnomuseístico posto en marcha entre 1994 e 1995 polo Concello de Allariz en colaboración directa coa poboación alaricana. Inxírese no proceso de saneamento e recuperación das marxes do Río Arnoia, unido á restauración e rehabilitación dunha serie de estabelecementos industriais vencellados a actividades realizadas tradicionalmente co aproveitamento da enerxía hidráulica: fundamentalmente o curtido de peles e a transformación do gran de cereal en fariña, que forman ambos parte dun pasado relativamente próximo.

[241] A redación deste apartado realizouse aproveitando materiais xenerosamente achegados a esta investigación por Antonio Blanco Rodríguez.

Neste marco trazado polo Concello, no proxecto de O Parque Etnográfico do Río Arnoia (PEDRA), a primeira edificación rehabilitada foi a fábrica de curtidos da Alameda, coñecida coma a dos "Mangana", convertida no que hoxe se denomina o Centro Cívico A Fábrica, que alberga unha cafetaría, club de piragüismo e sala de exposicións temporais. Seguiulle o Muíño do Burato, construción do século XIX, con dúas moas das denominadas "francesas" e que xa incorporaban, amais, un motor eléctrico. Outro muíño tamén recuperado é o do Briñal, xunto coa casa do muiñeiro, dedicados a vivenda de turismo rural, sito a dous quilómetros río abaixo. A Acea da Costa, en pleno Parque do Portovello, tamén foi rehabilitada e funciona como bar-restaurante. O mesmo camiño seguiron a Fábrica de curtidos de Vilanova, actualmente restaurante que conserva os elementos patrimoniais fundamentais do proceso de transformación de peles en coiros, e a fábrica de curtidos Torre Lombarda, antiga torre defensiva extramuros e hoxe casa de turismo rural. Completan o lote o Museo do coiro e o Muíño da Acearrica, muíño e minicentral eléctrica, único sen rehabilitar, aínda que conta xa con proxecto á espera de financiamento.

Durante o século XIX e até mediados do pasado, Allariz mantiña un certo carácter industrial coma atestan as súas numerosas fábricas de curtidos e muíños hidráulicos. Os curtumes das primeiros fornecían ao numeroso gremio de zapateiros e chanqueiros da comarca e tamén a outras zonas do país. O seu devalo, e posterior abandono dos edificios fabrís, fai precisa unha intervención para conservalas como testemuña dunha época e como emblema identitario dun pobo.

A Fábrica de Curtidos da Familia Nogueiras representa, sen dúbida, o buque insignia do PEDRA. Trátase dunha edificación do século XVIII, de planta cadrada, cun patio central cara o que ollan o resto de instancias do vello curtidoiro.



IMAXE núm. 47. Fachada sur do curtidoiro dos Nogueiras

Foi adquirida polo Concello mediante convenio urbanístico cos propietarios, rehabilitada e convertida en Museo do Coiro. A xestión das instalacións é indirecta polo que

se sacou a concurso a concesión dun bodegón restaurante, responsábel da limpeza, mantemento e gastos básicos. Asemade, na parte alta, habilitouse un obradoiro no que un artesán profesional do coiro realiza o seu labor, vende e ocúpase de guiar as visitas, organizar cursos, exposicións... Na parte inferior e fóra da construción principal, mantéñense unha serie de píos ao carón dun amplo patio cuberto, antigo secadoiro, que acolle concertos, exposicións e outras actividades.

No interior do inmóbel fabril poden diferenciarse tres zonas que se corresponden cos tres tipos de traballos no proceso de curtido:

1) A zona do lavadoiro, integrada na parte baixa do bodegón, onde as peles nada máis chegadas sufrían os primeiros traballos de retirar restos de graxa, carnaza e pelo. Nesta zona destaca o chan lousado que coa súa pendente botaba á auga cara o río.

2) A zona de mudanza ou de curtido, propiamente dita, con píos cadrados e leiteiras rectangulares, polos que ían pasando as peles nun longo período de tempo.

3) A zona da remata na que, tralo engraxado, se procedía ao perfilado do grosor dos coiros, recorte de bordes e dobrado para a venda.

O único elemento descontextualizado trala rehabilitación é o muíño da casca, localizado actualmente á entrada da fábrica mais fóra do recinto fabril, onde evidentemente non podería funcionar por carecer o eixo principal de soporte na parte superior. Mantense, en troques, in situ e perfectamente conservado, o muíño da Fábrica de Vilanova, xa citada.

No proceso de restauración, dirixido polo arquitecto César Portela, conservouse totalmente a estrutura e a distribución orixinais, coa única excepción mencionada. Só se construíu un estreito corredor de madeira sobre os propios píos para poder visitar a zona da mudanza.

Consérvanse tamén elementos que se foron incorporando co paso do tempo, nunha carreira por competir coa nova tecnoloxía, carreira que evidentemente, se perdeu: trátase dos bombos movidos con motor eléctrico que suplían o duro e lento traballo da mudanza e o *planchado* e que, xunto co uso de estratos tánicos en substitución dos tradicionais obtidos coa cortiza do carballo, acurtaban notabelmente o proceso de elaboración.

Nesta mesma liña modernizadora habería que situar a colocación ao carón da entrada da fábrica dun muíño eléctrico e o uso e aproveitamento de refugallos do proceso de produción para colas e outros derivados.

A visita ao museo pode realizarse por un itinerario predeterminado, co apoio dun guía, paneis informativos e diverso material recollido neste e noutras fábricas: coitelas, lunetas, mazas, cabaletes, táboas de pelar...

Complétase o percorrido coa visita ao obradoiro de artesanía onde se reproduce en vivo o traballo de zapataría e talabartaría na antiga zona da remata.

O museo abre todo o ano en fins de semana e festivos, en horario de mañá e tarde. Nos períodos de vacacións abre diariamente xa que o maior número de visitantes concéntranse nestes períodos, sinaladamente na Semana Santa. Para grupos numerosos poden concertarse visitas en calquera horario a traveso da Casa da Cultura ou da Oficina de Turismo, onde tamén se poden adquirir as entradas ou bonos para acceder ó resto de museos de PEDRA.

Amais dos materiais xa citados, o Museo do Coiro de Allariz dispón de pósters, dípticos e trípticos temáticos e diverso material temático como unidades didácticas, recortables..., así como a posibilidade de realizar obradoiros en vivo sobre coiros.

O Museo da Pel da Xunqueira

Dentro do complexo REGALXUNQUEIRA o Museo da Pel atopa abeiro no edificio do curtidoiro da Xunqueira onde se localizaba o muíño de cabalaría para esmagar a casca. A enorme pedra circular do muíño de casca atrapa inmediatamente a atención das persoas visitantes. Nesta fábrica funcionaba movido por tracción animal até 1910, cando se instalou un transformador de potencia na fábrica e se trouxo un novo muíño movido con electricidade.



IMAXE núm. 48. Muiño de esmagar a casca turrado por cabalaría

Após unha restauración completa e coidada tornouse o cuarto onde a maquinaria esmagaba a casca nun centro interpretativo da pel. Na entrada do museo áchanse dous grandes paneis con información detallada sobre a historia do curtume da Xunqueira e o proceso de elaboración do produto que están moi ben sintetizados e sitúan a persoa visitante para a súa actividade.

Como non é obxecto deste estudo unha análise pormenorizada deste museo destacamos deste a colección de ferramentas manuais que atesoura. É a máis senlleira sobre a industria do curtido de toda Galicia. Todas estas ferramentas teñen o valor engadido que foron as que se empregaron no propio curtidoiro da Xunqueira, sen que non se trouxese ningunha de fóra, até que foron substituídas paseniño na clarexa do século XX coa progresiva mecanización da fábrica.



IMAXE núm. 49. Colección de ferramentas manuais

Cunha simple visita ao Museo da Pel da Xunqueira un decátase de que é unha proposta cultural moi traballada. Malia isto coidamos que aínda ten unha marxe de mellora que se podería materializar coas seguintes accións:

1) O Museo da Pel da Xunqueira non é, en esencia, un museo da pel senón máis ben do coiro. Unha primeira acción sería mudarlle o nome para poder centrar moito mellor os seus contidos e, tamén, para non confundir ás posíbeis persoas visitantes.
2) Enguedellado co anterior no propio CENTRO CULTURAL REGAL XUNQUEIRA sería de interese habilitar un espazo para configurar un verdadeiro museo da pel cuxo modelo podería ser o Museu de l'Art de la Pell da localidade catalá de Vic.

3) Bótase en falla no museo unha moa para o muíño auténtica e non unha réplica desta xa que desluce dalgún xeito o centro cultural pois é o elemento sobre o que xira todo o programa cultural.
4) Finalmente, o Concello de Viveiro, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia debería facer unha maior promoción este destino cultural, canda menos nas súas páxinas webs institucionais.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANÁLISE DAS FÁBRICAS GALEGAS QUE XA ACRECENTAN OUTROS USOS

Neste apartado queremos destacar aquelas iniciativas públicas ou privadas que matinaron e executaron a rehabilitación e posta en valor dos vellos curtidoiros galegos. Estes axentes tiveron a sensibilidade de recuperar unha parte do noso patrimonio cultural nacional con cada unha das fábricas que foron pondo en bo estado e dando, a súa vez, un chiquiño máis de identidade local ás comunidades que se asentan a carón delas. Mais, estas persoas, tamén tiveron a agudeza de ver a oportunidade de erguer negocios rendíbeis para a *lei do mercado* entre as pedras que noutro tempo criaban coiros a esgalla. Xa que logo, estes casos de rehabilitación deberan ser un estímulo para acometer novas iniciativas, sobre todo para aquelas Administracións que aínda non tiveron nin a sensibilidade nin a perspicacia de facer proxectos de desenvolvemento endóxeno local alicerzados no sobranceiro patrimonio industrial que a industria dos curtumes nos deixou en herdanza.

A seguir imos analizar as fábricas de curtumes que foron rehabilitadas en Galicia cun maior ou menor acerto. Por este motivo, imos dividir en dous a seguinte exposición. Nun primeiro momento estudaremos un a un os sete casos de posta en valor deste patrimonio máis senlleiros e, posteriormente, citaremos máis sumariamente o resto dos casos[242].

Curtidoiro da Casqueira

A fábrica de transformación de peles en coiros coñecida por "A fábrica da Casqueira" sitúase ao sur de Vilaboa, no concello de Allariz. Na actualidade unha parte das instalacións están rehabilitadas e outras non debido a que pertencen a dúas propiedades distintas. Por motivos empresariais o conxunto fabril esgazou en dous cachos un pasou a mans da familia do empresario Ventura Conde e a outra aos herdeiros de José Conde. Esta última foi vendida a Carlos José Torrisco no ano 2000 que foi a persoa que impulsou a rehabilitación da fábrica e que hoxe opera con uso de hostalaría.

Na imaxe de abaixo podemos apreciar todo o que no seu día foi o edificio fabril que estaba composto por tres grandes pezas. Á dereita da imaxe con forma de "L" e tellados escuros sen reformar temos unha primeira das pezas. Perpendicular a este edificio observamos unha edificación sen teito, onde se percibe a cor verde da vexetación que se esta apropiando deste. E, finalmente, xunguido ao anterior vemos un edificio con tellado novo que é a parte que se rehabilitou de todo este magnífico conxunto fabril.

[242] No referente aos curtidoiros alaricanos, na realización desta epígrafe recibimos una grande axuda de Tino Feijoo, funcionario da Oficina de Rehabilitación do Concello de Allariz e persoa que viviu moi de preto as rehabilitacións que se acometeron na vila do Arnoia nos últimos anos.



IMAXE núm. 50. Vista aérea da fábrica da Casqueira

A construción data de finais século XIX e acrecenta un estilo industrial que foi o uso para o que foi ergueito. Na década dos anos sesenta do século XX o curtidoiro fechou as portas e encetou a súa progresiva decadencia ao non facérselle traballos de mantemento. O edificio está incluído no catálogo do Concello, no que consta que ten un grao de interese histórico de 1, arquitectónico de 2 e urbano de 1, todo isto leva a que acrecente un nivel de protección "estrutural" para o que se permiten obras de conservación, restauración, consolidación, reestruturación e rehabilitación.

Este edificio encádrase na puxante industria do coiro que tivo o concello de Allariz e a súa comarca desde o século XIX e até os anos sesenta do século XX, sendo o motor industrial máis importante da comarca, coas fábricas entorno ao río Arnoia e aos núcleos rurais de Vilaboa, Acea de Meire e A Portela de Airavella e artesanal, coa posterior transformación do coiro polos zapateiros e a súa venta nas feiras da provincia. No catastro de Ensenada (1751), Allariz considerábase unha vila proto-industrial, cunha importante poboación artesán, centrada nos coiros e nos lenzos. A fábrica máis antiga atópase nunha escritura notarial do ano 1774. No ano 1778 existían catro fábricas sostidas por particulares e en 1800 xa se contabilizaban seis fábricas de curtidos, catro de sola e dúas de becerro. A forte actividade das fábricas catalás, a aparición de novos materiais, como o piso de caucho, fan que as fábricas de Allariz vaian desaparecendo, como adiantamos, a partir dos anos sesenta[243].

O curtidoiro da Casqueira é unha das fábricas máis grandes e modernas construídas no rural en Galicia. Desenvólvese entorno a un patio aberto de terra, que permite a entrada á fábrica con carruaxe, e que se utilizaba tamén para engraxar e secar os coiros, dito patio encóntrase delimitado polo sur e leste, por unha edificación en L, de planta baixa (dedicada ós traballos propios do curtume, como lavadoiro, pelar, descarnar, labrar e aprimar, a muíño de casca eléctrico e a almacén), e de planta alta, (dedicada a secadoiro, con acceso desde o exterior por unha escaleira de pedra); e delimitado polo oeste por dúas edificacións de planta

[243] A referencia histórica deste parágrafo dámola por reproducida na análise das demais fábricas de curtumes do concello de Allariz estudadas nesta epígrafe.

baixa e independentes, formando ángulo obtuso entre elas, onde se situaba outra zona de pilos e un muíño tradicional de casca. A mediados dos anos cincuenta a fábrica modernizouse coa introdución de muíños eléctricos e molinetes que reducían o tempo de fabricación dos curtumes.

Estamos ante unha construción industrial por antonomasia de plantas rectangulares, liñas rectas e espazos moi ben definidos. As fachadas están construídas con muros de cachotaría concertada encintados con morteiro de cal irregular e ancho variable e por perpiaño traballado a man sen encintar. Destacar o sistema de ventilación da planta alta, con enreixado de barrotes de madeira entre pilastras e o cagadoiro que voa da fachada. Interiormente existen dous tipos de división, de madeira e de perpiaño traballado a dúas caras.

As cubertas están resoltas a dúas augas, con estrutura de madeira de castiñeiro a base de tesoiras, pontóns e enlatado e como cubrición tella cerámica curva. O pavimento do primeiro andar, está construído con vigas, pontóns e táboas de castañeiro. Como elementos de carga, utilízanse os muros, as pilastras e os soportes verticais de pedra e de madeira.

Estamos ante unha das poucas fábricas de coiros na que o continente e o contido construíuse ao mesmo tempo. O seo estado de conservación, antes da rehabilitación, era malo. A estrutura de cuberta comezaba a ceder debido as filtracións da auga de choiva o que repercutía directamente nos muros perimetrais das fachadas e na estrutura da cuberta e andares. Na actualidade pódese observar a construción onde se localizaba o muíño da casca e os píos leitería sen ningún tipo de cuberta.

Do conxunto de edificacións que forman á fábrica da Casqueira, só se actuou na parte pertencente a Carlos José Torrisco, que encargou un proxecto técnico de rehabilitación ao arquitecto Carlos Díaz no ano 2001, no que se respectou a tipoloxía construtiva e a súa protección estrutural. A obra rematouse dous anos despois, no ano 2003 e financiouse de xeito privado sen que se tivera acceso a ningunha subvención pública.



IMAXE núm. 51. Interior rehabilitado da fábrica da Casqueira

O proxecto propón a rehabilitación da actual vivenda e da nave de curtume situada na parte traseira desta, para dedicala a turismo rural. Na edificación principal, que dá á praza, sitúanse os dormitorios, as salas de reunións e os comedores. A nave de curtumes destínase a comedor principal e a nova construción, anexa a esta, a cociña, servizos e almacén.

O proceso de rehabilitación é igual que en toda as fábrica de curtumes. Demolición da cuberta con aproveitamento do material de estrutura de madeira de castiñeiro, tesoiras, terzas e pontóns, para a súa reutilización, previo saneamento e tratamento da mesmo, e novo enlatado, sobre o que se asenta urather e tella cerámica curva. Mantivéronse os mesmos apoios de soportes de madeira e pedra para minorar a sección das tesoiras. Respectáronse os actuais píos que foron tapiados con entarimado de madeira de castiñeiro deixando percibir a cuadrícula de pedra que forman o conxunto deles. Este comedor comunica cunha nova construción, de planta baixa e deseño moderno, no que predominan os parmentos verticais pintados de cor branca e a cuberta plana axardinada. En canto á fachada, mantivéronse os mesmos ocos verticais e o encintado refundido. A carpintería exterior é de madeira de cedro vernizada con verniz lasur incoloro.

Curtidoiro da familia Nogueiras

A fábrica de curtidos coñecida por "Familia Nogueiras Rumbao", áchase emprazada no Casco Histórico de Allariz, na marxe dereita do río Arnoia, preto da ponte que comunica O Piñeiro coa rúa Emilia Pardo Bazán, no Parque Etnográfico, que engloba o resto de fábricas de coiros , muíños, presas, pasais e espazos verdes, como o do Portovello.



IMAXE núm. 52. Vista aérea da fábrica da Familia Nogueiras

O inmóbel fabril foi adquirido polo Concello de Allariz en convenio urbanístico firmado por Javier Nogueiras Mascareñas, en representación da familia Nogueiras Rumbao e o Alcalde de Allariz, Anxo Manuel Quintana González, o 4 de agosto de 1992. Pasando dito inmoble e o seo entorno á propiedade municipal.

A construción data de comezos do século XIX e acrecenta un estilo industrial que foi o uso para o que foi ergueito. Na década dos anos sesenta do século XX o curtidoiro fechou as portas e encetou a súa progresiva decadencia ao non facérselle traballos de mantemento. O edificio está incluído no catálogo do concello, no que consta que ten un grao de interese histórico de 2, arquitectónico de 2 e urbano de 2, todo isto leva a que acrecente un nivel de protección "integral" para o que só se permiten obras de conservación, restauración e consolidación.

A fábrica, entrando pola súa fachada oeste, que dá ao campo de San Isidro, de onde vén a auga para os seos píos, encontrámonos cun gran espazo aberto, resolto en sábrego, presidido por pilastras de grande sección, onde se apoian as tesoiras que configuran a cuberta a dúas augas con faldróns que verten ás catro fachadas que pechan o recinto e ao patio central, que queda aberto. A estrutura de cuberta está resolta con madeira de castiñeiro a base de terzas, pontóns e enlatado irregular sobre a que se asentan as tellas curvas. Á man esquerda da entrada sitúanse os almacéns da casca e de coiros, e no fondo, lindando coa fachada leste, os píos de canina e o típico cagadoiro, a modo de nicho que voa sobre o río. Á man dereita, preto da entrada, temos un muíño de casca eléctrico, que substituíu ó típico muíño de roda turrado por unha mula. Na mesma zona, entre o patio e a fachada oeste, sitúanse os píos de taninos, a zona de curtume, e máis preto da fachada leste os píos de caleiros e o espazo entre píos, destinado a pelar, descarnar, labrar e aprimar, que está resolto cun lousado de pedra a dúas augas que cobren a canle que recolle as augas sobrantes do lavadoiro e as leva ao río. En 1950 instálanse a carón dos píos de mudanza, os bombos de curtume rápida que modernizou esta fábrica permitindo a súa subsistencia algúns anos máis. Sobre este tramo levántase un andar, resolto con vigas, pontóns e táboas de madeira de castiñeiro, que se utilizaba para o remate e sequeiro, e que está pechado contra o patio con tabique de madeira tratada con aceite de liñaza e polbos de mazarrón. O traballo exterior de lavado realizábase na esquina sur, baixo a solaina, nun lousado rasurado de pedra colocado inclinado cara o río.

Hai que destacar desta construción as fachadas de cachotaría encintada con morteiro de cal, a solaina, en esquina, resolta co pontóns e vigas escuadradas de madeira de castiñeiro que se apoia sobre pilastras, na planta baixa e sobre soporte de madeira no primeiro andar. Os ocos de proporción vertical coa carpintaría tratada con aceite de liñaza e mazarrón as divisións de táboas de madeira colocada verticalmente e o sistema de ventilación, sobre todo na súa fachada sur que dá ao río.

O promotor da rehabilitación foi o Concello de Allariz, propietario do edificio, por medio da empresa municipal REATUR[244], e nela interviñeron a brigada de obras do propio Concello e a escola taller Ziralla. As actuacións financiáronse con cargo aos orzamentos do propio Concello. O comezo das obras foi en 1993 asentada sobre dos principios fundamentais,

[244] Para atender esta intervención e o conxunto de inmobles situados no entorno do río Arnoia creouse unha empresa pública REATUR, que se encargou de xestionar ditas intervencións e un padroado do Parque Etnográfico do río Arnoia (PEDRA) que se encarga de determinar as condicións de xestión do parque e de outorgar as concesións de uso e explotación das edificacións.

por unha banda, respectar a tipoloxía construtiva e a súa protección integral e, por outra, a súa viabilidade económica, é dicir, que sexa autosuficiente a súa futura xestión en base a un proxecto económico viábel de explotación.

A rehabilitación fíxose en dúas fases:

- 1ª Fase: limpeza, desmonte e reconstrución da fábrica con proxecto de Cesar Portela.
- 2ª Fase: Remate de obra e acondicionamento do edificio e do seo espazo interior e exterior para museo do coiro, obradoiro artesanal e hostalaría, con proxecto da Oficina de Rehabilitación do Concello de Allariz.

Antes da súa recuperación, a edificación presentaba un estado de abandono, chea de maleza e con graves problemas de consolidación, tanto da estrutura de cuberta como da planta primeira e da fachada que dá ao río Arnoia.



IMAXE núm. 53. Estado da fábrica da Familia Nogueiras antes da rehabilitación

O proceso de rehabilitación comezou coa limpeza do edificio e o desmonte da cuberta, da estrutura do primeiro andar e dos muros e pilastras de cantaría que estaban en mal estado, marcando as pedras para a súa recolocación e no caso da madeira, ao seo saneamento para a súa reutilización.

O proceso de rehabilitación proseguiu coas seguintes actuacións:

- A cuberta resolveuse co mesmo tipo de estrutura de madeira de castiñeiro a base de tesoiras que apoian sobre pilastras e muros, terzas, pontóns e enlatado. Como elemento de cubrición utilízase urather e tella cerámica curva na zona do museo e na destinada a hostalaría, e só tella cerámica curva no resto do patio.

- No primeiro andar (zona museística e hostalería) reconstruíse coas mesmas vigas de madeira de castiñeiro apoiadas nos muros de fachada e nas pilastras interiores, pontóns e táboas do mesmo material.
- As divisións interiores e a fachada que dá ao patio levantáronse con estrutura de madeira de abeto revestida con táboas do mesmo material.
- Para a reconstrución da solaina refixéronse as pilastras para os apoios das vigas e pontóns de madeira de abeto, tanto do solo como da cuberta.
- A nivel de fachadas, respectáronse os ocos, o deseño da carpintaría e mesmo o tipo de encintado de morteiro de cal.
- Moi relevante foi o pintado da carpintaría exterior e das fachadas de madeira con aceite de liñaza e polbos de macarrón, e con tinta de cor castiñeiro e aceite de liñaza o teito da cuberta e o do primeiro andar. Respectouse o deseño orixinal do curtidoiro.
- A nivel de pavimentos, respectouse o sábrego do patio e o entarimado de castiñeiro vernizado con verniz á auga no primeiro andar.



IMAXE núm. 54. Detalle do interior da Fábrica da familia Nogueiras após a rehabilitación

A nivel de usos, o patio destinouse para a museo relacionado co coiro e espazo de eventos varios e exposicións. E o interior pechado, situado a man dereita da entrada, para á actividade de hostalaría, taller de artesanía relacionado co coiro e museo. Exteriormente situouse un muíño de casca na entrada da fábrica e urbanizouse todo o seu entorno.

A xestión do inmoble realízase por medio de concesións a 20 anos, no que as persoas ofertantes, neste caso o promotor de hostalaría e o artesán presenta unha oferta económica e

unha aceptación das condicións de cesión que fixa o concello, de tal maneira que a explotación do inmóbel non sexa unha carga para as arcas municipais, senón todo o contrario.

Curtidoiro dos Mangana

A fábrica de curtumes, coñecida por "Mangana" áchase chantada, no Casco Histórico de Allariz, no Parque Etnográfico do rio Arnoia, á man dereita deste río, fronte ao muíño do Burato, con acceso directo dende a Alameda.



IMAXE núm. 55. Vista aérea da fábrica dos Mangana

O inmóbel da fábrica foi adquirido nos anos oitenta, pola familia Xesteira a Luís Mangana, e doada posteriormente ao Concello de Allariz no ano 1990.

A construción data de 1900 e acrecenta un estilo urbano industrial que foi o uso para o que foi ergueito. Na década dos anos cincuenta do século XX o curtidoiro fechou as portas e encetou a súa progresiva decadencia ao non facérselle traballos de mantemento. O edificio está incluído no catálogo do concello, no que consta que ten un grao de interese histórico de 2, arquitectónico de 2 e urbano de 1, todo isto leva a que acrecente un nivel de protección "estrutural" para o que só se permiten obras de conservación, restauración e consolidación.

O curtidoiro presenta unha edificación de planta rectangular de dúas alturas resolta con muros de cachotaría careada na planta baixa, onde se localizaban os píos de canina e tanino, e de perpiaño na primeiro andar, dedicada a secadoiro e almacén do coiro. Na súa fachada sur ten anexionado unha construción con solaina cara o río, que se utilizaba como lavadoiro, estando lousado o tramo entre as pilastras e a fachada do edificio. Dentro deste anexo estaba o muíño de casca e a zona de traballo. A cuberta era a dúas augas, estaba resolta con estrutura de madeira de castañeiro a base de vigas, pontóns e táboas sobre o que durmían as tellas cerámicas curvas. Estruturalmente o piso do primeiro andar, empregaba o mesmo

sistema construtivo cá cuberta, vigas, pontóns e táboas de madeira de castiñeiro que se apoiaban nos muros de carga perimetrais (fachadas) e nas pilastras, típicas desta fábricas.

O promotor da rehabilitación foi o Concello de Allariz, propietario do edificio, e as actuacións financiáronse con cargo aos orzamentos do Concello. A reconstrución comezou en 1991 seguindo un proxecto do propio Concello de Allariz[245].

Esta fábrica de coiros levaba abandonada desde finais dos anos cincuenta, sen ningún tipo de mantemento até a data da intervención, xa que logo, o seu estado era de ruína inminente. A estrutura de cuberta e do piso do primeiro andar presentaba cedementos ao igual que a zona de lavado anexa á edificación principal. As fachadas de cantaría presentaban problemas de estabilizade por mor da hedras que gabeaban polas fachadas. O terreo encontrábase cheo de maleza que impedía ver a fábrica desde a ponte.



IMAXE núm. 56. Estado da fábrica antes da súa rehabilitación

A intervención neste inmoble non se axusta ás pautas de rehabilitación e recuperación do patrimonio etnográfico que se adoptou con posterioridade coa creación do Parque Etnográfico do Rio Arnoia. Non obstante, foi a espoleta para a recuperación do resto dos edificios e espazos verdes que compoñen dito Parque Etnográfico.

O edificio recuperouse para albergar nel unha sala de exposición na súa planta alta, que está comunicada directamente coa alameda a traveso dun paso elevado sobre o acceso á planta baixa, na que se localiza un local independente para piragüismo, con acceso directo desde o rio, e outro local para cafetaría, que se comunica coa sala de exposición por escaleira interior.

As obras acometidas consistiron nas seguintes actuacións:

[245] Foi a primeira intervención en edificio público, antes da aprobación do Plan de Reforma Interior, (P.E.R.I), Aínda non se actuaba con criterio definido e axustado á realidade construtiva que representaba unha fábrica de coiros. Non obstante, marcou unha pauta a seguir, non desde o punto de vista da rehabilitación, senón da recuperación do patrimonio etnográfico do río Arnoia, abandonado desde os anos sesenta.

- Limpeza da finca e desmonte das estruturas da cuberta e do primeiro andar.
- Consolidación dos muros das fachadas e construción no primeiro andar de novos paramentos verticais con pedra do país picada a man.
- Estrutura horizontal e de cuberta, resolta con forxados unidireccionais, menos o beirado da solaina que dá ao río, resolta esta con pontóns e táboas de madeira de abeto vernizada con lasur.
- Cuberta a dúas e tres augas utilizando como elemento de cubrición tella cerámica mixta.
- Na facha leste, a que dá ao río, construíuse unha solaina, pechada na planta baixa e aberta no primeiro andar.
- Os paramentos verticais interiores fanse con tabiques de ladrillo oco dobre enfoscado e pintados.
- A carpintería exterior faise en aluminio de cor branco e a varanda de madeira de abeto na solaina.
- Os pavimentos na planta baixa son de gres e formigón e no andar de táboas de madeira.



IMAXE núm. 57. Estado da fábrica após a súa rehabilitación

A xestión do inmoble realízase por medio de concesións a 20 anos, no que as persoas ofertantes, neste caso un promotor de hostalería, presentan unha oferta económica e unha aceptación das condicións de cesión que fixa o concello, de tal maneira que a explotación do inmóbel non sexa unha carga para as arcas municipais senón mais ben o contrario.

Curtidoiro de Ponte Pedriña

A fabrica de curtumes coñecida coma "Ponte Pedriña de Arriba" atópase ao norte de Santiago de Compostela, na rúa Pontepedriña Arriba, núm. 13, no lugar co mesmo nome, á beira do río Sarela[246]. Este curtidoiro foi un dos máis senlleiros da Galicia do século XIX tanto pola estrutura superficial do conxunto coma pola das súas instalacións produtivas. Ademais , esta fábrica foi unha das máis antigas de Santiago de Compostela pois contra o ano 1784 xa se inician as xestións para a súa construción[247].

A fábrica levaba abandonada desde que no ano 1961 se deixaron de producir coiros e se fecharon as instalacións. Motivo polo que o edificio paulatinamente se foi deteriorando ao non facérselle mantemento ningún. A publicación sobre as fábricas de curtumes de Santiago de Compostela dos profesores Xoán Carmona e María Teresa Fernández do ano 2003 dá a coñecer á sociedade compostelá o importante patrimonio industrial que acrecenta no eido dos curtumes a capital do país. Por este motivo, xorden varias iniciativas de carácter privado e público orientadas a pór en valor dalgún xeito parte deste patrimonio.

A Fundación Laboral de la Construción aguilloada polo anterior adquire o curtidoiro para localizar nel o *Centro de formación de referencia en restauración y rehabilitación* que con concurso de varias Administracións prevese que comece as súas actividades para o curso 2016-2017, pois a rehabilitación do edificio fabril está moi avanzada nestes momentos. O feito de que se trate dun centro de "referencia" significa que desde este vanse centralizar e coordinar as actuacións que realiza a Fundación Laboral de la Construción na área do coñecemento. As principais actividades que se van a realizar neste centro son:

1) Formación: a formación deste centro dividirase en tres grandes bloques:
    - Formación de novos traballadores orientada a que o sector da construción en Galicia conte con traballadores cualificados.
    - Formación especializada de traballadores en activo tanto de operarios coma de técnicos.
    - Formación de formadores.
2) I+D+I: preténdese que deste centro se desenvolvan boa parte das actividades de investigación na área da restauración e a rehabilitación. Dita labor investigadora será eminentemente práctica e moi orientado a conservar oficios e artes construtivas tradicionais.

[246] Agradecemos a posta a disposición da información precisa para redactar estas liñas por parte da Fundación Laboral de la Construción.
[247] Cf. Xoán CARMONA BADÍA e María Teresa FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003, páx. 116 e 118.

3) Difusión: preténdese acoller nestas instalacións todo tipo de eventos, xerar publicacións e, en resumo, desenvolver calquera tipo de actos cuxo fin sexa a posta en valor da restauración e a rehabilitación.



IMAXE núm. 58. Vista aérea da fábrica de Ponte Pedriña de Arriba antes da rehabilitación[248]

A fábrica no ano 1864 compoñíase na súa totalidade de varios locais unidos; o primeiro á parte do Norte é destinado a palleira e almacén de sola con secadoiro sobre o mesmo, formando un rectángulo de 25 e 6 polgadas de ancho por 156 pés de longo. Segue cara o Sur formando martelo co anterior local, outro destinado a almacén de casca que ten de longo 43 por 27 pés de ancho. Continúa ao Sur outro local formando martelo en parte co referido, dividido en varios departamentos destinados a almacén de casca que ten de longo 90 por 45 pés de ancho. Unido tamén ao Sur e formando martelo entrante co antecedente local, outro destinado a cortello de cabalos co seu acceso fronteirizo á porta de entrada, que ten de longo 24 pés por 16,5 de ancho. Ao antecedente local segue unida a casa habitación formando martelo saínte con aquel, dividido o seu primeiro corpo por unha medianeira que separa so baixos en dous departamentos, o da porta traseira destinado a muiño de casca, e o da fachada dianteira dunha tenda, bodega e acceso, co seu piso alto de tres cuartos de habitación, cociña e faiado, cuxa casa coas oficinas referidas ten de longo 45 por 32 de ancho. Pola parte do Sur, unido á casa existe outro local dividido por un medianeira o cal conten 17 píos de asento e un de leiteira (...) e a dianteira con faiado ten de longo 45 por 21. Contiguo co anterior polo Sur outro departamento con 10 píos de asento, 16 pequenos preparatorios e dous de leiteiras, sobre o mesmo un secadoiro de zurrar e ten de longo 57 por 27 de ancho. Ao Oeste do antecedente local segue outra peza con dous píos leiteiros de augas, que ten de longo 33 por 15, en comunicación cos dous anteriores locais e unido ao Sur hai outro departamento con 18 píos de asento e un de leiteira todos inútiles e deteriorados, o cal ten de longo 43 pés por 21 de ancho. Unido así mesmo ao Sur do antecedente local segue un cortello de cabalos co seu

[248] *Ibidem*, páx. 60.

faiado, a que ten de longo 27 por 24 continuando unido tamén ao Sur do antecedente cortello un pequeno local destinado a cociña e sobre ela un cuarto dormitorio de 16 por 16. No extremo Sur do referido local e unido á parede do Leste segue o portal que da a entrada ao circundando da fábrica, e ao Leste do mesmo hai outro local dividido en dous departamentos por unha medianeira e ambos de comunicación, achándose nun 8 píos de mudanza e un sitio de cociña so seu fogar, e no outro 10 píos cinco deles inútiles, outros dous leiteiros de augas, o lavadoiro e o muíño de casca, cuberto co seu faiado para depósito de cola, cuxos locais teñen de longo 60 por 57, Unido ao Sur do antecedente departamento formando martelo co mesmo existe outro local que sirve de caleira con seis píos para cal, e dous de remollo o que ten de longo 40 por 24 de ancho".[249]

Polo que se refire ao proxecto arquitectónico, estao executando o arquitecto Víctor López Cotelo, arquitecto de recoñecido prestixio que conta xa no seu haber con obras coma Biblioteca Pública de Zaragoza que gañou o premio "Mies Van der Rohe" ou en Santiago de Compostela "La Vaquería".



IMAXE núm. 59. Estado da fábrica de Ponte Pedriña de Arriba durante a rehabilitación

O centro áchase emprazado nunha parcela de 23.132 m^2 á beira do río Sarela. O proxecto final terá unha superficie aproximada de 3.000 m^2 construídos que se dividirá en dúas grandes zonas unha de nova construción e outra a rehabilitación do vello curtidoiro. A zona nova contará con catro volumes de talleres con patios interiores para a realización das prácticas. As paredes de ditos obradoiros estarán formadas por portas corredoiras de forma que os talleres podan configurar os espazos segundo as súas necesidades. Cada obradoiro acrecentará un aula no andar, así coma vestiarios, almacéns e aseos co fin de que se poda desenvolver a formación práctica do xeito o máis eficiente posíbel. A segunda zona son as instalacións da antiga fábrica que se acha dentro dun recinto abeirado por un muro de granito cunha superficie de 8.500 metros. Nestas instalacións, logo da súa completa rehabilitación, o

[249] *Ibidem*, páx. 121-122.

centro contará con seis aulas teóricas, biblioteca, oficina técnica, almacéns, arquivos, sala de reunións, cafetaría e oficinas. Ademais, terá un espazo multifuncional cuxo uso fundamental será o de punto de encontro de creadores e emprendedores no eido da construción, e en especial na área da restauración e da rehabilitación. Finalmente, o centro contará cunha área de reunións de xeito cós traballadores e as empresas do sector teñan un lugar no que se podan realizar reunións de traballo.

Curtidoiro da Torre Lombarda

A fábrica de curtumes, coñecida por "Torre Lombarda.-" atópase localizada, no Casco Histórico de Allariz, no Parque Etnográfico do rio Arnoia, rúa Alfredo Nan núm. 6. O edificio foi ergueito a finais do século XII co obxectivo de protexer a Porta de San Lázaro, tamén coñecida por Porta da Vila e reforzar, ao mesmo tempo, o lenzo da muralla medieval máis desprotexida. O seo nome está relacionado directamente co aspecto defensivo, de aí o nome de Lombarda, pedra redonda que se utilizaba no século XV para ser lanzada cunha catapulta. Entre os séculos XVI e XVII, esta torre transformouse en Casa Grande, e a principios de século XIX converteuse en fábrica de curtumes sendo propiedade de Domingo Antonio Rumbao Conde.

A construción acrecenta un estilo industrial que foi o uso para o que foi adaptado o inmóbel no século XIX. Na década dos anos cincuenta do século XX o curtidoiro fechou as portas e encetou a súa progresiva decadencia ao non facérselle os perceptivos traballos de mantemento. O edificio está incluído no catálogo do concello, no que consta que ten un grao de interese histórico de 1, arquitectónico de 1 e urbano de 1, todo isto leva a que conte cun nivel de protección "estrutural" para o que só se permiten obras de conservación, restauración e consolidación. Actualmente, o inmóbel está proposto para que sexa recoñecido pola autoridade administrativa competente coma un Ben de Interese Cultural (BIC).



IMAXE núm. 60. Vista aérea da fábrica da Torre Lombarda

O inmóbel do curtidoiro foi adquirido polo Concello de Allariz por medio de dous convenios urbanísticos. O primeiro asinado pola familia González Parada e o Alcalde de Allariz, Anxo Manuel Quintana González, o 13 de xaneiro de 1995. E, o segundo, na mesma data, polos herdeiros de Evaristo Conde. Pasando dito inmóbel e a súa contorna (Praza Torre Lombarda) á propiedade municipal.

O proxecto de rehabilitación foi promovido polo Concello de Allariz por medio da empresa municipal REATUR e nela interviñeron a brigada de obras do propio concello e a escola taller Antonio de Remesal. O proxecto foi executado por Cesar Portela desde o ano 1995 até o ano 1997, en que se rematan as actuacións. A rehabilitación da Torre Lombarda alicerzouse sobre dous principios fundamentais, por unha banda, o respecto á tipoloxía construtiva e a súa protección estrutural e, por outra, que a súa futura xestión sexa autosuficiente en base a un proxecto económico viábel de explotación. O financiamento das obras foi con cargo aos orzamentos do propio Concello e a unha subvención por parte de turismo.

O edificio inicialmente foi dedicada a Casa Grande e posteriormente a fábrica de curtumes, de aí o seo carácter de inmoble vivencial máis ca industrial. Destacar as súas fachadas de cantaría sen rexuntar, e sobre todo a fachada oeste, con cagadoiro que boa sobre a Costiña e os aneis de pedra a modo de desagoiro, e a sur, co seo balcón corrido sobre canzorros e varanda de ferro que discorre ao longo das dúas fachadas e que se pode acceder a el desde a praza por unha escaleira de pedra. Na fachada que dá a Praza Torre Lombarda, apréciase unha segunda fachada de distinto corte, tamén con balcón corrido sobre canzorros, con varanda de madeira e resolta coa mesma cantaría, pero encintada irregularmente con morteiro de cal. Tamén apréciase outro cagadoiro que boa sobre o espazo público, típico das fábricas de coiros. Isto débese a que no seo día formaba parte de outra fábrica de curtumes propiedade da familia Evaristo Conde, que lindaba pola fachada leste coa Torre Lombarda.

Á fábrica éntrase desde o exterior á súa planta baixa por medio de escaleiras, motivado á instalación dos píos e dun lousado de pedra central con inclinación a dúas augas, a modo de lavadoiro, que forman a canle de desagoiro. Nesta planta baixa sitúase a zona de píos, de lavado, descarnado e pelado. Fora desta planta, nun alpendre anexo á fachada norte, sitúase o muíño da casca. O andar superior, ao cal accedese, ben desde o interior ben dende a balconada exterior, acubillaba a zona de remata e secado dos coiros.

Interiormente hai que destacar a calidade da cachotaría regular sen encintar, cos nichos saíntes dos paramentos verticais e a resolución dos dentes de descarga dos ocos de fachada. Como elemento estrutural por antonomasia están as pilastras centrais de gran sección con capiteis para apoio das vigas no primeiro andar e das tesoiras da estrutura de cuberta. O solo deste primeiro andar está resolto con vigas de castiñeiro de grande sección que apoian nos muros perimetrais das fachadas e nos capiteis das pilastras, pontóns que apoian nas vigas e táboas do mesmo material.

A cuberta está trazada a tres augas con estrutura de madeira de castañeiro a base de tesoiras que apoian nas coroacións dos muros e nos capiteis das pilastras, as terzas, pontóns e latas do mesmo material sobre o que se coloca tella cerámica curva.

A nivel exterior destaca a afouteza das fachadas co seu balcón corrido, os cagadoiros e o ritmo dos ocos das xanelas dos balcóns.

O nacemento destas fábricas ben dado pola existencia, durante todo o ano, de auga que permita levar a cavo os traballos de curtume. Neste caso a auga provén dunha mina situada baixo a rúa das Hortas que a traveso a rúa Emilia Pardo Bazán e Alfredo Nan, fornecen á fábrica.



IMAXE núm. 61. Estado da fábrica antes da rehabilitación. Detalles das fachadas sur e leste e do muíño de casca de cabalaría.



IMAXE núm. 62. Estado da fábrica após a rehabilitación. Detalles das fachadas sur e leste e do muíño de casca de cabalaría.

O proceso de rehabilitación comezou coa limpeza do edificio e o desmonte da cuberta e da estrutura do primeiro andar para o seo saneamento e reutilización. Despois construíronse novos muros de cantaría do país picada a man para a ampliación da edificación actual na planta baixa, na súa cara norte, para albergar a cociña, servizos e almacéns da nova instalación de hostalaría e para delimitar a actual fábrica de coiros Torre Lombarda da fábrica de Evaristo Conde e situar neste espazo un salón.

A cuberta resolveuse co mesmo tipo de estrutura de madeira de castiñeiro a base de tesoiras que apoian sobre as pilastras centrais e muros perimetrais das fachadas, terzas, pontóns e cangos. Como elemento de cubrición utilízase urather e tella cerámica curva.

A estrutura do primeiro andar fíxose igual ao existente, coas mesmas vigas, pontóns e táboas de castiñeiro, repondo só que foi preciso. Incorporouse a zona de muíño para comedor respectando o mesmo sistema construtivo da cuberta e o solo de cantaría, co remarcado circular do paso de burro.

Unha vez recuperado o continente, acondicionouse o seu interior para pousada e museo do coiro. Na planta baixa, onde se localiza a recepción e sala de TV, respectáronse os píos para integralos no propio museo do coiro. As zonas de paso resolvéronse co entarimado de DM vernizado en cor deixando ver a cuadrícula que forman os píos. Desde o museo pódese apreciar o comedor entorno ao muíño da casca, coa roda de pedra e o solo desgastado. A ampliación da fábrica na planta baixa, levouse a cabo cara o patio posterior, nel localizouse a cociña, os servizos varios e un salón cunha galería que comunica co exterior privado a traveso dun estanque.

No andar déuselle importancia ao gran potencial das cerchas de cuberta, ás pilastras, e ao propio entarimado de castiñeiro, situando neste espazo, a ambos lados do distribuidor central, cubos de deseño resolto con taboleiros de DM vernizados de distintas cores que acubillaron os dormitorios propios da pousada.

A nivel das fachadas, procedeuse ao seo lavado e encintado refundido, respectando os ocos existentes, e recuperando a varanda de ferro e madeira dos balcóns. En canto ao pintado destacar a utilización de pintura de aceite de liñaza e polbos de mazarrón na carpintaría exterior e tinta de cor castaño e aceite de liñaza no interior.

En definitiva, o curtidoiro da Torre Lombarda foi preciso recuperalo polo seu valor histórico, etnográfico, como exemplo do proceso industrial artesanal que resultou fundamental para a economía da comarca, e arquitectónico, pois representa un exemplo tipolóxico como nave industrial. Hoxe en dia este fabuloso edificio está dedicado a museo de coiro e a hostalaría.

A xestión do inmóbel realízase por medio de concesións a 20 anos, no que os ofertantes, neste caso un promotor de hostalaría, presenta unha oferta económica e unha aceptación das condicións de cesión que fixa o concello, de tal maneira que a explotación do inmóbel non sexa unha carga para as arcas municipais senón todo o contrario.

Curtidoiro de Vilanova ou Raspiña

A fábrica de curtumes, coñecida por "Fábrica de Vilanova" encóntrase localizada, no Casco Histórico de Allariz, a carón da ponte románica no Parque Etnográfico do rio Arnoia, na rúa Vilanova núm. 37. A orixe da edificación remóntase á Orde dos Cabaleiros hospitalarios ou sanxoanistas, no ano 1175. A familia Sandoval transformouna en casa nobre, coñecida por Casa Torreno no século XVI. A finais do século XIX sufriu unha reconversión para dedicala a fábrica de coiros.

A construción acrecenta un estilo urbano industrial que foi o uso para o que foi adaptado o inmóbel no século XIX. Na década dos anos cincuenta do século XX o curtidoiro fechou as portas e encetou a súa progresiva decadencia ao non facérselle traballos de mantemento. O edificio está incluído no catálogo do concello, no que consta que ten un grao de interese histórico de 2, arquitectónico de 1 e urbano de 2, todo isto leva a que conte cun nivel de protección "integral" para o que só se permiten obras de conservación, restauración e consolidación. Actualmente, o inmóbel está proposto para que sexa recoñecido pola autoridade administrativa competente coma un Ben de Interese Cultural (BIC).



IMAXE núm. 63. Vista aérea da fábrica de Vilanova

O edificio foi adquirido polo Concello de Allariz por medio dun convenio urbanístico asinado por Remigio Rodicio Conde e o Alcalde de Allariz, Anxo Manuel Quintana González o 30 de marzo de 1995.

Do mesmo xeito cá Torre Lombarda, esta fábrica agrela após a adaptación e ampliación da casa nobre da familia Sandoval (Casa Torre), de planta rectangular e dúas alturas, con acceso desde a ponte de Vilanova a traveso de patio aberto privado. Na súa transformación en fábrica de curtumes, a edificación principal ampliouse até o rio Arnoia e até o estribo da ponte de Vilanova, deixando un espazo aberto na fachada norte. No andar da edificación principal sitúase o obradoiro de remate ao cal accedese por unha escalinata de pedra desde o patio de entrada. Na planta baixa sitúase o muíño de casca e o almacén. A zona ampliada en forma de ele, desde a casa orixinal cara o río e a carón da ponte, destinouse a zona de curtume. Na fachada norte, que dá ao río existe unha escaleira de pedra que da acceso a un lousado inclinado de pedra que se utilizaba como lavadoiro e, ao mesmo tempo, permitía apañar a auga ben a man, ben con forza mecánica, para encher os píos. Os muros de carga están resoltos con cachotaría do país picada a man. Destacar as xanelas parladoiras situadas na planta alta da casa, o que demostra o seo carácter de vivenda. Na zona de ampliación pódese apreciar a pilastra de pedra que suxeita o eixo do muíño de casca e os soportes de pedra, dunha soa peza, paralelos ao estribo da ponte, para deixar libre o seo paramento. A cuberta

está resolta a tres augas con estrutura de madeira de castiñeiro a base de vigas, terzas, pontóns e latas sobre as que se pousa a tella curva.

O proxecto de rehabilitación foi promovido polo Concello de Allariz en 1996 por medio da empresa municipal REATUR e nela interviñeron a brigada de obras do propio concello e a escola taller Antonio de Remesal. O proxecto foi executado por Cesar Portela desde o ano 1995 até o ano 1997, en que se rematan as actuacións. A rehabilitación da Torre Lombarda alicerzouse sobre dous principios fundamentais, por unha banda, o respecto á tipoloxía construtiva e a súa protección estrutural e, por outra, que a súa futura xestión sexa autosuficiente en base a un proxecto económico viábel de explotación. O financiamento das obras foi con cargo aos orzamentos do propio Concello e a unha subvención por parte de turismo.

A edificación presentaba problemas de filtración na cuberta que estaban a afectar á consolidación da súa estrutura. A maleza encomezaba a apoderarse das fachadas e do patio posterior que linda co río Arnoia. Exteriormente presentaba unha estrutura pegada, na súa fachada sur, de propiedade municipal, que se dedicaba a vestiario deportivo.



LÓPEZ GÁLVEZ Yolanda, MONTES TUBÍO, Francisco e MORENO VEGA, Alberto, *Patrimonio Industrial Oleícola*, Córdoba, Asociación Cultural Patrimonio Industrial del Sur (ACUPIS) e Departamento de Ingeniería Gráfica y Geomática da Universidade de Córdoba, 2013.

LÓPEZ MARTÍNEZ, José Antonio (coord.), *Ourense etnográfico*, Ourense, Deputación Provincial, 1998, páxs. 113-145.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín, "Etnografía", en Ramón Otero Pedrayo (coord.), *Historia de Galiza*, Bos Aires, Editorial Nós, 1962, Volume 2, 550-562.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín, "Etnografía. Cultura material", en Ramón Otero Pedrayo (coord.), *Historia de Galiza*, Bos Aires, Editorial Nós, 1962, Volume 2.

MAIXÉ-ALTÉS, Joan Carles, “Marcelo Etcheverría Vila (1844-1914) e Domingo Etcheverría Naveyra (1889-1987). De industriais do curtido a banqueiros: unha saga de empresarios” en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, Volume II, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2009, páxs. 172-195.

MARTÍNEZ LÓPEZ, A., "El fracaso de la modernización de una industria tradicional: las tenerías gallegas, 1750-1935", en *Estudis D´Història Econòmica*, 1996.

MARTÍNEZ PLASENCIA, Mercedes e SÁNCHEZ CORA, Teresa, *Ponte Caldelas: Memoria escrita dun pobo 1500-1936*, Tomo IV, Pontevedra, Deputación Provincial, 2002, páx. 474.

MEIJIDE PARDO, Antonio, “Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del S. XIX” en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 23 (2000), páxs. 243-247 [239-254].

MEIJIDE PARDO, Antonio, “Aspectos de la vida económica de Vigo en el siglo XVIII” en Álvaro Cunqueiro e José María Álvarez Blázquez (coords.), *Vigo y su historia*, Vigo, Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1979, páxs. 352-355 [275-355].

MEIJIDE PARDO, Antonio, “Descubrimiento y explotación de la calizas de Moeche por el mineralogista alemán J.A. Pensel” en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 19 (1996), páxs. 171-184.

MEIJIDE PARDO, Antonio, “El empresarismo industrial del negociante francés J. Lestache en el Ferrol del siglo XVIII” en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 20 (1997), páxs. 35-50.

MEIJIDE PARDO, Antonio, “Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana” en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 21 (1998), páxs. 167-182.

MEIJIDE PARDO, Antonio, “Las primeras industrias del curtido en Betanzos” en *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páxs. 27-44.

MEJUTO SESTO, Manuel, “D. Ricardo Sánchez Varela”, Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, núm. 18 (2005), páxs. 67-86.

MIRANDA ENCARNACIÓN, José Antonio, *La industria del calzado en España 1860-1959. La formación de una industria moderna y los efectos del intervencionismo estatal*, Alacante, Tese doutoral, 1996.

MURO Y GORI, Ángel, *Memoria sobre la industria tenera en Galicia,* A Coruña, Domingo Puga, 1872.

NADAL OLLER, Jordi (dir.), *Atlas de la industrialización española 1750-2000*, Barcelona, Crítica, 2003, páxs. 42, 43, 167-170, 343, 344, 459-462 e 542.

NADAL OLLER, Jordi, “La industria fabril española. Una aproximación”, en Jordi Nadal, Albert Carreras e Carles Sudriá (coords.), *La economía española en el siglo XX: una perspectiva histórica*, Barcelona, Ariel, 1987, páxs. 23-61.

NADAL OLLER, Jordi, “La transición del zapato manual al zapato <<mecánico>> en España” en Jordi Nadal e Jordi Catalán (eds.), *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*, Madrid, Alianza Editorial, 1994, páxs. 321-339.

NEVELL, Michael “Industrial Archaelogy or the Archaeology of Industrial Period?”, *Industrial Archaeology Review*, XXVIII (1), 2006.

NÚÑEZ BARROS, Rosana, “A industria do curtido en Pontedeume” en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, Pontedeume, núm. 1 (1994), páxs. 7-18.

ORANGE, Hillary "Industrial Archaelogy: Its Place within the Academic Discipline, the Public Realm and the Heritage Industry", *Industrial Archaeology Review*, XXX (2), 2008.

OTERO EIRIZ, Claudio, "O zoqueiro de Esperante" en *O pobo canta. 50 aniversario da Coral Polifónica de Chantada,* Chantada, 2014, sen paxinar.

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.

OTERO EIRIZ, Claudio, *La tipología de las fábricas de curtidos de Galicia. Un estilo arquitectónico vinculado al medio físico. El caso de Sarria*, Lisboa, III Congresso Internacional sobre Pátrimonio Indústrial, 2016.

OTERO PEDRAYO, Ramón, "O estraperlista dos coiros", en *O fidalgo e outros relatos*, Vigo, Galaxia, 1998, páxs. 121-128.

PALMER, Marilyn, "Industrial Archaeology: a thematic or a period discipline?, *Antiquity*, vol. 64, núm. 243, 1990.

PARDO ABAD, Carlos J., *El patrimonio industrial en España. Paisajes, lugares y elementos singulares*, Akal, 2016.

PARDO ABAD, Carlos J., *Turismo y patrimonio industrial. Un análisis desde la perspectiva territorial*, Madrid, Síntesis, 2008.

PARGA PONDAL, Isidro, *El conocimiento geológico de Galicia,* Buenos Aires, Ed. Citania, 1958.

PARLAMENTO DE GALICIA, Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, *Diario Oficial de Galicia*, núm. 92 do 16 de maio de 2016.

PAZ ANDRADE, Valentín, *Galicia como tarea*, Bos Aires, Ediciones Galicia, 1959.

PAZOS Manuel e PEREIRO LÓPEZ, Daniel, *Ordes. Crónica fotográfica do século XX*, A Coruña, Edicións Espiral Maior S.L., 2002, páx. 26.

PÉREZ ALBERTI, Augusto, *A Xeografía. O espacio xeográfico e o home*, Vigo, Editorial Galaxia, 1986.

PÉREZ CONSTANTI, Pablo, *Notas viejas galicianas*, A Coruña, Boreal, 2008, 66 -67.

PERRIN, Cedric, *De sale à durable ? Le tannage du XIX e au XXIe siècle*, 2011.

PINTO, Elisabete, *Curtidores e surradores de S. Sebastião-Guimarães (1865-1923). A difícil sobrevivência de uma indústria insalubre no meio urbano*, 2012.

PIRES JIMÉNEZ, Luís Eduardo, *La regulación económica en las dictaduras: el condicionamiento industrial en España y Portugal durante el siglo XX*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Tese doutoral, 1999.

PIRES JIMÉNEZ, Luís Eduardo, *Regulación industrial y atraso económico en la dictadura de Franco*, Madrid, Dykinson, 2003.

PORTELA, César, "A importancia do granito na arquitectura galega" en *A pedra no restauro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1987, páxs. 20-31.

PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.

PRATS, Llorent, "El concepto de patrimonio cultural" en *Política y Sociedad*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Núm. 27 (1998), páxs. 63-76.

REPRESA, María Francisca, "Tenerias palentinas. La pervivencia de una tradición" en *Revista de Folklore*, Valladolid, Obra social y cultural de Caja España, núm. 165 (1994), páxs. 75-85.

RIEGL, Aloïs, *El culto moderno a los monumentos*, Móstoles, La balsa de la Medusa, 2008.

RIELLO, G., *The Boot and Shoe Trades in London and Paris in the long Eighteenth Century*, University College London, Doctoral thesis, 2002.

SÁNCHEZ BAAMONDE, Pedro Antonio, *Memoria sobre el modo de fomentar entre los labradores de Galicia las fábricas de curtidos*, Madrid, Sociedad Económica Amigos del País de Madrid, 1782.

SÁNCHEZ MUSTIELES, Diana, *Metodología para la recuperación y puesta en valor del patrimonio industrial arquitectónico. Antiguas fábricas del Grao de Valencia*, Valencia, Editorial Universitat Politècnica de València, 2013.

SÁNCHEZ VAAMONDE, P.A., *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*, Vigo, Editorial Galaxia, 1973.

SEIJAS LLERENA, Daniel, *Un caso de demografía industrial de principios del siglo XX: Las comarcas de Caldas y O Ullán pontevedrés entre los años 1.899 y 1.921*, Santiago de Compostela, Congreso de Historia Económica (Sección Demografía Empresarial), 2005, páxs. 2-4.

SEOANE VARELA, Diana, *Patrimonio industrial fabril en A Coruña entre 1880 y 1940*, Vila Nova de Cerveira, Escola Superior Gallaecia dissertaçỹo de Mestrado Integrado em Arquitetura e Urbanismo. 2014.

SOBRINO SIMAL, Julián, "La arquitectura industrial: de sala de máquinas a caja de sorpresas", *Ábaco. Revista de Cultura y Ciencias Sociales*, Gijón, Centro de Iniciativas Culturales, núm. 19 (1998), páxs. 19-28.

SOBRINO SIMAL, Julián, *Arquitectura industrial en España (1830-1990)*, Madrid, Ediciones Cátedra, 1996.

TORRÁS I RIBE, Josep María, "La industria del curtido en Cataluña: del trabajo manual al uso de la energía eléctrica" en Jordi Nadal e Jordi Catalán (eds.), *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*, Madrid, Alianza Editorial, 1994, páxs. 295-319.

VILAR RODRÍGUEZ, Margarita e LINDOSO TATO, Elvira, "El negocio de la Guerra Civil en Galicia, 1936-1939", en *Revista de Historia Industrial*, Barcelona, núm. 39 (2009), páxs. 181-182 [153-192].

VILLARES, Ramón, "Las remesas de dinero de los emigrantes" en *Galicia e América. Cinco siglos de Historia*, A Coruña, 1992, páxs. 252-257.

VILLAVERDE RUIBLA, Cristina, *Reencontros con esquecidos oficios europeos*, Santiago de Compostela, 2009, páxs. 56-59.

VV.AA., *Manual para Inventarios de Bienes Culturales Inmuebles*, Bogotá, República de Colombia, Ministerio de Cultura Dirección de Patrimonio, 2005.

ZOFÍO LLORENTE, Juan Carlos, *Las culturas del trabajo en Madrid, 1500-1650: familia, ocio y sociabilidad en el artesanado preindustrial*, Tese Doutoral, Madrid, 2002.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

O estudo que presentamos coidamos que ofrece algunhas conclusións de interese tanto sobre a historia económica como sobre o patrimonio industrial da industria do coiro en Galicia, dous aspectos que non son senón as dúas caras dunha mesma moeda, o pasado e o presente dun recurso do que viviron moitos traballadores, moitos pequenos empresarios e un grupo relativamente menor de empresarios de maior dimensión.

Desde o primeiro dos puntos de vista citados, a primeira conclusión que agroma é a da importante extensión no territorio que a industria dos curtumes mantivo durante o século XX. Unha extensión que alcanza a máis dun cuarto dos concellos galegos, e que ademais ten representación en case todas as comarcas. O número de estabelecementos, máis de 240 resulta tamén moi elevado desde calquera punto de vista. Este forte presencia da actividade até os anos sesenta mostra unha resistencia da actividade superior á que a investigación anterior tiña estabelecido e demostra que, aínda que o groso do sector segue a ser moi tradicional tecnoloxicamente e con un tamaño empresarial moi reducido, é quen de se manter no interior de nichos tradicionais como os de pezas de calidade para o calzado de pel ou implementos agrícolas cunha presencia paralela á persistencia do consumo en España desde tipo de produtos. Serían estes cambios no consumo no entorno da apertura da economía española de remates de 1950 os que darían a puntilla a este sector. Hai, xa que logo fábricas novas, levantadas no século XX, e non son só as deste século restos do esplendor pasado.

Outra aportación dentro desta mesma faciana da historia económica é a análise da distribución rexional das fábricas de curtumes por Galicia. Dela tírase como conclusión que había dous tipos de comarcas diferenciadas. Por unha banda, aquelas na que a industria está fortemente enraizada xa a comezos da centuria e que persiste nela até a década dos anos sesenta. Doutra banda, aquelas nas que a presencia de curtidoiros resulta mais conxuntural, nas que a localización destes estabelecementos produtivos dura uns poucos anos, desaparecendo relativamente axiña. Nas circunstancias que explican estes vaivéns, a Guerra Civil preséntase como a principal, provocando a emerxencia durante o seu curso dun amplo grupo de curtidoiros que reviven ou mesmo, nalgúns casos, comezan a súa andaina.

Na provincia da Coruña concéntrase unha parte importante dos curtidoiros con localizacións tan importantes para o sector coma a de Noia e Santiago de Compostela. Noia polo número de curtidoiros, chegou a ver máis de 40, e Compostela polo tamaño das súas fabricas son localidades das que non se pode escribir a súa historia sen citar esta industria. Importante foi tamén na comarca de Bergantiños tanto polo número de fábricas unhas 15 coma pola súa distribución polo territorio. Destaca, así mesmo, que dous dos curtidoiros aínda curten hoxe en día en negocios que foron pasando de xeración en xeración. Subliñar tamén a localización industrial das comarcas do norte da provincia de Betanzos, Ferrol e Pontedeume, así como, o curtidoiro de Furelos en Melide. Finalmente, no concello de Padrón emprázase PICUSA, a máis grande e moderna empresa da historia de sector en Galicia, que chegou a ser

un dos principais subministradores da mítica Segarra e a ter máis de 400 traballadores en nómina.

Na provincia de Lugo hai catro focos fundamentais de actividade curtidora que son Chantada, Lugo, Sarria-Samos e Viveiro. No norte da provincia, destaca o curtidoiro da Xunqueira en Viveiro, aínda que houbo tamén actividade nos concellos de Alfoz, Cervo e Mondoñedo nos primeiros anos da centuria. No centro da provincia, sobresaen os curtidoiros de Lugo que van perdendo paseniño actividade até que após a Guerra Civil acometen unha rápida mecanización dos seus procesos de produción o que fai que estas empresas rexistren importantes achegas por contribucións industriais. Os concellos de Becerreá e Castroverde rexistran unha tenue actividade a comezos do Novecentos mentres que no concello de Vilalba a fábrica de APenela curte durante as décadas centrais do século. Na comarca de Sarria destaca o curtidoiro de Treilán, propiedade de Santiago Sarry, ao que acompañan outras tres fábricas de máis reducido tamaño empoleiradas no altiplano sarriano con fartura de mananciais de auga. Chantada é unha vila con fonda tradición curtidora e as súas fábricas manteñen unha certa actividade até o ano 1965 en que fecha a derradeira. Finalmente, ao cabo da década dos anos vinte José Conde Conde de Vilaboa, concello de Allariz, abre unha fábrica de curtidos en Monforte de Lemos, unha vila cunha grande tradición zapateira. Logo abriría a fábrica da Pinguela e ambas esmorecerían co resto do sector en Galicia.

Na provincia de Ourense as fábricas de curtidos tradicionalmente localizáronse na parte oeste e centro da provincia, sobre todo na comarca do Carballiño e na vila de Allariz. O Carballiño, do que destaca a aldea fábrica de Porto do Souto -concello de Piñor-, é unha comarca semellante á de Bergantiños e á de Pontevedra, son comarcas nas que boa parte dos seus concellos rexistran actividade durante todo o período e das que lamentabelmente non contamos a día de hoxe de estudos locais sobre esta importante industria para a súa historia. Allariz é a vila que mellor conserva o "ambiente" que no seu día representaron os curtumes para a súa vida económico-social. Na vila coa fantástica rehabilitación dos seus curtidoiros e no rural onde se radican tres fermosas aldeas fábricas: Acea de Meire, A Portela da Aira Vella e Vilaboa. No resto da provincia destacan as fábricas do concello de Celanova e as de Xunqueira de Ambía. Resaltar, finalmente, que despois da Guerra Civil agroman nalgúns concellos da parte oriental curtidoiros por algúns anos.

Na provincia de Pontevedra hai que destacar unha localización industrial que é a xa comentada comarca de Pontevedra. No resto da provincia hai importantes fábricas mais pouco acompañadas nos seus respectivos concellos. Así, temos que falar dos Legerén en Caldas de Reis, do Cortizo e do Balado en Lalín, dos Garra en Ponteareas, dos Carrera no Porriño, dos Bárcena en Vigo até comezos de século ou da fábrica de Juanatey no concello da Estrada.

Logo do estudo pormenorizado das matrículas da contribución industrial e do traballo de campo realizado, temos que concluír que coincide no fundamental -neste sentido o matiz introducido nos primeiros parágrafos destas conclusións é un matiz menor- coas hipóteses de saída desta investigación. Xa no primeiro artigo escrito sobre os curtumes galegos alá polo

ano 1990 por Xoán Carmona[256] trazábanse as tres grandes etapas da industria do curtido en Galicia, unha primeira desde finais do século XVIII até *circa* de 1880, unha segunda até a Guerra Civil española, e a última que chega a liberalización do mercado nos anos sesenta onde o sector cae ao desapareceren os seu seareiros, zapateiros e zoqueiros, coa introdución do zapato mecánico que se nutre de curtido mineral e non vexetal. Estas etapas están baseadas nas mudas das razóns de localización industrial, ancoradas na oferta ou na demanda, e están confirmadas por todos os estudos posteriores, tamén por este. O que si que constatamos é a violencia deste esmorecemento da industria nos anos sesenta polo que preferimos falar de colapso e non tanto de decadencia ou devalo. Segundo se rexistra nas contribucións industriais en 1958 tributan 173 persoas empresarias, sendo curiosamente a cifra máis alta de toda a centuria, en 1966 xa quedan menos da metade 82 e en 1981 só 11.

Esta primeira parte do estudo foinos de grande axuda para desenvolver a segunda pois xa tiñamos recompiladas as contribucións industriais que, nunha investigación de tan amplo territorio, é o medio axeitado de procurar as localizacións dos pequenos curtidoiros ciscados por toda a xeografía galega. Xa que logo, empregamos unha fonte clásica da historia económica para localizar e, unha vez localizadas, catalogar e estudar un total de 241 fábricas de curtidos, que estimamos que son máis do 90% dos curtidoiros que tiveron actividade no século XX.

A industria do curtido xamais foi un sector líder no Estado español, onde eses espazos estiveron cubertos por industrias coma a téxtil ou a siderúrxica[257]. A escasa relevancia da industria do curtido é proporcional a escasa relevancia que ten e que se lle dá ao seu patrimonio industrial. Como adiantábamos na introdución raras veces o coiro é protagonista dos estudos de historia e patrimonio industrial. Pero en lugares como Galicia esta industria foi importante, como o foi por exemplo a da salga de sardiña ou a conserva hermética, no seo da cal chega a estas latitudes a Revolución Industrial. E ademais, os curtidoiros non só foron moitos, senón que algúns tiveron unha dimensión notábel e deixaron unhas pegadas no territorio que podemos cualificar de extensas e singulares. Finalmente, moitos destes curtidoiros conservan vestixios, e vestixios proporcionalmente importantes como se pode ver no catálogo. Deste xeito, o patrimonio industrial dos curtumes tanto no seu volume coma no seu estado de conservación teñen unha notábel presenza no territorio. Pero é que ademais, algúns dos seus elementos están fantasticamente rehabilitados como museo ou para usos turísticos.

No concello de Allariz rehabilitaron os máis importantes até o de agora cinco en total, catro deles polo propio Concello. Estas rehabilitacións públicas encádranse nun proxecto máis xeral de rehabilitación industrial urbana que se coñece coma O Parque Etnográfico do Río Arnoia (PEDRA), posto en marcha como proxecto etnomuseístico entre 1994 e 1995 polo

[256] Joám, CARMONA BADÍA, "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936" en Jordi Nadal Oller, Albert Carreras i Odriozola (coords.), *Pautas regionales de la industrialización española: siglos XIX-XX*, Barcelona, Ariel, 1990, páxs. 27-35.

[257] Jordi NADAL OLLER, "La industria fabril española. Una aproximación", en Jordi Nadal, Albert Carreras e Carles Sudriá (coords.), *La economía española* ..., Barcelona, Ariel, 1987, páx. 53.

Concello de Allariz e no que se inxire o proceso de saneamento e recuperación das marxes do Río Arnoia, unido á restauración e rehabilitación dunha serie de estabelecementos industriais vencellados a actividades realizadas tradicionalmente co aproveitamento da enerxía hidráulica: fundamentalmente o curtido de peles e a transformación do gran de cereal en fariña, que forman ambos parte dun pasado relativamente próximo.

Neste marco o Concello de Allariz foise facendo coa propiedade de catro dos inmóbeis fabrís da vila do Arnoia para proceder posteriormente a redactar os proxectos de rehabilitación e executar as obras. Posteriormente, estes edificios xa rehabilitados sácanse a concursos para a súa xestión indirecta sen ocasionar custos de mantemento nin ningún prexuízo para a facenda local. Destas catro rehabilitacións tres son realmente senlleiras a do curtidoiro da Familia Nogueiras, a do curtidoiro da Torre Lombarda e a do curtidoiro de Vilanova ou Raspiña.

Destacan tamén no patrimonio industrial dos curtidos galegos as rehabilitacións realizadas no curtidoiro da Xunqueira en Viveiro, onde o ceramista Alfonso Regal ten localizado o seu taller, no curtidoiro de Ponte Pedriña de Arriba de Santiago de Compostela, onde a rehabilitación está xa moi avanzada e para o curso 2016-2017 comeza un ambicioso proxecto do *Centro de formación de referencia en restauración y rehabilitación* da Fundación Laboral de la Construción e apoiado por todas as Administracións Públicas e o curtidoiro da Perillana da familia Garra en Ponteareas que xa leva anos dedicado a museo municipal. Finalmente, subliñamos outros tres proxectos acometidos que teñen en común que se dedican a casa de turismo rural e que tras a súa rehabilitación aparecen lixeiramente eivados pois o curtidoiro da Veiga, no concello de Celanova, e o curtidoiro de Souteleira, no concello da Lama, perderon a esencia, xunto co muíño de casca, dun curtidoiro tradicional galego: os píos de curtir. O curtidoiro de Valderías, no concello de Avión, pola contra mantén un excelente estado de conservación, quizais é unha mágoa que o impresionante muíño de casca non teñan a estrutura de madeira, fuso máis guía, e a moa ergueita o que lle daría unha fasquía moito máis sobranceira ao estabelecemento.

Da visita e do estudo das 241 localizacións que realizamos pode dicirse que se hai un elemento que caracterice a unha fábrica de curtidos galega ese é o muíño de casca turrado por cabalaría do que se conservan excelentes exemplares no curtidoiro da Torre Lombarda e no de Vilanova ou Raspiña no concello de Allariz, pero tamén esparexidos ao longo e ancho do territorio de Galicia, moitos deles debaixo das táboas e pontóns de castiñeiro que caeron dos tellados e dos sobrados das fábricas abandonadas máis non moitos que se achen no seu estado natural. É dicir coas súas catro partes fundamentais: a pía do chan, o fuso que fai de eixe, a guía de madeira e a moa de esmagar a casca. Nos contamos 10 en todo Galicia que poderíamos cualificar como de completos e en bo estado, aínda que ben é certo que outros tantos serían sinxelos de recuperar pois están as pezas ou partes delas ciscadas arredor da base do muíño.

Outro dos elementos singulares da industria do curtido son os bombos, que son moi parecidos as antigas grandes cubas de viño é que se empregaban para varios operacións do proceso de produción como o lavado, o rendido ou engraxado aínda que a máis notábel polos efectos que tivo na industria e a mesturar nel peles con extractos curtintes para producir coiros. Trátase xa de elementos movidos mecanicamente e introducidos, como vimos, desde os anos do tránsito do século XIX ao XX. Deixando a un lado as tres fábricas de curtumes que seguen con actividade e o que se acha no Museo do Coiro de Allariz, nos rexistramos só outras catro fábricas que conservan bombos de curtir e que quizais sería interesante tamén que foran obxecto dalgún xeito de protección. Finalmente, en canto aos elementos que timidamente mecanizaron os curtidoiros queremos destacar tamén que só contabilizamos catro muíños de casca eléctricos en todo o país, iso si, algún deles ben conservado a diferenza dos pesados e voluminosos bombos.

Externamente, a fasquía dos curtidoiros galegos non se afasta moito da que tiña a casa tradicional galega tal como se pode ver se comparamos os elementos do noso catálogo coa bibliografía relativa á arquitectura popular galega[258]. En parte porque os materiais de construción son os propios do país xa sexa granito xa sexa xisto, aínda que predomina o granito pois houbo moitas máis fábricas de curtidos localizadas na metade occidental que na metade oriental do país. En parte porque fábricas e casas eran ergueitas polos mesmos canteiros, carpinteiros e albaneis ás que aplicaban as mesmas lóxicas construtivas. Os tellados e os sobrados das fábricas tamén son iguais cos das casas e que se caracterizan por unha tripla capa de trabe, pontón e táboa, normalmente de castiñeiro. As cubertas dos tellados mostran a mesma fidelidade ao medio que as pedras coas que se ergueron os edificios, é dicir, na parte occidental empregaranse tellas e na oriental lousas. Tal como afirman Laborda, Biel e Jiménez:

> *"(...) A partir de ese espacio (la casa) surgen distintos modelos contenidos en su seno, aparecen tipologías industriales autónomas, derivadas de actos ya experimentados: rudimentarios molinos de harina y aceite, telares, tenerías, fundiciones, destilerías, almacenes y talleres, cuya capacidad de especialización va a depender de las cirunstancias geográficas, climáticas, culturales y raciales del hábitat. Serán, paulatinamente, recintos independientes del núcleo esencial de cobijo, superado ya el concepto de población formada por células semejantes donde habían de tener cabida otras tantas modalidades fabriles superpuestas".*[259]

Na análise da tipoloxía da planta dos curtidoiros decatámonos que gardaban relación co seu emprazamento espacial respecto ás outras edificacións. Deste xeito, as fábricas casa adoitan erguerse no medio dos lugares confundíndose coas casas destinadas a vivenda, as fábricas nave que adoitan localizarse exentas ao núcleo habitado e que son mais ben típicas

[258] Para o que empregamos o libro de Manuel Caamaño Suárez *As Construccións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia.*

[259] José LABORDA YNEVA, Pilar BIEL IBÁÑEZ e F. Javier JIMÉNEZ ZORZO, *Arqueología Industrial en Aragón, Zaragoza*, Caja de Ahorros de la Inmaculada, 1999, páx. 14.

das capitais comarcais e das pequenas cidades e as fábricas fechadas que xa son estabelecementos fabrís dunha certa importancia e que se radican na beiramar atlántica de Galicia. Ademais, estudamos catro aldeas fábrica as da Acea, A Portela da Aira Vella e Vilaboa no concello de Allariz e a de Porto do Souto no concello de Piñor. Estas fábricas aldea caracterízanse por unha alta concentración de pequenos curtidoiros e estruturas auxiliares, na Acea por exemplo 20, que conviven coas vivendas tantos dos curtidores coma do resto da poboación rural.

Polo que se refire a organización interna do curtidoiro, este presenta tres partes moi diferenciadas e que delimitan as tres grandes etapas do proceso de produción. A primeira era o lavadoiro, que estaba composto por píos, normalmente de perpiaño, de forma de rectángulo e que tiñan diferentes nomes dependendo da función para a que se utilizaban, deste xeito, había os caleiros, os píos de remollo e os píos de canina. Era tamén moi característico deste espazo o chan que era de lousas de granito no que se pousaban as táboas de rañado para traballar sobre as peles. Consérvanse dous bos exemplos no curtidoiro da Lavacolla en Santiago de Compostela e no Curtidoiro da Familia Nogueiras, hoxe este espazo dedicado a cafetaría. A zona de curtir presentaba un feixe de píos cadrados, de tres metros e medio cúbicos aproximadamente, e máis pequenos cós do lavadoiro colocados xeometricamente que ben parecían as celas dunha colmea ou os nichos dun pombal. Eran tamén polo xeral de perpiaño. Finalmente, temos a zona da remata, na que arquitectonicamente destacan os secadoiros e as chemineas, que lle dan os edificios unha auténtica fasquía industrial. Chemineas consérvanse tres, unha delas a do curtidoiro da Magdalena, no concello de Betanzos, en franco perigo de derrube polo que sería recomendábel, coma mínimo, algún tipo de apoio que reforce a súa sobranceira figura. Os secadoiros son a parte máis elegante da fábrica galega. Auténticos hórreos empoleirados no andar dos curtidoiros e que normalmente presenta unha estrutura norte sur para escapar do Sol e captar o aire norte. Bos exemplos témolos na fábrica da Casqueira de Vilaboa, concello de Allariz, no curtidoiro dos franceses, no concello de Cerdedo ou o exento secadoiro do Piteira no lugar de Porto do Souto, no concello de Piñor.

Para rematar, gustaríanos comentar que moitas das construcións fabrís recolleitas no Catálogo de fábricas de curtume de Galicia merecerían algún tipo de protección xa que moitas delas áchanse nun estado de conservación pésimo. Noutras comezan a notarse un certo esgotamento na súa estrutura tras anos de non realizarse as preceptivas tarefas de mantemento quizais agardando por algún estímulo que aguilloe a súa rehabilitación. Por estes motivos, e algún outro, cremos que sería unha boa aposta realizar proxectos que den a coñecer este patrimonio, que ten unha certa importancia, como paso previo para a súa conservación e posta en valor.

LISTAXE DE SIGLAS

No presente traballo empregáronse as seguintes siglas:

- Arquivo do Reino de Galicia (ARG).
- Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL).
- Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPO).
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP).
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS).
- Arquivo da Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña (ACCINC).
- Arquivo da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago (ACCINS).
- Arquivo do Concello de Betanzos (ACB).
- Arquivo do Concello de Brión (ACBR).
- Arquivo do Concello de Carballo (ACC).
- Arquivo do Concello de Carral (ACCA).
- Arquivo do Concello de Chantada (ACCH).
- Arquivo do Concello de Coristanco (ACCO).
- Arquivo do Concello de Dumbría (ACD).
- Arquivo do Concello de Fene (ACF).
- Arquivo do Concello de Ferrol (ACFE).
- Arquivo do Concello de Narón (ACN).
- Arquivo do Concello de Neda (ACNE).
- Arquivo do Concello de Noia (ACNO).
- Arquivo do Concello de Outes (ACO).
- Arquivo do Concello de Padrón (ACP).
- Arquivo do Concello de Pontedeume (ACPO).
- Arquivo do Concello de Rois (ACR).
- Arquivo do Concello de Santiago de Compostela (ACS).

- Arquivo do Concello do Val do Dubra (ACVL).
- Arquivo Municipal de Pontevedra (AMP).

ANEXO I: CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA

O coñecemento dos bens integrantes do patrimonio industrial precisa, canda menos, dunha actividade anterior que é a realización de inventarios e catálogos que nos detallen a existencia, localización exacta e estado de conservación dese ben e que nos describan as súas características máis importantes. A finalidade destes traballos non é outra que achegar un coñecemento sistemático dese patrimonio que permita un protección axeitada por parte dos propietarios, das autoridades públicas e pola sociedade en xeral. Estes foron algúns dos motivos polos que fomos facendo non últimos anos este Catálogo das fábricas de curtume de Galicia.

Co fin de darlle unha mínima coherencia ao Catálogo estruturámolo primeiro por provincias e logo por concellos. Este esqueleto fómolo alimentado con fichas de cada unha das fábricas até rematarmos o referido Catálago que se pode consultar máis adiante. En cada unha das fichas están recolleitos datos coa identificación xeográfica exacta do curtidoiro, faise unha descrición sobre a traza construtiva do inmóbel, así como, achéganse notas sobre a súa historia que non estiveran publicadas previamente.

O modelo de ficha que presentamos a seguir é de elaboración propia xa que cumpríanos adaptalo ás exixencias particulares da catalogación das fábricas de curtido en Galicia. O que non quere dicir que non peneiraramos algúns dos deseños existentes para identificar aqueles aspectos que a nós nos eran precisos para alicerzarmos a devandita ficha.

O fin deste Catálogo é facer referencia a todas as fábricas de curtume que rexistran actividade[260] en Galicia no século XX. Xa que logo, procuramos achegar unha imaxe mínima das propiedades patrimoniais dos curtidoiros que aínda se manteñen en pé en Galicia malia os azoutes da invernía e das labazadas das mans das persoas, así coma, daquelas outras fábricas dos que xa non se enxergan a súa pasada actividade curtidora. Finalmente, tamén se inclúen algunhas fábricas que, malia a non operar no século XX, conservan a súa vencella co seu pasado industrial.

Hai que ter en conta que hai fábricas de curtume en Galicia con actividade no século XIX que non se inclúen no presente Catálogo e que xa están rexistradas noutros estudos sobre a historia deste eido económico. Non se recollen aquí xa que este traballo encádrase no período temporal do século XX.

Todos os apartados da ficha son de redacción agás dous nos que hai que decantarse por algunha das categorías que se achegan nesta. Un primeiro é o apartado chamado FORMA no que distinguimos tres variantes xa adiantadas na epígrafe titulada "O curtidoiro galego: a

[260] A estes efectos, "rexistran actividade" as fábricas que deixaran pegada na tarifa terceira das contribucións industriais.

súa traza construtiva e o seu emprazamento espacial" desta investigación: fábrica casa, fábrica nave e fábrica fechada.

Un segundo é o apartado da ficha denominado coma ESTADO DE CONSERVACIÓN que pode estabelecerse coma bo, deteriorado, alterado, malo ou ruínas. Con estes termos queremos indicar o que segue:



- Bo: cando está en estado habitábel.
- Deteriorado: cando cun pouco custo se podería rehabilitar.
- Malo: cando se atopa en malas condicións mais non está abandonado.
- Ruínas: cando presenta un estado penoso de conservación amais de estar abandonado.
- Alterado: cando non se conserva no lugar ningún vencello coa fábrica de coiros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA

PROVINCIA DA CORUÑA



Concello da Coruña

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 1
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Monelos.	
CONCELLO: A Coruña.	FREGUESÍA: Oza
LUGAR:	ENDEREZO: Rúa Antonio Ríos, núm. 95.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.348576, -8.399986.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica tiña unha superficie de planta moi grande, duns 100 por 50 metros. As paredes eran de perpiaños graníticos e estaba cuberta con tellado de madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O curtidoiro contaba cuns 30 píos de curtir e con numerosas máquinas: cinco bombos de curtir, catro máquinas de rebaixar o coiro, unha máquina de cilindrar, un pistolete 1.5. CV e un muíño de casca.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL: Pedra granítica de perpiaño.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Un almacén de 105 m^2 e 4,5 metros de altura ergueito con cachotaría, formigón, ladrillo, madeira de piñeiro e castañeiro e cuberto con tellas.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Edificios de Vivendas.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: *circa* 1960.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ARG, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 485, 486, 487, 488, 489, 490, 491, 492, 503, 559 e 582.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recolleita dun expediente de obras de construción dun almacén do curtidoiro. ACAC, Sección de Fomento, Sinatura núm. C-480 (6). 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Agustín Rodríguez. 3) A fábrica estaba localizada no lugar de Pedra Furada á beira do río Monelos, do que se fornecía	

de auga para o proceso produtivo.
4) O empresario contaba tamén cunha fábrica de correas e un obradoiro de calzado.
5) A fábrica estaba especializada en curtir sola.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 2
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Ponte Pasaxe.	
CONCELLO: A Coruña.	FREGUESÍA: Oza
LUGAR: As Xuvias.	ENDEREZO: Lugar Pasaxe.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.333980, -8.385051.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica era un grande edificio de dúas plantas, baixo e andar, e foi ergueita con formigón, ladrillo, madeira de castañeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo da factoría tiña tres zonas diferenciadas. Unha no medio da planta con forma de rectángulo dedicada a zona de curtido, onde se encontraban os molinetes e os bombos de curtir. As outras dúas estaban ás beiras desta zona central e estaban destinadas a almacéns, obradoiro de carpintaría, obradoiro mecánico, comedor, roupeiro, etc. No andar da fábrica estaban localizado o secadoiro de coiros, a zona de remata do produto e o arquivo e as oficinas da empresa.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Formigón.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL:	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:.1937	DATA DE PECHE: *circa* 1960.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ARG, Fondo de Facenda, Sinaturas núm.: 490, 491, 492, 503, 559 e 582.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida do expediente de construción da fábrica. ACAC, Fondo de Fomento, Sinatura núm. C-7861 (13). 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Julio Wonenburger, Ramón M. Iglesias e Juan Manuel García Ayán. 3) Sobre esta fábrica tamén hai un expediente de solicitude de apertura da fábrica de 1942, solicitude que foi denegada. ACAC, Fondo de Fomento, Sinatura núm. C-8499.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 3
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de San Diego.	
CONCELLO: A Coruña.	FREGUESÍA: Oza
LUGAR:	ENDEREZO: Estrada de Acceso ao Porto Petroleiro.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.354775, -8.388066.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:	
DESCRICIÓN INTERIOR: No interior da factoría había instalados un bombo de curtir e unha máquina de cilindrar.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL:	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Portuario	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1938	DATA DE PECHE: *circa* 1960.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ARG, Fondo de Facenda, Sinaturas núm.: 489, 490, 491, 492, 503, 559 e 582.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é un mapa de época da cidade da Coruña. Valémonos dela para poder fixar a localización do curtidoiro. No mapa vemos unha liña vermella que representa unha cadea que se puña en tempos revoltos para que os barcos das potencias estranxeiras non puideran atracar na cidade. Esta cadea ía do Castelo de San Antón na cima da imaxe ao desaparecido Castelo de San Diego na parte baixa da imaxe. Pois ben, a fábrica de curtumes estaba sita á beira do Castelo de San Diego, en concreto, á súa dereita. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Jesús Pérez Prieto, que tivera unha fábrica de curtidos en Betanzos os anos anteriores a estabelecerse na Coruña. 3) O curtidoiro estaba localizado nos locais dunha antiga fábrica de conservas de pescado no lugar Os Castros-San Diego, sita a carón do antigo Castelo de San Diego e da vía férrea. 4) Sobre esta fábrica hai un expediente de solicitude de Jesús Pérez Prieto para dedicarse á industria do curtido no ano 1936, solicitude que se concede. ACAC, Fondo de Fomento, Sinatura núm. C-8484. 5) A fábrica estaba especializada en curtir sola.	

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 4</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Cumiáns.</td></tr>
<tr><td colspan="2">CONCELLO: A Laracha</td><td>FREGUESÍA: Montemaior</td></tr>
<tr><td colspan="2">LUGAR: Cumiáns</td><td>ENDEREZO: Cumiáns, núm. 3.</td></tr>
<tr><td colspan="2">PROPIEDADE: Privada</td><td>COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.189409, -8.571994.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td> 
</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A nave fabril ten un baixo e un andar. O baixo conta con 200 m^2 de planta e atópase dividida en dúas dependencias. O andar ten unhas dimensión de 160 m^2 e tamén se divide en dúas dependencias diferenciadas. O conxunto arquitectónico completase cunha vivenda que conta cun baixo e andar de 200 m^2 cadanseu, un hórreo, tres alpendres, un muíño de auga de moer gran, unha casa do forno con lareira, as cuadras -actualmente almacéns- e un galiñeiro. Un total de 840 m^2 en planta e 1.200 m^2 edificados.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da casa existiron oito píos e máis un caleiro, no exterior ao aire libre outro. No interior da nave principal fabril 12 píos ocupaban unha dependencia e outros 12 na outra dependencia do baixo na que compartían espazo co muíño da casca (a moa está rota), zona de salgado, pelado e descarnado. Na planta alta localizábase o almacén da casca moída, o secadoiro e nunha dependencia aparte a zona de remata, engraxado etc.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: Cachotaría.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Fábrica nave.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Si, imos citar dúas. Nos anos setenta destruíse o pombal de forma circular e situado na eira. Nos anos corenta funcionou unha minicentral hidroeléctrica para consumo propio.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MAQUINARIA CONSERVADA: Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">USO ACTUAL: Almacenamento e vivenda.</td></tr>
<tr><td colspan="2">DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Primeira metade do S. XIX.</td><td>DATA DE PECHE: 1965</td></tr>
<tr><td colspan="3">BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
No ACCINC gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello da Laracha non se conservan copia destes documentos.</td></tr>
<tr><td colspan="3">NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Juan Vázquez Pereiro, Magdalena Vázquez Rabuñal e Jesús Souto Vázquez.
3) O curtidoiro de Cumiáns atesoura unha das mellores coleccións de ferramentas manuais da</td></tr>
</table>

industria do curtido de Galicia.

4) O edificio fabril e demais construcións están catalogados e protexidos coma patrimonio no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha.
5) Un dos fillos do suposto fundador montou un novo curtidoiro na parroquia de Entrecruces pertencente ao concello de Carballo no ano de 1890 que é coñecido, precisamente, coma o curtidoiro de Entrecrueces.
6) Na casa consérvanse os recibos de contribución industrial desde 1894 até o peche, de grande importancia xa que non se conservan nin no Arquivo do Concello da Laracha nin no ACCINC, ademais de diferentes documentos e correspondencia do período de funcionamento, sobre todo ca intendencia do exército e co sindicato vertical, do que se conservan os tres primeiros números da súa revista.
7) Nesta documentación que se conserva o curtidoiro aparece inventariado xa no ano 1858.
8) Consérvase tamén na casa de Cumiáns, un bidón onde se gardaba a graxa de balea pois nesta zona do país empregábase esta para a remata do produto e non o saín da sardiña, como era cotiá en Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 5
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Regueiro.	
CONCELLO: A Laracha.	FREGUESÍA: Golmar
LUGAR: O Regueiro.	ENDEREZO: Lugar Regueiro, núm. 5A.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.214934, -8.579659.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio fabril contaba cun baixo e un andar duns 150 metros cadrados cadanseu. As paredes eran de pedra do país e a cuberta de madeira e tellas. A fachada principal estaba orientada cara o Oeste.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O curtidoiro tiña oito píos de formigón no chan do baixo, hoxe cubertos polo solo da vivenda. Nesta planta baixa tamén se emprazaba o muíño de cabalaría de esmagar a casca. No andar localizábase o secadoiro de coiros e a zona de remata do produto.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Consérvase no lugar a moa do antigo muíño de cabalaría de pedra labrada de cantaría que fai ás veces de mesa de xantares.	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Primeira metade do século XX.	DATA DE PECHE: Primeira metade do século XX.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: No ACCINC gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello da Laracha non se conservan copia destes documentos.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Antonio Fuentes Pérez.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 6
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de San Cristovo.	
CONCELLO: A Laracha.	FREGUESÍA: Golmar
LUGAR: San Cristovo.	ENDEREZO: San Cristovo, núm. 5.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.210450, -8.585706.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio fabril contaba cun baixo e un andar duns 100 metros cadrados cadanseu. As paredes eran de pedra do país e a cuberta de madeira e tellas. A fachada principal estaba orientada cara o Oeste.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O curtidoiro tiña dez píos de formigón no chan do baixo, hoxe cubertos polo solo da vivenda. Nesta planta baixa tamén se emprazaba o muíño de cabalaría de esmagar a casca de carballo. No andar localizábase o secadoiro de coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro de Antonio Queijo contaba con tres alpendres localizados no propio predio onde se erguía o edificio fabril. Un dos alpendres usábase coma almacén de casca. Tiña uns 150 m^2 de superficie e por un dos lados do edificio estaba sen fechar. Outro dos alpendres contaba duns 40 m^2 de planta onde había cinco píos de curtir. A este edificio tamén lle faltaba unha das paredes. O terceiro alpendre tiña unha superficie duns 50 m^2 e contaba cun baixo e un andar. No baixo atopábanse catro píos e no andar a zona de remata da fábrica.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Bar, cafetaría.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Século XIX.	DATA DE PECHE: Anos centrais do século XX.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: No ACCINC gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello da Laracha non se conservan copia destes documentos.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 9 de decembro de 2016). 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Antonio Queijo Pérez.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 7
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Sopé.	
CONCELLO: A Laracha.	FREGUESÍA: Montemaior
LUGAR: O Sopé.	ENDEREZO: Bergantiños
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.183305, -8.584614.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume do Sopé ten unha superficie duns 80 m^2 que cobren o baixo do curtidoiro. Non ten edificación en altura. Á súa beira áchase ergueita outra edificación cunha planta duns 160m^2, composta dun baixo e dun andar, que se empregaba para diversas angueiras do proceso de produción. En ambas construcións as paredes son de pedra do país e a teitume é de tella e de castañeiro manso.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O edificio da fábrica propiamente dito tiña no baixo cinco píos de curtir, catro de madeira de piñeiro e un de formigón -o caleiro-. No baixo do edificio anexo á fábrica había un obradoiro de zapataría e un muíño de casca de cabalaría, mentres que no andar radicábase o secadoiro e o almacén de casca.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen construción en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Anos centrais do século XX.	DATA DE PECHE: Anos centrais do século XX.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: No ACCINC gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello da Laracha non se conservan copia destes documentos.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Jesús García Boquete. 3) Da fábrica de curtume do Sopé destaca a singularidade construtiva do seu secadoiro fechado con pequenas pedras no canto de madeira. 4) Nunha casa do mesmo lugar do Sopé había unha fábrica de zapatos onde se conservan numerosas ferramentas e cinco máquinas de coser da marca SINGER.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 8

DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Viso.

CONCELLO: A Laracha.	FREGUESÍA: Montemaior
LUGAR: O Viso.	ENDEREZO: O Viso, núm. 4.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.187998, -8.582535.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio fabril conta cunha planta duns 150 m^2 que cobren o baixo do curtidoiro. Non ten edificación en altura. As paredes son de pedra do país e a cuberta de madeira era de tellas. Ao seu carón había unha estrutura semellante duns 50 m^2 que se empregaba coma almacén de casca.

DESCRICIÓN INTERIOR: No solo había uns 15 píos de madeira de piñeiro. Ademais, no interior da factoría atopábase un muíño de casca que contaba cunha moa de cantaría, o secadoiro e maila zona de remata dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen construción en altura cuberta a unha auga.

MATERIAL: Cachotaría

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Almacenamento

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1912	DATA DE PECHE: Anos centrais do século XX.

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
No ACCINC gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello da Laracha non se conservan copia destes documentos.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Jesús Pena Torreira e Jesús García Iglesias.
3) A fábrica de curtume emprazábase á beira do regato da pena que carrexa abundante auga antes de desembocar no río Viso.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 9
DENOMINACIÓN: Curtidoiro A Salvadora.	
CONCELLO: Arzúa	FREGUESÍA: Santa María de Arzúa.
LUGAR: San Salvador.	ENDEREZO: San Salvador.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.934418, -8.164225.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio de conta cunha planta duns 150 metros cadrados que cobren o baixo do curtidoiro. Sobre esta planta álzase un andar das mesmas dimensións. As paredes do baixo son de pedra do país e as do andar de ladrillo. A cuberta era de madeira e tellas. A fachada principal está orientada cara o Norte.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O curtidoiro tiña uns sete píos de formigón no chan do baixo. Nesta planta baixa tamén se emprazaba a maquinaria coa que contaba a empresa: un muíño eléctrico de moer casca e un bombo de curtir peles. No andar localizábase o secadoiro de coiros e a zona de remate do produto.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría e ladrillo.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Palleiro	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Anos centrais do século XX.	DATA DE PECHE: Anos centrais do século XX.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: No ACCINS gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi José Villanueva Bernárdez. 3) O curtidoiro, malia chantarse preto do río vello, contaba cunha mina de auga propia.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 10
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Caraña de abaixo.	
CONCELLO: Betanzos	FREGUESÍA: San Martiño de Tiobre.
LUGAR: Caraña de abaixo.	ENDEREZO: Travesía Caraña, núm.5.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.286044, -8.209056.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro emprazábase nun predio de grandes dimensións fechado cun grande valado de cachotaría e beirado pola cara Leste e Sur polo río Pelamios un chisco antes de desaugar no río Mandeo. No conxunto de edificacións distínguese tres claramente: unha vivenda, a fábrica de coiros e un secadoiro. Todas contan cun baixo e un andar con paredes de cachotaría e teitume de madeira e tella. A vivenda e a fábrica terán uns 100m^2 de superficie no canto que o secadoiro só uns 70 m^2.	
DESCRICIÓN INTERIOR: A fábrica de curtumes está construída a carón da vivenda e linda ao Sur co río Pelamios. No baixo contaba cuns 30 píos de perpiaño para curtir as peles e no andar, tal e coma está sinalizado na edificación, estaba un dos secadoiros que tiña o curtidoiro. O outro secadoiro estaba nun edificio situado na parte nordeste do predio.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Pedra de cachotaría de granito galego.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: De a cabalo dos séculos XVIII e XIX.	DATA DE PECHE: 1925
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: **MEIJIDE PARDO, Antonio, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos"** en *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páxs. 27-44.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACB, Fondo de Facenda, Sinaturas: 1.741, 1.742, 1.743, 1.744, 1.745, 1.746, 1.747, 1.748 e 1749.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) **A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.** 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Arias de Uría e Bautista Mendiburo Torres. 3) O predio onde se localizaba a fábrica está hoxe dividido en dúas parcelas. Nunha das parcelas está a vivenda e fábrica e noutra o edificio no que se atopaba o secadoiro independente do curtidoiro. Este está rehabilitado e ten uso de vivenda.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 11
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Carregal.	
CONCELLO: Betanzos	FREGUESÍA: San Pedro das Viñas.
LUGAR:	ENDEREZO: Avenida Carregal, antes de verter na avenida Manuel Fraga Iribarne.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.279990, -8.219831.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Ver no espazo de embaixo a descrición que se fixo da fábrica no ano 1850.

DESCRICIÓN INTERIOR: Tomamos a préstamo a descrición feita por Antonio Meijide Pardo, con datos do ano 1850, na seguinte referencia bibliográfica: **MEIJIDE PARDO, Antonio, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos"** en *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páx. 42. Di o que segue: ***"Compoñíase dita industria, facíase saber aos posíbeis licitadores, de*** *<<dez caleiros, dez asentos, 15 pozos para becerro, 55 para mudanza de cantaría, dous no lavadoiro, un para a canina, dous muíños para moer casca, unha casa para o depósito de cal, cuadras para gando, escritorio con todas as máis oficinas e habitacións correspondentes>>. O alugueiro comprendía tamén unha superficie de 70 ferrados de sementeira arredor do oficio, ocupada por <<terras para labrar, horta, parras e magníficos prados para gando, con grande abundancia de auga, non só para os operarios da fábrica, senón para todo o seu regadío>>.*

TIPO DE CONSTRUCIÓN: A fábrica contaba cun baixo e un andar.

MATERIAL: Pedra de cachotaría de granito galego.

FORMA: Fábrica fechada.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Rúa pública.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1799	DATA DE PECHE: 1913

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

MEIJIDE PARDO, Antonio, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páxs. 27-44.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

ACB, Fondo de Facenda, Sinaturas: 1.741, 1.742, 1.743, 1.744, 1.745, 1.746, 1.747, 1.748 e 1749.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico realizado nos anos 1956-57 polo Army Map Service de EEUU que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 16 de xaneiro de 2017). Facer notar que a orientación da imaxe destes vos non e ao Norte coma na aplicación google maps, polo que a Avenida do Carregal na foto do voo vai cara o Oeste e non cara o Leste.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Francisco San Martín, Valerio López Cardenas, Santiago López Cárdenas e Juan Pedro Lissarrague Etchard.
3) En canto a localización do curtidoiro, o cronista local do Concello de Betanzos, José Raimundo Núñez Varela y Lendoiro, achega ao presente estudo a seguinte descrición do lugar antes de desaparecer fisicamente o curtidoiro: A fábrica estaba situada unha vez traspasada a Ponte de Cachiñas, que

accedía ao Camiño do Paseo do Carregal que finalizaba no edificio desta fábrica. Si se quería alcanzar a estrada que desde a Magdalena conducía á ponte das Cascas, había que pasar polo medio do conxunto fabril que contaba con dúas portas unha ao Norte, que era o acceso desde a sinalada Ponte de Cachiñas e ao final do Camiño ou Paseo do Carregal, que pasaba por diante do acceso ao Xardín do Pasatempo, e outra ao Sur que accedía á estrada indicada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 12
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Magdalena.	
CONCELLO: Betanzos	FREGUESÍA: San Pedro das Viñas.
LUGAR: A Magdalena.	ENDEREZO: Rúa Magdalena, núm. 4.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.283039, -8.220575.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Ver no espazo de embaixo a descrición que se fixo da fábrica no ano 1837.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Válenos de novo a descrición feita por Antonio Meijide Pardo, con datos do ano 1837, na seguinte referencia bibliográfica: MEIJIDE PARDO, Antonio, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páx. 38. Di o que segue: *"Pormenorizaba o anuncio que estaba dotada dita industria de <<toda clase de artefactos que se necesitaban para traballar de 10 a 12 operarios>>; que contaba con <<52 pozos de cantaría e cachotaría, almacéns para casca e coiros, muíño de cabalaría, e todo o máis necesario para moer a casca, e boa casa para vivir con comodidade 6 ou 8 familias>>; que estaba situada <<na mellor posición que ten Galicia>>, a pouca distancia do camiño real da Coruña a Madrid, e no peirao onde <<se desembarcan os coiros e fondea un bergantín a tiro de pistola, pegada case a parte chamada Pontenovo>>. Aos licitadores, tamén se lles facía saber como dita factoría ingresaba uns 200.000 reais, amais de que <<as augas que quedan nos pozos ao seu beneficio, se fosen a facerse de novo, non serían con 6.000 ou 8.000 reais>>.*	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Conxunto fabril.	
MATERIAL: Pedra de cachotaría de granito galego.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): É probábel que as antigas vivendas de leprosos do barrio da Magadalena foran utilizadas coma vivendas dos obreiros do curtidoiro tras a desamortización de Mendizábal a partir do segundo terzo do século XIX. Cf. GARCIA OTERO, Juan María, "El barrio de la Magdalena de Betanzos. Un caso típico de incuria y especulación" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 28 (2005), páx. 439.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: En estado de abandono.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Finais do século XVIII.	DATA DE PECHE: 1926
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: ALONSO ÁLVAREZ, Luís; LINDOSO TATO, Elvira e VILAR RODRÍGUEZ, Margarita, "banca y curtidos: los Etcheverría, 1717-2006" en *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*, A Coruña, Confederación de Empresarios de La Coruña, Volume I, 2008, páxs. 65-73. GARCIA OTERO, Juan María, "El barrio de la Magdalena de Betanzos. Un caso típico de incuria y especulación" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 28 (2005), páxs. 433-442. MAIXÉ-ALTÉS, Joan Carles, "Marcelo Etcheverría Vila (1844-1914) e Domingo Etcheverría Naveyra (1889-1987). De industriais do curtido a banqueiros: unha saga de empresarios" en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, Volume II, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2009, páxs. 172-195. MEIJIDE PARDO, Antonio, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *Separata de UNTIA. Boletín do*	

Seminario de Estudios Mariñáns, Betanzos, núm. 2 (1986), páxs. 27-44.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) ACB, Fondo de Facenda, Sinaturas: 1.741, 1.742, 1.743, 1.744, 1.745, 1.746, 1.747, 1.748 e 1749. 2) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/236 (entrada o 21 de xaneiro de 2016).
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Baltasar Rodríguez Romero e Domingo Etcheverría. 3) Sorprende o estado de abandono no que se atopa este antigo curtidoiro do que aínda se conserva unha fermosa cheminea. 4) Como é sabido os edificios teñen a súa propia vida e van mudando de usos. Isto tamén lle pasou ao sobranceiro curtidoiro da Magdalena e na Guerra civil, cando xa facía uns anos que deixara de ser fábrica de curtumes, foi empregado coma campo de concentración. Cf. GARCIA OTERO, Juan María, "El barrio de la Magdalena de Betanzos. Un caso típico de incuria y especulación" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 28 (2005), páx. 435.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 13
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Roibeira.	
CONCELLO: Betanzos	FREGUESÍA: San Martiño de Brabío.
LUGAR: Roibeira	ENDEREZO: Lugar Roibeira, núm. 30.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.268445, -8.209038.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume de Roibeira contaba con dous edificios erguidos un a carón do outro e ambos cercados polo río Pequeno e polo río Mendo. O edificio radicado á beira do río Pequeno tiña un baixo e un andar cadanseu duns 100 m^2. O baixo era de cachotaría e o andar tiña as paredes de táboas de castiñeiro manso coma se dun hórreo se tratase. O outro edificio fabril, que daba coa súa traseira ao río Mendo, era máis grande duns 200 m^2 de planta tanto no baixo coma no andar. Ambas edificacións tiñan teitume de madeira de castiñeiro manso e tella.

DESCRICIÓN INTERIOR: No andar do edificio, encadrado entre os ríos Pequeno e Mendo, atopábase o secadoiro da fábrica. No baixo do outro edificio co que contaba o curtidoiro estaban localizados uns 50 píos de curtir que eran de perpiaños graníticos e no andar achábanse as oficinas do curtidoiro.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Pedra de cachotaría de granito galego.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fonte oral do lugar de Roibeira sitúa a un secadoiro pertencente a este curtidoiro na antiga casa da escola do lugar, moi preto da localización da propia fábrica. Este edificio ollando desde o río recoñécese facilmente polos seus cinco grandes piares espidos nos que se sustenta a edificación e coas que se salva a grande costa que hai desde a estrada ao río Mendo. O edificio en si está localizado á beira da estrada e conta cun baixo duns 100 m^2.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Vivenda

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1893	DATA DE PECHE: 1916

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

MEIJIDE PARDO, Antonio, "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, Betanzos, núm. 2 (1986), páxs. 27-44.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

ACB, Fondo de Facenda, Sinaturas: 1.745, 1.746, 1.747 e 1.748.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é unha foto de época de *circa* 1930 recollida da hemeroteca dixital do diario *ABC* e achegada a esta investigación por Francisco Javier Caridad Naya.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Bautista Mendiburo Torres.
3) O curtidoiro atopábase localizado na beira de Betanzos do río pequeno, que deslinda Betanzos de Oza dos Ríos, xusto antes de que verta no río Mendo polo que problema de auga para fornecer o proceso produtivo non parece que tivera.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 14
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Soutullos.	
CONCELLO: Brión	FREGUESÍA: San Salvador de Bastavales.
LUGAR: Soutullos	ENDEREZO: Aldea Soutullos, núm.13-16.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.834835, -8.666541.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume de Soutullos está composta por varias construcións unhas ao pé das outras que suman en total uns 600 m^2 de superficie sen contar a zona dedicada a vivenda. Estes edificios teñen os muros de perpiaños graníticos e están cubertos con madeira de castiñeiro e tella do país. O curtidoiro está chantado nunha leira dunha certa dimensión fechada cun fermoso valado de pedra.

DESCRICIÓN INTERIOR: O edificio onde se radican os píos de curtir conta cun baixo e dous andares duns 120m^2 cadanseu. No baixo aínda se conservan 18 píos de madeira de piñeiro. Os dous andares posibelmente se dedicasen a secadoiro e venta directa ao público. Entre este edificio e a estrada hai outra construción que se dedicaba a vivenda. A continuación desta última e seguindo á beira da estrada consérvase un edificio de forma alongada, que contaba con baixo e andar, duns 400 m^2 no que se albiscan tres espazos diferenciados. Un curral duns 60m^2 de superficie que se empregaba de tránsito desde a estrada até a instalación fabril. Un lugar de almacenaxe duns 40 m^2. E un construción duns 300 m^2 sen parede polo lado Leste onde se achan dúas grandes moas de granito que se empregaban no muíño de casca de cabalaría que aínda se conserva tamén. Este último espazo tamén se dedicaba a almacenaxe de casca de carballo.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e dous andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Pedra de perpiaño de granito galego.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Diante do propio edificio fabril hai restos dunha antiga estrutura, de baixo e un andar, onde se enxergan dous grandes píos de pedra de perpiaño e unha lograda lousa de pedra posibelmente para rañar nas peles.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non.

USO ACTUAL: Sen uso.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Décadas centrais do século XIX.	DATA DE PECHE: 1930

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACBR, Fondo de Facenda, Sinaturas: 847 e 803.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José López Juanatey e José López Martínez.
3) O curtidoiro conta cunha mina de auga propia.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 15
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Soutullos de riba.	
CONCELLO: Brión	FREGUESÍA: San Salvador de Bastavales.
LUGAR: Soutullos	ENDEREZO: Aldea Soutullos, núm.13.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.834151, -8.666212.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro de Soutullos de riba non tiña edificación en alzado polo que só contaba cun baixo duns 60 metros cadrados de superficie. As paredes eran de ladrillo e a cuberta de tellas e madeira.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica de curtumes de Soutullos de riba había catro píos para curtir de formigón.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen edificación en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Garaxe	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1933	DATA DE PECHE: 1961
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACBR, Fondo de Facenda, Sinaturas: 803 e 804.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi Faustino Hermo Nieto. 3) O único empresario que aparece na documentación viñera de Noia e previamente, a converterse en industrial, estivo a choiar na fábrica de curtume de Soutullos sita a uns 50 metros do curtidoiro de Soutullos de riba.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 16
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Bardanca.	
CONCELLO: Carballo	FREGUESÍA: Artes
LUGAR: O Forno	ENDEREZO: Lugar do Forno, núm. 5.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.201683, -8.652731.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume do Bardanca non tiña edificación en alzado polo que só contaba cun baixo. Era este duns 120 metros cadrados. As paredes eran de ladrillo e a cuberta de tellas e madeira.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había seis píos para curtir de formigón dos que aínda se conserva un. Nun destes píos había no seu tempo un bombo de curtir que recortaba os prazos de elaboración dos coiros. Nesta planta atopábase tamén a zona de remata da fábrica.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen edificación en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A carón do curtidoiro localizábase pola súa beira occidental a vivenda familiar do empresario e pola súa beira oriental un muíño fariñeiro que aproveitaba, ao igual cá fábrica de curtume, unha canle de auga de certa importancia esgazada do río Bardoso. O muíño de casa co que contaba o curtidoiro radicaba nunhas dependencias aparte do propio edificio fabril.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Nora metálica coa que se xeraba a enerxía para mover os balancíns dos píos ao efecto de mover a auga e acelerar o proceso de curtir as peles.	
USO ACTUAL: Garaxe e almacenamento.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1951	DATA DE PECHE: 1965
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACC, Fondo de Facenda, Sinaturas: 257 e 258.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A **"imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.** 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Jesús López Fraga.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 17
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Cereiro.	
CONCELLO: Carballo	FREGUESÍA: Rus
LUGAR: O Pego	ENDEREZO: DP-1911, núm. 6.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.153759, -8.689340.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio fabril estaba composto por un baixo e un andar duns 240 m^2 cadanseu. As paredes son de cachotes de pedra e o tellado estaba formado con madeira e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica de curtumes había uns oito píos de formigón e o muíño de casca. O andar empregábase coma secadoiro de coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica estruturada nun baixo e nun andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A carón do curtidoiro localizábase a vivenda familiar do empresario que tamén se atopa en estado de abandono.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Moa do muíño de cabalaría que fai ás veces de mesa de xantares.	
USO ACTUAL: Sen uso (abandonado).	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1924	DATA DE PECHE: 1961
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACCO, Fondo de Facenda, Sinaturas: 618 e 619.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Eduardo Mariño Rodríguez. 3) O curtidoiro esta emprazado nunha zona de moita auga á beira do río Grande que deslinda o concello de Coristanco do de Carballo. 4) Os datos das contribucións industriais desta fábrica atópanse no arquivo do concello de Coristanco xa que con posterioridade á actividade desta empresa acaeceu un proceso de revisión dos lindes entre os concello de Coristanco e Carballo, lugar onde finalmente se localizan as ruínas hoxe en día da antiga fábrica do Cereiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 18
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Entrecruces.	
CONCELLO: Carballo	FREGUESÍA: Entrecruces
LUGAR: A Granxa	ENDEREZO: Lugar da Granxa, núm. 56.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.133596, -8.690859.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro conta con dous edificios que fan unha forma en "L". Ambos teñen uns 200 m^2 de planta e estrutúranse nun baixo e nun andar. As paredes destas construcións son nunha de ladrillo e na outra de cachotes de pedra e a teitume de ambas é de madeira e de tella.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do edificio principal atopábanse uns oito píos de formigón, seis máquinas que se empregaban no proceso produtivo e dous bombos de curtir. No andar localizábase o secadoiro dos coiros. No outro edificio, o baixo empregábase coma almacén e zona de remate namentres que o andar tamén se usaba coma secadoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de pedra e ladrillo.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): 1) A carón do curtidoiro localizábase a vivenda familiar do empresario. 2) A fábrica de coiros contaba cun singular acueduto de formigón que fornecía de auga ao proceso produtivo desde o rego de Berdía, un chisco antes de que esta verta no río Grande.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1890	DATA DE PECHE: 1965
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACC, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 255, 256, 257 e 258.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Vázquez Rabuñal, Hermegildo Vázquez Antelo e José Vázquez Carracedo. 3) Ao empresario Hermegildo Vázquez Antelo sucedeuno na empresa José Vázquez Carracedo. Outro fillo de Hermegildo, Antonio, montou outro curtidoiro no concello de Coristanco que aínda está con actividade a día de hoxe da man do empresario José Antonio Vázquez García, fillo do anterior. 4) Destacar que quedan restos do acueduto antes referido, que foi un singular xeito de fornecerse de auga dentro do panorama das fábricas de curtume de Galicia.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 19
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Mariño.	
CONCELLO: Carballo	ENDEREZO: Carballo
LUGAR: Carballo	DIRECCIÓN: Rúa Baixa, núm. 41.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.218075, -8.691985.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume era de pequeno tamaño xa que tiña unha planta duns 40 m^2. Amais, non acrecentaba construción en altura. As paredes eran de ladrillo é a teitume de tellas e madeira.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No chan do baixo do curtidoiro había seis píos sen forza mecánica para curtir as peles. A empresa non contaba con máquinas, nin sequera cun muíño de casca de cabalaría.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen edificación en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1959	DATA DE PECHE: 1965
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACC, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 258.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi Antonio Mariño Pensado. 3) Á beira da fábrica de curtume pasaba o rego da Balsa do que se fornecía de auga para o proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 20

DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Queijo.

CONCELLO: Carballo	FREGUESÍA: Sofán
LUGAR: O Tarambollo	ENDEREZO: Lugar do Tarambollo, núm. 47.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.176748, -8.613891.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro ten un soto e un baixo, estrutura coa que se adapta á pendente do terreo onde se localiza. O soto ten unha superficie duns 320 m^2 e o baixo duns 150 m^2. Esta construción era non seus comezos de pedra mais logo foi ampliándose con bloque. Amais, a fábrica conta cun edificio anexo, da outra beira da estrada, duns 65 m^2 de planta. As teitumes destes edificios tamén teñen materiais variados sendo ás veces de tella e ás veces de uralita.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica lévanse a cabo as tarefas que tradicionalmente se denominaban de ribeira e de curtir. Con este fin, no chan do curtidoiro hai unha serie de máquinas que conforman cada unha delas un espazo particular de traballo. Son as que seguen: dúas máquinas de descarnar, unha de dividir, unha de escorrer e outra de rebaixar en húmido. Amais, hai catro bombos: un para pelar, dous para desencalar e outro para engraxar. No solo do baixo tamén hai nove grandes pozas no que se curten as peles, todas elas dotadas con balancíns para mover a auga e, deste xeito, acelera o proceso de elaboración. Con este fin tamén se emprega un molinete eléctrico. Finalmente, no soto hai dous espazos dedicados a almacenaxe, un de peles e outro de produtos. No baixo da fábrica está situado o secadoiro e máis unha máquina de estirar. No edificio anexo á fábrica lévanse a cabo as angueiras de remate do produto. Para iso, localízanse neste espazo dúas maquinas de rebaixar, unha de medir, unha de abrandar e outra de abrillantar.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun soto e un baixo cubertos a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría e bloque.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Bo

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Xa referida no apartado "descrición interior" desta mesma ficha.

USO ACTUAL: Fábrica de curtidos.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1924	DATA DE PECHE: Segue con actividade

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:


FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

ACC, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 257 e 258.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os empresarios desta fábrica de curtume pertenceron todos a unha mesma familia os Queijo: Generoso Queijo Yáñez, Jesús Queijo Vázquez e Jesús Queijo Pallas. Na actualidade, a empresa está rexida polo antigo traballador dela José Manuel García Rama.
3) Á beira do curtidoiro descorre o río Carral que cubre as necesidades da empresa de auga e de electricidade que se xera cun muíño propio.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 21
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Riveiro.	
CONCELLO: Carballo	FREGUESÍA: Rus
LUGAR: Liñares	ENDEREZO: Lugar do Liñares, núm. 6.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.158303, -8.679187.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro era de tamaño reducido cunha planta duns 40 m^2. As paredes eran de pedra de cachotaría e o teito de madeira e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No chan do edificio fabril achábanse tres ou catro píos de curtir peles.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen edificación en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Preto do curtidoiro localizábase a casa familiar do empresario, que se pode ver restaurada na "imaxe característica" desta mesma ficha.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Forestal	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1924	DATA DE PECHE: 1959
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACC, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 257 e 258.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresarios desta fábrica de curtume foi José Riveiro Carracedo. 3) Malia pasar preto do curtidoiro o rego de Casal de Perros, a fábrica tiña o seu propio manancial para fornecerse de auga de cara ao proceso produtivo. 4) O curtidoiro estaba localizado exactamente onde se ven os eucaliptos da "imaxe característica" desta ficha.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 22
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Santa Elisa.	
CONCELLO: Carballo	FREGUESÍA: Carballo
LUGAR: Carballo	ENDEREZO: Avenida de Malpica, núm. 95.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.219327, -8.703707.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtidos ten unha faciana non moi fermosa tanto polos materiais e a forma coa que foi ergueita -cachotaría, ladrillo, bloque e uralita- coma polo estado de abandono no que se atopa. O baixo ten uns 400 m^2 e conta cun andar duns 100 m^2.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo do curtidoiro semella que tivo variadas funcionalidades coma almacén, oficina, baños, vestiarios, zona de ribeira, de curtir e de remata. Aínda se conservan seis molinetes que se empregaban no fase do proceso de elaboración de curtir as peles.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría, ladrillo e bloque.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si (camiño de terra).	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Xa referida no apartado "descrición interior" desta mesma ficha.	
USO ACTUAL: Abandonado	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 2000
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FRAGA RODRÍGUEZ, Xan M., *Crónicas de Carballo II*, Agrupación Cultural Lumieira, Carballo, 2004, páxs. 273-278.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACC, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 255, 256, 257 e 258.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Mariño Cancela, Ramón Manuel Iglesias Sánchez e Luís Sánchez Martínez.	

Concello de Carral

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 23
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Mouriño.	
CONCELLO: Carral	FREGUESÍA: Beira
LUGAR: Hervés	ENDEREZO: Lugar de Hervés, núm. 18
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.194303, -8.360410.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume do Mouriño tiña unha planta duns 50 m^2 sobre o que se alzaba un andar da mesma dimensión. Amais contaba con dous locais anexos ao curtidoiro nos que se complementaba a actividade produtiva. Nun destes locais estaba o muíño de casca duns 50m^2. O outro dos locais, tamén duns 50m^2, dedicábase a almacenamento da casca de carballo. As paredes destes tres edificios eran de cachotaría e estaban cubertos con tella do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro estaban emprazados os cinco píos de pedra que acrecentaba a fábrica. Un deles eran tan grande coma os outros catro xuntos. No andar da fábrica levábase a cabo o secado dos coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A empresa contaba tamén co seu propio obradoiro de zapatos e zocos que despois tamén comercializaban pola súa conta nas feiras da contorna.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Só a moa do muíño de cabalaría.	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACCA, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 412 e 413.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Antonio Mouriño Barreiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 24
DENOMINACIÓN: Curtipiel	
CONCELLO: Coristanco	FREGUESÍA: San Paio de Coristanco.
LUGAR: Midón	ENDEREZO: Midón, núm. 8.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.191559, -8.765629.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro "curtipiel" conta con tres edificios principais para levar a cabo a súa actividade produtiva. O edificio fabril propiamente dito conta cuns 300 m^2 de superficie mentres que os outros dous edificios que se empregan coma secadoiros, un duns 100m^2 de superficie e outro duns 70m^2 de planta. Todos eles teñen as paredes de bloque e teito de uralita e non teñen construción en altura.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O interior da fábrica non se atopa dividido senón que no seu chan pousanse as diferentes máquinas coas que conta o curtidoiro xermolando arredor delas as diferentes fases do proceso produtivo que cómpren para converter unha pel nun coiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen edificación en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: As paredes son de bloque e o teito de uralita.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Bo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: O curtidoiro "Curtipiel" é unha factoría mecanizada desde os anos setenta do século XX cando merca á antiga fábrica de Monelos da Coruña diversas máquinas. Na actualidade a fábrica conta coas máquinas que seguen: unha máquina de rebaixar, outra de descarnar, outra de dividir, outra de estirar, outra de abrandar, outra de abrillantar, un bombo e varios molinetes.	
USO ACTUAL: Curtidoiro	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1890	DATA DE PECHE: Segue con actividade
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) ACC, Fondo de Facenda, Sinaturas núms: 255, 256 e 257. 2) ACCO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms: 618 e 619. 3) http://www.curtipiel.es/ (entrada o 7 de marzo de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Antonio Vázquez Carracedo e José Antonio Vázquez García. 3) A actual fábrica "curtipiel" está rexentada pola cuarta xeración de empresarios da mesma saga familiar. A empresa encetou a actividade no concello de Carballo, no curtidoiro de Entrecruces, onde rexistran actividade os dous primeiros empresarios deste curtidoiro, para pasar no ano 1949 a súa actual localización no concello de Coristanco. 4) A factoría ten pozo propio para fornecer de auga ao proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 25
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Carme.	
CONCELLO: Dumbría	FREGUESÍA: Berdeogas
LUGAR: A Farrapa.	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.031819, -9.097642.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio fabril conta cunha planta duns 80 metros cadrados que cobren o baixo do curtidoiro. Non ten edificación en altura. As paredes son de cachotaría granítica e a cuberta de madeira e tellas. A fachada principal está orientada cara o Oeste.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No solo encóntranse dez píos, oito dos cales son de perpiaño granítico namentres cós outros dous son de formigón. Ademais, no interior da factoría áchase un muíño de casca que conta cunha moa de cantaría pola que turraba un cabalo equipado cun tea que lle tapa os ollos para que non se marease e caese ao chan.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica sen construción en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría granítica.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A carón do curtidoiro hai un alpendre que se empregaba coma almacén de casca duns 50 m^2. Todo o conxunto érguese nunha leira duns cinco ferrados.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Muíño de cabalería que se atopa ben conservado e varios coitelos dos que se empregaban no proceso industrial.	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Finais do século XIX	DATA DE PECHE: 1974
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: GARCÍA QUINTÁNS, Modesto, "La fábrica de curtido de pieles en Dumbría" en *La Voz de Galicia*, 6 de agosto de 2015.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACD, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 348.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Esparís Vázquez, Manuel Esparís Guzmán e Manuel Esparís López. 3) Contaba cun manancial propio co que se fornecía de auga ao proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 26
DENOMINACIÓN: Curtidoiro das Pazoas.	
CONCELLO: Ferrol	FREGUESÍA: Serantes
LUGAR: A Malata.	ENDEREZO: Estrada A Malata.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.491363, -8.238319.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Servímonos da descrición feita polo investigador Justino Fernández Negral na seguinte referencia bibliográfica: FERNÁNDEZ NEGRAL, Justino, *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Ediciós do Castro, 2002, páxs. 103-113. Tendo en conta tanto o texto coma o debuxo do conxunto industrial pódese deducir que este tiña como elemento central un patio interno ao que ollaban o resto dos espazos produtivos do curtidoiro que fechaban, a súa vez, este patio ao exterior.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Seguindo coa anterior referencia bibliográfica, para protexerse das inclemencias do tempo a parte central do patio estaba cuberta e arredor del localizábanse uns 25 píos de curtir e os almacéns. Fóra dos muros que cercaban o conxunto chantábase a zona de ribeira cos pozos de remollo, os caleiros, etc. Esta zona de ribeira radicaba á beira do regato que vén da santa Mariña e que dividía o espazo industrial da residencia e o xardín privado do propietario. Cara o outro extremo localizábanse máis almacéns e o secadoiro, que estaba aberto cara a ría. A fábrica de curtume comunicábase coa enseada da Malata cunha rampla que ía desde o patio central ao mar, onde había un pequeno embarcadoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Conxunto fabril.	
MATERIAL: Pedra granítica, tanto perpiaños coma cachotes.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Había unha residencia para os obreiros que cercaba pola parte norte ao conxunto fabril.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Estadio de fútbol.	USO PRECEDENTE:
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1783	DATA DE PECHE: Entrado o século XX.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: FERNÁNDEZ NEGRAL, Justino, *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*, Sada, Ediciós do Castro, 2002. LINDOSO TATO, Elvira, "A la sombra del arsenal: la oferta empresarial ferrolana en el siglo XIX" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, núm. 119 (2006), páxs. 284-287 [271-304]. MEIJIDE PARDO, Antonio, "Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 21 (1998), páxs. 167-182.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/069 (consulta o 21 de xaneiro de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.	

2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Antonio Togores.
3) As contribucións industriais do antigo Concello de Serantes non se conservan xa que se perderon cando, após a fusión municipal co Concello de Ferrol, se trasladou o antigo Arquivo do Concello de Serantes ao Arquivo do Concello de Ferrol.
4) A fábrica de curtume localizábase nun sitio axeitado xa que estaba á beira dun regato e da ría de Ferrol, con embarcadoiro propio, e daba a vía de comunicación que unía A Malata e Serantes con Ferrol, e o seu porto, pola costa do Raposeiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 27</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Furelos.</td></tr>
<tr><td>CONCELLO: Melide</td><td colspan="2">FREGUESÍA: Furelos</td></tr>
<tr><td>LUGAR: Folecheiro</td><td colspan="2">ENDEREZO:</td></tr>
<tr><td>PROPIEDADE: Privada</td><td colspan="2">COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.904683, -8.002880.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td>  </td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Empregamos a descrición fornecida polo investigador local Xosé Manuel Broz na seguinte referencia bibliográfica: BROZ REI, Xosé Manuel, "Novas aportacións ó patrimonio da Terra de Melide", Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, núm. 18 (2005), páx. 45 [7-66]. En concreto di: <<*Un recinto pechado, arredor do cal se erguen os edificios. A casa en ángulo, no centro un lavadoiro-fonte e o almacén de carga e descarga, co depósito onde gardaban a casca de carballo para a curtición de peles*>>. Podemos engadir cás paredes do curtidoiro son de cachotaría de granito e a cuberta de madeira e tellas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: Na mesma referencia bibliográfica anterior temos un debuxo do interior do curtidoiro do seguinte xeito. <<*Os píos ocupan a pranta baixa; unha sala grande e outra máis pequena, forrados con pedra de cantería. 2 lavadoiros de peles no patio, tamén de cantería*>>. Podemos engadir de novo có curtidoiro acrecentaba uns 60 píos e unha máquina de cilindrar o que nos dá un dato concreto da súa grande dimensión produtora.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: Cachotes de granito.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Fábrica fechada.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo</td></tr>
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.788979, -8.874718.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 100 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castañeiro e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns tres ou catro píos de formigón e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría e o muíño eléctrico da fábrica. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Ladrillo.

FORMA: Fábrica casa.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Vivenda

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1938	DATA DE PECHE: 1961

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252, 253 e 254.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Alfonso Fernández Juanatey e Manuel Varela Romarís.
3) Pasa a súa beira o río de Vilacoba pouco antes de desaugar na Ría de Muros e Noia, do que se fornecía de auga o curtidoiro para empregar no proceso produtivo.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 57
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Mayo.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA:.
LUGAR:.	ENDEREZO: Rúa San Bernardo, núm. 22.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.786685, -8.882248.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 200 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había un bombo de curtir e no andar ficaba o secadoiro dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Ladrillo.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Taller mecánico.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1950 | DATA DE PECHE: 1980

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 253, 254, 255 e 363.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Manuel Caamaño Mayo, José Fernández Juanatey, Carlos Fernández Hermo e Amalia Fernández Hermo.
3) Pasa a súa beira o río de Vilacoba pouco antes de desaugar na Ría de Muros e Noia, do que se fornecía de auga o curtidoiro para empregar no proceso produtivo.
4) Unha vez cesada a súa actividade, a fábrica é comprada por José Fernández Juanatey que xa tiña outra fábrica moi preto desta na mesma contorna de Bernardo. A partir deste momento ambas estabelecementos se explotan dun xeito conxunto.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 58
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Miguel López Prieto.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: San Martiño de Noia.
LUGAR: A Ponte de Traba.	ENDEREZO: Rúa Xosefa Armero Millares, núm. 17.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.785094, -8.882842.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica atopábase nun edificio cun baixo e nun andar duns 180 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro achábanse uns cinco ou seis píos de curtir.
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas. No andar achábase a vivenda familiar do empresario.
MATERIAL: Ladrillo.
FORMA: Fábrica nave.
TIPO DE CONTORNA: Urbana
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Fóra do propio edificio fabril a empresa tiña localizados tanto o muíño de casca coma o secadoiro da empresa.
MAQUINARIA CONSERVADA: Non
USO ACTUAL: Vivenda
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1939 | DATA DE PECHE: 1960
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252, 253 e 254.
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Miguel López Prieto.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 59
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Pazos.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: Santa Cristina de Barro.
LUGAR: Vista Fermosa	ENDEREZO: Aldea Vista Fermosa, núm. 109.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.796365, -8.887142.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 170 m^2 cadanseu. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns cinco ou seis píos e achábanse tamén o muíño de casca de cabalaría da fábrica. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Ladrillo.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Residencial

DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: após 1984

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 253, 254, 255 e 363.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Manuel Pazos Barreiro.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 60
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Pedrachán.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: San Martiño de Noia.
LUGAR:	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.785941, -8.882381.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 100 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de cachotaría e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns catro ou cinco píos de ladrillo e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría da empresa. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Abandonado	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: Non hai.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 61
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Pedro Rodríguez.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: Santa Cristina de Barro.
LUGAR: Barro	ENDEREZO: Estrada de Barro, núm. 13.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.790692, -8.891372.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 100 m^2 cadanseu. As paredes eran de cachotes de granito galaico e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns dez píos de cachotaría de granito e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría da empresa. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1974
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 253, 254 e 255.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Pedro Rodríguez García.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 62
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Rafael Rodríguez Jamardo.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA:
LUGAR:	ENDEREZO: Rúa de San Bernardo, núm. 42.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.786665, -8.881717.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 200 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de cachotes de granito e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro deitábanse uns sete ou oito píos de curtir e achábase tamén os bombos cos que contaba a mercantil. No andar ficaba a vivenda familiar do empresario.
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.
MATERIAL: Cachotaría de granito e nas zonas nobres algún perpiaño.
FORMA: Fábrica nave.
TIPO DE CONTORNA: Urbana
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Nun edificio anexo ao curtidoiro, de ladrillo, achábase no baixo o muíño de casca e no andar o secadoiro.
MAQUINARIA CONSERVADA: Non
USO ACTUAL: Local comercial.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1938	DATA DE PECHE: 1984

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252, 253, 254, 255 e 363.
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Rafael Rodríguez Jamardo e Ignacio Rodríguez Castro.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 63
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Ramón Martínez Freire.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: San Martiño de Noia.
LUGAR: San Breixo	ENDEREZO: Rúa Curros Enríquez, núm. 33.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.778445, -8.884602.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica contaba cun baixo duns 40 m^2 de superficie. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro atopábanse uns dous píos de curtir.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo cuberto a dúas augas.

MATERIAL: Ladrillo.

FORMA: Fábrica casa.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Sen uso.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE:

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
Non hai.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Ramón Martínez Freire.
3) A fábrica no aparece nas contribucións industriais.


CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 64
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Ramón Varela.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: San Martiño de Noia
LUGAR: Noia	ENDEREZO: Rúa Colombia, núm. 1.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.782625, -8.884457.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 200 m^2 cadanseu. As paredes eran de cachotes de granito galaico e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns oito ou dez píos de cachotaría de granito e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría da empresa. No andar ficaba o secadoiro dos coiros malia que tamén se poñían a secar os coiros polo chan do monte anexo á fábrica.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1971
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252, 253, 254 e 255.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Ramón Varela Riva. 3) A fábrica contaba cunha bomba de auga que fornecía de auga ao proceso de produción ao bombeala desde o río Traba, que pasa á súa beira, á fábrica de curtume. 4) Á beira do río Traba e do antigo curtidoiro érguese hoxe unha fermosa ponte de madeira que comunica ambas beiras do río.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 65
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Rasa de Arriba.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: Santa Cristina de Barro.
LUGAR: A Rasa de Arriba.	ENDEREZO: Aldea da Rasa de Arriba, núm. 41.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.788505, -8.876651.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 90 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castañeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro localizábanse uns catro ou cinco píos de curtir e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría do curtidoiro. Mentres que no andar ficaba o secadoiro dos coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A escasos metros da localización da fábrica principal, a familia Trillo contaba con outras instalacións onde desenvolvía tamén actividade curtidora. Este edificio complementario estaba estruturado nun baixo e nun andar duns 100 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de cachotes de granito galaico e o teito de madeira de castañeiro e tellas do país. No baixo deste curtidoiro había uns cinco ou seis píos de cachotaría de granito e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría da empresa. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: Posterior a 1965
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252, 253 e 254.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Cipriano Trillo Carneiro e Juan Trillo Belles. 3) As coordenadas google maps do segundo edificio fabril dos Trillo son as que seguen: 42.789125, -8.875472.	


CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 66
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Rei.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: Santa María de Argalo.
LUGAR: A Ponte de San Francisco.	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.767061, -8.883431.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica contaba cun baixo duns 70 m^2 de superficie. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro deitábanse uns catro píos de curtir.
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo cuberta a dúas augas.
MATERIAL: Ladrillo.
FORMA: Fábrica casa.
TIPO DE CONTORNA: Rural
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro secaba os coiros no propio predio onde se ergue a fábrica.
MAQUINARIA CONSERVADA: Non
USO ACTUAL: Sen uso
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: Non hai.
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron os membros da familia Rei. 3) Pasa á súa beira o río de Tallara do que se fornecía de auga o curtidoiro para empregar no proceso produtivo.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 67
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de San Breixo.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: San Martiño de Noia.
LUGAR: San Breixo	ENDEREZO: Rúa de San Breixo, núm.20.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.777543, -8.882693.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica contaba cun baixo duns 40 m^2 de superficie. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns dous píos de curtir.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo cuberto a dúas augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Residencial	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 252.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Vicente Domínguez Moledo e José Arurfe Domínguez.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 68
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Ulloa.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: San Martiño de Noia.
LUGAR: A Ponte de Traba.	ENDEREZO: Rúa Xosefa Armero Millares, núm. 10.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.784950, -8.883159.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 200 m^2 cadanseu. As paredes eran de cachotes de granito galaico e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns 15 píos de cachotaría de granito e achábase tamén o muíño de casca eléctrico. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Vivenda

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1923	DATA DE PECHE: 1965

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas: 252, 253 e 254.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Joaquín Ulloa Pestonit.
3) O curtidoiro atopábase cerca da fermosa Ponte de Traba.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 69
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Valbargos.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: Santa María de Argalo.
LUGAR: Valbargos	ENDEREZO: Lugar de Valbargos, núm. 39.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.777129, -8.904054.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 100 m^2 cadanseu. As paredes eran de cantaría de granito galaico e o teito de madeira de castiñeiro e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había uns cinco ou seis píos de cantaría de granito e achábase tamén o muíño de casca de cabalaría da empresa. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Perpiaños de granito.

FORMA: Fábrica casa.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Sen uso.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1959

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252, 253 e 254.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Ramón Mariño Neu.
3) Á beira do curtidoiro descorre o Río Argalo do que se fornecía de auga a fábrica.
4) A fábrica do Mariño acrecentaba dun embarcadoiro propio na ría para darlle saída comercial aos coiros.
5) No conxunto onde de edificios onde se erguía o curtidoiro atópase unha especie de hórreo secadoiro de grande singularidade dentro do panorama galego do curtido.


CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 70
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Vienés.	
CONCELLO: Noia	FREGUESÍA: Santa Mariña do Obre.
LUGAR: A Chaínza.	ENDEREZO: Rúa Miraflores, núm. 19.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.777696, -8.897402.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar duns 100 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castañeiro e tellas do país.
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro había tres ou catro píos de formigón e achábase tamén o muíño eléctrico da empresa. No andar ficaba o secadoiro dos coiros.
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.
MATERIAL: Ladrillo.
FORMA: Fábrica casa.
TIPO DE CONTORNA: Rural
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non
MAQUINARIA CONSERVADA: Non
USO ACTUAL:
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1938 — DATA DE PECHE: 1957
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACNO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 252 e 253.
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Ramón Pérez Noya e Segundo Pérez Queiro.

Concello de Ordes

<table>
<tr><td>CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 71</td></tr>
<tr><td colspan="2">DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Faya.</td></tr>
<tr><td>CONCELLO: Ordes</td><td>FREGUESÍA: Ordes</td></tr>
<tr><td>LUGAR: Ordes</td><td>ENDEREZO: Rúa do Recreo, núm. 16.</td></tr>
<tr><td>PROPIEDADE: Privada</td><td>COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.076226, -8.410452.</td></tr>
<tr><td>IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td>  </td><td> 
</td></tr>
<tr><td colspan="2">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume levantábase nun grande predio cercado por valado de pedra de cachotes dun metro e medio de altura máis ou menos. O edificio fabril contaba cun baixo e un andar duns 200 m^2 de superficie cadanseu. As paredes deste eran de cachotes, coñecida na zona coma pedra de xisto de Ordes, e estaba cuberto con tellas e madeira.</td></tr>
<tr><td colspan="2">DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica atopábanse uns 15 píos de ladrillo de curtir as peles e no andar a alcumada zona de remate do produto.</td></tr>
<tr><td colspan="2">TIPO DE CONSTRUCIÓN: A fábrica estaba estruturada nun baixo e nun andar cubertos a dúas augas.</td></tr>
<tr><td colspan="2">MATERIAL: Cachotes de xisto.</td></tr>
<tr><td colspan="2">FORMA: Fábrica nave.</td></tr>
<tr><td colspan="2">TIPO DE CONTORNA: Urbana</td></tr>
<tr><td colspan="2">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="2">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado</td></tr>
<tr><td colspan="2">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non</td></tr>
<tr><td colspan="2">MAQUINARIA CONSERVADA: Non</td></tr>
<tr><td colspan="2">USO ACTUAL:</td></tr>
<tr><td>DATA DE INICIO ACTIVIDADE:</td><td>DATA DE PECHE: Anos setenta.</td></tr>
<tr><td colspan="2">BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
PAZOS Manuel e PEREIRO LÓPEZ, Daniel, Ordes. Crónica fotográfica do século XX, A Coruña, Edicións Espiral Maior S.L., 2002, páx. 26</td></tr>
<tr><td colspan="2">OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
No ACCINS gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello de Ordes non se conservan copia destes documentos. Facer notar, para posteriores investigacións, que na documentación consultada dos anos 1922, 1925, 1934 e 1942 aparece como titular da fábrica Ramón Fraga Fernández e no ano 1954 Manuela Vilariño Fernández xa que as persoas informantes de Ordes fixan a propiedade deste curtidoiro na familia Faya, en concreto, na persoa de Ramón Faya Fernández procedente de Noia mais aveciñado en Ordes.</td></tr>
<tr><td colspan="2">NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación e tirouse dunha antiga fotografía aérea sobre do concello de Ordes.
2) O curtidoiro localizábase un sitio non escolleito ao chou. Erguíase á beira do regato chamado Mercurín, a uns 50 metros do matadoiro e a unha certa distancia do centro da vila.</td></tr>
</table>

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 72
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de San Ourente.	
CONCELLO: Outes	FREGUESÍA: San Ourente de Entíns.
LUGAR: A Seara	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.861445, -8.903070.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica localizábase no baixo e no andar dunha casa duns 80 m^2. As paredes son de pedra de cantaría e de cachotes de granito galego. A teitume é de madeira e de tella.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo había cinco píos para curtir as peles. No sobrado da casa atopábase parte do secadoiro da fábrica pois tamén se poñían a secar os coiros pola leira na que se ergue o edificio fabril.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: A fábrica estaba no baixo dunha casa que estivera destinada a vivenda.	
MATERIAL: Pedra de granito galega tanto en cachotes coma en perpiaños.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Anos centrais do século XX.	DATA DE PECHE: 1950
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: No ACCINS gárdanse documentos das contribucións industriais de varios anos. Este arquivo non ten sinaturas. No arquivo municipal do Concello de Outes non se conservan copia destes documentos.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi Emiliano López Blanco. 3) Combinando a fonte oral coa escasa documentación conservada, coidamos que a fábrica de curtumes non estaba dada de alta antes de 1945 e que está pechou no ano 1950.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 73
DENOMINACIÓN: PICUSA	
CONCELLO: Padrón	FREGUESÍA: Iria Flavia.
LUGAR: A Matanza.	ENDEREZO: Aldea A Matanza, núm. 2.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.739430, -8.649131.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Nas instalacións de PICUSA distínguese claramente dúas edificacións diferentes, por unha banda, a antiga fábrica de "Novo y Sierra" e, por outra, a actual PICUSA ergueita após a Guerra Civil española. Trátase de dúas grandes construcións que aquí só podemos describir de xeito moi xeral. A fábrica de "Novo y Sierra" estrutúrase nun baixo e nun andar cun curral aberto no centro do edificio. O edificio mide na súa fachada uns 40 metros, na parte Oeste uns 53,5 metros, na parte Sur uns 70 metros e na parte Leste uns 65 metros de lonxitude. As paredes son de perpiaños e o tellado, na actualidade, é de uralita. A fábrica ergueita a carón da anterior polo industrial Ignacio Zaragoza ten unha fasquía máis moderna. Ten unha planta en forma de rectángulo de 100 por 54 metros. Destaca nesta construción a sobranceira cheminea industrial que sobresae do edificio.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro de "Novo y Sierra" identifícanse uns 20 locais con funcionalidade diversa entre os que destacan os que seguen: 1) Tres grandes locais, na parte noroeste do edificio, dedicados a curtir peles nos que se achan uns 90 píos de perpiaño de granito. 2) Un grande local, na parte suroeste da fábrica, onde se atopan na actualidade bombos mecánicos e que no seu tempo se dedicou a lavadoiro. 3) A fachada leste da fábrica estaba ocupada por varios almacéns: seis de casca, un de drogas e outro de casca moída. 4) Arredor do curral localizábase un obradoiro de carpintaría, un bodega, unha caldeira, así coma, os baños tanto para cabaleiros coma para señoras. No andar localizábase o secadoiro da empresa, onde aínda se poden apreciar as instalacións metálicas que se empregaban a estes efectos na parte noroeste do edificio	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A escasos metros da fábrica de "Novo y Sierra" érguese outro edificio duns 15 por 23 metros que se aproveitaba para secadoiro da carnaza.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Si, no antigo curtidoiro consérvase cinco bombos de curtir -aínda empoleirados nas súas viguetas de formigón-, un feixe de cabaletes con rodas para transportar os coiros dun lugar a outro, a estrutura metálica e as máquinas que facilitaban o secado dos coiros, unha máquina para afiar as coitelas,	


entre outras.	
USO ACTUAL: A empresa PICUSA segue en activo.	USO PRECEDENTE:
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: Segue con actividade
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: ALONSO ÁLVAREZ, Luís; LINDOSO TATO, Elvira e VILAR RODRÍGUEZ, Margarita, "PICUSA, la tenería de Padrón, 1941-2006" en *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*, A Coruña, Confederación de Empresarios de La Coruña, Volume II, 2008, páxs. 260-275. FREIRE ESPARÍS, María Pilar, "Picusa. La única superviviente de la industria del curtido" en *Grandes Empresas. Grandes historias de Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2000, páxs. 234-235.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACP, Fonde de Facenda, Sinatura núm.: 1.396.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron "Novo y Sierra", Ignacio Zaragoza e, na actualidade, a familia Cortizo. 3) Debería estudarse a posibilidade de facer un museo no antigo edificio onde comezou a industria do coiro de "Novo y Sierra", xermolo da actual PICUSA, e hoxe sen un uso definido. E isto por dúas razóns fundamentais. Unha primeira xa que o propio edificio fabril se presta a estes usos pola súa beleza e consistencia arquitectónica. Unha segunda xa que a antiga fábrica está radicado no mesmo soar industrial da actual PICUSA. Por este motivo, este museo podería compaxinar unha temática de tipo xeral sobre a industria co curtido con unha máis particular sobre a historia deste empresa. 4) As referencias que se fan nesta ficha refírense ao antigo curtidoiro de "Novo y Sierra" a non ser que se especifique o contrario.	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 74
DENOMINACIÓN: **Curtidoiro "La América".**	
CONCELLO: Pontedeume	FREGUESÍA: San Miguel de Breamo.
LUGAR:	ENDEREZO: Avenida de Ferrol, núm. 2.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.409278, -8.174034.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume estaba formado por dúas grandes naves que se alongaban á beira da ría de Pontedeume e, inclusive, se adaptaban a unha lixeira curva que fai a ría entre a Torre dos Andrade e a ponte do ferrocarril. Estas naves contaban cun baixo e un andar cuxas paredes eran da cachotaría e a teitume de madeira e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Reproducimos un texto recolleito no seguinte enderezo da Rede: http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/234 (entrada o 28 de marzo de 2016): Di o que segue: ***"A fábrica de curtidos "La América" fora importante polo seu tamaño e por incorporar maquinaria moderna,*** *accionada mecanicamente. Unha caldeira e unha máquina de vapor proporcionaban dende 1864 a enerxía para o movemento de dous muíños de casca, un torno para as reparacións da fábrica e varios martelos para o batido* ***da sola. No tempo do arrendamento a "Hijos de Ramón Carnicer, S.A.", a industria vai incorporar novos*** *elementos de fabricación, como dous bombos de ribeira, dous bombos de curtume ao tanino, dous bombos de curtir ao cromo, unha máquina de descarnar, unha máquina de estirar sola, unha máquina de dividir pel, e outra maquinaria para o curtume rápido e o pintado das peles. Ademais das edificacións propias da fábrica, contábase cunha casa habitación na que residía o xerente e uns almacéns, aínda en pé, coñecidos como* ***"Lonxas de Raxoi".***	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Ver o apartado "DESCRICIÓN INTERIOR".	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: No soar onde se erguía o curtidoiro agora chántase o Colexio Público Couceiro Freijomil.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1864	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: ALONSO ÁLVAREZ, Luís; LINDOSO TATO, Elvira e VILAR RODRÍGUEZ, Margarita, "La América de R. Pardo y Cía (Pontedeume), 1864-1970" en *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*, A Coruña, Confederación de Empresarios de La Coruña, Volume I, 2008, páxs. 247-266. COSTAS FERNÁNDEZ, Lucía e MACEDO CORDAL, Carola, "Achega ao gremio de zapateiros e curtidores de Pontedeume nos séculos XVII-XVIII" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, Pontedeume, núm. 15 (2008), páxs. 289-380. NÚÑEZ BARROS, Rosana, "A industria do curtido en Pontedeume" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*,	

Pontedeume, núm. 1 (1994), páxs. 7-18. MEIJIDE PARDO, Antonio, "Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del S. XIX" en *Anuario Brigantino*, Betanzos, núm. 23 (2000), páxs. 243-247 [239-254].
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) ACPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 162, 163 e 1.245. 2) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/234 (entrada o 28 de marzo de 2016).
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida na seguinte referencia bibliográfica: ALONSO ÁLVAREZ, Luís; LINDOSO TATO, Elvira e VILAR RODRÍGUEZ, Margarita, *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*, A Coruña, Confederación de Empresarios de La Coruña, Volume I, 2008, páx. 41. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Thadeo Roberes, Benito Roberes de la Peña, Vicente Tenreiro Fernández, Ramón Tenreiro Fernández, Agustín Tenreiro Fernández, Rodrigo Pardo González e a sociedade catalá "Hijos e Ramón Carnicer, S.A.".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 75
DENOMINACIÓN: Curtidoiro das Casas do Rego.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: San Paio.
LUGAR: As Casas do Rego.	ENDEREZO: Rúa As Casas do Rego, núm. 3.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.883574, -8.554461.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O conxunto desta instalación industrial, estabelecida no ano 1791, abrangue unha superficie de terreo de 8.700 m^2, e está composta por unha serie de edificacións dentro dun perímetro totalmente pechado. A fábrica aínda conserva en perfecto estado a espléndida vivenda dos antigos propietarios, e dentro dun sobranceiro valado de pedra a meirande parte das súas instalacións. Trátase, pois, dunha instalación industrial de gran interese pola súa estrutura, implantación na contorna, o seu peculiar carácter e valor ambiental.	
DESCRICIÓN INTERIOR: A magnitude do conxunto industrial non facilita unha breve descrición interna deste. Simplemente indicar que a comezos do século XX o curtidoiro tributaba por 104 m^3 píos de asento, por 100 m^3 píos de mudanza e por 18 m^3 píos de becerro, así como, por un muíño de auga. AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.767 e seguintes.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Inmobiliario. Está proxectada unha promoción inmobiliaria de vivendas.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1791	DATA DE PECHE: 1969
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., sinaturas: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.780, 1.786, 1.788, 1.789, 1.790, 1.792, 1.793, 1.795, 1.796, 1.803, 1.804, 1.806, 1.807, 1.809, 1.810, 1.811, 1.812, 1.813 e 1.814. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/073 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada a préstamo na seguinte referencia: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 127.	

2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Juan Elizalde, Domingo Dainciart, Bernardo Eleicegui, María Dainciart, Bernardo Máiz, Bernardo Máiz Eleicegui, Jesús Juanatey Laranga, Guillermo Fernández Juanatey e Alfonso Fernández Juanatey. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 127-129.
3) O curtidoiro estaba emprazado nun sitio inmellorábel, para fornecerse de auga, xusto onde desauga o rego de Bar no río Sarela.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 76
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Campo do Espiño ou do Río dos Sapos.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Santiago de Compostela.
LUGAR: Santiago de Compostela.	ENDEREZO: Rúa da Fonte do Ouro, núm. 14.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.884421, -8.549850.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtidos estrutúrase nun baixo e nun andar duns 150m^2 cadanseu. As paredes son de cachotaría, aínda que as zonas nobres do edificio son de perpiaño de granito, a teitume era de madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Juan Jaureguiberri estableceu no ano 1808 unha pequena construción situada no Campo do Espiño, na beira leste do río Sarela. Estaba formada por oito pilos grandes e un lavadoiro de coiros. Nos últimos anos de actividade, o empresario noiés Guillermo Fernández Juanatey duplica o número de píos e mellora o acabado da sola con nova maquinaria. Na actualidade, non se conservan pegadas das antigas angueiras de curtir que se desenvolveron no interior deste edificio. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs.161-163.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a tres augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1808	DATA DE PECHE: 1953
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778 e 1.779. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/085 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Juan Jaureguiberri, Silverio Moreno Ibáñez, Silverio Moreno Rey, Manuel Moreno García Pan e Guillermo Fernández Juanatey. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs.161-163.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 77
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Carme de Garra-Harguindey.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Santiago de Compostela.
LUGAR: Santiago de Compostela.	ENDEREZO: Rúa Rueiro de Figueiriñas, núm. 28.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.881354, -8.554324.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Servímonos da descrición feita na seguinte obra: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 138, cuxo dicir anda nesto: ***"O curtidoiro do Carme, situado á beira do río Sarela e a continuación da do Carme-Entrerríos en dirección ao Rueiro, mantívose ata moi recentemente tal e como ficara ao intre do seu pasamento industrial. Nestes últimos anos foi transformada interiormente, ao igual que a antiga tenería de a carón, para usos residenciais. A actual urbanización conserva en todo caso a volumetría e mais a fasquía externa da antiga fábrica de curtidos, así como algunha das rodas de moe-la casca e a ponte que, sorteando a canle interior, comunicaba as dúas partes do establecemento."***	
DESCRICIÓN INTERIOR: A fábrica era dunhas dimensións considerábeis con varios edificios chantados nunha mesma contorna o que dificulta unha breve descrición do conxunto industrial. Simplemente indicar que a comezos do século XX o curtidoiro tributaba por 155 m^3 de mudanza e por 138 m^3 de alpages, así como, por un muíño de auga. AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.767 e seguintes.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A finais do século XIX o curtidoiro substitúe o tradicional muíño de casca a tracción animal por unha máquina de ferro de moderna construción que se pon en movemento cunha roda hidráulica de paletas de madeira de carballo. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 136.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Conxunto residencial.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1797	DATA DE PECHE: 1925
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., sinaturas: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774 e 1.775. 2) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/076 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada a préstamo na seguinte referencia: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 135.	

2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Beltrán Garra, Inés Alvariño, José Santiago Eleicegui, María Garra, Juan Harguindey Broussain e Juan Harguindey Pérez Santamaría. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 134- 138.

3) Na actualidade, o curtidoiro do Carme de Carra-Harguindey forma parte dunha mesma urbanización coa contigua e tamén antiga fábrica coñecida como de Carme-Enterrios ou de Elicegui. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 145.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 78
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Guadalupe.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Vista Alegre.
LUGAR: Vite de Arriba.	ENDEREZO: Barrio de Vite.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.890107, -8.536802.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro de Guadalupe foi un edificio industrial sobranceiro en Compostela durante máis de cen anos, do que destacaba a serodia cheminea que domina a contorna paisaxística da fábrica. O edificio principal estruturábase nun baixo e nun andar de grandes dimensións. As paredes eran de cachotaría agás nas zonas nobres, como portas e xanelas, nas que se empregaron perpiaños. Os tellados foron construídos con madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: **"***Contra o ano 1900 montárase xa unha máquina de vapor para mover o muíño de casca e algunha maquinaria de acabado e, á par dela, unha cheminea que axiña se transformou, nunha cidade na que eran estas escasas, nunha das marcas de identidade de Guadalupe. No 1903 foi un dos primeiros establecementos industriais da comarca en utilizar a electricidade para usos industriais, precisamente para suplantar á forza do vapor instalada pouco antes. Xa a comezos dos vinte substituirá os caleiros por molinetes e fora a primeira fábrica compostelán en montar un bombo xiratorio para a realización dos labores de ribeira. (...) Nos anos cincuenta, baixo a razón social de "Hijos de Juan Harguindey" deuse o último pulo de modernización da factoría, co que se trataba de mecanizar a maior parte das tarefas de acabado; deste xeito introducíronse cilindros mecánicos para o estirado da sola, máquinas de dividir, de descarnar, etc.".* Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 159-160.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Barrio residencial.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1806	DATA DE PECHE: 1971
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., sinaturas: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.784, 1.785, 1.786, 1.787, 1.789, 1.790, 1.792, 1.793, 1.795, 1.796, 1.797, 1.798, 1.799, 1.802, 1.803, 1.804, 1.806, 1.807, 1.809, 1.810, 1.811, 1.812, 1.813 e 1.814. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/084 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida na seguinte referencia bibliográfica: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 156. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Anselmo Cabello, José Cabello,	

Ventura Rivera, Juan Harguindey Broussain e Juan Harguindey Pérez. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*… páxs. 156-160.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 79
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Hospicio Vello.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Vidán
LUGAR:	ENDEREZO: Rúa Santo Ignacio do Monte, núm. 25.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.869569, -8.565313.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e nun andar e debuxaba unha planta irregular tal e como se pode ver na "IMAXE CARACTERÍSTICA" desta ficha.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O curtidoiro tributaba á Facenda a comezos da súa andaina, no alborexar o século XX, por 24 m^3 de píos de mudanza, por 32 m^3 de píos de asento e por 14 m^3 de píos de becerro. Mantendo na súa etapa final na primeira parte dos anos cincuenta un tributación por 20 m^3 de píos de curtir -datos tirados das contribucións industriais sinaladas máis abaixo nesta propia ficha-.Polo demais, o curtidoiro ***"non contaba con nengún elemento mecánico nen nos labores de ribeira nen de remata"***. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 179.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Hospital público	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: *circa* 1904.	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., sinaturas: 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.784, 1.785, 1.786, 1.787, 1.789, 1.790, 1.792, 1.793, 1.795, 1.796, 1.797, 1.798, 1.799, 1.802, 1.803, 1.804, 1.806, 1.807, 1.809, 1.810, 1.811, 1.812, 1.813 e 1.814. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/095 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 9 de decembro de 2016). 2) A principal persoa empresaria desta fábrica de curtume foi José López París. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 179.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 80
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Juanatey do Rueiro de Figueiriñas.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Santiago de Compostela.
LUGAR: Santiago de Compostela.	ENDEREZO: Rueiro Figueiriñas, núm. 4 C.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.883351, -8.555976.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Nos seus comezos, na década dos anos vinte do século pasado, o curtidoiro ***"aínda que non do tamaño dos de Ponte Pedriña ou Guadalupe, agrupaba un feixe de pequenos edificios que en conxunto formaban unha extensión non desprezábel".*** CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 180.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Hai que pór de relevo o certo pulo mecanicista que puxo no agromar dos anos corenta o empresario Jesús Juanatey coa introdución de ***"dous bombos para curtir polo sistema mixto combinado o uso de extractos e casca en estado natural, pasando así a ser esta, a carón da fábrica de Guadalupe, unha das dúas únicas compostelás que aínda que non dun xeito completo, foron quen de facer evoluir os seus procedementos de traballo.*** CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 180.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1922	DATA DE PECHE: 1961
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.797, 1.798, 1.804, 1.806, 1.807, 1.809, 1.810, 1.811, 1.812, 1.813 e 1.814. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/096 (entrada o 9 de decembro de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016). 2) A principal persoa empresaria desta fábrica de curtume foi Jesús Juanatey Laranga. Posteriormente, a fábrica foi rexida por unha sociedade mercantil denominada Tenerías e	

Industrias Gallegas, S.L. (T.I.G.A.). Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 179-180.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 81
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Laraño-Igrexa ou Laraño-Santomil.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Laraño
LUGAR: A Amañecida.	ENDEREZO: .
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.867998, -8.579274 (aprox.).
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica non era moi grande se a comparamos coas outras fábricas de Compostela. Na actualidade consérvanse a maior parte dos muros, os píos e o círculo de pedra do antigo muíño de casca, ademais da magnífica carballeira propia coa que contaba á fábrica empoleirada diante desta. Como na meirande parte dos curtidoiros do país que ficaron abandonados a cuberta caiu e hoxe ren fica dela. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, A Compostela Industrial... páx. 177.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No ano 1840 contaba con oito píos e, andado o tempo, en 1901 acrecentaba 73 m^3 de píos de mudanza, para a preparación da pel, e 35 de píos nos que se realizaba o curtido propiamente dito. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 175-176.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1827	DATA DE PECHE: 1909
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/092 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida da seguinte obra: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 176. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Martín Dartayet, Bernardo Aguerre Gaztambide Santiago Aguerre e Benigno Aguerre Rodríguez. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 175-177.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 82
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Lavacolla.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: San Paio de Sabugueira.
LUGAR: A Lavacolla	ENDEREZO: Lugar da Lavacolla, núm. 53.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.900615, -8.447922.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O antigo conxunto fabril esta ocupado en parte na actualidade por un restaurante e o resto por vivendas. Aínda que algo transformados, consérvanse os máis dos edificios de xeito cá volumetría actual responde basicamente á de hai un século. A porta principal, cun bonito arco de perpiaño está flanqueada por dúas construcións do mesmo material; á dereita, a Casa do Balcón na que viviron tradicionalmente os propietarios da fábrica; detrás dela, a Casa do Forno. Á esquerda, unha casa de habitación e detrás, a poucos metros, unha das naves da antiga fábrica na que aínda baixo unha placa se conservan os píos. No centro e ao fondo, onde na actualidade está o restaurante, o corpo principal da fábrica, que é o que sufriu unha transformación máis profunda. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 149-150.

DESCRICIÓN INTERIOR: Ver "DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR".

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Perpiaños de granito.

FORMA: Fábrica fechada.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Restaurante e vivendas.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1801	DATA DE PECHE: 1910

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/081 (entrada o 14 de abril de 2016).

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida na seguinte obra: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 149.
2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Gregorio Ambrós, Francisco Rodríguez Abella, os irmáns Rodríguez Ferreiro e Juan Harguindey Broussain. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 147-148.
3) Nunha das naves do antigo curtidoiro encóntrase un dos mellores lavadoiros conservados en Galicia, co seu solo lousado e inclinado caras as beiras para facilitar a saída da auga.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 83
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Oryarzábal en Figueiriñas.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Santiago de Compostela.
LUGAR: Santiago de Compostela.	ENDEREZO: Rúa Rueiro de Figueiriñas, núm. 26-30.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.881969, -8.555272.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e nun andar duns 200 m^2 de superficie cadansúa. As paredes foron ergueitas con cachotaría de granito e a teitume cubriuse con madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No abrente do século XX, nos derradeiros anos de actividade desta fábrica, tributaba á Facenda por 12 m^3 de píos de curtir sola e por 18 m ^{3} de píos de curtir becerro, así como, por un muíño de casca de cabalaría -datos tirados das contribucións industriais detalladas máis abaixo nesta propia ficha-.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: circa 1810.	DATA DE PECHE: 1910
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777 e 1.778. 2) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/087 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Juan Bautista Oyarzábal, Juan Iribaregaray e Antonio Pereira Anido. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 166-168.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 84


DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Picaños.

CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Sar
LUGAR: Picaños	ENDEREZO: Rúa da Ponte do Sar, núm. 70.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.869807, -8.533403.

IMAXE CARACTERÍSTICA



LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS



DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e nun andar de grandes dimensións. As paredes era de pedra e o teito de madeira e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: Xa no ano 1829 a fábrica contaba cun almacén de casca, oficinas, doce píos, dúas leiteiras e un predio de oito ferrados que completaba o conxunto industrial. Na segunda parte do século XIX introdúcense na fábrica innovacións que lle darán un certo pulo nos anos posteriores. Unha destas innovacións foi a adquisición dunha pequena máquina de vapor para mover o muíño de casca. Arrombando así a unha mula "llamada la Castellana, de alzada seis cuartos y un dedo", que era até aquela a que realizaba a tarefa. Deste xeito, o curtidoiro converterse en pioneiro na utilización da nova enerxía, aínda que nunha medida moi limitada, na comarca compostelá. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, A Compostela Industrial... páxs. 171-172.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría.

FORMA: Fábrica fechada.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Vivenda

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: circa 1829.	DATA DE PECHE: 1965

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.784, 1.785, 1.813 e 1.814.
2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas.
3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/090 (entrada o 14 de abril de 2016).

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida na seguinte obra: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 171.
2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Juan Harguindey Garra, Santiago Harguindey Garra, Juan Bernardo Harguindey Broussain, Santiago Harguindey Broussain e Laureano Otero Buján. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 171-173.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 85
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Ponte Pedriña de Arriba.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Vista Alegre.
LUGAR: Ponte Pedriña de Arriba.	ENDEREZO: Rúa da Pontepedriña de Arriba, núm. 13.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.900213, -8.549143.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Ver "DESCRICIÓN INTERIOR".

DESCRICIÓN INTERIOR: ***"DESCRIPCIÓN DA FÁBRICA DE CURTIDOS DE PONTE PEDRIÑA DE ARRIBA NO ANO*** *1864. Componse na súa totalidade de varios locais unidos; o primeiro á parte do Norte é destinado a palleira e almacén de sola con secadoiro sobre o mesmo, formando un rectángulo de 25 e 6 polgadas de ancho por 156 pés de longo. Segue cara o Sur formando martelo co anterior local, outro destinado a almacén de casca que ten de longo 43 por 27 pés de ancho. Continúa ao Sur outro local formando martelo en parte co referido, dividido en varios departamentos destinados a almacén de casca que ten de longo 90 por 45 pés de ancho. Unido tamén ao Sur e formando martelo entrante co antecedente local, outro destinado a cortello de cabalos co seu acceso fronteirizo á porta de entrada, que ten de longo 24 pés por 16,5 de ancho. Ao antecedente local segue unida a casa habitación formando martelo saínte con aquel, dividido o seu primeiro corpo por unha medianeira que separa so baixos en dous departamentos, o da porta traseira destinado a muiño de casca, e o da fachada dianteira dunha tenda, bodega e acceso, co seu piso alto de tres cuartos de habitación, cociña e faiado, cuxa casa coas oficinas referidas ten de longo 45 por 32 de ancho. Pola parte do Sur, unido á casa existe outro local dividido por un medianeira o cal conten 17 píos de asento e un de leiteira (...) e a dianteira con faiado ten de longo 45 por 21. Contiguo co anterior polo Sur outro departamento con 10 píos de asento, 16 pequenos preparatorios e dous de leiteiras, sobre o mesmo un secadoiro de zurrar e ten de longo 57 por 27 de ancho. Ao Oeste do antecedente local segue outra peza con dous píos leiteiros de augas, que ten de longo 33 por 15, en comunicación cos dous anteriores locais e unido ao Sur hai outro departamento con 18 píos de asento e un de leiteira todos inútiles e deteriorados, o cal ten de longo 43 pés por 21 de ancho. Unido así mesmo ao Sur do antecedente local segue un cortello de cabalos co seu faiado, a que ten de longo 27 por 24 continuando unido tamén ao Sur do antecedente cortello un pequeno local destinado a cociña e sobre ela un cuarto dormitorio de 16 por 16. No extremo Sur do referido local e unido á parede do Leste segue o portal que da a entrada ao circundando da fábrica, e ao Leste do mesmo hai outro local dividido en dous departamentos por unha medianeira e ambos de comunicación, achándose nun 8 píos de mudanza e un sitio de cociña so seu fogar, e no outro 10 píos cinco deles inútiles, outros dous leiteiros de augas, o lavadoiro e o muíño de casca, cuberto co seu faiado para depósito de cola, cuxos locais teñen de longo 60 por 57, Unido ao Sur do antecedente departamento formando martelo co mesmo existe outro local que sirve de caleira con seis píos para cal, e dous de remollo o que ten de longo 40 por 24 de ancho"***. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003, páxs. 121-122.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Ver "DESCRICIÓN INTERIOR".

MATERIAL: Cachotaría.

FORMA: Fábrica fechada.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Bo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Ver **"DESCRICIÓN INTERIOR".**	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Académico (proxecto).	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1784	DATA DE PECHE: 1961
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.780, 1.781, 1.782, 1.783, 1.784, 1.785, 1.786, 1.788, 1.789, 1.790, 1.792, 1.793, 1.795, 1.796, 1.797, 1.798, 1.799, 1.802, 1.803, 1.804, 1.806, 1.807, 1.809, 1.810, 1.811, 1.812, 1.813 e 1.814. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/071 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada na seguinte obra: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*… páx. 60. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Ignacio Calvo Cárdenas, Manuel Abendaño, Manuel de la Riva Montero, Luís de la Riva, José Carlos Vilas Patiño, Arturo Vilas Molezún e José Fernández Vilas. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*… páxs. 118-121.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 86
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de San Ignacio do Monte.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Vista Alegre.
LUGAR: San Ignacio do Monte.	ENDEREZO: Lugar Santo Ignacio do Monte, núm. 4.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.892063, -8.554637.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e nun andar duns 200 m^2 cadanseu. As paredes eran de cachotaría agás as zonas nobres, coma portas e xanelas, para as que se empregaron perpiaños. A teitume esta construída con madeira e con tellas do país. O fábrica ocupaba unha das beiras do conxunto construído xa que outras edificacións pechaban un curral que había no interior do devandito conxunto.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica estaban os píos de curtir. Segundo as contribucións industriais no ano 1893 tributábase por 67 m^3 de sola e por 10 m^3 de becerro. AHUS, A.M.,Sinatura núm.: 1.761.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Abandonado	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Comezos do século XIX.	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., sinaturas: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.784, 1.785, 1.786, 1.787, 1.789, 1.790, 1.792, 1.793, 1.795, 1.796, 1.797 e 1.798. 2) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/086 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Guillermo Portasany, Manuel Núñez, Domingo Elicegui, José López Roo, Ramón López París e Crisantemo Antelo Mayo. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 163-165 e 179.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 87
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de San Nicolás do Sar.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Santiago de Compostela.
LUGAR: Santiago de Compostela.	ENDEREZO: Rúa do Sar, núm. 1.
PROPIEDADE: Privada e pública.	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.875413, -8.539162.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Ver "DESCRICIÓN INTERIOR".	
DESCRICIÓN INTERIOR: ***"Da antiga** fábrica de Sar, consérvase aínda hoxe unha parte substancial. Onde estaba a casa vivenda e mais unha parte dos locais nos que funcionou a fábrica de gasosas atópase hoxe un coñecido restaurante, que tendo modificado só o estritamente preciso para poder funcionar como tal, aproveita así un espléndido marco para a súa actividade. Detrás do restaurante, que ten á súa fronte á rúa do Sar e mais á do Olvido, consérvanse os antigos departamentos da tenería, situados nunha encosta e afastados entre si por un amplo paso empedrado. Na beira dereita, o edificio da mudanza co seu regato de auga no baixo e co sequeiro de sola nun primeiro andar hoxe xa caído; ao seu carón, o local destinado a depósito de casca. Na beira esquerda, o edificio do lavadoiro -que tiña no andar superior o local de zurraxe, do que non queda nada- e mais o que aloxaba o muíño de casca. Fronte á entrada, perpendicular aos dous bloques anteriores mantense en pé a nave que se utilizaba para almacenar a casca xa usada e destinada a combustíbel. A maior parte dos píos consérvanse baixo os restos dos esfarelados tellados."* Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 141-142.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (unha parte das antigas instalacións).	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:1803	DATA DE PECHE: 1910
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777 e 1.778. 2) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/077 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Manuel Alonso de Huidobro, Santiago Harguindey Garra, Juana Broussain, e José Benito Harguindey Broussain. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 138-141.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 88
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Ribeira de San Lourenzo ou de Santaló.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: San Paio.
LUGAR: A Ponte Sarela.	ENDEREZO: Rúa dos Asidros, núm. 4.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.879241, -8.561236.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estaba formado por un conxunto de edificios fabrís que se penduraban pola Ribeira de San Lourenzo á beira do río Sarela. Os edificios érguense coas mesmas lóxicas construtivas dos seus colegas composteláns, é dicir, estrutúranse nun baixo e nun andar, con paredes de pedra de cachotaría e cuberta de madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Ao pouco de comezar a actividade fabril, a finais do século XVIII, o curtidoiro xa contaba con 30 píos de curtir e, pasados os anos, no agromar do século XX, a fábrica declaraba á Facenda que acrecentaba169 m^3 de píos para curtir sola e máis un muíño de auga.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.):	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Abandonado. Unha parte rehabilitouse para uso residencial.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1790	DATA DE PECHE: 1959
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHUS, A.M., Sinaturas núms.: 1.759, 1.760, 1.761, 1.762, 1.763, 1.764, 1.765, 1.766, 1.767, 1.768, 1.769, 1.770, 1.771, 1.772, 1.773, 1.774, 1.775, 1.776, 1.777, 1.778, 1.779, 1.784, 1.785, 1.786, 1.788, 1.789, 1.790, 1.792, 1.793, 1.795, 1.796, 1.797, 1.798, 1.799, 1.802, 1.803, 1.804, 1.806, 1.807, 1.809, 1.810, 1.811, 1.812, 1.813 e 1.814. 2) ACS, Fondo de Facenda, sen sinaturas. 3) http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/072 (entrada o 14 de abril de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha apañouse da seguinte obra: CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páx. 123. 2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Antonio Espino, Juan Cañellas, Francisco Antonio Vilomara, Martín Dartayet, Manuel Santaló Domenech, Manuel Santaló Vilomara, Francisco Santaló Vilomara, Bernardo Santaló Ituarte, Ricardo Santaló Ituarte, José Carlos Vilas Patiño, Santiago Harguindey Broussain e Ladislao Pérez Llano. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 124-127.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO:89
DENOMINACIÓN: Curtidoiro das Trompas.	
CONCELLO: Santiago de Compostela.	FREGUESÍA: Santiago de Compostela.
LUGAR: Santiago de Compostela.	ENDEREZO: Parque de Belvís, núm. 1.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.878051, -8.538925.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Da antiga fábrica das Trompas só se conserva unha parte das instalacións produtivas das que debeu de contar no pasado. Trátase dunha nave empoleirada no medio do parque Belvís da capital de Galicia. Ten uns 100 m^2 de planta e outros tantos no andar. As paredes eran de cachotaría e o teito de madeira e tellas.

DESCRICIÓN INTERIOR: No seu interior había "catro pozos caleiros de ladrillo e lousa, catro nichos de lavadoiro de cantaría, doce nichos de mudanza, catro ídem dobre longo para asentos e dúas leiteiras para facer augas do mesmo, todos unidos e seguidos; vinte nichos para mudanzas, catro asentos e dous leiteiros para augas tamén unidos (...)". CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003, páx. 115.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Centro de Interpretación dos Parques e Xardíns de Compostela.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Derradeiro cuarto do século XVIII. | DATA DE PECHE: Circa 1860.

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Compostela, Consorcio de Santiago, 2003.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/070 (entrada o 14 de abril de 2016).

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron Joseph Servida, Gaspar Servida, Andrés Fariña Tarrío, Andrés Fariña Martínez, Teresa Vilamora. Cf. CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, *A Compostela Industrial*... páxs. 114-116.
3) O curtidoiro das Trompas non tivo actividade curtidora no século XX xa que espernexou na centuria anterior. Malia isto, optamos por incluír esta fábrica no Catálogo de fabrica de curtumes de Galicia tanto polo relevo que tivo no seu día, pois foi o primeiro curtidoiro de Compostela, coma pola certa singularidade que acrecenta a restauración do inmóbel.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 90
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Antelo.	
CONCELLO: Val do Dubra.	FREGUESÍA: Rial
LUGAR: Chousa do Mato.	ENDEREZO: Rial, núm. 24.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.037863, -8.666793.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro do Antelo está erguido con pedra do país de pequeno tamaño -cachotaría- e na actualidade engadíronselle remendos con bloques. A estrutura contaba cun baixo e un andar duns 100 m^2 cadanseu. No presente a cuberta a dúas augas é de uralita.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo atópanse os 14 píos de formigón onde se levaba a cabo o procedemento de curtir as peles. Antes de chegar o formigón ao Val do Dubra eran de madeira de piñeiro. O segundo andar estaba destinado parte a secadoiro, parte a desenvolver as angueiras do remate do produto.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Entre a fábrica e o rego do Loureiro atopábase o muíño de casca turrado por cabalería. En contraste co que foi corrente en Galicia, o muíño dos Antelo nin estaba dentro do edificio fabril, nin estaba nun edificio *ad hoc* nin acrecentaba unha cuberta que o protexera de eventuais inclemencias.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non hai.	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1951	DATA DE PECHE: 1966
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: ACVL, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 464.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi Manuel Antelo Rodríguez. 3) No curtidoiro do Antelo aínda se conserva un antigo pote de cobre que se empregaba no proceso de curtir as peles na fábrica para quentar os cachos de animais mortos co fin de conseguir graxa que logo se empregaría noutras fases do proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 91

DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Pelachín.

CONCELLO: Val do Dubra.	FREGUESÍA: Rial
LUGAR: Arnexo	ENDEREZO: Arnexo, núm. 9.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.047264, -8.6791572.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume do Pelachín estaba ergueita con pedra do país e estaba estruturada nun baixo e un andar. O curtidoiro do Pelachín estaba chantado nunha costa. Amais de ser un feito con certa singularidade no panorama galego, as persoas construtoras tiveron que deseñar un edificio fabril que superase tal eiva.

DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo estaba ocupado polo muíño de casca, uns 13 píos de curtir e mailo almacén de casca. Polo que se refire ao andar, nel atopábanse o secadoiro, o almacén -que se achaba nos dous niveis- e mailo obradoiro de produtos en coiro da propia empresa.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): o curtidoiro contaba cun muíño de cabalaría para esmagar a casca. Ademais, había un obradoiro de produtos en coiro da propia empresa que contaba cunha máquina de coser para os zocos. Parte destes coiros producidos dedicábanse á produción propia de zocos e zapatos con destino ás feiras próximas á fábrica. De feito, na feira de Bembibre había unha pedra alcumada do Pelachín onde vendía o empresario os zocos.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non hai.

USO ACTUAL: Vivenda

DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1933	DATA DE PECHE: 1964

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
ACVL, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 464.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresario desta fábrica de curtume foron Maximino Recarey Pena e Manuel Rey Recarey.
3) Á beira deste curtidoiro non pasaba nin río nin regato, xa que logo, tiña o seu propio manancial para fornecer de auga a proceso produtivo.

PROVINCIA DE LUGO

Concello de Alfoz

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 92</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Liñar.</td></tr>
<tr><td>CONCELLO: Alfoz</td><td colspan="2">FREGUESÍA: San Pedro de Mor.</td></tr>
<tr><td>LUGAR: O Liñar.</td><td colspan="2">ENDEREZO: O Liñar, s/n.</td></tr>
<tr><td>PROPIEDADE: Privada</td><td colspan="2">COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.540542, -7.423578.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td>  </td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A instalación fabril está fechada con valado de cachotaría de granito por todos os seus ventos, conformando un recinto fechado de 1.480 m^2. A edificación principal consta de 3 naves contiguas de 67, 120 e 89 m^2 respectivamente en dirección Oeste-Leste. Son construcións estruturadas nun baixo e nun andar con lousado a dúas augas. O andar superior está a nivel do recinto, mentres a planta baixa está escavada no lado Norte xa que se aproveitou a pendente natural do terreo.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: A nave Oeste, da que se conservan as paredes, tiña pías na planta baixa (dado que na escavación acreditouse a presenza parcial da base dos muros das pías), mais foron eliminadas antano para a utilización dese andar como corte para o gando, polo que se descoñecen o número. O primeiro andar serviu coma escola do Reirado a mediados do século XX e coma vivenda desde os anos 60 e até os 80. Posteriormente, quedou sen uso mais nun aceptábel grao de conservación do lousado e dos cerramentos. Actualmente, é utilizada como vivenda tras unha rehabilitación realizada no 2011.
A nave central é a maior do conxunto fabril e aínda conserva as paredes e as pías (15 en total), así coma as canles de condución da auga. Constaba igualmente de dous andares e pódese apreciar, pola presenza dun vertedoiro e da boca dun forno de pan, que o superior foi empregado como vivenda.
A nave leste atópase parcialmente derrubada, aínda que conserva as 11 pías, e as canles de condución da auga e drenaxe. O primeiro andar empregouse como vivenda até os anos 60, momento no que tivo que ser abandonada debido ao avanzado grao de deterioro.
Todas as pías da instalación responden ao mesmo esquema construtivo: muro de coio de 40cm de grosor impermeabilizado con morteiro de barro e cal, e rematado con "pezas" de granito, algunhas delas traballadas a modo de canle de condución da auga. Gran parte das pías constan de drenaxes ben cara ao exterior do edificio ou ben cara ás pías contiguas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: As edificacións están construídas fundamentalmente en cachotaría de granito, se ben utilizouse extensamente coio de aluvión do rego que pasa preto (xógaras) en case todas as construcións, e case exclusivamente nas paredes das pías. As xógaras selábanse con cal para darlle estabilidade a construción.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Fábrica fechada.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica tamén dispuña dun secadoiro de peles (71 m^2) e dun alpendre (41m^2) probabelmente utilizado como almacén da cortiza. Aínda están en pé tamén un pequeno pendello, empregado como galiñeiro, e un forno de pan.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MAQUINARIA CONSERVADA: Anexo ao curtidoiro, fica a nave onde se realizaba a moenda da casca (68m^2), coma testemuña a pedra de moer atopada durante a limpeza e a escavación da construción. Actualmente é</td></tr>
</table>

utilizada como vivenda.	
USO ACTUAL: Parte da fábrica está destinada a vivenda.	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1915
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.962, 15.964, 15.965, 15.966 e 15.968.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi cedida por Marco Candia. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi José Pérez Mon. 3) O curtidoiro aniñou a 80 metros do Rego de Ferreira, pouco antes de que verta no río Ouro, mais a unha cota 15 metros superior polo que non recollía a auga para o proceso deste río, senón dun manancial que abrolla moi pretiño. Actualmente utilízase como traída de auga privada.	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 93

DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Penido.

CONCELLO: Alfoz	FREGUESÍA: O Reirado
LUGAR: O Penido	ENDEREZO: Lugar do Penido, núm. 1.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.541891, -7.429562.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio fabril conta cun baixo e un andar feitos con grandes perpiaños de pedra granítica galega traballada. As paredes exteriores están encaladas e presentan varias xanelas e portas. O teito é de lousa do país. A fachada principal está orientada cara dentro do recinto.

DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo do curtidoiro contaba cuns oito píos de perpiaños de granito. O primeiro andar empregábase para as angueiras de remata do proceso produtivo.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Perpiaños de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica localízase nun predio duns catro ferrados alfocenses (714 m^2) cercado por un valado duns tres metros de altura de pedra de perpiaño de granito. Neste predio erguíase, amais da fábrica, un secadoiro coa base de pedra e alzado de madeira polo Norte e o Oeste xa que polo Leste facía de parede deste a cerca de pedra do predio. O teito, que xa non se conserva, era de lousa do país. A planta tiña forma de triangulo e unha dimensión duns 70 m^2. Neste predio cercado tamén se chantaba a vivenda familiar do empresario en cuxo baixo se emprazaba o muíño de casca polo que turraba un burro. A carón desta vivenda había un alpendre que se empregaba coma almacén de casca duns 50 m^2.

MAQUINARIA CONSERVADA: Moa do antigo muíño de cabalaría e varios coitelos dos que se empregaban no proceso industrial.

USO ACTUAL: Almacenamento

DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1902	DATA DE PECHE: 1936

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.


OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.968, 15.964, 15.965, 15.606, 15.607, 15.609, 16.133, 16.135, 16.136, 16.137, 16.138, 16.139 e 16.140.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi cedida por Marco Candia.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi José Sixto García.
3) A carón do curtidoiro pasa o regato de Ferreira, pouco antes de verter no río Ouro, do que se fornecía de auga á fábrica do Penido.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 94
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Ferrería.	
CONCELLO: Becerreá	FREGUESÍA: San Xoán de Agüeira.
LUGAR: A Ferrería	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.818536, -7.114549.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes ten un baixo e un andar duns 300m^2 de superficie cadanseu. As paredes son de cachotes de xisto do país. O edificio está cuberto con tellado de madeira e lousa.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo atópanse os píos de curtir que na actualidade están tapados cun piso de madeira. Son uns cinco ou seis pelamios de cachotaría de xisto do país. No andar era onde se localizaba o secadoiro do curtidoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría de lousa do país.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica de curtume empregaba a auga do río Navia con diversos fins. En efecto, no río Navia hai unha presa, á beira do predio onde se localiza o curtidoiro, pola que se desvía a auga cara un muíño fariñeiro da mesma propiedade. Posteriormente, a auga segue cara o curtidoiro onde se empregaba no proceso produtivo da empresa. Logo, a auga corría cara o muíño de casca que o impulsaba para esmagar a casca de ameneiro. Finalmente, desaugaba outra vez no río Navia. O muíño de casca localizábase nun local duns 40 m^2 de superficie de pedra de cachotaría tellado con lousa que se conserva en estado ruinoso.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non.	
USO ACTUAL: Almacenamento (palleira).	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1915
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.968, 15.964 e 15.962.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi cedida por Ignacio Ruiz López. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Marcial Vega. 3) O edificio onde se localizaba o curtidoiro foi recentemente rehabilitado.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 95
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Pedrolas.	
CONCELLO: Castroverde	FREGUESÍA: San Cosme de Barreiros.
LUGAR: Barreiros	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.984787, -7.304187.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Hoxe en día só se conserva parte dunha da paredes da fábrica que fai ás veces de valado que cerca a propiedade. O curtidoiro constaba dunha superficie duns 100 m^2, estaba tellada con lousa e as paredes do inmoble eran de perpiaños de granito. O edificio estruturábase nun baixo e nun andar cuberto con teitume de tellas e madeira.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro localizábanse os catro píos de perpiaños de granito que tiña a fábrica.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A carón da fábrica de curtume ficaba o muíño para moer a casca de carballo que contaba cunha roda de pedra de cantaría duns dous metros de diámetro e 40 centímetros de anchura. Esta roda segundo a tradición oral popular era turrada por unha vaca.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non hai.	
USO ACTUAL: Sementeira (é unha leira).	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1907
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.968, 15.964 e 15.965.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Antonio Fernández Nogueira. 3) O curtidoiro contaba cun manancial de auga propio radicado á súa beira. Deste manancial, coñecido coma a fonte do mazo, entraba a auga no edificio fabril por un caneiro inserido nunha das paredes deste que aínda hoxe se conserva.	

Concello do Cervo

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 96
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Calabadexo.	
CONCELLO: Cervo	FREGUESÍA: Santa Mariña de Cervo.
LUGAR: Calabadexo	ENDEREZO: Calabadexo, núm. 7.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.670431, -7.407172.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio duns 40 m² de superficie con forma de rectángulo. Ten baixo e un andar e as paredes foron feitas con cachotes de pedra granítica galega. O teito é de madeira e lousa. A fachada principal está orientada cara o Sur e está chantada á beira do río Xunco.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O edificio conta cun baixo e un andar. No baixo consérvanse 5 píos de cachotaría e unha zona de traballo. No andar, que tiña o piso de madeira, localizábase o secadoiro do curtidoiro e a zona de remata. O baixo non tiña porta polo que había que cangar coas peles cara embaixo e os coiros cara enriba ao lombo por un escaleira de madeira.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a unha auga.	
MATERIAL: Cachotaría granítica.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 1932
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.607, 15.609, 15.610, 16.133, 16.134, 16.135 e 16.136.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Jesús Gueimunde Villares. 3) O Curtidoiro do Calabadexo non contaba con muíño de casca de cabalaría.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 97
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Cereixeiro.	
CONCELLO: Chantada	FREGUESÍA: San Salvador de Asma.
LUGAR: A Pontenova	ENDEREZO: Estrada da Ponte Nova, núm. 17.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.605736, -7.773080.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro do Cereixeiro tiña un planta duns 100 m^2 de superficie. O edificio contaba cun baixo e un andar cuberto por tellado de tella e madeira. As paredes eran de pedra de cachotaría de granito.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo estaban os píos de curtir e no andar o secadoiro da empresa.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría granítica.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Xunguida a fábrica atopábase un edificio de baixo e andar que se de dedicaba a vivenda.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non. O curtidoiro do Cereixeiro acadou no seu tempo unha certa mecanización xa que chegou a contar cunha máquina de cilindrar, un muíño eléctrico, toneis e bombos xiratorios ou de curtir e un bombo de lavar.	
USO ACTUAL: No soar onde se erguía o curtidoiro levantouse unha casa após derruír a antiga fábrica do Cereixeiro.	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1922	DATA DE PECHE: 1963
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: Referencias arquivísticas na obra antes citada do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, tanto do Fondo de Facenda coma dos Protocolos notariais de Chantada. Ademais, achéganse tamén sinaturas do Arquivo do Concello de Chantada.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida en OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*... páx. 133. 2) Os empresarios desta fábrica de curtume foron Manuel Mazaira Hermida e Felipe Mazaira Rodríguez. 3) A fábrica de curtume do Cereixeiro derruíuse a comezos do século XXI para erguer unha vivenda familiar.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 98
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Cortés.	
CONCELLO: Chantada	FREGUESÍA: Santa Mariña de Chantada.
LUGAR: Alameda	ENDEREZO: Rúa Manuel Formoso Lamas, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.607091, -7.768347.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio duns 200 m^2 de superficie con forma de rectángulo. Ten baixo e un andar feito con perpiaños de pedra granítica galega traballada e cachotaría. A parede exterior está encalada e olla cara o Noroeste. O teito e de madeira e de tella do país. Unha das paredes da fábrica estaba orientada cara o curral ao que daban outras construcións da época que formaban un cadrado no que se entraba pola antiga rúa do Río.

DESCRICIÓN INTERIOR:

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.

MATERIAL: Cachotaría de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non.

USO ACTUAL: Sen uso.

DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: Segunda metade do século XX.	DATA DE PECHE: 1905

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

Referencias arquivísticas na obra antes citada do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, en concreto, dos Protocolos notariais de Chantada. Ademais, achéganse tamén sinaturas do Arquivo do Concello de Chantada.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida en OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*... páx. 99.
2) Os principais empresario desta fábrica de curtume foron Benito Cortés Casanova e Segunda Ulloa Vila.
3) A fábrica de curtume do Cortés está a espera da súa demolición para erguer un edificio de vivendas.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 99
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Merluza.	
CONCELLO: Chantada	FREGUESÍA: San Salvador de Asma.
LUGAR: A Ponte	ENDEREZO: Rúa da Ponte.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.605157, -7.767932.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio de grandes dimensións de baixo e un andar feito con grandes perpiaños de pedra granítica galega traballada. As dúas paredes exteriores están encaladas e presentan un feixe de xanelas. O teito e de tella do país. A fachada principal está orientada cara o Leste.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Válenos a descrición da fábrica feita nun contrato de compravenda do inmóbel en 1899 recolleito na investigación seguinte: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páx. 121. A descrición concreta é a que segue: *"Unha casa de alto e baixo destinada a fábrica de curtidos, que se compón de vinte oito píos, unha habitación destinada a secadoiro, un alpendre para gardar a casca e un muíño para moer a casca; ocupa todo a extensión de superficial de trescentos quince metros cadrados"*.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Vivenda tipo casona ou pazo situada á beira do curtidoiro.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Si, varias máquinas.	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Primeira metade do S. XIX	DATA DE PECHE: 1965
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: Referencias arquivísticas na obra antes citada do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, tanto do Fondo de Facenda coma dos Protocolos notariais de Chantada. Ademais, achéganse tamén sinaturas do Arquivo do Concello de Chantada.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida en OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*... páx. Portada. 2) Os principais empresario desta fábrica de curtume foron Ramón Boo Meijide, Pastora Meijide Vila e Antonio Boo Meijide. 3) Edificio fabril moi representativo do sector do curtume en Galicia no que se debería acometer algunha medida de posta en valor deste.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 100
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Rumbao.	
CONCELLO: Chantada	FREGUESÍA: Santa Mariña de Chantada.
LUGAR: Alameda	ENDEREZO: Avenida dos Píos, núm. 13.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.606208, -7.765665.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume do Rumbao estaba formada por un baixo e un andar cunha superficie aproximadamente duns 500m^2. Este edificio estaba cuberto a catro augas con madeira de castiñeiro e tellas do país. As paredes do baixo eran de pedra e as do andar de ladrillo e madeira.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns 30 píos de pedra de granito de cantaría. No baixo tamén se radicaba un almacén de casca, sacas de sal, etc., o muíño onde se moía a casca de carballo e a chamada zona de remate na que se termina o proceso produtivo. No medio do curtidoiro había unha especie de curral duns 100m^2 que se comunicaba co resto das zonas do baixo do edificio. No andar estaba localizado o secadoiro da industria.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: O baixo era de cachotaría de pedra granítica e o primeiro andar de ladrillo e madeira de castiñeiro.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro contaba cun pombal que se localizaba á beira do curtidoiro.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Consérvase na domicilio privado de Chantada de Mercedes Rumbao López -filla do empresario- o muíño eléctrico que Edelmiro Rumbao Martínez mercara en Igualada para mellorar o sistema produtivo da mercantil.	
USO ACTUAL: Aparcadoiro de camións.	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: Mediados do século XIX.	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: Referencias arquivísticas na obra antes citada do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, en concreto, dos Protocolos notariais de Chantada. Ademais, achéganse tamén sinaturas do Arquivo do Concello de Chantada.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi recollida en OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*... páx. 117. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Benito López, José López Lorenzo, Juana Rodríguez Fernández e Edelmiro Rumbao Martínez. 3) A fábrica de curtume do Rumbao derruíuse no ano 2008 seica sen saberse moi ben o que se ía facer	

unha vez se levasen as pedras. Hoxe no soar onde se localizaba o senlleiro curtidoiro do Rumbao atópase un fabuloso aparcadoiro privado de camións para o que ollan os peregrinos e as peregrinas que transitan cara Compostela polo Camiño de Inverno.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 101
DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Tangueiros.	
CONCELLO: Chantada	FREGUESÍA: Santa Mariña de Chantada.
LUGAR: Pousada	ENDEREZO: Lugar Pousada, núm. 3.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.614025, -7.764091.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Edificio duns 120 m^2 de superficie con forma de rectángulo. Ten baixo e un andar feito con cachotaría de granito. A parede exterior está encalada e olla cara o Leste. O teito e de madeira e de tella do país. A fachada principal está orientada cara o curral do edificio, cara o Oeste.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo áchanse uns 20 píos de perpiaños e no primeiro andar o secadoiro da fábrica de curtidos.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría de granito.

FORMA: Fábrica fechada.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica de curtume dos Tangueiros contaba cun muíño de esmagar a casca turrado por un cabalo. Este situábase enfronte á propia fábrica, do outro lado do curral, nun baixo mais dentro do Pazo dos Tangueiros. Tiña unha superficie duns 40 m^2 e paredes de pedra de cantaría. A moa aproveitouse para facer unha escaleira de pedra no propio pazo. O primeiro andar deste edificio dedicábase a vivenda.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non.

USO ACTUAL: Almacenamento

DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1907	DATA DE PECHE: 1916

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

Referencias arquivísticas na obra antes citada do Arquivo do Concello de Chantada.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O empresario desta fábrica de curtume foi José Fernández Páramo.
3) Corrección de erros: na obra OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*... páx. 104 noméase esta fábrica de coiros coma o Curtidoiro do Chanqueiro cando en realidade debera facerse coma o Curtidoiro dos Tangueiros. O erro produciuse pola unha mala interpretación das achegas das persoas residentes na actualidade no edificio.
4) Este curtidoiro forma parte dun pazo ou casa grande que está dividido en varias vivendas con distintos propietarios. Dentro desta construción coñecese coma a fábrica o lugar onde aínda se conservan hoxe os píos.

Concello de Lugo

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 102
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Abella.	
CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA:
LUGAR:	ENDEREZO: Rúa Lamas de Prado, núm. 261.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.017247, -7.574522.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:	
DESCRICIÓN INTERIOR: Dentro do seu interior a fábrica contaba para o seu proceso produtivo cun bombo de curtir, un martelo de sola e un muíño de triturar a casca.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL:	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Centro comercial	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1946	DATA DE PECHE: *Circa* 1970 (curtidoiro).
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: ARIAS VILAS, Felipe; NOVO CAZÓN, José Luís; BURGO LÓPEZ, Concepción e SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea Editorial, 2001, páxs. 203-204. OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 16.163, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354 e 18.091	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) No actual rueiro do Concello de Lugo hai unha rúa que leva o nome de Fábrica de Abella e que se atopa lindando polo Leste co actual Centro Comercial Abella, ergueito no lugar onde se localizaba fai uns anos a fábrica de coiros.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 103

DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Chanca.

CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Lugo
LUGAR: Lugo	ENDEREZO: Rúa da Chanca, núm. 3.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.014037, -7.545630.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro ten uns 350 m^2 de superficie. Estrutúrase nun baixo é un andar de pedra de cachotes de granito e cuberta de lousa a dúas augas. A fábrica chántase entre o río rato, do que xermola un rego que se insire no inmóbel aos efectos do seu aproveitamento no proceso produtivo, e un grande predio cercado por un valado de pedra. Pola parte leste do conxunto ábrese unha porta de carro de saída deste que verte no Camiño Primitivo de Santiago de Compostela.

DESCRICIÓN INTERIOR: No interior da fábrica de coiros había 25 píos, hoxe tapados, polos que se declaraba a Facenda unha capacidade de 71 m^3 e 2 píos para becerro cunha capacidade declarada de 4,95 m^3 Cf. AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura: 15.966.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría d granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica de curtume contaba cun muíño de casca turrado por cabalaría.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Sen uso (inmóbel en venda)

DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1900

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas: 15.966 e 15.967.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Francisco Somoza.
3) O curtidoiro está sito entre o río da Chanca e o Camiño Primitivo de Santiago de Compostela, antes da súa entrada na cidade de Froilán. Xa que logo por esta situación, o inmóbel acrecenta unhas boas características para que se lle puidera dar un uso no sector turístico coma albergue de peregrinos. O mesmo podería defenderse do curtidoiro do Piteira localizado a uns metros da fábrica da Chanca.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 104
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Conturiz.	
CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Santo André do Castro.
LUGAR: Conturiz	ENDEREZO: LU-11.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.977868, -7.519407.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de coiros de Conturiz tiña unha extensión duns 80 metros de longo por 12 metros de ancho. As paredes eran de cachotaría de granito e perpiaños do mesmo material nas zonas nobres. A cuberta do edificio fabril era de lousa.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No interior do curtidoiro había 29 píos, cunha capacidade declarada de 79,12 m^3, e 3 pipas para becerro con 6,616 m^3. Cf. AHPL, Fondo de Facenda, Sinatura: 15.966.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e sen construción en altura cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría e peripaños de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica de curtume contaba cun muíño de casca turrado por cabalaría.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Estrada	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: *circa* 1907
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.964 e 15.965.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016). 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Manuel Baleirac. 3) No lugar onde se atopaba a fábrica de curtume de Conturiz está moi preto do río Miño, a un quilómetro máis ou menos.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 105
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Herrero Lobejón.	
CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Lugo
LUGAR: Lugo	ENDEREZO: Rúa Camiño de Herrero, núm. 9.
PROPIEDADE: Pública	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.019044, -7.555540.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume de Herrero Lobejón foi ergueita nun predio duns 1.000 m^2 en Paradai, a carón da estación de tren luguesa. Estaba estruturada nun baixo e nun andar cuxas paredes eran de cachotaría e a cuberta de madeira e lousa do país. O predio tiña dereito de paso para ir ao río rato que pasa pola contorna.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do edificio estaban uns 55 píos de curtir peles, así como, unha zona dedicada a almacén e outra onde se atopaba o muíño eléctrico para moer a casca. No andar localizábase o secadoiro de coiros da empresa.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Parque público	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1905	DATA DE PECHE: 1980
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 16.159, 15.608, 15.609, 16.163, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354 e 18.091.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016). 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Herrero Lobejón, Jesús Herrero Prieto e Melchor Herrero Prieto. 3) A fábrica de curtume ergueuse á beira do río rato para fornecer de auga ao proceso produtivo. Na	

actualidade, para a canalización que se fixo deste río na zona empregáronse pedras da propia fábrica após o derrube desta.

4) A actual rúa "camiño de Herrero" chámase así xa que era onde estaba radicada o curtidoiro. Seguramente deberíase cambiarlle o nome polo de "camiño de Herrero Lobejón –empresario-" para que se coñeza mellor a causa de nomear dese xeito a rúa, así coma, para que non se confunda co oficio de "herrero".
5) O pioneiro José Herrero Lobejón chegou de Villaramiel, capital do curtido castelán, no abrente do século XX cos cartos que lle dera o seu pai para montar a fábrica. Disque que baixou do tren, ollou cara Paradai e, sinalando co dedo, dixo: *"o curtidoiro vai ser alí"* e que así foi.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 106
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Jáñez.	
CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Lugo
LUGAR: Lugo	ENDEREZO: Avenida Ramón Ferreiro, núm. 43.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.002875, -7.551544.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:	
DESCRICIÓN INTERIOR: Para o seu proceso produtivo a fábrica contaba con catro bombos de curtir e oito máquinas.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL:	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Edificios de vivendas	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1928	DATA DE PECHE: 1963

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.609, 16.159, 16.163, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354 e 18.091.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi cedida por Adolfo de Abel e corresponde cun anuncio da empresa no programa das festas de Lugo de 1948.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Francisco Jáñez.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 107
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Piteira.	
CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Lugo
LUGAR: Lugo	ENDEREZO: Camiño Regas, núm. 40.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.011810, -7.546600.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Conxunto de edificacións de cachotes de granito cercadas por un grande valado. O predio e os edificios que se erguen nel terá uns 600 m^2 de superficie. Os edificios teñen un baixo e un andar e están tellados con lousa do país. A carón do curtidoiro empoleirase a ponte da camiño de ferro que procura á cidade de Lugo.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No interior do curtidoiro había 26 píos segundo se declara á Facenda estatal. Cf. AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas: 15.964.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica de curtume contaba cun muíño de casca turrado por cabalaría.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: 1905	DATA DE PECHE: 1915
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.964 e 15.962.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é unha foto de época. 2) A principal persoa empresaria desta fábrica de curtume foi A. Abelairas. 3) O curtidoiro está sito á beira do río da Chanca e o moi preto do Camiño Primitivo de Santiago de Compostela, antes da súa entrada na cidade de Lugo. Xa que logo por esta situación, o inmóbel acrecenta unhas boas características para que se lle puidera dar un uso no sector turístico coma albergue de peregrinos. O mesmo podería defenderse do curtidoiro da Chanca moi preto da fábrica da Piteira.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 108
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Roxo.	
CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Lugo
LUGAR: Lugo	ENDEREZO: LU-11
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.987543, -7.534387.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:
DESCRICIÓN INTERIOR: A fábrica contaba co seu propio muíño de esmagar a casca de carballo turrado por cabalaría.
TIPO DE CONSTRUCIÓN:
MATERIAL: Cachotaría.
FORMA: Fábrica casa.
TIPO DE CONTORNA: Rural
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non
MAQUINARIA CONSERVADA: Non
USO ACTUAL: Estrada pública.
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE: / DATA DE PECHE: 1954
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.964, 15.965, 15.962, 15.963, 15.602, 15.603, 16.159, 15.608, 15.609, 16.163, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353 e 17.354.
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Gervasio Rodríguez, Manuel Rodríguez Teijeiro e Gervasio Rodríguez López. 3) A fábrica estaba á beira do río Miño mais non apañaba a auga do río senón que contaba cun manancial propio co que alimentar o proceso produtivo.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 109

DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Yáñez.

CONCELLO: Lugo	FREGUESÍA: Lugo
LUGAR: Lugo	ENDEREZO: Avenida de Madrid, núms. 194-200.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.993737, -7.542483.

IMAXE CARACTERÍSTICA



LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS



DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume do Yáñez contaba cun baixo e cun andar duns 300 m^2 de superficie cadanseu. O edificio fabril atopábase nunha grande propiedade que ía desde o barrio das Pedreiras á Tolda de Castela. Este lugar amósase hoxe alterado por mor do ancheo que tivo a avenida de Madrid fai uns anos e que, entre outras casas, derrubou o curtidoiro.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo había oito pozos de perpiaño, un muíño eléctrico de casca e mailo almacén do curtidoiro. Polo que se refire ao andar, parte destinábase á vivenda dos dous traballadores que operaban na empresa, un encargado e un obreiro pois o propietario non choiaba no curtidoiro. O resto do andar empregábase coma secadoiro da fábrica. Este edificio fabril erguíase nun grande prado que se utilizaba tamén coma secadoiro dos coiros.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbana

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Estrada	USO PRECEDENTE:
DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1954

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.964, 15.965, 15.962, 15.963, 15.602, 15.603, 16.159, 15.608, 15.609, 16.163, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353 e 17.354.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016).
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Manuel Yáñez Rodríguez e Daniel Yáñez Varela.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 110
DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Muíños.	
CONCELLO: Mondoñedo	FREGUESÍA: Mondoñedo
LUGAR: Os muíños	ENDEREZO: Rúa dos muíños de riba, núm. 35.
PROPIEDADE: Pública (Concello de Mondoñedo).	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.426302, -7.358830.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:	
DESCRICIÓN INTERIOR:	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Actividades culturais.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Primeira parte do século XIX.	DATA DE PECHE: 1907
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms: 15.966, 15.967, 15.968, 15.964 e 15.965.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Juan Salaverri Fernández e Pedro Salaverri Fernández. 3) No lugar en que se localizaba a fábrica de curtume da familia navarra dos Salaverri desenvólvense na actualidade actividades culturais relacionados coa artesanía, o liño ou a pastelería. Xa que logo, nada que nos faga lembrar a actividade industrial que nese espazo se levou a cabo no pasado. E isto malia que no propio recinto, ao aire libre, aínda se achan dous grandes píos de pedra que se empregaban para curtir peles e que nin sequera están sinalizados.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 111
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Viloalle.	
CONCELLO: Mondoñedo	FREGUESÍA: Viloalle
LUGAR: O Vilar	ENDEREZO: Lugar O Vilar, núm. 17.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 43.458503, -7.356590.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:	
DESCRICIÓN INTERIOR:	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1928
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.968, 15.964, 15.965, 15.962, 15.963, 15.602, 15.603, 15.605, 15.606, 15.607, 15.608 e 15.609.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Vicente Barro Saavedra e Vicente Barro González. 3) O lugar onde estaba emprazado a fábrica de coiros de Viloalle está alterado xa que con posterioridade, ao peche desta mercantil, estivo operativa na mesma propiedade a fábrica de gasosas "Carbi" e unha fábrica de lixivia.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 112
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Conde.	
CONCELLO: Monforte de Lemos.	FREGUESÍA: Monforte de Lemos.
LUGAR: Monforte de Lemos.	ENDEREZO: Rúa Cobas, núm. 3.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.519931, -7.519116.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro do Conde érguese nun grande predio cercado por valado de ladrillo. A fábrica conta cunha planta duns 400 m² de planta tanto no baixo coma no andar en que se estrutura o edificio. As paredes son de ladrillo e o teito de tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro realizábanse as angueiras da ribeira e de curtir, así como, atopábanse as oficinas da empresa. No andar lavábanse a cabo as tarefas de remate do produto. No andar tamén se localizaba o secadoiro, ben ventilado cunhas xanelas de madeira que facilitaban a paso do ar. Do teito da fábrica penduraba unha estrutura de ferro onde se penduraban, a súa vez, os coiros e se movían dun lado para o outro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a tres augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica nave. Son tres naves pegadas unhas ás outras.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Á beira do curtidoiro érguese un edificio de ladrillo cunha planta duns 200 m² onde aínda se enxergan os refugallos da antiga actividade zapateira.	
MAQUINARIA CONSERVADA: No edificio fabril aínda se encontran en estado de abandono catro bombos de curtir e unha máquina de abrillantar.	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1928	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.610, 16.133, 16.135, 16.136, 16.137, 16.138, 16.139, 16.140, 16.303, 16.304, 16.305, 16.306, 16.153, 16.154, 16.155, 16.156, 16.158, 16.157, 16.161, 16.162, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354, 17.355, 17.356, 17.357, 17.358, 17.359, 18.096 e 18.093.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Conde Conde, José Conde Fidalgo, Guillermo Regojo Beloso e José López Rodríguez. 3) Á beira do curtidoiro pasa o río Cabe que fornecía de auga ao proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 113
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Pinguela.	
CONCELLO: Monforte de Lemos.	FREGUESÍA: Monforte de Lemos.
LUGAR: Monforte de Lemos.	ENDEREZO: Rúa a Pinguela, núm. 8.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.515072, -7.524762.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio aínda que sen actividade industrial desde fai anos conserva unha certa enteireza. De grande superficie esta estruturado en varios edificios xunguidos uns aos outros conformando un conxunto fabril. O edificio principal, o que está máis á beira do río Cabe, esta formado por un baixo e dous andares. O resto non ten edificación en altura. OS materias de construción son o ladrillo, a madeira e a tella.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O curtidoiro contaba con máquina de cilindrar e molinetes para acelerar o proceso de transformación da peles en coiros. No primeiro andar do edificio principal localizábase a zona de remate do produto onde aínda se conserva pendurada algunha luneta.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e dous andares cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Ladrillo.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Abandonado	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1935	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 16.139, 16.140, 16.303, 16.304, 16.305, 16.306, 16.153, 16.154, 16.155, 16.156, 16.158, 16.157, 16.161, 16.162, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354, 17.355, 17.356, 17.357, 17.358, 17.359, 18.096 e 18.093.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Manuel Sáez Gómez. 3) Á beira do curtidoiro pasa o río Cabe que fornecía de auga ao proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 114
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Vilachá.	
CONCELLO: Samos	FREGUESÍA: Santa Marta de Castroncán
LUGAR: Vilachá de abaixo.	ENDEREZO: Casa da fábrica.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.738690, -7.359616.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro da familia Díaz de Vilachá conta cun baixo e un andar cunha planta total duns 260 m^2. As paredes do edificio están ergueitas coa chamada pedra do país en Samos, quer dicir, pedras de pequeno tamaño de xisto da zona. A fábrica esta tellada con lousa. A fachada da fábrica está orientada ao Nordeste.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Na planta do baixo do curtidoiro distínguense tres partes diferenciadas. Unha onde se chantan os trece píos de curtir que acrecenta a fábrica de lousa do país de pouco grosor ou vargos. Son pozos de grande tamaño agás un que se dedicaba a curtir peles de animais cativos coma raposos ou cabritos. Nun segundo lugar localizábase o muíño de esmagar a casca no que un cabalo turraba por unha grande pedra de cantaría. Este lugar atópase anexo á propia casas e conta cuns 60m^2. Finalmente, diferénciase na planta do edificio un terceiro espazo duns 100m^2 hoxe alterado e que no sabemos que funcionalidade poido ter no pasado. É posíbel que parte deste local se dedicase a almacén de casca e algunhas das tarefas de remate. Polo que se refire ao andar co que conta o edificio empregábase tanto de vivenda coma de secadoiro e de lugar de remate dos coiros producidos nesta fábrica de curtume.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría de lousa do país de Samos.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Consérvase unha pedra redonda de formigón de aproximadamente un metro de diámetro que se utilizaba para alisar o coiro.	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1959
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966, 15.967, 15.968, 15.964, 15.965, 15.962, 15.605, 15.606, 15.607, 15.608, 15.609, 15.610, 16.133, 16.134, 16.135, 16.138, 16.305, 16.306, 16.153, 16.154, 16.155, 16.156, 16.158, 16.157, 16.161, 16.162, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354, 17.355, 17.356, 17.357, 17.358 e 17.359.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Eugenio Díaz Sampedro, Manuel Díaz	

González, Venancio López Hospido e Gerardo Díaz Díaz.

3) Á beira da fábrica de curtume pasa a canle do rego de Vilachá pouco antes de desaugar no río Sarria.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 115
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Castelo de abaixo.	
CONCELLO: Sarria	FREGUESÍA: San Martiño de Loureiro.
LUGAR: Castelo	ENDEREZO: Casa da fábrica.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.712947, -7.386100.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio onde se localizaba a fábrica de curtume ten uns 100 m^2 de planta e conta cun baixo e un andar. As paredes son de cachotaría de lousa do país e o edificio está cuberto con madeira e lousa. Na actualidade parte do baixo está por abaixo do nivel da estrada xa que está é de nova construción.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo están deitados os 12 píos de lousa en forma de vargos que tiña a industria. No medio destes buratos atópase un manancial do que se servían de auga para o proceso produtivo.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría de lousa do país.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro contaba con outros dos edificios onde se levaban a cabo angueiras propias desta actividade industrial. Nunha construción duns 120 m^2 de planta estaban radicadas no baixo o muíño de casca de cabalería e no andar o almacén de casca xa que o edificio aproveita a pendente do terreo para que a mercadoría puidera entrar no andar. As paredes eran de cachotaría de lousa do país e estaba cuberto por madeira e lousa. Noutro edificio, anexo á antiga fábrica e á a vivenda do empresario, atopábase a zona de remate e secadoiro. Ten uns 100m^2 de planta e os materiais construtivos son os mesmo que no caso anterior.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Consérvase na propiedade a moa de pedra granítica de cantaría do antigo muíño de cabalería. Tamén se atesoura no lugar unha pedra redonda de formigón de aproximadamente un metro de diámetro que se utilizaba para pasar por enriba dos coiros na alcumada zona de remate.	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1876	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.967, 15.968, 15.964,15.965, 15.962, 15.963, 15.602, 15.603, 15.603, 15.605, 15.606, 15.607, 15.608, 15.609, 15.610, 16.133, 16.134, 16.135, 16.136, 16.137, 16.138, 16.139, 16.140, 16.302, 16.303, 16.304, 16.305, 16.306, 16.153, 16.154, 16.155, 16.156, 16.158, 16.157, 16.161, 16.162, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354, 17.355 e 17.356.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresario deste curtidoiro foron Pedro Sánchez e Daniel Sánchez Rodríguez.	

3) A fábrica de curtume de Castelo de abaixo estaba moi relacionada tanto co curtidoiro de Castelo de riba coma co curtidoiro de Vilachá -Concello de Samos- xa que todos proceden da mesma familia e se localizaban uns moi preto dos outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 116
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Castelo de riba.	
CONCELLO: Sarria	FREGUESÍA: San Martiño de Loureiro.
LUGAR: Castelo	ENDEREZO: Lugar Castelo, núm. 40 D.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.712489, -7.382288.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro de Castelo de riba ten uns 250 m^2 de planta e estrutúrase nun baixo e nun andar. Debaixo do tellado ten unha especie de ático que lle da unha faciana urbana ao edificio. As paredes son de cachotaría de lousa do país e o edificio está cuberto con madeira e lousa.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No chan do edificio fabril aínda se conservan uns 10 píos de vargos de lousa onde se curtían as peles. Neste baixo atópase un manancial do que se servían de auga para o proceso produtivo e tamén se localizaba o muíño de casca de cabalaría. No andar estaba radicado a zona de remate e o secadoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo, un andar e un ático cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría de lousa do país.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non.	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1959
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.968, 15.964, 15.965, 15.962, 15.602, 15.603, 15.605, 15.606, 15.607, 15.608, 15.609, 15.610, 16.133, 16.134, 16.135, 16.136, 16.137, 16.138, 16.139, 16.140, 16.302, 16.303, 16.304, 16.305, 16.306, 16.153, 16.154, 16.155, 16.156, 16.158, 16.157, 16.162, 17.350, 17.351, 17.352, 17.353, 17.354, 17.355, 17.356, 17.357, 17.358 e 17.359.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Benigno Sánchez e Bautista Sánchez Rodríguez. 3) A fábrica de curtume de Castelo de riba estaba moi relacionada tanto co curtidoiro de Castelo de abaixo coma co curtidoiro de Vilachá -Concello de Samos- xa que todos proceden da mesma familia e se localizaban uns moi preto dos outros.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 117
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Requeixo.	
CONCELLO: Sarria	FREGUESÍA: San Pedro de Maside.
LUGAR: Requeixo	ENDEREZO: Lugar Celeiro, núm. 45.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.782981, -7.425033.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio fabril conta cunha planta duns 250 m^2. Ten baixo e un andar e está cuberta a catro augas. As paredes son de pedra de cachotaría de granito. A de cor vermella procede da freguesía de Santiago de Barbadelo e a pedra de cor branca da freguesía de San Vicenzo de Betote, ambas freguesías do propio concello de Sarria. A teitume do curtidoiro é de lousa. Finalmente, a fábrica de curtume está orientada cara o Leste.	
DESCRICIÓN INTERIOR:	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA:Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non.	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1900
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: OTERO EIRIZ, Claudio, *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*, Guntín, Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2015, páxs. 148-156.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPL, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 15.966 e 15.967.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi José Rodríguez Fernández. 3) A fábrica de curtume estaba chantada a carón do regato de Requeixo que fornecía de auga ao proceso produtivo da empresa.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 118
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Treilán.	
CONCELLO: Sarria	FREGUESÍA: San Martiño de Requeixo
LUGAR: Treilán	ENDEREZO: Lugar Treilán, núm. 15 C.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.790494, -7.418945.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro érguese nun grande predio cercado por valado de pedra de cachotes. A fábrica estrutúrase nun baixo e nun andar duns 400 m^2 de planta cadanseu. As paredes son de cachotaes de granito e o teito de madeira de castiñeiro e lousa do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo do curtidoiro estaba dividido en dúas seccións. Por unha banda, na parte occidental do edificio atópase aínda hoxe en día o muíño de cabalaría en bastante bo estado. Ten unhas dimensións considerábeis se comparamos co resto dos que se conservan en Galicia. Por outra banda, ocupan case que todo o baixo uns 40 píos de cantaría de grande dimensión. No andar localizábase a zona de remate e p secadoiro da fábrica.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Benito Cid Conde, Eliseo Cid Conde e Delfín Cid Álvarez.
3) Na derradeira etapa do curtidoiro do Souto o edificio dividiuse en dous por mor dunha partilla, aínda que seguiu pertencendo a familia dos Cid ambos anacos.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 163
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Taledo.	
CONCELLO: Allariz	FREGUESÍA: Santo Estevo de Allariz.
LUGAR: Vilaboa	ENDEREZO: Lugar de Vilaboa, núm. 55.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.191060, -7.778575.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro do Taledo ten unha planta duns 400 m^2. Sobre esta planta alzase un andar das mesmas dimensións. As paredes da fábrica son de perpiaños labrados de granito galego e o teito era de madeira e tellas do país.

DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo da fábrica estaba dedicado a curtir as peles nuns 50 píos de perpiaños de granito. O andar tiña un uso principal: secar os coiros, para o que as paredes do andar eran de paus de castiñeiro con fin de deixar pasar o ar e facilitar o dito secado. O muiño de esmagar a casca atopábase nun edificio anexo a fábrica duns 40 m^2 de superficie, onde se conserva aínda grande parte da infraestrutura deste.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a varias augas.

MATERIAL: Perpiaños de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Vivenda

DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE:

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

CARMONA BADÍA, Joám e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, "Historia e actualidade do patrimonio industrial de Galiza: as fábricas de curtidos de Allariz", en Xosé Antón Fidalgo Santamariña e Xesús Simal Gándara (coords.), *Patrimonio cultural de Galicia e norte de Portugal*, Ourense, Deputación Provincial, 1997, páxs. 63-79.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 285, 288, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.966, 1.967, 1.968 e 1.969.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:


1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Perfecto Conde.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 164
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Torre Lombarda.	
CONCELLO: Allariz	FREGUESÍA: Santiago de Allariz.
LUGAR: Allariz	ENDEREZO: Rúa Alfredo Nan, núm. 6A.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.188086, -7.804007.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Destacar as súas fachadas de cantaría sen rexuntar, e sobre todo a fachada oeste, con cagadoiro que boa sobre a Costiña e os aneis de pedra a modo de desagoiro, e a sur, co seo balcón corrido sobre canzorros e varanda de ferro que discorre ao longo das dúas fachadas e que se pode acceder a el desde a praza por escaleira de pedra. Na fachada que da a Praza Torre Lombarda, apréciase unha segunda fachada de distinto corte, tamén con balcón corrido sobre canzorros, con varanda de madeira e resolta coa mesma cantaría, pero encintada irregularmente con morteiro de cal. Tamén apréciase outro cagadoiro que boa sobre o espazo público, típico das fábricas de coiros. A cuberta a tres augas, está construída con estrutura de madeira de castiñeiro a base de tesoiras que apoian nas coroacións dos muros e nos capiteis das pilastras, as terzas, pontóns e enlatado do mesmo material sobre o que se coloca tella cerámica curva.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Á fábrica éntrase desde o exterior á súa planta baixa por medio de escaleiras, motivado á instalación dos pilos e dun lousado de pedra central con inclinación a dúas augas, a modo de lavadoiro, que forman a canle de desagoiro. Nesta planta baixa sitúase a zona de pilos, de lavado , escarnado e pelado. O andar superior, a cal accedese, ben dende o interior ben dende a balconada exterior, acubillaba a zona de remata e secado dos coiros. Interiormente hai que destacar a calidade da cachotaría regular sen encintar, cos nichos saíntes dos paramentos verticais e a resolución dos dentes de descarga dos ocos de fachada. Como elemento estrutural por antonomasia están as pilastras centrais de gran sección con capiteis para apoio das vigas no primeiro andar e das tesoiras da estrutura de cuberta. O solo do primeiro andar está resolto con vigas de castiñeiro de gran sección que apoian nos muros perimetrais das fachadas e nos capiteis das pilastras, pontóns que apoian nas vigas e entarimado mesmo material.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a varias augas.	
MATERIAL: Cantaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbano	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Bo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Fora da planta baixa do curtidoiro, nun alpendre anexo á fachada norte, sitúase o muíño da casca.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Si, consérvase en moi bo estado o muíño de casca de cabalaría do antigo curtidoiro.	
USO ACTUAL: Casa de turismo rural.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Antes de 1839.	DATA DE PECHE: 1951
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: CARMONA BADÍA, Joám e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, "Historia e actualidade do patrimonio industrial de Galiza: as fábricas de curtidos de Allariz", en Xosé Antón Fidalgo Santamariña e Xesús Simal	

Gándara (coords.), *Patrimonio cultural de Galicia e norte de Portugal*, Ourense, Deputación Provincial, 1997, páxs. 63-79.
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 294, 296, 298, 300, 302, 304, 306, 308, 311, 314, 318, 321, 327, 332, 337, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283 e 10.284
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Juan Conde Conde, Alejandro Conde Conde e Evaristo Conde Fernández. 3) A auga precisa para o proceso produtivo proviña dunha mina situada baixo a rúa das Hortas que a traveso da rúa Emilia Pardo Bazán e Alfredo Nan, fornecen á fábrica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 165
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Vilanova ou Raspiña.	
CONCELLO: Allariz	FREGUESÍA: Santiago de Allariz.
LUGAR: Allariz	ENDEREZO: Rúa Vilanova, núm. 37.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.192408, -7.803108.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Esta fábrica xurde despois da adaptación e ampliación da casa nobre da familia Sandoval (Casa Torre), de planta rectangular e dúas alturas, con acceso desde a ponte de Vilanova a traveso de patio aberto privado. Na súa transformación en fábrica de curtumes, a edificación principal ampliouse ata o rio Arnoia e ata o estribo da ponte de Vilanova, deixando un espazo aberto na fachada norte A cuberta está resolta a tres augas con estrutura de madeira de castiñeiro a base de vigas, terzas, pontóns e enlatado sobre o que se asenta a tella curva.

DESCRICIÓN INTERIOR: Na planta alta da edificación principal situábase o taller de remate ao cal accedíase por unha escalinata de pedra desde o patio de entrada. Na planta baixa sitúase o muíño de casca e o almacén. A zona ampliada cara o río e a ponte, en forma de ele, que se lle fixo ao edificio anterior para adaptalo a fábrica de curtumes destinouse a zona de curtume. Na fachada norte, que da ao río existe unha escaleira de pedra que da acceso a un lousado inclinado de pedra que se utilizaba como lavadoiro e ao mesmo tempo permitía apañar a auga para encher os pilos.
Na zona de ampliación tamén se pode apreciar a pilastra de pedra que suxeita o eixo do muiño de casca e os soportes de pedra, dunha soia peza, paralelos ao estribo da ponte, para deixar libre o seo paramento.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a tres augas.

MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Urbano

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Bo

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Si, consérvase en moi bo estado o muíño de casca de cabalaría do antigo curtidoiro.

USO ACTUAL: Restaurante

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1800	DATA DE PECHE: 1955

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
CARMONA BADÍA, Joám e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa, "Historia e actualidade do patrimonio industrial de Galiza: as fábricas de curtidos de Allariz", en Xosé Antón Fidalgo Santamariña e Xesús Simal Gándara (coords.), *Patrimonio cultural de Galicia e norte de Portugal*, Ourense, Deputación Provincial, 1997, páxs. 63-79.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 276, 277, 279, 285, 288, 291, 294, 296, 298, 300, 302, 304, 306, 308, 311, 314, 318, 321, 327, 332, 337, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.969, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.287 e 10.289.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:


1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Juan Rumbao Rodríguez e Camilo Rumbao Rumbao.
3) O curtidoiro emprázase á beira do río Arnoia do que se fornecía da auga precisa para o proceso produtivo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 166
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Reguengo.	
CONCELLO: Amoeiro	FREGUESÍA: Rouzós
LUGAR: O Reguengo	ENDEREZO: Lugar do Reguengo, núm. 15.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.408770, -7.929896.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro do Reguengo ten unha planta duns 250 m^2. Sobre esta planta alzase un andar das mesmas dimensións. As paredes da fábrica son de perpiaños labrados de granito galego e o teito era de madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo da fábrica estaba dedicado a dúas tarefas fundamentais. Por unha banda, a curtir as peles nuns 25 píos de perpiaños de granito. Por outra banda, a esmagar a casca de carballo nun muíño de cabalaría turrado por un cabalo. O andar tiña dous usos principais: secar as peles, para o que se abrían na fachada do edificio dúas grandes fiestras que ollaban ao Norte, e dar vivenda aos obreiros do curtidoiro, entre os que se atopaban uns 5 oficiais alaricanos.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): 1) O curtidoiro contaba cun secadoiro adicional ao situado no andar da propia fábrica. Estaba localizado a uns 150 metros de distancia e tiña unha dimensión duns 60 m^2. As súas paredes eran de pedra e a teitume de tellas e madeira. 2) Para fornecer de auga ao proceso produtivo a fábrica acrecentaba unha mina a uns 150 metros de distancia. Para realizar o traslado da auga construíuse un singular acueduto de pedra de granito labrada do que aínda se conservan vestixios na zona.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1940
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 276, 277, 282, 285, 288, 291, 294, 296, 298, 300, 302, 304, 321, 327, 337, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522 e 1.523.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Manuel González Rodríguez. 3) A carón do curtidoiro discorre unha das variantes do Camiño de Santiago da Vía da Prata.	

Concello de Avión

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 167</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Valderías.</td></tr>
<tr><td colspan="2">CONCELLO: Avión</td><td>FREGUESÍA: Avión</td></tr>
<tr><td colspan="2">LUGAR: San Xusto</td><td>ENDEREZO: Lugar Avión, núm. 100.</td></tr>
<tr><td colspan="2">PROPIEDADE: Privada</td><td>COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.370852, -8.233957.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td> 
</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio onde se localizaba a fábrica de curtume ten uns 275 m^2 de planta e conta cun baixo e un andar. As paredes son de perpiaño de granito do país e o edificio está cuberto con madeira de castiñeiro e lousa.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: O baixo da fábrica divídese en dúas partes. Unha onde se localizan os oito píos de curtir conservados de perpiaños de granito pois no tempo de funcionamento da empresa debía haber algún máis. Destes píos chama a atención a súa grande dimensión xa que algún deles daría para tres ou catro píos dun curtidoiro homologábel coma a fábrica do Merluza en Chantada. É de xustiza subliñar a solución arquitectónica que lle deron os actuais donos do edificio ao espazo que ocupan os píos xa que os taparon con cristal e madeira o que permite a conservación destes e ao mesmo tempo dálle ao local, hoxe restaurante, un encanto único en Galicia. Na outra parte do baixo, nun espazo duns 75 m^2, áchase en estado perfecto de conservación o antigo muíño de casca composto dunha pedra dentada de cantaría duns 2 m de diámetro e a estrutura de pedra circular sobre a que se pousaba a casca e que ía esmagando a pedra turrada por un burro. No andar atopábase no pasado o secadoiro da fábrica.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: Perpiaños de granito.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Fábrica nave.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Bo</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">MAQUINARIA CONSERVADA: Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">USO ACTUAL: Turismo rural.</td></tr>
<tr><td colspan="2">DATA DE INICIO ACTIVIDADE:</td><td>DATA DE PECHE: 1912</td></tr>
<tr><td colspan="3">BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 277, 279, 285, 288, 291, 294, 296, 298 e 300.</td></tr>
<tr><td colspan="3">NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Víctor Fernández Cota.
3) No tempo de actividade da empresa pasaba pola mesma fábrica un regato de auga antes de evacuar no río Valderías.</td></tr>
</table>

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 168
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Rubiás.	
CONCELLO: Bande	FREGUESÍA: Santiago de Cadós.
LUGAR: Rubiás	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.019464, -7.987411.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro de Rubiás estaba conformado por dúas construcións xemelgas separadas só por un carreiro público. Estaba chantado no medio do propio lugar de Rubiás. Estes edificios fabrís eran dunha planta soa feitos con grandes perpiaños de pedra granítica galega traballada. Estas paredes de pedra tiñan unha altura duns 2 metros e o resto da parede até a teitume era de táboas de castiñeiro manso cunha lixeira separación entre elas para deixar pasar o ar. O teito era de tella do país e de castiñeiro manso.	
DESCRICIÓN INTERIOR: As dúas instalacións da fábrica tiñan cadansúa uns 50 m^2 de superficie. Ambos edificios teñen nas súas paredes cadanseu augueiro que habilitan a entrar da abundante auga do lugar no curtidoiro para empregarse no proceso produtivo.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Os dous edificios xemelgos que conformaban a fábrica de curtumes eran dunha soa planta cun tellado de castiñeiro manso e tellas do país a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1906
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 277, 282, 285, 288 e 291.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Francisco Fernández Martínez. 3) A fabrica de curtume de Rubiás presenta unha certa singularidade dentro do panorama galego do curtume xa que se compón de dous edificios xemelgos que se empoleiran na cerna dunha fermosa aldea ourensá. Amais, curtidoiro e lugar comparten o estado ruinoso e de abandono no que se atopan. Cunha pequena inversión económica poderíase pór en valor este curtidoiro e a súa vez axudaríase a frear o espernexe do fermoso lugar de Rubiás.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 169
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Estación.	
CONCELLO: O Barco de Valdeorras.	FREGUESÍA: O Barco
LUGAR: O Barco	ENDEREZO: Avenida da Estación, núm. 21.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.416904, -6.985552.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR:	
DESCRICIÓN INTERIOR:	
TIPO DE CONSTRUCIÓN:	
MATERIAL: Pedra de río nas paredes e lousa do país no teito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: No soar onde enraizara o curtidoiro ergueuse un grande edificio de vivendas.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1930	DATA DE PECHE: 1941
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971 e 1.972.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha recolleuse dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016). 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi David Revuelta Fernández.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 170
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Framia.	
CONCELLO: O Carballiño.	FREGUESÍA: Arcos
LUGAR: Framia	ENDEREZO: Rúa de Pico Seco, núm.11.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.437406, -8.068339.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Segundo testemuñas recollidas dalgúns veciños que lembran a instalación, tratábase dun galpón de pequenas dimensións (entre 4 e 5 metros de ancho por 8 ou 10 de longo), con tellado a dúas augas que contaba cun só pío de pedra onde curtía peles para fabricar guarnicións para cabalarías. Hai moi pouca memoria desa instalación, agás do cheiro que saía dela que, iso si, é lembrado por todos e todas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Ver "DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR".	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Ver "DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR".	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1910	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 296, 298, 300, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962 e 1.963.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os empresarios deste curtidoiro foron Manuel Veiga e Antonio Veiga Mosquera.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 171
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Penedo.	
CONCELLO: O Carballiño.	FREGUESÍA: Partovía
LUGAR: O Penedo	ENDEREZO: Lugar do Penedo, núm.20.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.415172, -8.082850.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	

DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: Existiu unha primitiva fábrica de planta baixa ao pé do río Carrás, a escasos metros da última en funcionamento, que curtiu ata finais do século XIX da que quedan aínda en pé os muros. Posteriormente, os propietarios levárona para unha nova casa construída a escasos metros da anterior onde existían, na planta baixa, catro píos para curtir. Na actualidade, non se conservan e no seu lugar está unha adega do actual propietario na que non hai restos visibles que sirvan como testemuña da actividade do curtido. Fornecíase de auga dunha mina situada a uns 50 m. da parte posterior da citada casa, estando aínda visibles vestixios dunha posible canle.

DESCRICIÓN INTERIOR: Ver "DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR".	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Ver "DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR".	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1900

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 276.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) O principal empresario deste curtidoiro foi Benito Arancey. A familia Arencey viñera de Francia como tantos outras relacionadas con eido dos curtumes galegos.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 172
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Piteira.	
CONCELLO: O Carballiño.	FREGUESÍA: O Carballiño
LUGAR: O Carballiño	ENDEREZO: Rúa de Ourense, núm. 24.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.429007, -8.070055.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e un andar duns 600 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de perpiaños de granito e o teito de madeira de castañeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica desenvolvíanse diversas angueiras do proceso de produción. Deste xeito, había un muíño de cabalaría turrado por un mulo no que se esmagaba a casca de carballo que logo se empregaba como axente curtinte. Na zona de curtir había uns seis píos de curtir de formigón e un bombo de curtir. Amais, o baixo contaba cunha zona de remata do produto equipada con grandes mesas duns sete metros de longo. No andar radicaba o secadoiro da factoría.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: A fábrica contaba cun baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Gasolineira e prado.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1950	DATA DE PECHE: 1961
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294, 10.683 e 11.570.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha apañouse dunhas fotografías aéreas que foron tirados no coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016). 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Andrés Piteira Fernández. 3) No que atinxe á auga, o curtidoiro localizábase á beira do regato de Varón do que se fornecía de auga. 4) Indicar que esta fábrica de curtume tivo o seu xermolo no lugar de Porto do Souto no Concello de Piñor na persoa do empresario Andrés Piteira Corral.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 173
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Reque.	
CONCELLO: O Carballiño.	FREGUESÍA: Señorín
LUGAR: Señorín	ENDEREZO: Rúa A Carballa sen núm.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.424735, -8.076146.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo duns 300 m^2 de superficie e un alzado duns 200 m^2. As paredes son de perpiaño de granito galego e a teitume de tellas e madeira. Amais, na parte norte externa do edificio áchase un pío de ladrillo e formigón.

DESCRICIÓN INTERIOR: No andar estaba localizado o secadoiro da fábrica. No baixo había 17 píos de perpiaño, 12 deles dedicados as concretas angueiras de curtir e 5 -moito máis grandes cos anteriores- conformaban o lavadoiro do curtidoiro. Subliñar que os píos non están enterrados no chan senón que se trazan en alzado, singularidade que non vimos en ningunha outra fábrica de curtume de Galicia.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e andar cuberto a dúas augas.

MATERIAL: Perpiaños de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Si, na propio fábrica áchanse dúas sobranceiras máquinas nun estado aceptábel de conservación. Trátase dun bombo de curtir e dunha máquina de sola.

USO ACTUAL: Sen uso.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1961

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas: 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294 e 10.683

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os empresarios desta fábrica de curtume foron Antonio Rodríguez Pereira e Primitivo Rodríguez Vila.
3) O curtidoiro non está emprazado ao chou xa que no lugar hai varias minas de auga que fornecían ao proceso produtivo.
4) Dicir que esta familia tivo, posteriormente, unha fábrica de curtidos de fasquía máis moderna no lugar de Lovada da parroquia de San Martiño do Lago, no viciño concello de Maside.
5) É probábel que este curtidoiro tivera os seus orixines no lugar de Torrón, na mesma parroquia de Señorín. Cf. PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Port*ugal, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013, páx. 17.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 174
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Viduedo.	
CONCELLO: Cea	FREGUESÍA: Santa Baia de Pereda
LUGAR: Viduedo	ENDEREZO: Lugar de Viduedo, núm. 62.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.456418, -7.951572.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e nun andar duns 120 m^2 cadanseu. As paredes son de perpiaños de granito da zona e o tellado está formado con madeira de castañeiro e tellas do país. O edificio caracterízase pola súa bonita faciana xa que tanto a zona norte coma a sur do andar pendúranse fermosas balcóns de perpiaño de granito.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O andar posibelmente se dedicara as labores do secado dos coiros mentres que no baixo enxérgase a distribución do superficie en dúas partes duns 60 m^2 cadansúa. Nunha parte do baixo estaba o lavadoiro do curtidoiro, que se dividía a súa vez en dúas zonas: a zona de rañado, que aínda conserva o chan de grandes perpiaños de granito e a zona dos píos de cantaría que se usaban para as labores de ribeira de lavado das peles. Ambas zonas xúnguesen por unha canle que desaugaba fora do edificio. A segunda zona do baixo, separada por unha parede, era a lugar da fábrica onde se deitaban os píos de curtir do curtidoiro. No chan do edificio había uns cinco píos en cadansúa zona antes referida, hoxe xa desaparecidos. Na zona de rañado aínda se conservan amoreados partes de antigos mandís que se empregaban polos traballadores nas angueiras de rañado. Ademais, pendurando da parede áchanse varios coitelos de dobre mango que se usaban para rañar nas peles.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a tres augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado. As paredes, o piso e o tellado está en bo estado mais non se conservan os píos.	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenaxe	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1928	DATA DE PECHE: 1933
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963 e 1.964	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Delfín Vázquez Lorenzo. 3) No lintel dunha das portas do andar da cara norte do edificio aínda se pode enxergar unha	

antiga inscrición que dicía "fábrica de curtidos.

4) O curtidoiro fornecíase de auga da fonte da aldea mediante unha canle de auga que entraba no edificio fabril pola zona de rañado máis enriba descrita.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 175
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Mandrás.	
CONCELLO: Celanova	FREGUESÍA: Mourillós
LUGAR: Mandrás	ENDEREZO: Aldea Mandrás, núm. 32.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.142670, -7.944973.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtume de Mandrás está formada por tres edificios que debuxan un triangulo que gardan dentro deles un patio grande interior cun pozo con auga. Estes edificios estaban dedicados no seu tempo a vivenda, a cuadras para o gando e a fábrica de coiros. As construcións son de cachotaría de granito de pedras grandes cubertos con madeira e tellas do país. Conta todos con baixo e andar e unha superficie aproximada de planta de 300 m^2 cadanseu. Finalmente, dicir que este conxunto arquitectónico erguese nun predio de grandes dimensións cercado por un elevado valado de pedra.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica de coiros había uns 50 píos de perpiaños de granito, localizábase o muíño de cabalería de esmagar a casca, que neste caso era turrado por unha besta, e había tamén outros espazos empregados coma almacén. No andar radicaban os secadoiros de coiros do curtidoiro malia que tamén se empregaba o abeirado do propiedade para estas finalidades.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de grandes pedras de granito.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 276, 277, 279, 282, 285, 288, 291, 294, 296, 298, 300, 302, 304, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289 e 10.290.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Dámaso Moreiras Rodríguez, Emilio Pérez Dapía, Sergio Pérez Dapía e Adolfo Pérez Álvarez. 3) Na etapa de Dámaso Moreiras Rodríguez, este tiña no centro da vila de Celanova, na rúa León núm. 13, un comercio polo miúdo de produtos de coiro e un obradoiro de zapataría. 4) O curtidoiro contaba con manancial propio para fornecer o proceso produtivo de auga.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 176
DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Veiga.	
CONCELLO: Celanova	FREGUESÍA: San Paio da Veiga.
LUGAR: San Paio da Veiga	ENDEREZO: San Paio da Veiga s/n.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.141651, -7.930671.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro tiña unha fasquía señorial e foi ergueito nun grande predio cercado cun alto valado de pedra. O edificio ten as paredes de perpiaños de granito galego e cuberta de tellas e madeira. Estruturábase nun baixo e nun andar duns 350 m^2 de planta cadanseu.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No ano 1908 o empresario declara perante a Facenda estatal que o curtidoiro conta con 15 píos de asento e 22 píos de mudanzas. Cf. AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm. 294.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo e un andar cuberta a catro augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro contaba cun pombal que aínda se conserva. Ten forma circular cun diámetro duns 4 metros de longo. As paredes son de cachotes de granito e o teito de madeira e tellas.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Turismo rural.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1913
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: 1) AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 294, 296, 298, 300 e 302. 2) www.pazoafabrica.com (entrada o 23 de marzo de 2016).	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Ricardo Rodríguez Marquina. 3) Conta cun pombal e cun manancial propio.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 177
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Xamirás.	
CONCELLO: Celanova	FREGUESÍA: Acevedo do Río.
LUGAR: Xamirás	ENDEREZO: Lugar de Xamiras, núm. 32.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.156905, -7.998558.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica debuxa no predio no que se ergue un figura de rectángulo ao alongarse á beira do camiño que a separa da casa principal da propiedade. Ten uns 15 metros de longo por uns 7 de ancho no seu baixo de superficie no baixo e no acrecenta construción en altura. As paredes son de pedra de granito galego, case que toda cachotaría aínda que se enxerga algún perpiaño nas zonas máis nobres, e a teitume era de madeira de castiñeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro aínda se recoñecen hoxe tres zonas claramente diferenciadas. Na parte oeste da fábrica hai 9 píos de perpiaño de granito. Na centro da planta do edificio eran onde se levaban a cabo as angueiras de ribeira do proceso de produción. Finalmente, na parte oriental hai outros catro píos cravados no chan, tamén de perpiaños de granito traballados.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica con baixo, sen edificación en altura, cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría e algún perpiaño de pedra granítica galega.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Malo	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A fábrica de Xamirás contaba cun feixe de instalacións ao seu carón nas que descargaba boa parte das angueiras que cumpría levar a cabo para facer uns bos coiros. Estas edificacións eran de pedra de granito, mesturándose os cachotes cos perpiaños, e os teitos eran de madeira e de tella. Acrecentaba as estruturas e as funcionalidades que se describen a seguir: 1) Almacén: anexo a fábrica hai unha edificación duns 40 m^2 de superficie tanto no baixo coma no andar. 2) Muíño: contaba cun baixo e un andar duns 35 m^2 cadanseu. No baixo estaba o muíño de cabalaría propiamente dito namentres que o andar empregábase coma zona de remate do produto. 3) Pombal: actualmente está parcialmente derruído. Ten uns catro metros de diámetro e é de forma circular. 4) Secadoiro 1: estruturado nun baixo e nun andar duns 60 m^2 cadanseu. No andar empoleirábase un dos secadoiros da fábrica namentres que no baixo estaba localizado o obradoiro de coiro no que se facían polainas, amallós, carteiras, correaxes para as bestas, chancas, etc. Polo nacente estaba aberto. 5) Secadoiro 2: edificio só con baixo cunha superficie de 10 metros de longo por 3 metros de ancho. 6) Tenda: contaba cun baixo e un andar duns 30 metros cadrados cadanseu.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Consérvase a pedra de granito de esmagar a casca que formaba parte do muíño de cabalaría do curtidoiro, así como, algunhas ferramentas manuais como romanas, coitelos, etc.	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Primeira parte do século XIX.	DATA DE PECHE: 1963
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms: 277, 279, 282, 285, 288, 291, 294, 296, 298, 300, 302, 304, 306, 308, 314, 318, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 10.283, 10.285, 10.287 e 10.289.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Míguez e Adolfo Montero.
3) Na casa propietaria desta fábrica de curtume naceron persoeiros tan relevantes coma o Pai Míguez ou a nai de Celso Emilio Ferreiro. O propio Celso Emilio pasou aquí a súa mocidade e logo viña ao lombo dun burriño alcumado Canuto a brincar xunto aos primos. O dito obviamente dálle ao conxunto un valor cultural engadido. Xa que logo, o Concello de Celanova e o resto de Administracións deberán estudar algún tipo de rehabilitación ou posta en valor deste curtidoiro e ampliar deste xeito a xa de por si vizosa oferta cultural do concello.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Concello de Maside

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 178</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Agro da Quinta.</td></tr>
<tr><td colspan="2">CONCELLO: Maside</td><td>FREGUESÍA: Amarante</td></tr>
<tr><td colspan="2">LUGAR: O Agro da Quinta.</td><td>ENDEREZO: Lugar do Agro da Quinta, núm. 10.</td></tr>
<tr><td colspan="2">PROPIEDADE: Privada</td><td>COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.435900, -8.040483.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td>  </td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A particularidade máis notoria do curtidoiro de Benigno Lorenzo era que non contaba con ningún edificio no que se acubillaran as súas angueiras curtidoras. De feito, a única estrutura material do curtidoiro era un grande pío de perpiaños de granito galego que se chantaba no medio dun predio, dun ferrado metro enriba metro embaixo, a carón do lugar do Agro da Quinta.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: Ver “DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR”.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Sen tipoloxía xa que o curtidoiro non contaba con edificios fabrís.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: Perpiaños de granito.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Sen forma xa que a fábrica non contaba con edificios fabrís.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">MAQUINARIA CONSERVADA: Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">USO ACTUAL: Aparcadoiro de coches e labranza.</td></tr>
<tr><td colspan="2">DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1942</td><td>DATA DE PECHE: 1961</td></tr>
<tr><td colspan="3">BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
LÓPEZ MARTÍNEZ, José Antonio (coord.), Ourense etnográfico, Ourense, Deputación Provincial, 1998, páxs. 113-145.</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294 e 10.683.</td></tr>
<tr><td colspan="3">NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación. Subliñar que o pío que aparece na fotografía é similar, tanto no seu tamaño como non seus materiais de construción, ao que acrecentaba o curtidoiro do Agro da Quinta. Na actualidade este pío forma parte dun lavadoiro que se atopa no predio do lado no que, no pasado, se curtían peles por Benigno Lorenzo.
2) Os empresarios deste curtidoiro foron Benigno Lorenzo Rodríguez e Benigno Lorenzo Argibay.
3) O pío onde se desenvolvía a actividade curtidora co tempo mudouse un chisco máis embaixo do lugar do Agro da Quinta co obxectivo de ter un máis sinxelo fornecemento de auga para o proceso produtivo. Esta segunda localización tronzouna a vía do AVE polo que non se enxergan no lugar ningún resto arqueolóxico.
4) Benigno Lorenzo Rodríguez era irmao de Cesáreo Lorenzo Rodríguez que tivo tamén un curtidoiro en Gulfar.</td></tr>
</table>

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 179
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Fonteboa.	
CONCELLO: Maside	FREGUESÍA: Amarante
LUGAR: Fonteboa	ENDEREZO: Estrada de Pontevedra a Ourense, núm. 68.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.423718, -8.055000.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estruturábase nun baixo e nun andar duns 80 m^2 de superficie cadanseu. As paredes eran de perpiaños de granito galego e a teitume de tellas e madeira de castiñeiro.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do edificio fabril deitábanse os píos de curtir e no andar localizábase o secadoiro do curtidoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e andar cuberto a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1945	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: LÓPEZ MARTÍNEZ, José Antonio (coord.), *Ourense etnográfico*, Ourense, Deputación Provincial, 1998, páxs. 113-145.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.976, 10.282, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294, 10.683 e 11.570.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Máximo Lorenzo Pedrouzo. 3) Máximo era fillo de Cesáreo Lorenzo Rodríguez que rexentaba a grande fábrica familiar de Gulfar. 4) A construción antiga que vemos incrustada na vivenda nova é a metade do curtidoiro de Fonteboa. A razón é que o edificio da fábrica foi herdado por dous herdeiros. Sobre a metade do referido edificio un dos herdeiros ergueu unha vivenda familiar moderna.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 180

DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Gulfar.

CONCELLO: Maside	FREGUESÍA: Amarante
LUGAR: Gulfar	ENDEREZO: Aldea Gulfar, núm. 1.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.424112, -8.042670.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica conta cun baixo duns 500 m^2 e un andar duns 100 m^2 de superficie. As paredes son de varios materiais, principalmente, de pedra na parte baixa e ladrillo na parte media e alta. O teito tamén é de varios materiais que van deste tella do país até uralita. A construción vaise adaptando a lixeira costa que debuxa o terreo onde se empoleira. A carón do curtidoiro aínda se enxergan dúas grandes pías de perpiaño que se aproveitaban para gardar parte da abundante auga que dispón o emprazamento.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo localizábanse todas as angueiras curtidoras da fábrica agás as de secado dos coiros. Neste estaban situada a maquinaria cos que contaba a empresa: tres bombos de curtir, unha máquina de rebaixar, unha máquina de descarnar, unha máquina de rematar, unha máquina de abrillantar e un cilindro de sola. Amais, no baixo deitábanse catro píos de pedra de cantaría que se tapaban, ás veces, cunha estrutura de madeira para poder camiñar por enriba deles. O secadoiro, localizado no andar, conta cunha singular estrutura de ladrillo onde estes se alternan para deixar lugares baleiros para facilitar unha entrada maior do ar no recinto.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e andar cuberto a dúas augas.

MATERIAL: Diversos materiais: ladrillo, pedra de cantaría, bloque, aluminio...

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado.

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Almacén

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 2008

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:

LÓPEZ MARTÍNEZ, José Antonio (coord.), *Ourense etnográfico*, Ourense, Deputación Provincial, 1998, páxs. 113-145.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:

AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.966, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 10.281, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294, 10.683 e 11.570.


NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os empresarios desta fábrica de curtume foron Cesáreo Lorenzo Rodríguez, Cesáreo Lorenzo Pedrouzo, Manuel Lorenzo Pedrouzo, Peregrina Lorenzo Pedrouzo, Domingo Lorenzo Pedrouzo, José Manuel Lorenzo Pedrouzo e Carmen Hermida Mosquera.
3) O curtidoiro dispuña dun pozo que fornecía de auga ao proceso produtivo.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 181
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Listanco.	
CONCELLO: Maside	FREGUESÍA: Armeses
LUGAR: Listanco	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.398844, -8.006310.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro tiña dúas estruturas fundamentais. Por unha banda, un edificio duns 50 m^2 de superficie que se dedicaba a secadoiro de coiros. A base das paredes era de perpiaños de granito e logo, até o teito, eran de madeira de castiñeiro manso para facilitar a entrada do ar no edificio. A teitume era de tellas do país e de castiñeiro. Por outra, un pío de perpiaño que se atopaba á beira do regato de Listanco, moi preto do anterior edificio. Este pío hoxe atópase tapado de area pola propia acción do río. Estaba localizado a carón duns merlos que permiten cruzan o regato dunha beira á outra.	
DESCRICIÓN INTERIOR: O interior do edificio non tiña unha distribución funcional pois dedicábase só a secar os coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Edificio cun baixo cuberto a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito e madeira de castiñeiro.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 1974
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: LÓPEZ MARTÍNEZ, José Antonio (coord.), *Ourense etnográfico*, Ourense, Deputación Provincial, 1998, páxs. 113-145.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291 e 10.292.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi José Antonio González López. 3) O fillo do anterior, José Luís González Puga alias "O Tuta", continuou na empresa unha vez xubilado o seu pai segundo a fonte oral do lugar. Subliñar que a nós non nos consta como empresario da industria do curtido nas contribucións industriais que puidemos consultar.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 182
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Roxo.	
CONCELLO: Maside	FREGUESÍA: Amarante
LUGAR: Pousada	ENDEREZO: N-541, Núm. 10.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.417028, -8.038666.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro presentaba unha estrutura moi sinxela. Tiña de planta uns 10 m^2 de superficie. As paredes eran de ladrillo e o teito de madeira de castiñeiro e tellas. A carón do curtidoiro hai aínda hoxe un pozo de auga de pedra de cachotes que fornecía ao proceso produtivo. Fóra do edificio, tamén, hai un pío de perpiaño de granito.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo hai un pío de perpiaño de granito.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo, sen construción en altura, cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Ladrillo	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Abandonado	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1939	DATA DE PECHE: 1958
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: LÓPEZ MARTÍNEZ, José Antonio (coord.), *Ourense etnográfico*, Ourense, Deputación Provincial, 1998, páxs. 113-145.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291 e 10.292.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi Gumersindo González Pérez.	

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 183</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro da Portela.</td></tr>
<tr><td colspan="2">CONCELLO: Monterrei</td><td>FREGUESÍA: Vilaza</td></tr>
<tr><td colspan="2">LUGAR: Barro Portela</td><td>ENDEREZO:</td></tr>
<tr><td colspan="2">PROPIEDADE: Privada</td><td>COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 41.919839, -7.476849.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td>  </td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio fabril era dunha planta soa feito con perpiaños de pedra granítica galega traballada. O teito era de tella do país.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: O chan do edificio fabril contaba con 17 píos de perpiaños que ocupaban os 60 m^2 do inmóbel. Fóra do curtidoiro hai outros dous píos que son os que primeiro apañan á auga que dun manancial propio fornecía desta á fábrica.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cunha soa planta cun tellado a unha auga de tellas do país que se acompasaba perfectamente co terreo xa que este é lixeiramente airado.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: Perpiaños de granito.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Fábrica nave.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro contaba cun muiño de cabalería duns 40 m^2 e estaba localizado á beira deste. Este muíño tiña un grande pedra redonda de cantaría pola que turraba un burro.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MAQUINARIA CONSERVADA: Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">USO ACTUAL: Sen uso.</td></tr>
<tr><td colspan="2">DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1939</td><td>DATA DE PECHE: 1956</td></tr>
<tr><td colspan="3">BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.288, 10.289 e 10.290.</td></tr>
<tr><td colspan="3">NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Antonio Parada Baamonde e José Lorenzo Losada.
3) O curtidoiro da Portela leva abandonado desde o seu peche nos anos centrais do século XX.</td></tr>
</table>

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 184
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Canedo.	
CONCELLO: Ourense	FREGUESÍA: Canedo
LUGAR:	ENDEREZO: Rúa Canella de abaixo, núm. 1.
PROPIEDADE: Privada e pública.	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.356178, -7.860718.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A factoría contaba con dous grandes edificios que se erguían no medio dun predio dunhas dúas hectáreas de dimensión cercadas por un valado de formigón e arame. Polo Leste a vía do camiño de ferro axudaba tamén a cercar o conxunto fabril. O edificio dedicado propiamente a fábrica de curtidos era de ladrillo duns 500 m^2 de planta. O outro edificio era empregado como secadoiro e almacén e tiña uns 400 m^2 de planta. Estas edificacións debuxaban unha planta cadrada e acrecentaba unha cuberta de madeira e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR:	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica que só contaba cun baixo.	
MATERIAL: Perpiaño de granito e ladrillo.	
FORMA: Fábrica fechada.	
TIPO DE CONTORNA: Urbana	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): A dereita do camiño que ía desde a porta de entrada do recinto á propia fábrica había un edificio que facía casa de xantar das persoas empregadas no curtidoiro, onde xantaba a mediodía coa comida que traían polas mañá das súas casas.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non. Tense constancia que no tempo de actividade da empresa esta contaba con dous ou tres bombos de curtir.	
USO ACTUAL: No soar onde se erguía o curtidoiro está hoxe dividido en dous espazos urbanos. Nun destes hai un grande edificio de vivendas e no outro un instituto de educación. A fábrica localizábase concretamente onde hoxe están as pistas de baloncesto e fútbol sala do centro educativo	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1941	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.972, 1.973, 1.974 e 1.975.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha foi apañada dunhas fotografías aéreas que foron tirados no	

coñecido como voo fotogramétrico "1973-1986 Interministerial" que se pode consultar na seguinte ligazón http://fototeca.cnig.es/ (entrada o 14 de decembro de 2016).

2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Amador González Borrajo.
3) A fábrica estaba emprazada no antigo Concello de Canedo que desapareceu cando se fusionou co actual Concello de Ourense en 1943.
4) O empresario procedía do concello de Amoeiro onde fechou a fábrica que alí tiña para abrir esta de Canedo empregando a licenza que tiña para operar no citado concello de Amoeiro.
5) Na factoría traballaban unhas dez persoas. Entre elas unha muller. Dato moi singular xa que, aínda que son numerosas as mulleres que exerceron coma empresarias do curtume en Galicia, esta é a primeira vez que temos novas do emprego dunha traballadora nos coiros galegos.
6) O regato de Oira pasaba entre os dous edificios cos que contaba a fábrica un chisco antes de desaugar no Pai Miño, que fornecía da auga que precisaba o proceso produtivo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 185
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Arenteiriño.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: Barrán
LUGAR: Arenteiriño	ENDEREZO: Aldea Arenteiriño, núm. 5.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.509043, -8.012232.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro contaba cun baixo duns 60 m^2 de superficie. As paredes son de cachotaría de granito galego e a teitume de tellas do país e madeira de castañeiro.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do edificio localizábanse os píos de curtir de perpiaño cos que contaba a fábrica.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE:
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 11.570.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi José Álvarez Rodríguez.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 186
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Barrán.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: Barrán
LUGAR: Barrán	ENDEREZO: Lugar Barrán, núm. 35.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.507028, -7.998672.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro estrutúrase nun baixo duns 200 m^2 de superficie. As paredes son de cachotaría de granito agás a fachada que é de perpiaños mentres que a teitume é de madeira de castañeiro e tella plana.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No interior do curtidoiro áchanse aínda hoxe uns 12 píos de perpiaño que se empregaban na fase de curtir do proceso produtivo.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría e perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Á beira da fábrica érguese outro edificio de planta baixa, forma cadrada e duns 40 m^2 de extensión que tamén se dedicaba pola propiedade ás angueiras do curtidoiro. En concreto, é probábel que nas dúas grandes pías que se agochan nel, hoxe tapadas, se estruturase o lavadoiro de peles da fábrica. Os materiais de construción empregados foron o ladrillo, a pedra, a madeira e as tellas.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1958
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.961, 1.520, 1.521, 1.522 e 1.523.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Máximo Pousa Fernández.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 187
DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Blanco Mangana.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: Carballeda
LUGAR: O Reino.	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.520150, -8.010702.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase en dúas plantas, un baixo e una andar de 12 metros de fachada e 55 metros de longo cadanseu. As paredes do edificio son de perpiaños e cachotes de granito galego e o teito de madeira e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro localizábanse uns 30 píos de curtir de perpiaños e achábase tamén o muíño de cabalaría de esmagar a casca, que nesta factoría era turrado por un cabalo. O andar dividíase funcionalmente, canda menos, en dous espazos. Un na parte sueste do edificio onde radicaba o secadoiro da fábrica, cuxa parede era de paus de madeira co fin de facilitar a entrada do ar no local. Outro na parte noroeste da fábrica onde se emprazaba a zona de remate dos coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Parte sen uso, parte vivenda.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1956
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 299, 301, 303, 305, 309, 312, 316, 320, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289 e 10.290.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Blanco, Manuel Blanco, Eligia Mangana e Anuncia Mangana Pato. 3) No que atinxe á auga, o curtidoiro contaba cun manancial propio para fornecer de auga ao proceso produtivo. 4) Aínda que normalmente o secadoiro, ao igual que as adegas da Ribeira Sacra por exemplo, adoitaban ollar cara o Norte, na procura dun ar máis frío, neste caso a orientación pode estar xustificada polo feito de que nesa dirección a escasos metros descorre o río Arenteiro polo que o ar que entraría no edificio tería unha temperatura tamén axeitada. 5) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 188
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Francisco Vázquez.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482054, -7.990255.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase en dúas plantas, un baixo e una andar duns 100 m^2 cadanseu. As paredes do edificio son de perpiaños de granito galego e de madeira de castañeiro e o teito de madeira de castañeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns 20 píos de curtir de perpiaño e no andar achábase a vivenda particular do empresario.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1945	DATA DE PECHE: 1961
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294, 10.683.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Francisco Vázquez Pardo. 3) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar. 4) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 189
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Gumersindo Nóvoa.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482480, -7.989215.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase en dúas plantas, un baixo e una andar duns 80 m^2 cadanseu. As paredes do edificio son de cachotaría e de perpiaños de granito galego e de madeira de castañeiro e o teito de madeira de castañeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica deitábanse uns 15 píos de curtir de perpiaños e no andar achábase o secadoiro do curtidoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a tres augas.	
MATERIAL: Cachotaría e perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Malo.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Si, parte traseira do curtidoiro xunguíase outro espazo de planta baixa duns 80 m^2 no que se acrecentaba 15 píos de curtir de perpiaño.	
USO ACTUAL: Almacenaxe	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1923	DATA DE PECHE: 1951
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 338, 1.961, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283 e 10.284.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Gumersindo Nóvoa Portugal e José Nóvoa Seijo. 3) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar. 4) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 190

DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Juan Nóvoa.

CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482516, -7.989067.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase en dúas plantas, un baixo e una andar duns 80 m^2 cadanseu. As paredes do edificio eran de perpiaños e cachotes de granito galego e de madeira de castañeiro (actualmente de ladrillo) e o teito de madeira de castañeiro e tellas.

DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns 15 píos de curtir de perpiaños e no andar achábase o secadoiro do curtidoiro e un muíño de casca de gasolina.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Si, no centro do lugar do Porto do Souto hai, aínda hoxe, unha especie de nave de perpiaños tapada con tellado a dúas augas de madeira de castañeiro e tellas do país que estaba dividida en tres espazos por paredes de pedra que aproveitaban distintos curtidoiros do lugar. No espazo do medio tiña o curtidoiro de Juan Nóvoa o muíño de casca de cabalaría turrado por unha mula.
Ademais, na zona máis Oeste do lugar do Porto do Souto, a carón da fábrica do Piteira, o curtidoiro de Juan Nóvoa tiña outro recinto duns 60 m^2, sen construción en altura e de pedra da cantaría, onde se chantaban uns 20 píos de curtir.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Almacenaxe.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1918	DATA DE PECHE: 1958

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 316, 320, 324, 330, 335, 338, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291 e 10.292.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Juan Nóvoa Portugal e Camilo Nóvoa Portugal.
3) O muíño de casca de gasolina co que contaba a factoría fora comprado en Bilbao, dato que ten certa singularidade xa que normalmente a localidade catalá de Igualada era a que fornecía deste tipo de materias ás fábricas de curtumes galegas.
4) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar.
5) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 191
DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Blanco.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482529, -7.989525.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase nunha planta duns 40 m^2. As paredes do edificio son de perpiaños e cachotaría de granito galego e o teito de madeira de castañeiro e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns oito píos de curtir de perpiaños e unha zona para rañar nas peles.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotes e perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenaxe.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1943	DATA DE PECHE: 1954
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286 e 10.287.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) A principal empresaria desta fábrica de curtume foi Mercedes Blanco Portugal. 3) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar. 4) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 192
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Pintarolo.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482103, -7.990442.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase en dúas plantas, un baixo e una andar duns 100 m^2 cadanseu. As paredes do edificio son de perpiaños e cachotes de granito galego e a teitume de madeira de castañeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns 20 píos de curtir de pedra de perpiaños e no andar ficaba a vivenda familiar do empresario.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Si, na zona norte do Porto do Souto contaba o curtidoiro cun local destinado á zona de remate do produto duns 70 m^2 de superficie. É de planta baixa cuberto con madeira de castañeiro e tellas a dúas augas e con paredes de pedra de perpiaño.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1924	DATA DE PECHE: Despois de 1965.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294, 10.683 e 11.570.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A **"imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.** 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron José Noguerol Mosquera e Manuel César Noguerol Nóvoa. 3) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar. 4) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 193
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Piteira.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482525, -7.988847.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase nunha planta duns 150 m2. As paredes do edificio son de perpiaños e cachotes de granito galego e o teito era de madeira de castañeiro manso e tellas do país.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns 60 píos de curtir de perpiaños.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Si, o curtidoiro do Piteira contaba cun edificio destinado a secadoiro no centro do propio lugar do Porto do Souto -pódese apreciar na "IMAXE CARACTERÍSTICA" desta ficha-. Ten forma de rectángulo e esta cuberto por madeira de castañeiro e tellas a tres augas. As paredes son de perpiaños e cachotes de granito e madeira de castañeiro para facilitar a entrada do ar no estabelecemento. Ademais, na zona norte do lugar do Porto do Souto, o curtidoiro contaba cun local duns 70 m^2 de superficie onde se localizaba a zona de remate do produto. O edificio ten as paredes de perpiaños e o teito de madeira de castañeiro e tellas a dúas augas. Finalmente, no alto do lugar a fábrica acrecentaba un grande espazo destinado a secadoiro e a muíño de casca de cabalaría.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1931	DATA DE PECHE: 1947
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.962, 1.963, 1.964, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281 e 10.282.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foron Andrés Piteira Corral e Andrés Piteira Fernández. 3) Indicar que esta fábrica de curtume continuou a súa actividade no Concello do Carballiño na persoa do empresario Andrés Piteira Fernández.	

4) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar.
5) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 194
DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Portugal.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.481906, -7.990291.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase en dúas plantas, un baixo e una andar duns 200 m^2 cadanseu. As paredes do edificio son de perpiaños de granito galego e a teitume de madeira de castañeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica había uns 20 píos de curtir de perpiaños e no andar ficaba a vivenda familiar do empresario.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a tres augas.	
MATERIAL: Perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Décadas centrais do S. XIX.	DATA DE PECHE: Décadas centrais do S.XX.
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 276, 278, 279, 283, 286, 290, 293, 295, 297, 299, 301, 303, 305, 309, 312, 316, 320, 324, 330, 335, 338, 1.961, 1.520-1.525, 1.962, 1.963, 1.970, 1.971, 1.972 e 1.973.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Manuel Portugal Celabeite e Gumersindo Blanco Pérez. 3) Este curtidoiro tivo uns temperáns inicios de actividade e foi o xermolo da vizosa industria do curtido do Porto do Souto do século XX. Desta casa arrincan un feixe de distintas iniciativas fabrís no propio lugar que dificultan o estudo e a diferenciación dunhas das outras. Xa en 1864 Antonia Celabeite tributaba pola súa fábrica de curtumes á Facenda do Estado. AHPO, Fondo de Facenda, Sinatura núm.: 2.482. 4) No tempo da fabricación de curtumes había outro estabelecemento fabril no mesmo predio onde se desenvolvían tamén actividades curtidoras. Ficaba na cerca actual da fachada principal da propiedade e no camiño de carro que pasa agora por diante dela. 5) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250	

	m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar.
6)	O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 195

DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Torguedo.

CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: Loeda
LUGAR: Torguedo.	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.501298, -8.019795.

IMAXE CARACTERÍSTICA



LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS



DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro érguese nun grande predio dunhas 12 hectáreas de superficie mais que non momento en que estivo activo a fábrica acrecentaba unha superficie aproximada de 33 hectáreas. O curtidoiro estrutúrase nun baixo e nun andar duns 600 m^2 de superficie cadanseu. As paredes son de perpiaños de granito e a teitume de madeira de castañeiro e tellas planas. O sobrado do andar ten a estrutura típica das casas galegas con vigas, pontóns e táboas de castañeiro.

DESCRICIÓN INTERIOR: No fachada norte do baixo do curtidoiro áchanse uns 30 píos de curtir de perpiaño de granito, así coma, o lavadoiro da fábrica composto de seis grandes píos de perpiaño. Nesta zona do edificio tamén se localiza a zona de rañado e a do muíño de esmagar a casca de cabalaría, do que aínda se distingue o fuso que vai do chan ao sobrado do andar. A fachada sur do baixo esta alterada polo que non podemos albiscar como foi a súa fasquía nos tempos de actividade do curtidoiro. Fóra da fachada norte da fábrica, no regazo da "L" que debuxa a estrutura do edificio, hai outros seis píos de curtir peles de perpiaño de granito. No andar do edificio ficaba o secadoiro da fábrica.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Perpiaños de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Gandeiro e agrícola.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1956

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
Non hai.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.961,1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289 e 10.290.

NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) As principais persoas empresarias desta fábrica de curtume foron, Juan Antonio Portugal Crespo e Esperanza Portugal Careaga.
3) No que atinxe á auga, á beira do curtidoiro discorre o río Arenteiro, xusto despois de desaugar nel o río Asneiros, do que se fornecía de auga o proceso produtivo. En parte polo anterior, o grande predio no que se chanta o curtidoiro e moi fértil ao localizarse na bagoada do río Arenteiro.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 196
DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Ureña.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: Carballeda
LUGAR: O Reino.	ENDEREZO: OU-0402, núm. 32.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.516822, -8.015390.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes ergueita por Esteban Ureña estruturouse en un soto e un baixo de 14 por 24 metros cadanseu. As paredes son de cachotes e perpiaños de granito e o teito de madeira de castañeiro e tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No soto deitábanse unha ducia de píos de curtir de perpiaño de granito e radicábase tamén un muíño de casca de cabalería que, turrado por un cabalo, esmaga a casca de carballo que logo se empregaba como axente curtinte. No baixo, ollando cara o sueste e o río Arenteiro, empoleirábase o secadoiro que tiña as paredes de paus de madeira de castañeiro que facilitaban a circulación do ar polo local. Parte do baixo dedicábase a vivenda dos obreiros do curtidoiro.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a tres augas.	
MATERIAL: Cachotes e perpiaños de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Vivenda	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1965
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 338, 1.961, 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292, 10.293, 10.294, 10.683 e 11.570.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Esteban Ureña Román, Juan Ureña Bernárdez e María Carmen Ureña Crespo. 3) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 197
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de Vilariño.	
CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Vilariño	ENDEREZO: As Penelas, sen núm.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.478399, -8.003908.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro contaba cun baixo duns 200 m^2 de extensión. Na parte da fachada principal do edificio, que olla ao Oeste, alzábase un andar duns 60 m^2 de superficie. As paredes da fábrica eran de perpiaños e cachotes e o teito de madeira e de tellas.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo do curtidoiro chántanse uns 10 píos de perpiaño de curtir e contaba tamén, no seu día, cun muíño de casca de cabalaría turrado por cabalo, tal e como era cotiá neste no concello de Piñor. No andar ficaba o secadoiro do que aínda se distinguen entre a malezas os piares de pedra sobre o baixo do fábrica que estruturaban o espazo.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.	
MATERIAL: Perpiaños e cachotes de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Abandonado	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE:	DATA DE PECHE: 1959
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290, 10.291, 10.292 e 10.293.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi Bernardino Álvarez Fernández. 3) O curtidoiro localízase nunha paraxe coñecida coma As Penelas a uns metros do propio lugar de Vilariño. 4) No que atinxe a auga, o curtidoiro contaba cun manancial propio para fornecer de auga ao proceso produtivo.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 198

DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Vinculeiro.

CONCELLO: Piñor	FREGUESÍA: A Canda.
LUGAR: Porto do Souto.	ENDEREZO: OU-0406, núm. 23.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.482724, -7.989234.

IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS





DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A fábrica de curtumes estrutúrase nunha planta duns 100 m^2. As paredes do edificio son de cachotes de granito galego e o teito de madeira de castañeiro e tellas.

DESCRICIÓN INTERIOR: Aínda hoxe se poden apreciar no chan do edificio 14 píos de curtir de perpiaño de granito galego. Tamén se distingue na entrada do lugar a zona de rañado do curtidoiro.

TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.

MATERIAL: Cachotaría de granito.

FORMA: Fábrica nave.

TIPO DE CONTORNA: Rural

VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si

ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Deteriorado

OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Si, na estrada que atravesa o lugar, e xunguido a zona de remata da curtidoiro do Pintarolo, contaba esta fabrica tamén coa súa zona de remata. É un edificio de pedra de cantaría de granito galego e teitume de madeira de castañeiro e tellas do país. Acrecenta uns 70 m^2 de superficie e debuxa unha figura de rectángulo.
Ademais, no centro do lugar do Porto do Souto, e a carón do edificio de muíño de cabalaría da fábrica de Juan Nóvoa, estaba o lugar onde tamén está fábrica tiña o seu muíño de casca turrado por mula. O edificio era semellante ao resto dos do Porto do Souto, é dicir, ergueito con pedra de perpiaño de granito galego e madeira de castañeiro e tellas.
Finalmente, no alto do lugar a fábrica acrecentaba un espazo destinado a secadoiro.

MAQUINARIA CONSERVADA: Non

USO ACTUAL: Sen uso.

DATA DE INICIO ACTIVIDADE: Século XIX.	DATA DE PECHE: Despois de 1965.

BIBLIOGRAFÍA CONCRETA:
PORTUGAL SOTO, Serafín, *Industria del curtido y la familia Portugal*, Santiago de Compostela, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., 2013.

OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 276, 278, 279, 283, 286, 290, 293, 295, 297, 299, 301, 303, 305, 309, 312, 316, 320, 324, 330, 335, 338, 1.961, 1.520-1.525, 1.962, 1.963, 1.970-1.976, 10.281-10.291, 10.293, 10.294, 10.683 e 11.570.


NOTAS E OBSERVACIÓNS:

1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Camilo Nóvoa Fernández e Felisindo Gutierrez Nóvoa.
3) No centro do lugar do Porto do Souto, xunguido á fábrica do Vinculeiro, estaba localizado un lavadoiro comunitario, ergueito con paredes de grandes perpiaños traballados en cantaría duns 250 m^2 que era empregado polos curtidoiros do lugar.
4) O Camiño de Santiago do Sueste-Vía da Prata pasa á beira do curtidoiro.

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 199
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Correeiro.	
CONCELLO: San Cibrao das Viñas.	FREGUESÍA: Noalla
LUGAR: A Ponte Noalla.	ENDEREZO:
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.287158, -7.838389.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: A particularidade máis notoria do curtidoiro de Noalla era que non contaba con ningún edificio no que se acubillaran as súas angueiras curtidoras. De feito, as únicas estruturas materiais do curtidoiro era un grande pío de perpiaño de granito galego que se chantaba no medio dun predio e un muíño de casca de cabalaría turrado por un cabalo.	
DESCRICIÓN INTERIOR: Ver "DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR".	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Sen tipoloxía xa que o curtidoiro non contaba con edificios fabrís.	
MATERIAL: Perpiaño de granito.	
FORMA: Sen forma xa que a fábrica non contaba con edificios fabrís.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	USO PRECEDENTE:
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 1935
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965 e 1.966.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O principal empresario desta fábrica de curtume foi José Fidalgo Prieto. 3) A localización exacta dos dous elementos industriais do curtidoiro era a que segue: ▪ O pío pousábase nun predio coñecido coma a finca do pío. Actualmente, esta alterado o lugar por mor da construción da ponte Noalla, erguéndose, precisamente, un dos alicerces desta ponte sobre o devandito pío de curtir. ▪ O muíño de casca achábase da outra beira da estrada no patio da vivenda particular do empresario na casa núm. 5 (42.286546, -7.837690). O patio naquel tempo non estaba cuberto. 4) O pío radicábase á beira dun regato do que se fornecía de auga, que discorre en paralelo ao río Reboredo, un chisco antes de verter no río Barbaña.	

Concello de Verín

<table>
<tr><td colspan="2">CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA</td><td>NÚMERO: 200</td></tr>
<tr><td colspan="3">DENOMINACIÓN: Curtidoiro dos Álvarez.</td></tr>
<tr><td>CONCELLO: Verín</td><td colspan="2">FREGUESÍA: Verín</td></tr>
<tr><td>LUGAR: Verín</td><td colspan="2">ENDEREZO: Estrada de Vences, núm. 73.</td></tr>
<tr><td>PROPIEDADE: Privada</td><td colspan="2">COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 41.945402, -7.443565.</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMAXE CARACTERÍSTICA</td><td>LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS</td></tr>
<tr><td colspan="2">  </td><td> 
</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio fabril contaba cun baixo e cun andar cadanseu cunha planta duns 250 m^2. As paredes eran de pedra de cachotes de granito galego e estaba cuberto con tellas do país. Na actualidade, ao curtidoiro amputóuselle aproximadamente a metade do tamaño que tiña cando estaba en activo, posibelmente co fin de aproveitar as pedras para outras construcións.</td></tr>
<tr><td colspan="3">DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo estaban radicados uns doce píos de perpiaños de granito onde se curtían as peles. No andar levábanse a cabo as funcións de remate do produto e estaba localizado tamén o secadoiro da empresa.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberta a dúas augas.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MATERIAL: Cachotaría.</td></tr>
<tr><td colspan="3">FORMA: Fábrica nave.</td></tr>
<tr><td colspan="3">TIPO DE CONTORNA: Rural</td></tr>
<tr><td colspan="3">VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si</td></tr>
<tr><td colspan="3">ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro contaba cun pombal que aínda se conserva hoxe de pedra de granito labrada, aos efectos da súa utilización no proceso da transformación de peles en coiros que se levaba a cabo na mercantil. Amais, a fábrica de curtume acrecentaba varias máquinas coma unha para alisar o coiro e varios bombos de curtir.</td></tr>
<tr><td colspan="3">MAQUINARIA CONSERVADA: Non</td></tr>
<tr><td colspan="3">USO ACTUAL: Sen uso.</td></tr>
<tr><td colspan="2">DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1930</td><td>DATA DE PECHE: 1957</td></tr>
<tr><td colspan="3">BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.</td></tr>
<tr><td colspan="3">OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN:
AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.525, 1.962, 1.963, 1.964, 1.965, 1.966, 1.967, 1.968, 1.969, 1.970, 1.971, 1.972, 1.973, 1.974, 1.975, 1.976, 10.281, 10.282, 10.283, 10.284, 10.285, 10.286, 10.287, 10.289, 10.290 e 10.291.</td></tr>
<tr><td colspan="3">NOTAS E OBSERVACIÓNS:
1) A “imaxe característica” desta ficha é propia desta investigación.
2) Os principais empresarios desta fábrica de curtume foron Gerardo Álvarez Pérez e José Álvarez Sotillo.
3) A familia Álvarez de Verín tiña, amais desta fábrica de curtume, un obradoiro de talabartaría e un obradoiro de zapataría na propia vila de Verín, aínda que para este último non se empregaban os coiros da fábrica senón que se adquirían fóra de Galicia.
4) Parte da produción do curtidoiro tiña coma destino a elaboración propia de chancas para o que se contrataban os servizos de zoqueiros do concello de Allariz.
5) No lugar onde se emprazaba a fábrica de curtume hai varios mananciais que eran os que achegaban a auga ao proceso produtivo.</td></tr>
</table>

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 201
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Vedo.	
CONCELLO: Vilamartín de Valdeorras.	FREGUESÍA: Vilamartín de Valdeorras.
LUGAR: Vilamartín (A eirexa).	ENDEREZO: Rúa a Fonte Chelos.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.415652, -7.059030.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O edificio fabril tiña unha planta duns 80 m^2 e contaba cun baixo e un andar. A fábrica estaba cuberta con lousa do país. As paredes do edificio eran de cachotaría de xisto do país e no andar cara a rúa tiña un balcón de madeira.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No baixo da fábrica de coiros estaban radicados os cinco ou seis píos de curtir que tiña o curtidoiro. Eran todos de madeira menos un que era de formigón. No andar atopábanse tanto o secadoiro coma o almacén dos coiros xa elaborados.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cun tellado a unha auga de lousa do país que se acompasaba perfectamente co terreo xa que este é lixeiramente airado.	
MATERIAL: Cachotaría de xisto.	
FORMA: Fábrica casa.	
TIPO DE CONTORNA: Urbano	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Si	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Alterado	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): O curtidoiro contaba co seu propio obradoiro de zapataría que se erguía no centro da vila de Vilamartín. Este obradoiro absorbía practicamente toda a produción de coiros da fábrica de curtume.	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Almacenamento	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1950	DATA DE PECHE: 1953
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 10.283, 10.284, 10.285 e 10.286.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario desta fábrica de curtume foi Manuel Vedo Álvarez. 3) A fábrica de curtume do Vedo non acrecentaba muíño de casca de cabalería nin eléctrico. Polo que se refire á auga, o curtidoiro empoleirábase a carón de "O rego" que levaba moita auga desde o río Leira ao río Sil e cruza a vila de Vilamartín de Valdeorras.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 202
DENOMINACIÓN: Curtidoiro do Bouzo.	
CONCELLO: Xunqueira de Ambía.	FREGUESÍA: A Abeleda.
LUGAR: Cima de Vila.	ENDEREZO: Lugar Cima de Vila, núm. 21.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.183158, -7.719255.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: O curtidoiro conta cun baixo e una andar duns 100 m^2 de superficie cadanseu. As paredes son de cachotes de granito aos que suman, ás veces, algunha pedra máis traballada. O tellado era de madeira e tellas do pais. A fábrica pousase nunha costa polo que tanto se pode falar, polo que a súa estrutura se refire, de baixo andar coma de soto baixo segundo se mire desde unha cara ou outra.	
DESCRICIÓN INTERIOR: No chan do baixo atópanse uns 15 píos de cantaría e o andar empregouse en tempos coma secadoiro de coiros.	
TIPO DE CONSTRUCIÓN: Fábrica cun baixo e un andar cuberto a dúas augas.	
MATERIAL: Cachotaría de granito.	
FORMA: Fábrica nave.	
TIPO DE CONTORNA: Rural	
VINCULACIÓN CO TRANSPORTE: Non	
ESTADO DE CONSERVACIÓN (Bo, deteriorado, malo, ruínas, alterado): Ruínas	
OUTRAS INSTALACIÓNS (Chemineas, caninas, pombais, vivendas obreiras, etc.): Non	
MAQUINARIA CONSERVADA: Non	
USO ACTUAL: Sen uso.	
DATA DE INICIO ACTIVIDADE: 1925	DATA DE PECHE: 1933
BIBLIOGRAFÍA CONCRETA: Non hai.	
OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN: AHPO, Fondo de Facenda, Sinaturas núms.: 1.520, 1.521, 1.522, 1.523, 1.524, 1.525, 1.962, 1.963 e 1.964.	
NOTAS E OBSERVACIÓNS: 1) A "imaxe característica" desta ficha é propia desta investigación. 2) O empresario deste curtidoiro foi Modesto Pérez Malvar.	

CATÁLOGO DAS FÁBRICAS DE CURTUME DE GALICIA	NÚMERO: 203
DENOMINACIÓN: Curtidoiro de MALPE S.L.	
CONCELLO: Xunqueira de Ambía.	FREGUESÍA: Xunqueira de Ambía.
LUGAR: Xunqueira de Ambía.	ENDEREZO: Rúa Arturo Pérez Serantes, núm. 3.
PROPIEDADE: Privada	COORDENADAS XEOGRÁFICAS: 42.201850, -7.734768.
IMAXE CARACTERÍSTICA	LOCALIZACIÓN GOOGLE MAPS
	
DESCRICIÓN DA ESTRUTURA EXTERIOR: As actividades curtidoras de MALPE estaban esparexidas por un grande predio de 70 por 70 metros onde tamén se erguía a vivenda do empresario. Este predio está cercado por un valado alto de perpiaños que non permite distinguir ben o interior do recinto.	
